



# Plan de Acción 2020

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia  
(Amtega)

<b>1. <i>Introdución</i></b>	<b>5</b>
<b>2. <i>Principais obxectivos</i></b>	<b>8</b>
<b>3. <i>Programa de actuacións</i></b>	<b>30</b>
OS OBXECTIVOS DA AXENCIA	30
OBXECTIVOS OPERATIVOS E PROGRAMAS	31
OBXECTIVO 1: IMPULSAR A COHESIÓN DIXITAL DA ADMINISTRACIÓN	34
1.1 PLAN DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO DIXITAIS. RELACIÓN DIXITAL CO CIDADÁN.	34
1.2 PLAN DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO DIXITAIS. XESTIÓN DIXITAL E INTEROPERABILIDADE	44
1.3 PLAN DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO DIXITAIS. XESTIÓN DIXITAL DOS RRHH	54
1.6 MEDIDAS PARA ACADAR UNHA INFRAESTRUTURA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA CORPORATIVA.	59
1.7 MEDIDAS PARA O IMPULSO Á ANÁLISE INTELIXENTE DO DATO	61
OBXECTIVO 2: PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS	66
2.1 MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS DIXITAIS DIRIXIDOS AO COMERCIO, EMPRESA E INDUSTRIA	66
2.2 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO EMPREGO	70
2.3 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DA VIVENDA	75
2.4 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DOS SERVIZOS SOCIAIS	80
2.5 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DA EDUCACIÓN	85
2.6 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO TRANSPORTE E DO TERRITORIO	95
2.7 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO MEDIO AMBIENTE	99
2.8 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO AGRO E DA GANDERÍA	103
2.9 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO ÁMBITO FORESTAL	112
2.10 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DA PESCA	118
2.11 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DOUTROS ÁMBITOS SECTORIAIS	124
2.12 PLAN TRABE: MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS SERVIZOS SOCIAIS	128
2.13 PLAN SENDA2020. XUSTIZA DIXITAL	133
OBXECTIVO 3: FOMENTAR A CAPACITACIÓN DIXITAL	143
3.1 PROGRAMA ABALAR: ESTRATEXIA GALEGA DE EDUCACIÓN DIXITAL	144
3.2 PROGRAMA DE BIBLIOTECAS EN REDE	148
3.3. PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL	153
3.4. PLAN DE PROMOCIÓN DO TALENTO DIXITAL	158
3.5 PROGRAMA PARA PROMOVER AS COMPETENCIAS DIXITAIS DO EMPREGADO PÚBLICO	164
OBXECTIVO 4: PROMOVER A ECONOMÍA DIXITAL	168
4.1. IMPULSO Á EMPRESA DIXITAL	169
4.2 SMART TURISMO	175
4.3 MEMORIA DIXITAL DE GALICIA: MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DIXITAL DA CULTURA E PATRIMONIO.	181
4.4 PLAN TECNOLÓXICO PARA A XESTIÓN E CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE	188

4.5 PLAN TECNOLÓXICO PARA O TRANSPORTE PÚBLICO	191
4.6 PROGRAMA PRIMARE: A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS SECTORES PRIMARIOS	194
OBXECTIVO 5: APOIAR O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL	201
5.1. AXENDA DIXITAL DE GALICIA: A ESTRATEXIA DIXITAL DE GALICIA	201
5.2. PROGRAMA TRANSFORMATIC	204
5.3. PROGRAMA VIRAXETIC	207
5.4 MEDIDAS PARA O IMPULSO DA REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO	210
5.5 PLAN DE IMPULSO AO SOFTWARE LIBRE E AOS ESTÁNDARES ABERTOS	211
5.6. PLAN DE BANDA LARGA: A VERTEBRACIÓN DIXITAL DO TERRITORIO	216
5.7. OBSERVATORIO DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN DE GALICIA	223
OBXECTIVO 6: GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS	227
6.1 MEDIDAS DE CONTINUIDADE DE SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS DE SISTEMAS	227
6.2 MEDIDAS DE SOPORTE E EVOLUCIÓN DAS REDES CORPORATIVAS	233
6.3 PLAN DIRECTOR DE SEGURIDADE TIC	236
6.4 MEDIDAS DE CALIDADE E ARQUITECTURAS TECNOLÓXICAS	241
6.5 MEDIDAS PARA A XESTIÓN SOSTIBLE DE MEDIOS E SERVIZOS DIXITAIS NO POSTO DE TRABALLO	244
6.6 MEDIDAS PARA GARANTIR A ATENCIÓN AS PERSOAS USUARIAS	251
OBXECTIVO 7: MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE EFICIENCIA	258
7.2 MEDIDAS DE MELLORA NA EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN	258
7.3 MEDIDAS DE MELLORA NA XESTIÓN DO PERSOAL	259
7.4. BOAS PRÁCTICAS PARA A PREVENCIÓN DO FRAUDE	260
7.5. MEDIDAS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN INSTITUCIONAL	261

---

#### **4. Marco económico-financeiro**

**263**



# 1. INTRODUCCIÓN



# 1. Introducción

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia cando dispón que:

*“Mediante esta lei autorízase a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que terá como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico”.*

*“Esta axencia, en concreto, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade lle corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que se suprimirá no momento da creación daquela, sen que supoña incremento ningún de gasto público.”*

En desenvolvemento da autorización antedita e previa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, con data 21 de xullo de 2011, do Plan para a posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, a Amtega foi finalmente creada a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos.

Tras a constitución efectiva desta axencia pública autonómica mediante a celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, con data 9 de marzo de 2012, adscribíronse progresivamente á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións de 9 Consellerías e Secretarías Xerais, así como de diversas entidades públicas delas dependentes, constituíndose no principal organismo da Xunta de Galicia para intermediar e impulsar iniciativas entre Consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos no ámbito da sociedade da información e, ao mesmo tempo, servir como vehículo de información, formación, difusión e concienciación social neste eido.

Doutra banda, segundo o artigo 9, apartado 2 do Estatuto da Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia *“a actividade da Amtega levarase a cabo de acordo cun plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión”*. Así mesmo **de acordo co artigo 10 apartado a)**, a persoa a cargo da Dirección da **Amtega** **proporá ao Consello Reitor** para a súa aprobación, nas datas que estableza a normativa aplicable, **o plan de acción anual** sobre a base dos recursos dispoñibles.

En consonancia coas disposicións mencionadas, así como coas previsións contidas no contrato plurianual de xestión, o presente plan de acción ten por obxecto regular a actividade da Amtega durante o exercicio 2020 mediante o establecemento das actividades a desenvolver, os valores a acadar e os responsables de levalas a cabo no marco de cada un dos obxectivos estratéxicos do contrato plurianual de xestión que regula o seu funcionamento.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis estratéxicos, cara ao particular e operativo, partindo do establecemento de cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos que orientarán o labor da Amtega para continuar coa concreción dos plans operativos e programas a executar en 2020. Complétase a regulación contida neste plan de acción mediante o establecemento do escenario económico financeiro, coa correspondente previsión orzamentaria.



## 2. PRINCIPAIS OBJECTIVOS



## 2. Principais obxectivos

A Axenda Dixital de Galicia 2020 (ADG2020), aprobada en 2015, é unha estratexia coordinada e aliñada coas estratexias de ámbito nacional e europeo no que a uso das TIC se refire, que reforza a Estratexia Galega de Crecemento Dixital, introducindo elementos que permitirán maximizar o impacto das políticas tecnolóxicas, como un factor imprescindible e clave para acadar os obxectivos de crecemento económico-social que se marca Galicia para o futuro.

Así, a ADG2020 é a resposta para converter o escenario dixital que nos rodea no motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital, solidaria e inclusiva, e a transparencia e participación cidadá.

Neste sentido, no 2020 continuarase a verea para cumprir os desafíos tecnolóxicos propostos na ADG2020 e articulados en torno a cinco liñas estratéxicas:

1. **Valorización da Administración.** Nesta liña fórmulanse **6 desafíos** orientados a avanzar cara a unha Administración dixital innovadora que responda e se adiante ás necesidades e expectativas da cidadanía e das empresas.
2. **Énfase na Vida dixital.** A segunda liña atende aos **4 desafíos** orientados a adaptación continua do modelo educativo á contorna dixital, favorecer servizos dixitais avanzados nos ámbitos dos servizos sociais e sanidade e asegurar a inclusión dixital da cidadanía.
3. **Aceleración da economía dixital.** A dixitalización empresarial en sectores estratéxicos de Galicia como o sector primario, o turístico, o cultural e o do transporte así como a implantación de solucións dixitais innovadoras no tecido empresarial suman outros **5 desafíos** da Axenda.
4. **Estímulo ao crecemento do sector TIC.** Impulsar a consolidación do ecosistema dixital e o talento dos profesionais TIC son os 2 desafíos da ADG2020 en cando ao sector tecnolóxico.
5. **Articulación dixital do Territorio.** Neste ámbito a Axenda asume **3 desafíos**. Por unha banda, reforzar a seguridade cidadá aplicando as TIC para facilitar a prevención de riscos, catástrofes ou emerxencias. O despregamento de redes ultrarrápidas é outro dos desafíos deste eido, e, o terceiro consiste en reforzar a confianza dixital como chave para que a sociedade aproveite todas as vantaxes dunha contorna dixital.



Ademais, darase continuidade ao **proceso de elaboración da Estratexia Dixital de Galicia 2030** iniciado en 2019, co obxectivo de establecer unha estratexia dixital única para a Comunidade, da que sexan participes a cidadanía, as empresas e as administracións, co fin último de contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas **tres vertentes: económica, social e medioambiental**.

Deste modo, durante o 2020 **aprobarase a nova Estratexia** que constituirá a folla de ruta **para a vindeira década** destinada a que Galicia estea preparada para afrontar os retos da futura dixitalización e poida beneficiarse das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

### **Modernización das Administracións Públicas:**

---

En termos xerais 2020, centrarase en incrementar os niveis de uso dos sistemas de administración electrónica e servizos dixitais en xeral, avanzando na mellora continuada da oferta de servizos e fomentando a demanda mediante o achegamento a colectivos obxectivo e personalización de servizos. O marco de traballo serán os plans xa aprobados e en execución “Plan de Administración e goberno dixitais. Horizonte 2020” e “II Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia”, sen esquecer o “Plan SmartTurismo”, ou a iniciativa da “Memoria Dixital de Galicia”, centrada na dixitalización do patrimonio cultural galega, e concretarase o Plan de xestión sostible de posto de traballo dixital.

- **Desenvolvemento e consolidación da administración electrónica**

En 2019 aprobouse a Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Unha vez aprobada iniciouse en 2019 e consituarase en 2020 a posta en marcha, desenvolvemento ou consolidación dos instrumentos, procesos e ferramentas que nela se plantean para acadar unha administración dixital.

Durante os anos precedentes puxéronse en marcha os elementos corporativos que permiten, de xeito xeral, avanzar na tramitación electrónica integral dos procedementos administrativos. En 2020 continuarase coa mellora e evolución destes sistemas e a posta en marcha de novos servizos deste ámbito, pero terá tamén especial relevancia as actuacións relativas a formación e difusión das iniciativas de administración electrónica, a integración no proceso de habilitación de procedementos a consideración sobre todas as

ferramentas e elementos, a prestación de novos servizos de soporte aos usuarios (cidadáns en xeral) da administración dixital. A finalidade última destas actuacións e acadar cada maiores niveis de uso dos servizos.

Así, durante o ano 2020 destacarán:

- Incorporación de novos servizos vinculados á Sede Electrónica da Xunta de Galicia, coa incorporación do concepto de servizos proactivos, posta en marcha do rexistro electrónico de apoderamentos, e a adecuación de diversas funcionalidades para a mellora de usabilidade por parte de diversos colectivos. É en todo caso continuación coa evolución ascendente de presentacións en sede electrónica que se prevé superarán as 654.000 presentacións neste 2019.
- Avanzarase nun eido especialmente relevante como son as oficinas de rexistro: extenderase a novas oficinas o **proceso de dixitalización da documentación presentada polos cidadáns** (en especial dos colectivos non obrigados á relación electrónica coa administración). Neste eido será tamén relevante o análise do novo modelo das oficinas de rexistro, para converterse en **oficinas de asistencia a cidadanía e rexistro**.
- Integración nos procesos de habilitación de procedementos de todos os elementos necesarios para acadar a tramitación electrónica no contexto establecido na Lei 4/2019. O obxectivo non será agora que un procedemento teña presentación electrónica, que se manterá nun 95% aproximadamente dos procedementos recollidos na guía de procedementos e servizos, senón que o obxectivo centrarase en acadar **procedementos que se xestión de xeito integramente dixital. Esperase acadar un mínimo dun 20% dos procedementos con tramitación electrónica integral**.
- Continuarase coa **mellora continuada nas plataformas troncais**: sistema de notificación electrónica (notifica.gal); **arquivo electrónico administrativo**; ou sistema de tramitación corporativa.
- Avanzarase na tramitación electrónica integral, extremo a extremo, co aumento da integración de sistemas de xestión cos elementos corporativos de administración electrónica (sede electrónica, carpeta do cidadán, portasinaturas, nodo de interoperabilidade, arquivo electrónico, notificacións electrónicas, ...), e a incorporación progresiva de tramitación de procedementos no tramitador

corporativo orientado aos procedementos básicos nos que non procede o desenvolvemento dun sistema especializado.

- Especial mención a continuidade do incremento de novos servizos no **nodo de intermediación de datos e documentos PasaXe!**, coa incorporación de novos certificados superando os 80 dispoñibles ao fin de 2020.
- **Incremento das actividades de achegamento ao cidadán e ao empregado público:** Ampliación da oferta formativa sobre administración electrónica na EGAP e nos procesos de implantación de sistemas, participación en sesións de difusión cara colectivos específicos, no que destaca a incorporación da formación relativa ao Nodo de contratación pública de Galicia; impulso do **servizo de asistencia técnica ao cidadán** a través de canles dixitais; realización de actividades de difusión e formación continuada orientadas á cidadanía a través de redes de formación como é o caso da Rede Cemit.
- Continuarase tamén coa integración ou interoperabilidade cos **sistemas estatais de coordinación: DIR3, SIR, REA**, e outros ámbitos de integración referidos ás notificacións electrónicas e outros.
- Incorporación de novos indicadores no **Sistema de Indicadores da Administración Dixital de Galicia**. Dentro do proxecto de creación do cadro de mando de administración electrónica, formalizaranse os indicadores de análise de uso e impacto dos servizos de administración electrónica. A finalidade última será a publicación deste sistema de indicadores para a cidadanía.
- Extensión dos servizos as entidades locais, naqueles casos nos que aplique ou sexa de interese.
- Poráñse en marcha os procesos e procedementos derivadas da configuración da Unidade Responsable de Accesibilidade, nos termos establecidos polo Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.
- Continuarase coa coordinación e evolución do catálogo de portais, canles sociais e servizos en mobilidade.
- Reforzarase a coordinación entre departamentos a través da convocatoria das Subcomisión de Interoperabilidade e Administración Electrónica, e da Subcomisión de presenza en internet e goberno aberto, atendendo ao novo escenario

determinado pola publicación da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

- E continuarase coa formalización mediante o desenvolvemento normativo dos instrumentos de administración electrónica, entre outros: rexistro de apoderamentos, identificación de non residentes, funcionarios habilitados. E as actuacións administrativas automatizadas que deriven do dixitalización dos procesos da administración pública.

- **No eido da sistemas vinculados aos empregados públicos.**

Neste ámbito destaca:

- A posta en marcha do proxecto de extensión do sistema FIDES para a xestión do expediente do empregado público, carreira profesional e posta en marcha dos procesos de adecuación a xestión electrónica integral do portal do empregado público, e sistemas de xestión de ofertas de emprego público.
- A posta en marcha da acreditación conseudónimo nos ámbitos de aplicación.
- E inicio do proxecto rexistro de actividade a análise de cargas de traballo.

- **Procedementos coas empresas e sistema de relación co consumidor.**

**Evolucionarase o rexistro único empresarial, e avanzarase na** posta en marcha de novos rexistro, no sistema de xestión do rexistro único empresarial, e deseño conceptual do seu aliñamento co deseño da carpeta cidadá. E no eido de consumo avanzarase na presentación electrónica de reclamacións e outros procesos de xestión do IGCC.

- **No contexto do plan de desenvolvemento tecnolóxico do eido do turismo, Smart Turismo**

Durante o ano 2020 destacarán:

- A dotación dos sistemas de cartelería dixital en oficinas de turismo.
- A posta en marcha da presenza do Xacobeo2021 na internet.
- A execución do convenio de colaboración con Google Arts&Culture para a creación da canle do Camiño de Santiago.

- E a licitación dos sistemas multimedia en oficinas de turismo e do sistema de información do eido de turismo (con orientación bigData).
- Publicación da colección de aplicacións móbiles do eido de turismo.
- No eido da **difusión e conservación do patrimonio cultural galego, e difusión da cultura**, destacarán as seguintes actuacións:
  - Evolución do **sistema de xestión de arquivos** coa extensión a novos arquivos municipais ou autonómicos, e posta en marcha dos instrumentos vinculados á comisión de avaliación documental, e a publicación do novo portal de arquivos.
  - Evolución das liñas de difusión e gobernanza de Galiciana, e dotación de novos recursos dixitais. Plan de preservación de fondos bibliotecarios e audiovisuais.
  - Publicación e resolución da **II convocatoria de axudas para a dixitalización** de fondo patrimonial e a súa difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital.
  - Posta en marcha do **sistema de xestión de patrimonio**, integrado co sistema de información xeográfica corporativa.
  - No eido de **museos, renovación dos portais en internet** de diversos museos dependentes da Xunta de Galicia facendo especial fincapé na difusión das súas coleccións e actividades.
  - Deseño do modelo de aplicación de IA no eido da consulta de patrimonio (considerando todos os ámbitos anteriores).
- En canto a **Rede de Bibliotecas de Galicia**, destacan:
  - Nova fase de integración de bibliotecas no **catálogo colectivo da rede de bibliotecas de Galicia**. En concreto a posta en marcha en 45 novas bibliotecas municipais ou axencias de lectura, e determinación do plan de acción para o remate do proxecto de integración no período 2020-2021.
  - Extensión do sistema Koha na **rede de bibliotecas escolares**.
  - Posta en marcha e inicio da integración de bibliotecas no contexto de **bibliotecas especializadas**.

- Deseño e inicio de construción do modelo de integrado de **xestión de soporte físico e soporte dixital dos fondos das bibliotecas**.
- Desenvolvemento e implantación do novo **sistema de xestión de depósito legal**.

- **No eido da administración de Xustiza:**

A administración de Xustiza, coa publicación da lei 18/2011, debe equipararse a administración pública no uso dos medios electrónicos, coas características particulares que o procedemento xudicial establece. No ámbito do Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza, que se leva de xeito coordinado coas principais autoridades do ámbito xudicial, iníciáanse este ano as actuacións para o desenvolvemento dunha administración xudicial electrónica, sen esquecer as actuacións en marcha de dotación de medios, evolución e consolidación de sistemas de información. Así, dentro das diversas actuacións neste ámbito destacan:

- O **desenvolvemento** de novas funcionalidades do visor do **expediente xudicial**, xa dispoñible para todos os órganos xudiciais. Integración das funcionalidades de avisos e alarmas. Extensión do **uso da sinatura dixital** no funcionamento do órgano xudicial, ampliando á totalidade dos órganos xudiciais e fiscalías.
- Ampliación dos órganos usuarios do **sistema de arquivos e pezas de convicción**.
- Incorporación de novos **procedementos na sede xudicial electrónica** <https://sede.xustiza.gal>.
- Abordarase a dotación de novas salas orientadas ao funcionamento en dixital, e posta en marcha da configuración de grabación en salas de declaracións e extensión do modelo de salas Gessell.
- Renovación do paquete ofimático incluíndo diferentes funcionalidades por perfís.
- Traslados e dotación dos novos edificios xudiciais de Tui e Vigo.

- **Atención ao usuario e posto de traballo dixital**

Debe destacarse que unha das grandes áreas de reordenación da prestación do servizo TIC se centra na xestión do posto de traballo (equipamento TIC necesario para o desenvolvemento da actividade) e a unificación e mellora das canles de atención ao usuario. Nesta liña avanza en 2020, en:

- Continuación coa coordinación, homoxeneización dos máis de 15.000 equipos en posto de traballo.
- Continuación coa incorporación de novos ámbitos ao servizo de atención aos usuarios a través dos denominados CAU Central e CAU Periférico (que irá integrando de xeito paulatino puntos de atención dispersos ou áreas que no están adecuadamente atendidas). Mellora continuada dos procesos de traballo e simplificación e redución nos tempos de atención.
- Incorporación de procesos de automatización dos servizos prestados a través da canle AxudoT, en especial no relativo a xestión de habilitacións en aplicacións..
- Continuación coa posta en marcha dun novo modelo de xestión dos medios de impresión nas sedes da administración pública autonómica, baseada nun modelo de pago por consumo, e control das copias impresas.

### Solucións Tecnolóxicas Sectoriais:

---

O 2020 destacará como un ano marcado pola consolidación dos procesos de transformación sectorial postos en marcha en exercicios anteriores, e incluídos nos plans de modernización tecnolóxica de varios ámbitos (transporte, medio ambiente, servizos sociais, educación, sector primario), actuacións todas elas cun importante impacto nos distintos ámbitos funcionais da Xunta, en amplos sectores do tecido empresarial galego e na propia cidadanía galega:

- **Dixitalización do ensino galego**

No ámbito da educación neste ano, ademais da evolución dos distintos sistemas de xestión que dan soporte aos procesos educativos, en particular aqueles que permiten a potenciación de canles telemáticos entre os distintos axentes da comunidade educativa (profesorado, centros, alumnado, familias) manterase o **proceso de transformación do sistema de ensino de Galicia a través do uso das TIC, no marco do Proxecto Abalar, chegando a unha cifra estimada en 32.000 rapaces e rapazas que empregarán contidos curriculares dixitais.**

- **Consolidación da Historia Social Única como a ferramenta na atención social**

No tocante á **Historia Social Única Electrónica**, despois de que se chegase á adhesión da práctica totalidade dos concellos ao sistema de Historia Social Única Electrónica (artellada a través dun Convenio coa FEGAMP), neste ano, avánzase na

**incorporación efectiva das cidades con sistema de información propio, así coma na implantación do sistema en traballo social de sanidade.** Continuaráse dando pasos conducentes a establecer HSUE coma ferramenta de traballo fundamental a efectos de coordinación entre servizos sociais e outros sistemas de protección relacionados, en concreto **a través da incorporación de funcionalidade que permita a xestión coordinada do tramo de inserción da RISGA entre servizos sociais e emprego.** Tamén coma fito especialmente significativo, cabe salientarse a **previsión de pilotaxe e posterior lanzamento da iniciativa ASISTE, que suporá a apertura dun novo canal de comunicación mobil coa cidadanía, no marco da oferta dunha plataforma de fomento do autocoidado e dos coidados informais e familiares, o que supón a extensión de HSUE a este eido da atención.**

Especialmente relevante neste ámbito, será a **evolución do sistema integral de xestión de centros** (onde está prevista a incorporación de novas tipoloxías de centros, especialmente a rede de centros de atención a maiores do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar e a rede de centros de protección de menores), así como o esforzo de evolución dos distintos sistemas de xestión que dan soporte aos procesos relativos a discapacidade, a dependencia, a inclusión, familia e menores.... no marco da súa adaptación aos procesos de transformación dixital en curso

- **Mellora tecnolóxica no ámbito do transporte de viaxeiros por estrada en Galicia.**

Durante este ano, e dentro das medidas contidas no **plan de mellora tecnolóxica** neste ámbito, producirase a implantación da **oficina virtual de xestión do transporte público de Galicia**, que permitirá unha relación completamente telemática entre as empresas de transporte, a administración e os cidadáns:

- Permitindo unha **xestión telemática da relación entre as empresas de transporte e a administración**
- A **obtención da información e acceso a servizos dixitais** (transporte baixo demanda, posición dos buses en tempo real, ...) por parte dos cidadáns a través do portal bus.gal e da app de transporte de Galicia
- Que a administración e os cidadáns dispoñan de información de todos os servizos de transporte de viaxeiros que se están a realizar en Galicia a través **do sistema de explotación da mobilidade (SAEGAL)**, no que deben integrarse, en tempo



real, información dos distintos servizos que prestan ditas empresas (localización do vehículos, datos do número de pasaxeiros, ...) e o pago con novos medios de pagos telemáticos (pago co móbil, ...)

Tamén se implantarán dentro do plan de mellora tecnolóxica:

- un sistema de xestión dos expedientes de reclamación á Xunta Arbitral de transporte
  - unha plataforma de formación para a certificación dos profesionais do transporte
  - un observatorio do custes do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade
- 
- **Desenvolvemento de instrumentos de xestión e difusión relacionados co sector agropecuario, co desenvolvemento rural e coa xestión dos fondos europeos agrícolas**

O desenvolvemento, posta en marcha e consolidación de sistemas de información que permitan unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles neste ámbito, e unha mellor relación co sector e coa cidadanía, centran as actuacións neste ámbito:

- Posta en uso da nova **Oficina Agraria Virtual**, incluíndo o acceso desde dispositivos móbiles, como canle de comunicación co sector; así como **novo sistema de xestión integral do ámbito gandeiro** (incluíndo movementos gandeiros); e outros sistemas, como o de apoio ás adegas na xestión dos libros de rexistro e contabilidade vitivinícola.
- Evolución de sistemas para unha xestión máis eficiente das **axudas da Política Agraria Común (PAC)**, continuando cos traballos para o cumprimento das obrigas da Comisión Europea de seguridade na xestión destes fondos.
- Durante o ano 2020 realizarase unha **capa vitícola** actualizada referenciada a SIXPAC a través de fotointerpretación e visitas a campo. A partir dela, actualizarase o rexistro vitícola, crearse un Editor do Rexistro Vitícola e poderase realizar unha actualización da capa gráfica en base á súa evolución (Arranques, Plantacións, Modificacións)
- Desenvolvemento e/ou posta en marcha de **sistemas de xestión das distintas medidas do PDR**: novo sistema de xestión da medida LEADER ou de xestión de accións de formación e transferencia tecnolóxica), e evolución dos sistemas que

faciliten as actuacións relacionadas coa mellora do uso agroforestal do territorio: concentración parcelaria, mobilidade de terras, ...

- Potenciarase a **canle telemática de relación e información ao sector** a través da Oficina Virtual de Medio Rural e do novo portal institucional da Consellería do Medio Rural, así como de portais sectoriais, como o novo portal de experiencias de calidade (AGACAL)

Neste ámbito colle especial relevancia o lanzamento da segunda fase do proxecto **Primare Inspeccións Intelixentes Avanzadas**, que a partir dos resultados do proxecto de Investigación e innovación desenvolto no 2019 pretende evolucionar cara á figura do Agricultor 4.0 co Observatorio de Parcelas, o caderno de explotación dixital e, a Xestión de Explotacións Agrarias

- **Evolución dos sistemas de xestión de incendios e de ordenación do sector forestal**

Neste ano, farase especial fincapé:

- Na posta en uso e potenciación de sistemas que permitan o **acceso telemático por parte do sector** a relación telemática entre o sector e a administración
- No ámbito dos incendios, consolidación do sistema de **xestión de incendios Xeocode 2.0**, coa implantación do cliente móbil do sistema (Xeocode\_Lite), así como a necesidade de integración con distintas fontes e sistemas
- O deseño, construción e posta en funcionamento dun novo **sistema de xestión de biomasa nas faixas secundarias** (XESBIO-2) para facilitar as comunicacións entre os concellos e outros axentes cos afectados pola obriga de labores de limpeza de biomásas nestas faixas.
- **Mobilidade en aplicacións de incendios mediante o uso de solucións para traballo en campo.**
- **Extensión da rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia** utilizando 15 centros de telecomunicacións de RETEGAL que estenderán a cobertura visual da rede ata un total de 1,8 millóns de hectáreas, o que se corresponde co 60 % do territorio de Galicia (proxecto de colaboración entre Retegal e Amtega)

- **Impulso da xestión telemática no ámbito pesqueiro, da trazabilidade e a comercialización e a formación no sector do mar**

2020 centrarase na consolidación e extensión do proxecto de **modernización tecnolóxica das lonxas (PRIMARE-Lonxas)**, que contempla as actuacións necesarias para a implantación destas plataforma en 35 lonxas de Galicia entre 2020 e 2021.

Ao redor da Plataforma Tecnolóxica de Pesca, o 2020 dotarase de novas funcionalidades nun bo número de sistemas de xestión. Destacar a incorporación de **solucións trazabilidade a marca de calidade Pescaderías, de onde senón?, mediante tecnoloxía blockchain.**

Neste exercicio **incorporaranse novos puntos de autoxestión de servizos informáticos (TICPESC)**. Cómpre sinalar o deseño de solucións de mobilidade no eido da Plataforma Tecnolóxica de Pesca co obxectivo de facilitar novas canles na trazabilidade dos produtos pesqueiros, en particular o acceso desde dispositivos móbiles

Relevante tamén será a finalización da posta en funcionamento do **sistema de xestión da formación pesqueira e do mar (XESTEN)**, e a posta en marcha dun innovador portal e app móbil asociada para a Rede de Observadores do Medio Mariño Galego.

- **Mellora tecnolóxica do ámbito medio ambiental**

No ámbito medioambiental, ao longo do presente exercicio:

- Poranse en funcionamento novas funcionalidades da **Plataforma de Xestión Ambiental de Galicia (GaIA)**, que permite unha xestión integral e integrada da información ambiental que xestiona a Administración e unha relación completamente telemática coas empresas do sector.
- Extenderase a **xestión telemática do acceso ás distintas illas do parque natural das Illas Atlánticas** incluíndo a xestión dos cupos de grupos e vecinos de Ons.
- Implantarase un sistema para a xestión integral de axudas tramitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no eido dos concellos da Rede Natura 2000 (MT814A) e dos parques naturais de Galicia (MT819A).

- **Evolución dos servizos dixitais no ámbito da vivenda.**

No ámbito da vivenda, ao longo do presente exercicio:

- Evolución dos sistemas que permiten ofrecer servizos dixitais aos cidadáns neste ámbito e mellorar a tramitación electrónica e a interoperabilidade con outros organismos (SAREB, Ministerio de Fomento, entidades bancarias, ...),
- Implantaranse novas ferramentas neste eido: aplicación de xestión do censo de solo empresarial, plataforma de rehabilitación, censo de inmobles declarados en estado de abandono e aplicación de xestión dos Núcleos rurais en estado de abandono.
- Continuarase o desenvolvemento unha **plataforma de xestión integral** dos bens de titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que permite realizar unha xestión completa do seu patrimonio.

- **Mellora tecnolóxica dos servizos do Servizo Público de Emprego de Galicia.**

Durante este ano:

- Realizarase o despregue do **novo sistema de captación e renovación das impresións dactilares tanto en oficina como nos puntos de información**.
- Poranse en marcha **novos servizos na oficina virtual de emprego**: a oficina virtual de empresas e da comunidade de baixa
- Porase en marcha a **cita previa nas oficinas de emprego**, tanto via web coma dende os móbiles.
- Incrementarase o servizo que se da dendo os puntos de información aos demandantes do rural.
- Realizarase a migración aos novos servidores do CPDI.

## **Sociedade Dixital:**

---

- **Plan de inclusión dixital**

O Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 centra os seus esforzos en acadar unha cidadanía galega máis competente dixitalmente para o que ao longo do 2020 traballarase

na realización de actividades formativas ao longo de toda a xeografía galega, incentivando así alfabetización dixital, a capacitación dixital e a innovación social dixital a través de cursos, talleres e charlas presenciais e por videoconferencia e de formación online.

Esta capilaridade amplíase a través da colaboración de aliados dixitais (entidades e profesionais do ecosistema social e dixital que colaboran no desenvolvemento da inclusión dixital de Galicia) que actúan como axentes dinamizadores e responden ás necesidades do territorio, máis aló da situación xeográfica das propias aulas.

Entre as accións a desenvolver en 2020 para acadar o obxectivo de achegar o coñecemento sobre as tecnoloxías da información a unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía, destacan:

- **Fomentar a autonomía persoal, o envellecemento activo, e a seguridade nas TIC** promovendo o uso da tecnoloxía para a mellora da calidade de vida.
- **Mellorar as habilidades e capacidades TIC** da cidadanía para a busca de emprego e a mellora da empregabilidade a través da realización de actividades formativas e o fomento da obtención da certificación en competencias dixitais.
- **Impulsar a participación dos aliados dixitais** para acadar a madurez dixital da cidadanía galega e ter unha maior chegada ao territorio.
- **Promoción dun voluntariado dixital** capaz de dar resposta ás necesidades dunha Galicia dixital.

- **Desenvolvemento do Plan de promoción do talento dixital de Galicia 2020**

DigiTalent, o Plan de promoción do talento dixital de Galicia 2020, asume a misión de reducir a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital e promover que a cidadanía conte coas capacidades necesarias para desenvolverse plenamente no ámbito dixital tanto na súa vida persoal como profesional.

Neste senso, o catálogo de actuacións do Plan combina medidas que atenden aos diferentes perfís da cidadanía segundo o punto no que se atopen do seu ciclo vital dando así resposta ás necesidades específicas de cada perfil.

Durante o ano 2020, desenvolverase o catálogo de actuacións para o curso 2019/20 contando con novas iniciativas aportadas desde a propia Administración e os axentes do ecosistema dixital, contribuíndo aos tres eixos de actuación definidos no Plan:

- **Eixo 1. Vocacións científico-tecnolóxicas.** Orientado á infancia e adolescencia, céntrase en espertar, motivar e potenciar as **vocacións STEM** desde idades temperás
- **Eixo 2. Novos perfís dixitais.** Con especial foco na **xuventude**, persegue revertir o gap de competencias dixitais para cubrir os postos vacantes e/ou adaptar a man de obra actual aos novos requirimentos da dixitalización.
- **Eixo 3. E-líders para a transformación dixital.** Persegue promover as capacidades de e-liderado que permitan ás persoas na súa **etapa de madurez** identificar, crear e explotar oportunidades derivadas da innovación dixital.

- **Impulso á empresa dixital**

En 2020 porase en marcha o Centro GaiásTech, que se configura como un espazo innovador, vagardista, aberto e dinámico para consolidar o ecosistema dixital de Galicia impulsando as relacións interas e contribuíndo á xeración de cadeas de valor a escala global que permitan dar resposta aos desafíos actuais e futuros da sociedade. Trátase dn centro para o impulso da transformación dixital de Galicia identificando tendencias e ideas innovadoras, facilitando o fluxo de información e a conexión e constitución dunha rede de grupos de actuación par apomover a xeración , desenvolvemento e adopción de solucións tecnolóxicas capaces de dar resposta aos novos desafíos empresariais e sociais.

Ademais de desenvolver novas actuacións, darase continuidade ás actuacións máis destacadas neste eido no ano 2018:

- O **servizo Virtual de solucións libres**, que ofrece ás empresas a posibilidade de analizar e probar solucións empresariais libres na nube.
- O programa de impulso da oferta e a demanda de tecnoloxías orientadas a sectores chave da economía galega a través de **actividades de dixitalización e de apoio á divulgación de solucións**
- Impulso da **promoción, difusión e diversificación territorial** en colaboración cos axentes destacados.
- O programa de **visibilidade do sector TIC**

As actuacións e obxectivos do Centro para o 2020 completaranse coas seguintes actuacións:

- O programa de **#MesD**, que agrupa sesións formativas de corta duración sobre unha mesma temática ao longo de todo un mes, co obxectivo de ofrecer aos

profesionais un itinerario definido sobre conceptos ou ferramentas TIC relacionadas coa temática específica dese mes.

- O programa **AceleraTech**, formación destinada a autónomos e directivos de pemes e micropemes galegas para o fomento da transformación dixital das organizacións, a través da incorporación das novas tendencias tecnolóxicas
- A mellora do **MapaTIC.gal** co obxectivo de simplificalo e mellorar a súa usabilidade.

Actividades para o fomento da sensibilización das pemes galegas no ámbito das novas tendencias tecnolóxicas (intelixencia artificial, ciberseguridade, big data,...).

- **Desenvolvemento do Programa TransformaTIC**

Esta iniciativa ten como obxectivo impulsar o hipersector TIC como un sector competitivo e de xeración de emprego cualificado e como elemento tractor que permita apoiar o desenvolvemento do resto de sectores estratéxicos de Galicia.

Deste modo, as iniciativas para o 2020 estarán centradas na consolidación dun ecosistema dixital forte e dinámico con base na colaboración público privada e ao reforzo do sistema rexional de apoio á innovación e o emprendemento dixital a través de:

- **A aposta pola dixitalización das pemes galegas co Programa Reacciona TIC** para o desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e adopción de solucións de dixitalización.
- **O fomento da innovación TIC e o emprendemento de base tecnolóxica** en Galicia:
  - A través do desenvolvemento de iniciativas emprendedoras no eido da transformación industrial no marco do programa **Galicia Open Future: retos Industria 4.0**
  - Impulso da competitividade e a innovación tecnolóxica no sector TIC a través das actuacións de formación e difusión vinculadas ás tecnoloxías *Big Data* e *Business Intelligence* enmarcadas na actividade do Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio (CEIN).
  - Configuración e acondicionamento do Centro Gaiás Tech ofrecendo ao ecosistema dixital galego unha ampla carteira de servizos para facilitar o seu posicionamento nas tendencias tecnolóxicas da vindeira década.

- **Impulso ao Programa ViraxeTIC**

Durante 2020 darase continuidade ao Programa ViraxeTIC para **acelerar o desenvolvemento e a competitividade do sector dos contidos dixitais en Galicia**.

En particular, despois da correspondente licitación, arracará o proxecto de deseño, desenvolvemento e implantación dunha **plataforma de experiencias tecnolóxicas interactivas, no ámbito formativo, para nenas e nenos entre 6 e 16 anos, en colaboración coa CRTVG**, co obxectivo de fomentar a innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais.

Entre os obxectivos que se perseguen, cómpre salientar:

- Desenvolvemento de **novos modelos narrativos baseados nas novas tendencias tecnolóxicas** (realidade aumentada, realidade virtual, visualización 3D, etc.).
- Acadar un **maior nivel de interactividade cos usuarios** que facilite a adopción de enfoques pedagóxicos mellorados.
- Poder acceder aos devanditos contidos formativos en calquera lugar e en calquera momento.

Ademais avanzarase nos seguintes eidos:

- **Mellora das capacidades dos profesionais do sector** conformando un equipo humano capaz de maximizar a aplicación das novas tendencias dixitais neste eido.
- **Impulso da modernización e a innovación tecnolóxica** a través de instrumentos que fomenten a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico nas empresas do sector.
- **Promoción do traballo en rede** activando colaboracións entre os distintos axentes do ecosistema de innovación tecnolóxica en torno a este sector.

- **Software libre**

Un ano máis, a Amtega plasmará a súa aposta polo software libre como ferramenta transversal no **Plan de Acción de Software Libre 2020** que manterá como un dos seus principais obxectivos investir no fomento do software libre como recurso para mellorar a eficacia acadada na administración nos últimos anos e en definitiva promover a adopción de Software Libre por parte da administración pública, PeMEs e cidadanía.

- Reutilización de software libre na administración pública:



- Apostarase pola reutilización de software para o desenvolvemento de novos servizos achegando aos responsables TIC **casos de éxito doutras administracións públicas**. Ademais prestarase atención á difusión dos casos de éxito propios fóra da nosa comunidade a través do Catálogo do CTT e de Joinup, o portal europeo da reutilización.
- Manterase o compromiso de **publicación e liberación de dúas novas solucións de software** desenvolvidas pola Xunta de Galicia.
- Dentro do avance e mellora continua da e-administración, continuarase a traballar para **avanzar na interoperabilidade cos sistemas informáticos da administración pública**, mantendo contornas de referencia que permitan o seu uso con software libre.
- **Difusión e impulso da oferta das solucións TIC con licenza libre** para as empresas e o achegamento do software libre ao conxunto da sociedade, todo isto mantendo a colaboración cos axentes do ecosistema do Software Libre galegos .

- **Infraestruturas de banda larga**

No ano 2020 **continuarase coas actuacións do Plan de Banda Larga de Galicia 2020** para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida contribuíndo a acadar os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de polo menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps.

Traballarase ademais nunha nova **actuación orientada a impulsar a mellora da cobertura de telefonía móbil**, en zonas que carecen de servizo por tratarse de ubicacións illadas e/ou de complexidade orográfica.

Continuarase **coas actuacións enmarcadas no Plan Galicia 5G**, aprobado no ano 2018, orientadas tanto á innovación e desenvolvemento das novas redes 5G, como á capacitación neste eido.

E ademais, aliñadas tamén co Plan Galicia 5G, elaboraranse propostas de actuacións destinadas a **coordinar, simplificar e facilitar os despregamentos de banda larga ultrarrápida que permitan incrementar a eficiencia** dos despregamentos na Comunidade galega mitigando as barreiras económicas, temporais e de xestión que inciden no desenvolvemento dos servizos de banda larga.

Así mesmo, continuarase co **asesoramento e soporte no ámbito dos despregamentos de redes de telecomunicacións** que se ven prestando dende o ano 2010, a todos os axentes interesados nas actuacións desenvolvidas no marco do Plan, incluíndo un soporte especializado en normativa de telecomunicacións para Entidades Locais.

## Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións

---

- **Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas**

O proceso de traslado de CPDs das consellerías e organismos da Xunta de Galicia continuará durante o ano 2020, co obxectivo de mellorar de forma clara a dispoñibilidade e seguridade dos servizos TIC da Xunta de Galicia, facendo especial fincapé nos xulgados pendentes de mellora de liña e nas oficinas de emprego.

Así mesmo, traballarase na identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custes de mantemento e acadar economías de escala, na mellora das plataformas de **monitorización** e na **automatización de tarefas** de despregamento de sistemas e provisionamento de plataformas.

No ano 2020 publicarase un acordo marco para a contratación e a subministración de **servidores hiperconverxentes**, que serán instalados durante o ano 2021 nos CPDs corporativos. Estes servidores estarán destinados principalmente a albergar e executar sistemas de distintas áreas de competencias, coa finalidade de aumentar as prestacións, dispoñibilidade e illamento da infraestrutura.

A dotación de novos servidores require dunha **ampliación do CPD integral** da Xunta de Galicia, obra prevista para finais de 2020, que permitirá duplicar o espazo dispoñible na sala de servidores.

En 2020 realizarase a licitación para a subministración e implantación dunha nova **plataforma de almacenamento Scale-Out**, tanto na contorna de produción como para backup e continxencia, destinada a aloxar o servizo de ficheiros corporativo eliminando as restricións que presenta a plataforma actual permitindo un crecemento a nivel horizontal e vertical sen precisar realizar cortes de servizo. Tamén está prevista a contratación dunha plataforma semellante para a preservación do Arquivo Patrimonial da Xunta.

Outro obxectivo para o ano 2020 será a publicación do **Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2020-2023**. Este plan, elaborado no ano 2019, proporciona unha estratexia a longo prazo que permitirá garantir a continuidade dos servizos, á vez que se asumen novos retos como o funcionamento dos servizos os 365 días do ano as 24 horas do día, melloras na axilidade na provisión de servizos, alta dispoñibilidade dos servizos, incremento da confianza dixital, maior esixencia no rendemento dos servizos, etc.

- **Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas**

Ao longo de 2020 continuarase cos traballos de **mellora da rede de comunicacións**:

- Continuarase coa actualización das centralíñas de telefonía fixa, dotando á Rede Corporativa de máis funcionalidades.
- Ampliarase a plataforma de xestión de direccionamento IP da Rede Corporativa da Xunta de Galicia.
- Licitaranse varios contratos de renovación de equipamento de comunicacións, con maior capacidade e novas funcionalidades (cortalumes, xestores de ancho de banda, balanceadores e plataforma de acceso remoto).
- Licitárase o novo concurso de rede corporativa de datos, telefonía fixa e telefonía móbil.

Así mesmo, seguirase traballando na **consolidación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia**. Esta rede integra nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

- **Plan Director de Seguridade TIC**

Durante o ano 2020 continuarase coas actuacións incluídas no **Plan Director de Seguridade 2015-2021**, cuxa ampliación tanto en alcance coma duración foi aprobada por parte do Consello da Xunta de Galicia en abril de 2019, que permiten asegurar que se mantén o grao de protección adecuado para a información xestionada pola Administración Xeral e o Sector Público de Galicia e que se cumpre a normativa de protección de datos persoais, o Esquema Nacional de Seguridade e a ISO 27000.

Levaranse a cabo tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas de información e redes de comunicacións da Xunta de Galicia, incluíndo

actividades de prevención, detección, reacción e recuperación ante un incidente de seguridade.

Co obxecto de velar pola protección dos datos dos sistemas de información da Xunta de Galicia almacenados en bases de datos e facilitados a través de servidores de aplicacións, procederáse á implantación dunha solución de **cifrado e anonimización en bases de datos**.

Por outra banda, executarase o proxecto de implantación dunha solución de **protección fronte a malware avanzado** en posto cliente.

Así mesmo, no ano 2020 continuaránse realizando actividades de **concienciación e formación** en materia de seguridade de sistemas de información en forma de seminarios, accións formativas, campañas de concienciación, etc., orientadas a diversos colectivos e colexios profesionais.

- **Medidas de Calidade e Arquitecturas Tecnolóxicas**

Co obxectivo de garantir a calidade dos sistemas de información da Amtega e homoxeneizar o máximo posible a xestión técnica da infraestrutura TIC, no ano 2020 continuarase traballando na definición e actualización de **procedementos e estándares técnicos corporativos**, así como na vixilancia do seu cumprimento.

Ao longo deste ano, continuarase fomentando o uso da **plataforma de integración continua** para os proxectos de desenvolvemento da Amtega mediante o desempeño de actividades de dinamización e divulgación e prestando soporte a os equipos de desenvolvemento. Xestionarase tamén a evolución da plataforma de integración continua, incorporando melloras e novas funcionalidades.



### 3. PROGRAMA DE ACTUACIONES



### 3. Programa de actuacións

No seguinte apartado recóllense as actuacións previstas por parte da Axencia para o exercicio 2020, organizadas en función dos 7 obxectivos estratéxicos que articulan o seu funcionamento.

Para cada un dos obxectivos estratéxicos identifícanse os programas indicando os obxectivos perseguidos, as actividades e os responsables de levalas a cabo, así como os valores meta fixados para o 2020 para cada unha delas.

#### *Os obxectivos da Axencia*

A Axencia articula a súa actividade en torno á consecución de 7 obxectivos estratéxicos que perseguen modernizar a administración e o modelo de interacción co cidadán, o fomento e capacitación no uso das novas tecnoloxías por parte da sociedade e o tecido produtivo, así como o desenvolvemento do sector TIC, posibilitando para elo as infraestruturas e o modelo de cooperación entre axentes necesario para conseguilo.

A partir das competencias e funcións da Axencia, en consonancia co establecido na Axenda Dixital de Galicia, e de conformidade co establecido no contrato plurianual de xestión desta axencia pública autonómica, establécense **7 obxectivos estratéxicos**:

- 1. Impulsar a cohesión dixital da Administración*
- 2. Promover os servizos públicos dixitais*
- 3. Fomentar a capacitación dixital*
- 4. Promover a economía dixital*
- 5. Apoiar o crecemento do ecosistema dixital*
- 6. Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais*
- 7. Medidas instrumentais e de eficiencia*

## Obxectivos operativos e programas

A continuación recóllense os programas e obxectivos específicos que integran cada un dos obxectivos estratéxicos reseñados anteriormente:

Obxectivos estratéxicos	Programas e obxectivos específicos
<p>1</p> <p><b>Impulsar a cohesión dixital da Administración</b></p>	<p>1.1 Plan de administración e Goberno dixitais. Relación dixital co cidadán.</p> <p>1.2 Plan de administración e Goberno dixitais. Xestión dixital e interoperabilidade</p> <p>1.3 Plan de administración e Goberno dixitais. Xestión dixital dos RRHH</p> <p>1.4 Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable</p> <p>1.5 Medidas para a xestión dixital tributaria</p> <p>1.6 Medidas para acadar unha infraestrutura de información xeográfica corporativa.</p> <p>1.7 Medidas para o impulso á análise intelixente do dato</p>
<p>2</p> <p><b>Promover os servizos públicos dixitais</b></p>	<p>2.1 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria</p> <p>2.2 Medidas para a xestión dixital do Emprego</p> <p>2.3 Medidas para a xestión dixital da vivenda</p> <p>2.4 Medidas para a xestión dixital dos Servizos Sociais</p> <p>2.5 Medidas para a xestión dixital da Educación</p> <p>2.6 Medidas para a xestión dixital do transporte e do territorio</p> <p>2.7 Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente</p> <p>2.8 Medidas para a xestión dixital do agro e da gandería</p> <p>2.9 Medidas para a xestión dixital do ámbito forestal</p> <p>2.10 Medidas para a xestión dixital da pesca</p> <p>2.11 Medidas para a xestión dixital doutros ámbitos sectoriais</p> <p>2.12 Plan Trabe: Modernización tecnolóxica dos Servizos Sociais</p> <p>2.13. Plan Senda2020. Xustiza Dixital</p>
<p>3</p> <p><b>Fomentar a capacitación dixital</b></p>	<p>3.1 Programa Abalar: Estratexia galega de educación dixital</p> <p>3.2 Programa de bibliotecas en rede</p> <p>3.3. Plan de inclusión dixital</p> <p>3.4 Programa de promoción do talento dixital</p> <p>3.5 Programa para promover as competencias dixitais do empregado público</p>
<p>4</p> <p><b>Promover a economía dixital</b></p>	<p>4.1 Impulso á empresa dixital</p> <p>4.2 Smart Turismo</p> <p>4.3 Memoria dixital de Galicia.: Medidas para a promoción dixital da cultura e patrimonio</p> <p>4.4 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente</p>

		<p>4.5 Plan tecnolóxico para o transporte público</p> <p>4.6 Programa Primare: a transformación dixital dos sectores primarios</p>
5	<b>Apoiar o crecemento do ecosistema dixital</b>	<p>5.1 Axenda Dixital de Galicia: A estratexia dixital de Galicia</p> <p>5.2 Programa TransformaTIC</p> <p>5.3 Programa ViraxeTIC</p> <p>5.4 Medidas para o impulso da reutilización da información do sector público</p> <p>5.5 Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos</p> <p>5.6 Plan de Banda Larga: a vertebración dixital do territorio</p> <p>5.7 Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia</p>
6	<b>Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais</b>	<p>6.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas</p> <p>6.2 Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas</p> <p>6.3 Plan Director de Seguridade TIC</p> <p>6.4 Medidas de Calidade e Arquitecturas Tecnolóxicas</p> <p>6.5 Medidas para a xestión sostible de medios e servizos dixitais no posto de traballo</p> <p>6.6 Medidas para garantir a atención as persoas usuarias</p>
7	<b>Medidas instrumentais e de eficiencia</b>	<p>7.1 Medidas para o impulso do desenvolvemento normativo</p> <p>7.2 Medidas de mellora na eficiencia da contratación</p> <p>7.3 Medidas de mellora na xestión do persoal</p> <p>7.4 Boas prácticas para a prevención do fraude</p> <p>7.5 Medidas de colaboración e coordinación institucional</p> <p>7.6 Medidas de comunicación e-Difusión</p>

### ***Plan de acción:***

A continuación recóllense, para cada un dos programas identificados anteriormente, as actividades destinadas a acadalos, os responsables de levalas a cabo, así como os valores meta fixados para cada unha delas:





**OBXECTIVO 1.**  
**IMPULSAR A COHESIÓN DIXITAL DA ADMINISTRACIÓN**



# **Obxectivo 1: Impulsar a cohesión dixital da Administración**

## **1.1 Plan de administración e Goberno dixitais. Relación dixital co cidadán.**

Co desenvolvemento da administración electrónica e do funcionamento nun contexto dixital, debe permitir achegar a administración ao cidadán dun xeito próximo, proactivo, participativo, eficaz, seguro e sinxelo. Este programa ten como finalidade desenvolver e por en marcha as canles, sistemas e medios que de xeito transversal establecen unha relación que permitan unha relación dixital completa entre a administración pública e os cidadáns e as empresas. Destacando a constitución da carpeta cidadá como eixo da información administrativa de cada cidadán e empresa, e de posta en marcha dun novo modelo de prestación de servizos.

### **Obxectivos**

- Incorporar novos servizos e especialización por destinatarios na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
- Por en marcha a Carpeta do Cidadán corporativa e interoperable con outras administracións.
- Desenvolvemento de servizos proactivos na relación co cidadán.
- Adaptar o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable.
- Por en marcha a Rede de oficinas de asistencia en materia de rexistro.
- Promover as actuacións de impulso do uso da administración dixital na cidadanía e empresa.
- Implantar o sistema de queixas, reclamacións e peticións de información do cidadán.
- Desenvolver os espazos de participación e servizos en mobilidade para unha maior proximidade á cidadanía.
- Desenvolvemento do marco normativo para a posta en marcha efectiva da administración electrónica nesta administración pública.

## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.1 Incorporar novos servizos e especialización por destinatarios na Sede Electrónica da Xunta de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Sede Electrónica (<a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>), como canle principal de relación electrónica entre as persoas interesadas e o sector público autonómico, debe evolucionar ofrecendo novos servizos e facilitando o uso da canle electrónica as persoas usuarias dos seus servizos. A sede debe adaptarse tanto aos que se relacionan habitualmente coa administración e manexan un amplo conxunto de expedientes como a aqueles outros que o fan esporádicamente.</p> <p>Neste sentido é importante avanzar nas posibilidades ou funcionalidades que demanda o uso do sistema por parte dos diferentes tipos de usuarios, tanto por ámbito sectorial coma por perfil social.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ <b>Evolución continuada</b> dos sistema de información que sustentan a sede electrónica da Xunta de Galicia: Portal de sede electrónica (<a href="https://sede.xuntal.gal">https://sede.xuntal.gal</a>), sistema de acreditación dixital Chave365, sistemas de presentación de formularios e o conxunto de compoñentes tecnolóxicos que son necesarios para o funcionamento da sede electrónica.</li><li>→ En canto a <b>novas funcionalidades ou servizos</b> que se incorporarán ou mellorarán en 2020, salientar os seguintes:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Incorporación da opción de <b>pago electrónico das taxas asociadas</b> á tramitación dos procedementos, ofrecendo a posibilidade de completar todos os trámites electronicamente e de xeito integrado, ofrecendo facilidades para a identificación da taxa aplicable e o cálculo do importe correspondente.</li><li>○ Implantación do modelo de <b>acreditación dixital para persoas non residentes</b> que non dispoñan de DNI ou NIE español (orientado inicialmente ao colectivo de galegos residentes no exterior).</li><li>○ Adaptación da sede electrónica para o seu funcionamento integrado co <b>registro electrónico de apoderamentos</b> de Galicia, unha vez publicada a normativa que o regule.</li><li>○ Incorporación de novas funcionalidades para a notificación por comparecencia na sede electrónica.</li><li>○ Incorporación do sistema CI@ve da Administración Xeral do Estado como sistema de identificación na sede electrónica.</li></ul></li><li>→ En canto aos aspectos de <b>usabilidade</b>, indicar os seguintes:<ul style="list-style-type: none"><li>○ se incorporarán diversas melloras desenvoltas durante o ano 2019 como resultado da análise dos resultados da enquisa realizada ás persoas usuarias da sede electrónica: posibilidade de autocumprimentación a partir de presentacións previas, simplificación do proceso de sinatura....</li><li>○ Continuación co proceso de migración tecnolóxica dos procedementos (de presentación en formato .pdf a presentación en formato .html), mellorando a experiencia de usuario. Acadarase un 80% dos formularios xa coa nova modalidade.</li></ul></li><li>→ <b>Servizo de subscrición</b> a novidades ou cambios de estado.</li></ul>

→ **Sede electrónica en dispositivos de movilidad.** A partir do deseño inicial realizado en 2019 abordarase a posta en marcha dunha primeira versión de sede en mobilidade que incorporará dous servizos básicos como son a subscripción a avisos e a posta a disposición en mobilidade dos certificados, carnés ou autorizacións dispoñibles na carpeta cidadá.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 1.1.2 Por en marcha a carpeta cidadá corporativa e interoperable con outras administracións // 1.1.3. Desenvolvemento de servizos proactivos na relación co cidadán.

**Descrición:** A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, define a «carpeta cidadá» como o conxunto estruturado de información e documentos en formato electrónico relativo ás relacións administrativas de cada persoa interesada, xerada nas súas relacións administrativas ordinarias co sector público autonómico de Galicia e establece que tamén forma parte da Carpeta cidadá da Xunta de Galicia a información de contacto, a de circunstancias persoais e a outra información ou documentación achegada voluntariamente pola cidadanía na súa relación co sector público autonómico. A posta en marcha da Carpeta do Cidadán supón un avance cara á eliminación de compartimentos estancos na información da tramitación administrativa para acadar un espazo único de información do cidadán coa súa situación administrativa de xeito claro e transparente.

A Carpeta cidadá ten como finalidade:

- a) Achegar de forma personalizada a administración á cidadanía, facilitándolle o acceso ao estado de tramitación dos seus expedientes administrativos, simplificando as relacións administrativas e promovendo a prestación de servizos personalizados.
- b) Facilitar o acceso por parte dos cidadáns e das cidadás á información, tanto de carácter persoal coma de carácter administrativo, que respecto deles e delas estea dispoñible no sector público autonómico, de xeito ordenado e sinxelo.
- c) Dispoñer de información actualizada e de calidade e de contacto coa cidadanía para utilizala de xeito preferente nas relacións con ela, sempre que non se indiquen outros medios específicos para un determinado procedemento ou servizo, e recoller informacións doutras circunstancias persoais facilitadas polos cidadáns e as cidadás.
- d) A elaboración de actividades estatísticas orientadas a satisfacer as necesidades das persoas usuarias, a avaliación das políticas públicas e a toma de decisións, con suxeición ás exixencias derivadas da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
- e) Garantir que os cidadáns e as cidadás faciliten a mesma información unha soa vez.

**Actividades 2020:** → Implantación na sede electrónica dos primeiros servizos de acceso integrado á información de contacto dispoñible en distintos sistemas do sector público autonómico: Sede electrónica, Chave365, Notifica.gal... facilitando aos interesados a súa consulta e actualización.

- Desenvolvemento dun visor para que as unidades responsables da tramitación dos procedementos que o precisen podan consultar a información dispoñible na carpeta cidadá dunha persoa interesada.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **1.1.4 Adaptación do sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable.**

**Descrición:** A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula o Sistema Único de Rexistro da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

O Sistema único de rexistro está integrado pola Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e, de existiren, polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Os sistemas de información que interactúan co Sistema Único de Rexistro –Aires e Rexel fundamentalmente– deben continuar a súa evolución e adaptación ao novo escenario.

**Actividades 2020:**

- **Evolución continuada** dos sistemas que dan soporte a actividade nas oficinas de rexistro e unidades tramitadoras: AIRES, REXEL, Sistema de interconexión de rexistros (SIR).
- **Soporte á operación do funcionamento de SIR:** soporte funcional especializado ás interaccións con outras administracións, soporte ás entidades locais de Galicia que utilicen AIRES como plataforma de integración con SIR.
- **Adaptación continua ao Sistema de Interconexión de Rexistros, SIR:** inclusión de novos tipos de sinaturas e posibilidade de intercambio de documentos a través de referencias, o que mellorará a transferencia de documentos de gran tamaño.
- **Sistema AIRES:** Definición do modelo de funcionamento para dar servizo ás entidades instrumentais do sector público autonómico, permitindo a súa integración no Sistema de Interconexión de Rexistros.
- **Proceso de dixitalización no sistema de rexistro:** incorporación de melloras e optimización dos proceso de dixitalización, en especial o relativo a situacións de continxencia de indispoñibilidade de servizo de sistemas vinculados, minimizando os tempos de indispoñibilidade do propio sistema de rexistro.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.5 Por en marcha a Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A implantación da <i>Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas</i> precisa da definición da rede de oficinas de asistencia en materia de rexistro, establecendo os criterios para a realización das novas funcións que deben asumir. Na Xunta de Galicia materializase na configuración da Rede de Oficinas de Asistencia a Cidadanía e Rexistro, nos termos establecidos pola <i>Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia</i>.</p> <p>Entre as súas funcións está a de recoller e dixitalizar os escritos, solicitudes, comunicacións e documentos que as persoas interesadas presenten presencialmente. Ademais, son funcións das oficinas da Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro: a asistencia no uso dos medios electrónicos ás persoas interesadas; facilitar á cidadanía información xeral; informar sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública, sobre o procedemento para a presentación de suxestións e queixas e sobre o estado de tramitación dos procedementos; a provisión dos medios de identificación dixital para as persoas que así o soliciten; a realización de copias auténticas; formalizar os apoderamentos apud acta outorgados mediante comparencia persoal, etc</p> <p>É preciso avanzar na posta en marcha da rede de oficinas para completar a implantación de todas as funcións e servizos de xeito axeitado en todas as oficinas da rede.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuación coa revisión, xunto coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da definición da <b>Rede de Oficinas de Atención á Cidadanía e Rexistro</b> da Xunta de Galicia: servizos a desenvolver, medios materiais necesarios, e tipoloxías de oficinas. Análise dos requirimentos para a incorporación das distintas tipoloxías de entes instrumentais no sistema único de rexistro (fundacións, ...)</li> <li>→ <b>Implantación de servizos nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro:</b> Extensión do proceso de dixitalización e acreditación de cidadáns con Chave365 en todas as oficinas da rede.</li> <li>→ <b>Dotación de medios en oficinas de atención á cidadanía e rexistro:</b> Dotación de medios de dixitalización nas novas oficinas nas que se implanta o proceso de dixitalización. Mellora continuada do equipamento nas oficinas de rexistro principais.</li> <li>→ Actualización continuada do <b>espazo de traballo na intranet para o persoal que presta servizo na Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro</b>. Este espazo incorpora información de apoio e acceso ás ferramentas necesarias para facilitar a execución das tarefas nas oficinas.</li> <li>→ Posta en marcha do proxecto de renovación do <b>sistema de cita previa</b> por internet e extensión dos sistemas de quendas.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.6. Promover as actuacións de impulso do uso da administración dixital na cidadanía e empresa.</b>
<b>Descrición:</b>	A oferta de servizos electrónicos da administración debe ir acompañado de medidas de impulso da demanda e de acompañamento á cidadanía e ás empresas na súa adaptación ao novo contexto dixital e no uso dos servizos dixitais que se poñen a súa disposición. Esta actividade ten dúas liñas de

actuación:

- Promover o uso dos servizos electrónicos na cidadanía e na empresa levando a cabo actividades de formación e divulgación, así como consultas a colectivos e sectores específicos sobre as súas necesidades e dificultades concretas de cara a desenvolver servizos adaptados aos seus destinatarios. Mediante a colaboración coas redes de formación, coma Rede Cemit, coas unidades xestoras na realización de tarefas de difusión a colectivos especializados acompañando a realización de campañas, creación dun grupo de usuarios testadores dos servizos dixitais.
- A posta en marcha de sistemas de administración electrónica, o incremento constante de procedementos habilitados para unha tramitación electrónica, o desenvolvemento de novos servizos dixitais, requiren facilitar a cidadanía apoio suficiente para minimizar as dificultades evidentes para o uso deste servizo (dificultades no uso de certificados, dificultades derivadas da heteroxeneidade de postos de usuario,...). Neste sentido, e como complemento ao servizo de atención á cidadanía 012, púxose en marcha dende a Amtega unha canle de atención especializada a incidencias de carácter técnico no uso de servizos dixitais dispoñible en <https://www.xunta.gal/eservizos/soporte-tecnico/asistente-en-lina>.

**Actividades 2020:**

- Difusión de servizos en sede electrónica: Promoción de campañas a través da propia sede electrónica da Xunta de Galicia.
- Evolución e mellora da **prestación do servizo atención as persoas usuarias de servizos dixitais**:
  - Prestación continuada do servizo de atención en horario de 08:00 a 20:00 horas de luns a venres excepto festivos da atención á cidadanía, mediante asistente en liña. E coordinación co 012 para a atención funcional. *(en liña co indicado no programa 6.6)*
  - Evolución do asistente en liña (<https://www.xunta.gal/eservizos/soporte-tecnico/asistente-en-lina>). E análise de novas canles de atención (tipo chatbot).
- Colaboración con colectivos específicos para o deseño de servizos electrónicos. Organización de sesións conxuntas orientadas á divulgar as novas funcionalidades e a coñecer as necesidades destes colectivos e as carencias que atopan nos servizos existentes. Realizaranse en función de necesidades detectadas en colectivos de impacto.
- Actuacións de impulso do uso dos servizos dixitais a través da rede CeMIT.
- Actualización continuada de materiais formativos.
- Impulso de medidas que promovan a accesibilidade aos servizos públicos. **Servizo de videointerpretación** para persoas xordas. Desenvolvemento da app do servizo de videointerpretación para sistemas IOS.

**Área responsable:**

**Área de Modernización das Administracións Públicas**

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.7 Implantar o sistema de queixas, reclamacións e peticións de información do cidadán.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A <i>Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración</i>, estableceu os dereitos que garanten a eficacia da participación da cidadanía nas súas relacións coa Administración autonómica e que redundan na mellora da calidade desta última. Supuxo, ademais, a configuración dun sistema integrado de atención á cidadanía para garantir, a través dun servizo multicanle, o dereito da cidadanía a recibir da Administración a información que precisa e a elevación a rango de lei do dereito a presentar suxestións e queixas no sector público autonómico.</p> <p>O <i>Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia</i> establece os instrumentos de difusión da información á cidadanía e o procedemento para a presentación e tramitación das suxestións e queixas en desenvolvemento do previsto na Lei.</p> <p>O Sistema de información de soporte aos trámites de queixas, suxestións, reclamacións ou peticións de información ten por obxectivo integrar a opinión dos cidadáns acerca dos servizos públicos no marco de mellora continua dos mesmos. Dese modo e a través dunha comunicación continua cos usuarios de cada servizo, preténdese non só dar unha resposta áxil á comunicación do cidadán, senón tomar en conta os seus comentarios e reclamacións para adecuar, aliñar, mellorar, corrixir ou personalizar os servizos públicos.</p> <p>En 2019 acadouse a posta en marcha e implantación do sistema en todo o sector público autonómico.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Abordarase o proceso de evolución continuada do mesmo en base á identificación de melloras detectadas nos procesos de implantación.</p> <p>→ Identificación e deseño dos indicadores de seguimento da análise deste proceso para a súa integración no sistema de indicadores de administración dixital.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.8.a Desenvolver os espazos de participación e servizos en mobilidade para unha maior proximidade á cidadanía. Presenza institucional da administración pública en Internet.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Inclúense nesta actividade a evolución continuada dos portais que configuran a imaxe institucional da administración pública galega en Internet. En concreto, consideráanse os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Portal institucional : <a href="http://www.xunta.gal">www.xunta.gal</a>, e os seus espazos dependentes (función pública, subportadas de consellerías,...).</li> <li>- Portal de transparencia: <a href="http://transparencia.xunta.gal">http://transparencia.xunta.gal</a></li> <li>- Diario Oficial de Galicia: <a href="http://dog.xunta.gal">dog.xunta.gal</a></li> <li>- Plataforma de contratos de Galicia: <a href="http://contratosdegalicia.gal">contratosdegalicia.gal</a></li> </ul> <p>E outros</p>



<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada dos espazos institucionais mencionados neste apartado: aplicación de normativa de accesibilidade, criterios de usabilidade, incorporación de novas políticas web corporativas e actualización tecnolóxica continuada.</li> <li>→ En canto ao <b>Diario Oficial de Galicia</b> (DOG), entre outras cuestións: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Implantación do identificador de Lexislación Europeo (ELI), para facilitar a interoperabilidade de produción xurídica no espazo europeo, cuxo desenvolvemento rematou en 2019.</li> </ul> </li> <li>→ <b>Portal de transparencia da Xunta de Galicia:</b> desenvolvemento dunha nova fase de servizos no portal coa incorporación de sistema de subscrición, posibilidades de edición distribuída de contidos, impulso da reutilización de información do sector público; melloras na visualización de contidos.</li> <li>→ En canto á <b>Plataforma de Contratos de Galicia</b>, evolución continuada nos datos de ficha de expediente, integración coa plataforma de contratos do estado e co sistema de licitación electrónica da xunta de Galicia. Adaptación da app da PCG.</li> <li>→ En canto ao <b>Portal web institucional</b> (<a href="http://www.xunta.gal">www.xunta.gal</a>) e os seus espazos dependentes), ademais dos aspectos de mellora continua: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Evolución de deseño das subportadas (espazos institucionais das Consellerías).</b></li> <li>○ Extensión dos servizos de subscripcións a novos ámbitos do portal.</li> </ul> </li> <li>→ Desenvolvemento do espazo de difusión dos procesos de dixitalización da sociedade galega, e en particular da administración pública galega.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.8.b Desenvolver os espazos de participación e servizos en mobilidade para unha maior proximidade á cidadanía. Coordinación catálogos da presenza en internet.</b>
<b>Descrición:</b>	A <i>Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia</i> , regula no artigo 56 e seguintes o Catálogo da rede integrada da presenza en internet. Neste apartado inclúense as actividades relativas á súa coordinación e desenvolvemento ordeado tanto no relativo ao propio catálogo (que incorpora os portais canles sociais, e aplicacións de mobilidade) como é evolución da guía de políticas web corporativas.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Realización das actividades derivadas da <b>Unidade Responsable de Accesibilidade</b>, nos termos establecidos polo <i>Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público</i>. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Publicación da declaración de accesibilidade.</li> <li>○ Adaptación das políticas web corporativas.</li> <li>○ Aplicación do RD na estrutura organizativa da Xunta de Galicia.</li> <li>○ Establecemento de procedemento de actualización e execución periódica de auditorías e de publicación de declaración de accesibilidade. Seguimento das auditorías que se realizan dende a</li> </ul> </li> </ul>

Administración Xeral do Estado na avaliación da situación de accesibilidade das comunidades autónomas.

- Realización continuada das actividades vinculadas á coordinación do catálogo de portais (**catálogo rede da presenza na internet do sector público autónómico**), entre outros:
  - Evolución continuada das guías de políticas web corporativas. Destaca a relativa a determinación de criterios de aplicación aos servizos en aplicacións de mobilidade e a presenza homoxénea dos aspectos relativos ao desenvolvemento da administración electrónica nos diferentes portais, canles sociais e aplicacións de mobilidade.
  - Realización das auditoría de portais, canles ou servizos en mobilidade, para a revisión do cumprimento das políticas web corporativas da Xunta de Galicia. Mantemento do catálogo e avaliación de novas iniciativas.
  - Asistencia aos equipos técnicos na aplicación de procedementos, políticas e xestión dos proxectos de portais, canles sociais e mobilidade.
  - Xestión das publicacións en markets dos servizos en mobilidade.
  - Xestión dos dominios web. Execución do plan de migración ao dominio .gal
- Administración e coordinación das ferramentas transversais e servizos corporativos tanto de web como de intranet: tradutores, compoñentes multimedia, centros de descargas, plataformas corporativas, plataformas de blogs, de enquisas, plataforma de teleformación,... así como dos servizos de monitorización de portais.
- Coordinación e xestión de contidos dos portais institucionais.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>1.1.1 Incorporar novos servizos e especialización por destinatarios na Sede Electrónica da Xunta de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento de novos servizos en sede electrónica. Número de novos servizos.</li> </ul>	<b>2</b>
<b>1.1.5 Por en marcha a Rede de oficinas de asistencia en materia de rexistro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Número total</b> de oficinas dotadas de medios para a implantación do proceso de dixitalización..</li> </ul>	<b>90</b>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número anual de terceiros que fan presentacións en sede electrónica.</li> </ul>	<p><b>100.000</b></p>
<p><b>1.1.6 Promover as actuacións de impulso do uso da administración dixital na cidadanía e empresa.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número anual de presentacións en sede electrónica ou rexistro electrónico (segundo criterio de sede).</li> </ul>	<p><b>650.000</b></p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>% de entradas a través de canle electrónica sobre canle presencial.</li> </ul>	<p><b>54%</b></p>
<p><b>1.1.7 Implantar o sistema de queixas, reclamacións e peticións de información do cidadán.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Construción do sistema de xestión de queixas, reclamacións e peticións de información do cidadán.</li> </ul>	<p><b>Dispoñible</b></p>
<p><b>1.1.8.b Desenvolver os espazos de participación e servizos en mobilidade para unha maior proximidade á cidadanía. Coordinación catálogos da presenza en internet.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de políticas web corporativas revisadas ou publicadas.</li> </ul>	<p><b>5</b></p>

## **Obxectivo 1: Impulsar a cohesión dixital da Administración**

### **1.2 Plan de administración e Goberno dixitais. Xestión dixital e interoperabilidade**

Este programa ten como finalidade establecer, construír e por en marcha os sistemas troncais e corporativos facilitadores do funcionamento dixital da administración pública galega. A súa posta a disposición dos sistemas ou departamentos da administración pública axudarán ao cumprimento dos requisitos legais do marco normativo vixente, e a desenvolver procesos dixitais dun xeito homoxéneo. Inclúense aspectos como os sistemas comúns de sinatura dixital, o inventario de información administrativa, a intermediación de datos e documentos, o arquivo electrónico administrativo, as notificacións electrónicas e aqueles outros elementos necesarios para a acadar a dixitalización plena. Inclúese tamén o impulso da súa utilización. E por último recóllense os sistema de análise de indicadores de funcionamento dixital da administración, e do seu impacto na cidadanía e no propio funcionamento interno e de relación con outras administracións.

#### **Obxectivos**

- Estender o uso dos servizos transversais facilitadores da administración electrónica como elementos vertebradores do funcionamento dixital da administración dixital.
- Dixitalización das comunicacións internas da administración pública galega.
- Desenvolver o mapa de interoperabilidade da administración pública galega.
- Integración dos expedientes administrativos no arquivo electrónico administrativo.
- Dixitalización de expedientes administrativos segundo necesidades da administración pública.
- Ampliar o catálogo de servizos dixitais compartidos ou interoperables coas restantes administracións públicas.
- Habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital
- Desenvolver o marco normativo para o funcionamento dixital da administración, en especial o desenvolvemento *da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.*

## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.1.a Estender o uso dos servizos transversais facilitadores da administración electrónica como elementos vertebradores do funcionamento dixital da administración dixital – Evolución dos sistemas troncais.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Para a implantación efectiva da tramitación electrónica resulta necesaria a evolución continua e consolidación dos elementos transversais que permiten a aplicación de criterios comúns e vertebradores da tramitación administrativa. Destacan neste sentido:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• A plataforma corporativa de sinatura electrónica</li><li>• O sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.Gal</li><li>• Servizos de certificación dixital.</li><li>• A plataforma de tramitación W@ndA. Os sistemas de tramitación de procedementos recollen a actividade das unidades xestoras. A integración dos sistemas de tramitación cos restantes elementos, existentes ou en construción, de administración electrónica permitirán acadar a tramitación electrónica integral de extremo a extremo (presentación en sede electrónica, tramitación nestes sistemas de tramitación, xestión documental no sistema de arquivo, notificación a través do sistema de notificacións electrónicas)</li></ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Evolución continuada e mantemento dos sistemas que configuran os elementos transversais corporativos para o desenvolvemento da administración electrónica: Sistema de notificación electrónica (notifica.gal); plataforma de sinatura electrónica (servizos de sinatura e psinaturas); sistema de tramitación para procedementos básicos (wanda); así como todos aqueles componentes necesarios para o seu funcionamento en sí mesmo ou integrados con outros sistemas. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas, a continuación indícanse algunhas das previsións máis salientables:</li><li>→ <b>Sistema de notificacións electrónicas de Galicia</b> (notifica.gal), entre outros:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Automatización dos procesos de altas de usuarios desde o portal Axudot. <i>(en liña co programa 6.6)</i></li><li>○ Posta en marcha dos novos servizos simplificados de integración para os sistemas de tramitación.</li></ul></li><li>→ <b>Plataforma de sinatura electrónica</b> (servizos de sinatura e psinaturas):<ul style="list-style-type: none"><li>○ Auditoría do aliñamento co regulamento eIDAS («<i>Reglamento (UE) Nº 910/2014 del Parlamento Europeo y del Consejo de 23 de julio de 2014 relativo a la identificación electrónica y los servicios de confianza para las transacciones electrónicas en el mercado interior y por la que se deroga la Directiva 1999/93/CE.</i>»)</li><li>○ Implantación do compoñente de integración para a sinatura dende os sistemas de tramitación.</li><li>○ Análise do modelo de sinatura en mobilidade utilizando certificados centralizados.</li></ul></li><li>→ En canto aos <b>servizos de certificación dixital</b>, en 2020 compre abordar a implantación dos procesos no novo contrato de servizos de certificación.</li></ul>

→ **Wanda - Evolución da plataforma de tramitación Wanda** (para a tramitación de procedementos básicos, que non contan con sistema de tramitación especializado):

- Reestruturación completa do mestre de datos persoais, acadando a integración técnica e funcional coa carpeta cidadá.
- Incorporación de fluxos de sinatura.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **1.2.1.d Estender o uso dos servizos transversais facilitadores da administración electrónica como elementos vertebradores do funcionamento dixital da administración dixital – Sistema troncal de tramitación de axudas e subvencións**

**Descrición:** A xestión de axudas e subvencións supón unha parte importante da actividade administrativa e unha ferramenta fundamental na execución das políticas públicas. Aínda que cada unha das axudas ou subvencións conte con elementos particulares e específicos, hai un conxunto de funcionalidades comúns que se dan en todas elas, o que fai necesario desenvolver un sistema troncal que permita axilizar a xestión destes procedementos e ademais ofrecer unha visión conxunta e ordenada da actividade da administración neste ámbito.

**Actividades 2020:** → **Licitación do sistema de tramitación de axudas e subvencións.** O novo sistema debe ademais substituír a outros sistemas existentes que non permiten a súa evolución e adaptación tecnolóxica.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **1.2.3 Desenvolver o mapa de interoperabilidade do sector público autonómico.**

**Descrición:** A **plataforma de intermediación de datos e documentos (de soporte ao nodo de interoperabilidade pasaXe!)**, está xa consolidada como un elemento fundamental no funcionamento da administración electrónica, e imprescindible para conquistar o obxectivo de evitar a presentación por parte dos cidadáns daqueles documentos que xa obren en poder da administración ou sexan xerados por ésta. Está composta pola **infraestrutura tecnolóxica e do modelo organizativo para a súa xestión**. Compre agora garantir a súa evolución continuada, a integración de novos certificados e documentos, e a extensión a outras entidades ou administracións.

O **mapa de Interoperabilidade** do sector público autonómico é o inventario de documentos e datos que son requiridos para o exercicio das súas competencias e son xerados por calquera administración pública, ou viceversa. O mapa é un instrumento vivo, en continua actualización, debido á incorporación de nova información, que permite priorizar adecuadamente os novos servizos a desenvolver no nodo de interoperabilidade.

**Actividades 2020:** → Evolución continuada e mantemento dos **sistemas e compoñentes que configuran a plataforma de intermediación de datos e documentos do nodo de interoperabilidade PasaXe!**. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade,

escalabilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica.

- Elaboración continuada do **mapa de interoperabilidade** como ferramenta para a identificación de novos servizos, certificados ou documentos susceptibles da súa posta a disposición no nodo de interoperabilidade. Impulso continuado da implantación e uso do sistema, incluíndo a revisión continuada das normas de convocatorias e novos procedementos para a identificación de documentación a eliminar na petición de documentación aos cidadáns.

**Área responsable:**

**Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:**

**1.2.4. Integración dos expedientes administrativos no arquivo electrónico administrativo.**

**Descrición:**

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os expedientes terán formato electrónico e que cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados.

En 2015 púxose en marcha o Arquivo Electrónico Administrativo da Xunta de Galicia, que amplía o establecido na Lei 39, do 1 de outubro, dado que da cobertura tanto aos expedientes dende a súa apertura, cando están no ámbito das unidades tramitadoras, como aos expedientes finalizados cando se transfere á competencia aos arquivos centrais.

Así, a *Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia* define o Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia como o sistema que permite a xestión de expedientes administrativos electrónicos do sector público autonómico nas súas diferentes fases, que incluírá todos os expedientes en tramitación e os finalizados, durante o tempo establecido nos seus calendarios de conservación.

O Arquivo electrónico administrativo rexeráse ademais polo disposto na *Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia*.

**Actividades 2020:**

- Evolución continuada e mantemento dos **sistemas e compoñentes que configuran a plataforma tecnolóxica do Arquivo Electrónico Administrativo da Xunta de Galicia (ARPAD)**: arquivo, capa de integración de servizos, clientes de dixitalización, ... Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica.
- Execución do plan de traballo para a consolidación de infraestrutura tendo en consideración a previsión de crecemento de expedientes e documentos electrónicos arquivados a medio prazo.
- Fomentar e facilitar a integración co arquivo de plataformas de tramitación da Xunta de Galicia. En particular nos ámbitos de Formación para o emprego e Función Pública.
- Posta en marcha do proceso de intercambio de expedientes á Administración de Xustiza e demais Administracións Públicas.

**Área responsable:**

**Área de Modernización das Administracións Públicas**

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.1.b Estender o uso dos servizos transversais facilitadores da administración electrónica como elementos vertebradores do funcionamento dixital da administración dixital – Posta en marcha da tramitación electrónica integral de procedementos administrativos</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Inclúense neste apartado o impulso da tramitación electrónica integral nos procedementos administrativos e procesos do sector público autonómico. Enténdese como tramitación electrónica integral aquel que permite a xestión no eido dixital da totalidade do proceso dentro da administración como na relación coa cidadanía, por medios electrónicos, e de xeito harmonizado en toda a administración. Establécense dúas liñas de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Integración dos sistemas especializados cos sistemas corporativos de administración electrónica.</li> <li>b) Posta en marcha do sistema corporativo de tramitación de procedementos básicos, para dar cobertura aos procesos electrónicos básicos.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Implantación continuada da integración dos sistemas especializados cos sistemas corporativos de administración electrónica. (<i>Ver actividade 1.2.1.c</i>)</li> <li>→ Posta en marcha <b>de procedementos con tramitación electrónica integral</b> sobre a plataforma de tramitación W@ndA para procedementos de tramitación básica que non requiren de sistema especializado de tramitación. Estímase acadar uns 70 procedementos ou convocatorias. (inclúense neste ámbito os resultantes do plan de apagado de SXPA).</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.1.c Estender o uso dos servizos transversais facilitadores da administración electrónica como elementos vertebradores do funcionamento dixital da administración dixital – Goberno e impulso da integración de sistemas especializados cos componentes corporativos</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Os elementos troncais ou corporativos vinculados a xestión dixital, permiten dispoñer de elementos comúns integrados nos sistemas de xestión especializados, para a homoxeneización e optimización de determinadas funcións dixitais, como son a sinatura electrónica, a xestión dos documentos electrónicos, os servizos de interoperabilidade, o inventario de información administrativa, o rexistro electrónico xeral da Xunta de Galicia,... Isto require a coordinación tecnolóxica do seu uso e o establecemento de pautas e protocolos de utilización, e de auditoría do seu uso.</p> <p>Inclúese nesta actividade o goberno e impulso da integración de sistemas especializados cos compoñentes corporativos. En especial, coordinación da integración de sistemas de tramitación sectoriais cos compoñentes horizontais de administración electrónica: sede electrónica, sistema de notificacións electrónicas, plataforma de sinatura, plataforma de interoperabilidade, arquivo electrónico administrativo, etc...</p>
<b>Actividades 2020:</b>	→ <b>Elaboración e xestión do catálogo de sistemas dixitais</b> (nos termos establecidos na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de



Galicia), para os elementos corporativos troncais e de uso obrigatorio: condicións de uso; protocolos de integración; canles de atención; normativa de aplicación; criterios de aplicación de ENI, ENS e protección de datos; etc...

- Xestión dos **procesos de integración de sistemas de tramitación** ou outros, cos sistemas corporativos troncais e de uso obrigatorio:
  - Definición dos criterios e procedementos técnicos de integración.
  - Soporte tecnolóxico especializado aos equipos técnicos de construción de sistemas de xestión. Sesións de coordinación cos equipos técnicos de aplicación.
- Identificación, definición, configuración e publicación das **actuacións administrativas automatizadas**.
- Servizo de **auditoría continua de usabilidade, dispoñibilidade, accesibilidade e seguridade**:
  - Licitación do servizo de auditoría continua: Definición dos procesos de mellora continua para garantir a usabilidade e calidade dos servizos dixitais. Incorporación de novas técnicas, procesos de robotización na validación dos servizos dixitais.
  - Elaboración das guías de usabilidade de formularios de cumplimentación para os cidadáns.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **1.2.2 Dixitalización das comunicacións internas da administración pública galega.**

**Descrición:** O contexto normativo do procedemento administrativo establece un funcionamento integramente electrónico das administracións públicas, no que desaparece o papel dentro das Administracións, xa que a documentación achegada en papel polos interesados debe dixitalizarse nas oficinas de atención á cidadanía e rexistro e os documentos xerados pola administración deben ser electrónicos. A conversión de documentación en papel en documentación electrónica supón un importante cambio no fluxo interno dos documentos que antes se trasladaban en papel nas comunicacións entre as unidades administrativas e entre estas e as oficinas de rexistro.

Neste contexto é necesario acadar a dixitalización das comunicacións internas entre as distintas unidades administrativas.

**Actividades 2020:** → Evolución continuada e mantemento dos procesos de envíos electrónicos entre os órganos e entidades do sector público autonómico, e de envío a través de SIR a outras administracións.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.6.a Ampliar o catálogo de servizos dixitais compartidos ou interoperables coas restantes administracións públicas – Administración Xeral do Estado</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Unha administración dixital require que todos os niveis da administración avancen, e establezcan os mecanismos de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de servizos dixitais. No desenvolvemento da administración dixital no eido do sector público autonómico, establécense dous niveis de interacción: por unha banda coa Administración Xeral do Estado, e por outra coas entidades locais e outras administración do territorio galego.</p> <p>Neste apartado referirémonos a colaboración e cooperación <b>Xunta - Administración Xeral do Estado</b>, para o aliñamento de criterios e plataformas comúns, que garanten a interoperabilidade entre as diferentes administracións do estado.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ No relativo a <b>colaboración e cooperación coa Administración Xeral do Estado</b>, destacan as seguintes previsións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Integración co Rexistro Electrónico de Apoderamentos.</li> <li>○ Incorporación continuada dos novos servizos de interoperabilidade dispoñibles na plataforma de intermediación de datos do Estado.</li> <li>○ Evolución continuada dos protocolos de integración do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR).</li> <li>○ Aliñamento continuado dos catálogos DIR3 e catálogo de procedementos.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.6.b Ampliar o catálogo de servizos dixitais compartidos ou interoperables coas restantes administracións públicas – Entidades locais e outras administracións do territorio galego.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Unha administración dixital require que todos os niveis da administración avancen, e establezcan os mecanismos de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de servizos dixitais. No desenvolvemento da administración dixital no eido do sector público autonómico, establécense dous niveis de interacción: por unha banda coa Administración Xeral do Estado, e por outra coas entidades locais e outras administración do territorio galego.</p> <p>Neste apartado referirémonos á colaboración e cooperación <b>Xunta – Entidades locais e</b> outras institucións do territorio galego, mediante a posta disposición de diversos servizos que conforman o catálogo de solucións compartidas habilitadoras da administración electrónica.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución continuada do portal EidoLocal (<a href="http://www.eidolocal.gal">www.eidolocal.gal</a>) e servizos integrados.</p> <p>→ Coordinación da implantación de <b>servizos postos a disposición ou</b></p>

**compartidos coas entidades locais, ou outras administracións.** En concreto en 2020 destacan as seguintes previsións:

- Implantación nas entidades locais dos servizos do **Nodo de Contratación Pública de Galicia**, en concreto o sistema de licitación electrónica e plataforma de contratos de Galicia.
- Implantación do Sistema de Notificación Electrónica (notifica.gal) – Dispoñible para as EELL. Apoio á implantación.
- Plataforma de intermediación, PasaXe! dispoñible para as EELL e ás Universidades galegas.
- Continuación coa implantación do sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia.
- Apoio a implantación dos servizos vinculados aos **arquivos e bibliotecas municipais de Galicia** (fase III de KOHA e ARQA), segundo o establecido no programa OE3.2 e OE4.3

**Área responsable:**

**Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:**

**1.2.7. Habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital**

**Descrición:**

A habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital supón unha serie de tarefas continuadas relativas a varios dos aspectos de posta en marcha:

- Revisión da norma que regule o procedemento, e elaboración do informe tecnolóxico-funcional, establecido na normativa vixente (*o artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* estableceu que as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, deberán contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.)
- Configuración nas plataformas tecnolóxicas dos formularios, servizos ou persoas usuarias dos sistemas de información.
- Actualización continuada dos contidos dos inventarios de información administrativa.

**Actividades 2020:**

- **Análise das normas** de convocatoria ou regulación de procedementos, e emisión do informe técnico-funcional, xunto coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- **Mantemento e evolución**, coa incorporación de novos criterios de aplicacións,

das **guías para a habilitación de procedementos e servizos** dispoñibles na intranet corporativa.

- **Configuración na sede electrónica** dos formularios das novas convocatorias (factoría de procedementos):
  - Elaboración dos formularios de todas as convocatorias que se publican na xunta de Galicia), tanto para a publicación no DOG como para a presentación en sede electrónica.
- **Configuración da tramitación electrónica** de procedementos administrativos (factoría de procedementos):
  - Xestión das autorizacións de acceso dos empregados públicos para as ferramentas e procedementos.
  - No caso de utilización do sistema de tramitación básico, w@nda, análise do fluxo de procedemento, e configuración dos fluxos e modelos de documentos no sistema.
  - No caso de integración co arquivo electrónico, análise xunto coa SX de Arquivos, das series documentais pertinentes,
  - Xestión fronte as restantes administracións das autorizacións de acceso aos servizos de interoperabilidade no nodo PasaXe.
- **Actualización continuada** da información nos inventarios corporativos de información administrativa.
- Optimización continuada dos procesos e ferramentas de xestión das actividades mencionadas neste apartado, mediante a súa simplificación e automatización.

**Área responsable:**

**Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** 1.2.8. Órganos de goberno e coordinación. Desenvolvemento do marco normativo para o funcionamento dixital da administración.

**Descrición:** Englóbanse dentro desta actividade diversas liñas de actuación orientadas á regulación, coordinación e planificación do desenvolvemento dixital da administración pública galega.

**Actividades 2020:**

- Tramitación da normativa de regulación dos seguintes aspectos:
  - Publicación do decreto polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións na sede electrónica da Xunta de Galicia no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o seu funcionamento ordinario.
  - Publicación do decreto que regula o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia e o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.
  - Redacción do proxecto normativo de regulación de funcionarios públicos habilitados.
  - Regulación da acreditación de persoas non residentes. (Chave365 para non residentes)
  - Regulación da posta en marcha da emisión de certificados de seudónimo.

- Convocatoria e coordinación da Subcomisión de Interoperabilidade e Administración Electrónica, e da Subcomisión de presenza en internet e goberno aberto, atendendo ao novo escenario determinado pola publicación da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- Participación no órgano de coordinación estatal “Comité Sectorial da Administración Electrónica”, e nos seus grupos de traballo..

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
1.2.1 Estender o uso dos servizos transversais facilitadores da administración electrónica como elementos vertebradores do funcionamento dixital da administración dixital	• % de procedementos que fan uso das notificacións electrónicas.	65%
	• % de procedementos con sistema de tramitación electrónica integral	15%
	• Deseño do plan de implantación de sinatura en mobilidade.	Finalizado
1.2.3 Desenvolver o mapa de interoperabilidade da administración pública galega.	• % de procedementos que están habilitados para o uso dos servizos de interoperabilidade.	45%
	• Número de documentos dispoñibles na plataforma PasaXe!	75
1.2.4 Integración dos expedientes administrativos no arquivo electrónico administrativo	• % de procedementos integrados no arquivo electrónico administrativo .	20%
1.2.7. Habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital	• Número medio anual de informes de habilitación de procedementos ou servizos dixitais.	300 (ou o 100% dos recibidos)
1.2.8. Desenvolver o marco normativo para o funcionamento dixital da administración. Redacción da lei de administración dixital de Galicia e normas de desenvolvemento.	• Número de actuacións administrativas automatizadas reguladas e en funcionamento.	12
	• Publicación do decreto de ampliación de prazos	Sí
	• Publicación do decreto de rexistro electrónico de apoderamentos.	Sí

**Nota 1:** As porcentaxes de procedementos calcularánse con respecto ao número de procedementos recollidos na Guía de procedementos e servizos ao principio do exercicio.

## Obxectivo 1: Impulsar a cohesión dixital da Administración

### 1.3 Plan de administración e Goberno dixitais. Xestión dixital dos RRHH

Este programa abordará a creación do expediente dixital do empregado público, e o desenvolvemento das ferramentas que permitan unha xestión eficiente dos procesos vinculados a xestión dos recursos humanos, e a xestión dos procesos de oferta de emprego público. O aproveitamento das posibilidades das TIC para a mellora da xestión e a eficacia das políticas de emprego, a través da modernización dos sistemas de información relacionadas coa xestión do emprego, tanto da intermediación, como da orientación, da formación ou das políticas de emprego. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Acadar o expediente dixital único do empregado público.
- Desenvolver o portal do empregado público para a xestión completa da relación coa administración.
- Desenvolver o sistema dixital integral para a xestión dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación,...)
- Crear sistemas de análise avanzado no eido da xestión de recursos humanos

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.3.1. Acadar o expediente dixital único do empregado público.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>No contexto electrónico da tramitación administrativa é preciso definir e modelo facer efectivo o expediente dixital integral de cada empregado público: información e documentos que conforman a historia laboral e curricular do empregado público na súa relación con esta administración pública.</p> <p>O modelo debe estar orientado ao dato único, evitando duplicidades e inconsistencias, e dar cabida aos distintos colectivos de empregados públicos da Xunta de Galicia e do sector público autonómico.</p> <p>Inclúese nesta actividade a necesaria evolución continuada dos sistemas e módulos que compoñen o sistema de xestión de recursos humanos, e que serven de soporte fundamental para a configuración do expediente dixital único do empregado público.</p>

<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución continuada e mantemento dos <b>sistemas e compoñentes que configuran a plataforma tecnolóxica para a xestión de recursos humanos: sistema para os servizos de persoal (mathix), sistema para os departamentos (morfeo), diversos sistemas de xestión na DX de Función Pública, xestión das RPTs, sistemas de fichaxe:</b> arquivo, capa de integración de servizos, clientes de dixitalización, ... Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Adicionalmente e de xeito específico:</p> <p>→ No caso dos sistema de xestión: Continuar coa análise e tipificación dos procedementos relacionados coa xestión de persoal para a súa integración no inventario de información administrativa, de cara á correcta clasificación dos documentos xerados na tramitación no arquivo electrónico administrativo. Incorporación dos expedientes asociados a 5 procedementos deste ámbito.</p> <p>→ <b>Posta en marcha dos instrumentos para os procesos especiais</b> previstos en 2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Inclusión de medidas derivadas do acordo de concertación de emprego público no sistema de fichaxe.</li> <li>○ Implantación do novo sistema de citacións electrónicas nas listas de contratación</li> </ul> <p>Tramitación dos procesos de provisión por concurso realizados durante o ano Incorporación deste ámbito da evolución e mantemento dos sistemas de <b>xestión de cita para recoñecemento médico.</b></p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.3.2. Desenvolver o portal do empregado público para a xestión completa da relación coa administración.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O portal do empregado público deberá evolucionar para converterse na canle única de tramitación das necesidades dos empregados públicos, e de acceso ao seu expediente dixital.</p> <p>O portal debe orientarse aos distintos colectivos e tipoloxías de empregados públicos, ofrecendo unha canle unificada que permita ademais simplificar os procesos cando unha mesma persoa manteña relacións laborais con distintos organismos ou entidades ao longo do tempo.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución continuada e soporte do actual portal do empregado público (Portax).</p> <p>→ No caso do <b>expediente dixital de empregado público</b>, posta en marcha do novo proxecto de elaboración do expediente dixital de empregado público común a todos os ámbitos da administración na que presta os seus servizos. A execución deste proxecto tomará como punto de partida o sistema FIDES, utilizado na actualidade no Servizo Galego de Saúde, sobre o que se abordará a necesaria adecuación para a integración co sistema de xestión de Función Pública.</p>

- **Carreira profesional.** Nas primeiras fases de implantación de Fides abordarase a configuración dos procesos de carreira profesional.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **1.3.2.b Acreditación dixital do empregado público**

**Descrición:** Acreditación dixital dos empregados públicos. Dotación inicial e renovación continuada dos certificados e tarxetas criptográficas de empregado público. Desenvolvemento dos sistemas para a xestión destes procesos.

Esta iniciativa inclúe o persoal da administración pública autonómica e o vinculado á administración de Xustiza en Galicia. Inclúe ademais a colaboración coa Consellería de Educación para o establecemento dos procesos de acreditación do persoal docente.

- Actividades 2020**
- Revisión e mellora continua dos procedementos de acreditación. **Elaboración do modelo integral de acreditación dixital** do empregado público, incluíndo todos os ámbitos (xunta, xustiza, educación, ...), e considerando un modelo xeográfico distribuído de acreditación.
  - Extensión da acreditación dixital en centros periféricos (centros de formación ocupacional, marítimo-pesqueiro, centros de investigación,...)
  - Mantemento e renovación continuada da acreditación dixital do persoal empregado público acreditado.
  - Posta en marcha dos procedementos de emisión e xestión dos certificados deseudónimo para os colectivos nos que aplique a súa utilización.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **1.3.2.c Intranet corporativa.**

**Descrición:** A intranet corporativa é o espazo de referencia para a difusión e compartición de información. Deberá evolucionar en 2019 para converterse en marco para nos grupos de traballo, e como o acompañamento necesario para a posta en marcha de novos proxectos e iniciativas na administración dixital.

- Actividades 2020:**
- Evolución tecnolóxica continuada da intranet corporativa como canle de comunicación e colaboración entre os empregados públicos.
  - Coordinación e dinamización de contidos da intranet corporativa.
  - Dinamización dos contidos de seccións específicas como as canles de administración electrónica ou de atención ás persoas usuarias.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*



<b>Actividade:</b>	<b>1.3.2.d Análise de actividade e cargas administrativas</b>
<b>Descrición:</b>	O Sistema de Análise de Cargas de Traballo xurde da necesidade que teñen as Administracións Públicas , e en concreto, o sector publico autonómico de Galicia, de realizar unha planificación dos seus recursos humanos, co obxecto de conseguir un adecuado dimensionamento dos seus cadros de persoal, co fin de ser efectivos na prestación dos servizos e eficientes na utilización dos recursos dispoñibles.
<b>Actividades 2020</b>	→ Deseño de detalle funcional e de arquitectura do sistema e plan de traballo.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.3.3. Desenvolver o sistema dixital integral para a xestión dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación,...)</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sistema dixital integral para a xestión dos procesos de selección e provisión (concursos, oposicións, listas de contratación,...) debe axiliar e simplificar os procesos de tramitación, tanto cara aos aspirantes ou participantes nos procesos, como cara aos xestores de persoal.</p> <p>A través do portal do empregado público deberán habilitarse os procesos de consulta e solicitude de actualización dos datos do expediente, simplificando o proceso de actualización dos méritos.</p> <p>Ademais deberá definirse o modelo de baremación que poda ser utilizado nos diferentes procesos que o requiran, cunha configuración adaptada a cada un.</p> <p>O sistema deberá permitir unha xestión áxil dos procesos de selección e provisión, acortando os tempos de tramitación e contar coas medidas de trazabilidade e control que garantan a eficacia e transparencia do proceso</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Desenvolvemento e implantación do novo sistema de citacións electrónicas para os chamamentos de listas de contratación, de acordo coas previsión contempladas no Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.</p> <p>→ Execución das primeiras fases da implantación do proxecto FIDES, que incluírá a adaptación do sistema para permitir a xestión dos procesos de selección e provisión de persoal.</p> <p>→ Apoio continuo aos procesos de selección e provisión realizados durante o ano.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
1.3.1. Acadar o expediente dixital único do empregado público	<ul style="list-style-type: none"><li>• Adxudicación e posta en marcha do sistema FIDES</li></ul>	En execución
1.3.2. Desenvolver o portal do empregado público para a xestión completa da relación coa administración.	<ul style="list-style-type: none"><li>• % de solicitudes electrónicas de permisos, licenzas e vacacións sobre o total</li></ul>	90%
1.3.3. Desenvolver o sistema dixital integral para a xestión dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación,...)	<ul style="list-style-type: none"><li>• Posta en marcha do novo sistema de citacións (decreto 60/2019)</li></ul>	Dispoñible

## Obxectivo 1: Impulsar a cohesión dixital da Administración

### 1.6 Medidas para acadar unha infraestrutura de información xeográfica corporativa.

O desenvolvemento da información xeográfica e básico para a evolución dos sistemas dixitais que permitan a xestión intelixente do territorio. A Xunta de Galicia estrutura a información xeográfica en base a un sistema corporativo de información cartográfica, desenvolvemento de servizos XIS que permita ordear a produción cartográfica e o seu consumo.

A infraestrutura de información xeográfica debe adaptarse continuamente aos estándares, normativa e necesidades tecnolóxicas que permitan a súa operación e utilización.

Esta infraestrutura permite avanzar na posta a disposición de unha información xeográfica do territorio que se poida utilizar como información básica para a planificación no territorio dos servizos públicos, o desenvolvemento de servizos dixitais e aproveitamento de información xeorreferenciada entre os diferentes organismos da administración pública, así como a súa posta a disposición a outras administracións e a cidadanía.

Este programa operativo debe estar aliñado cos obxectivos do Instituto de Estudos do Territorio.

#### Obxectivos

- Adecuar de xeito continuado a infraestrutura do sistema de información xeográfico corporativa
- Desenvolver sistema para a produción, xestión e difusión de información cartográfica.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.6.1. Adecuar de xeito continuado a infraestrutura do sistema de información xeográfico corporativa</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A información xeográfica móstrase cada vez máis relevante en todos os procesos de planificación e xestión da Administración pública. Este programa está orientado a dar o soporte tecnolóxico ao proceso de coordinación da información xeográfica da Xunta de Galicia durante todo o seu ciclo de vida, dende a produción ata a promoción e reutilización da información por parte doutros sectores.</p> <p>O tratamento de información xeográfica, polas súas características propias, require dunha infraestrutura configurada e adaptada especialmente que permita manexar o volume de datos e a tipoloxía de información. Por isto é preciso realizar un esforzo constante de axuste e evolución da plataforma para dar resposta ás necesidades concretas e diferenciadas neste ámbito.</p> <p>A infraestrutura de información xeográfica debe adaptarse continuamente aos estándares, normativa e necesidades tecnolóxicas que permitan a súa operación e utilización.</p>

<b>Actividades 2020:</b>	→ Mantemento e evolución continuada da infraestrutura tecnolóxica e de información da plataforma de información xeográfica.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.6.2. Desenvolver sistema para a produción, xestión e difusión de información cartográfica.</b>
<b>Descrición:</b>	A información xeográfica do sistema corporativo da Xunta de Galicia, serve de base para o desenvolvemento de novos sistemas vinculados a xestión do territorio así como para a posta a disposición da base cartográfica dispoñible.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Inicio do desenvolvemento do Rexistro de Cartografía de Galicia, regulado no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia. Para a execución deste proxecto adxudicárase un contrato que ten como obxecto o desenvolvemento e a implantación do dito rexistro.</p> <p>→ Mantemento e evolución de difusión de cartografía e servizos mapas.xunta.es.</p> <p>→ Desenvolvemento de servizos e visores para o apoio de diversos servizos dixitais.</p> <p>→ Migración da ferramenta de catalogación de datos xeográficos e mantemento de metadatos.</p>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<p>1.6.1. Adecuar de xeito continuado a infraestrutura do sistema de información xeográfica corporativa.</p> <p>1.6.2. Desenvolver sistema para a produción, xestión e difusión de información cartográfica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistro de cartografía de Galicia</li> </ul>	<p>En desenvolvemento</p>

## Obxectivo 1: Impulsar a cohesión dixital da Administración

### 1.7 Medidas para o impulso á análise intelixente do dato

Este programa recolle actuacións incluídas no Plan de Administración e Goberno dixitais. Horizonte 202. Centrase na consideración do dato e da información como activo relevante para esta administración. En dúas perspectivas: dende a configuración do inventario de información administrativa que debe articular o modelo de información da Xunta de Galicia; e dende a perspectiva da aplicación de técnicas avanzadas para o análise do dato como fonte de información para a avaliación da relación coa cidadanía ou seguimento da aplicación das políticas públicas.

#### Obxectivos

- Crear o inventario de información administrativa como elemento vertebrador do modelo de información.
- Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital
- Sistema de análise intelixente da relación da cidadanía coa administración pública galega.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.1. Crear o inventario de información administrativa como elemento vertebrador do modelo de información.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O Esquema Nacional de Interoperabilidade establece os principios e directrices de interoperabilidade no intercambio e conservación da información electrónica por parte de Administracións Públicas. Os sistemas de información que dan soporte á administración electrónica deben ser coherentes cos criterios semánticos, organizativos e técnicos establecidos.</p> <p>O Inventario de Información Administrativa (en diante IIA) ten como principal función a de actuar como un catálogo da información administrativa corporativa e transversal da Xunta de Galicia, que permita vertebrar a información xestionada nos diferentes sistemas de información. Isto permitirá proporcionando obter información íntegra, clara, homoxénea, accesible e permanentemente actualizada de aplicación nas relacións entre as Administracións públicas e entre estas e os cidadáns, conformando un repositorio único de información que garanta a homoxeneidade e interoperabilidade de todos os datos introducidos, así como a automatización de procesos.</p> <p>O Inventario de Información Administrativa facilita o mantemento distribuído e corresponsable da información sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Procedementos, Tramitacións administrativas, e documentos que forman parte da Guía de procedementos e servizos.</li><li>• Series documentais. Conxunto de expedientes ou agrupacións de documentos que se derivan dunha mesma función, actividade ou proceso organizativo (ver</li></ul>

Arquivo Dixital de Galicia)

- Unidades administrativas (Directorio oficial)
- Outros catálogos corporativos. Todas as listas, agora existentes ou de futura creación, que con carácter transversal sirvan para a ordenación ou clasificación da información da Administración autonómica. Actualmente inclúen, entre outros:
  - O cadro de clasificación funcional.
  - O catálogo de tipos documentais.
  - As taxonomías corporativas usadas para a clasificación da información.

As distintas ferramentas de tramitación electrónica debe integrarse co inventario para utilizar un conxunto común de información que se actualice automaticamente e garanta a interoperabilidade e interconexión entre sistemas.

Así mesmo, a información do inventario require dunha actualización continua, especialmente no relativo aos procedementos, ós servizos e á estrutura orgánica, para ser un reflexo fiel da realidade de cada momento.

- Actividades 2020:**
- Actualización continuada da información dos catálogos recollidos no IIA: Catálogo de procedementos, estruturas organizativas, series e tipos documentais.
  - Evolución continuada da capa de servizos de posta a disposición e integración con outros sistemas de información. Integración co IIA da plataforma ARQUA
  - Adaptación do inventario ao novo cadro de clasificación documental presentado no Consello de avaliación documental de Galicia do ano 2019.
  - Utilidades de fomento da difusión da información do inventario a todas as unidades administrativas facilitando a busca de información en función de distintos criterios que sexan de utilidade, como a localización dos procedementos por unidades responsables ou unidades de xestión.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 1.7.2. Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital – Infraestrutura para a xestión analítica corporativa

**Descrición:** A administración pública dispón de información distribuída por gran cantidade de sistemas de información, que poden aportar un coñecemento amplo do seu funcionamento e da prestación dos servizos públicos.

A posta en marcha dunha plataforma corporativa de sistemas de análise avanzado baseado nos criterios de Business Intelligence permitirá avanzar, primeiro na construción de sistemas de análise temáticos, e despois mediante a utilización de dimensións corporativas, a consecución de información analítica de carácter transversal a toda a administración pública.

**Actividades 2020:** → Desenvolvemento de xeito continuado da plataforma de sistemas de información analítica corporativa: plataforma tecnolóxica e procedementos de incorporación de novos universos de información analítica, que complemente os xa dispoñibles (administración electrónica, asistencia xurídica gratuita,

	<p>implantación administración electrónica xudicial, transporte, servizos sociais, prestación de servizos TIC).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Mantemento do dicionario de indicadores e dimensións.</li> <li>→ Aliñamento procedimental dos sistemas temáticos integrados na plataforma corporativa de sistema de análise.</li> <li>→ Mantemento e evolución do portal de difusión dos cadros de mando temáticos: <a href="https://platbi.xunta.local">https://platbi.xunta.local</a>.</li> <li>→ Deseño da evolución da plataforma corporativa cara a configuración do almacén de información corporativa da Xunta de Galicia.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.3.Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital – Sistema de indicadores de administración dixital.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sistema de indicadores de administración dixital ten como finalidade a identificación do conxunto de indicadores e dimensións que permitan dispor de información global do funcionamento da administración pública galega.</p> <p>A súa construción parte da información recollida nos sistemas troncais de administración electrónica e será completada progresivamente en diversos ámbitos específicos de análise.</p> <p>O sistema de indicadores de administración dixital se pon a disposición da organización mediante a publicación trimestral do “Informe de sistema de indicadores da administración dixital”, a través do portal de cadro de indicadores, tanto aos empregados públicos como a cidadanía.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada do sistema de análise de administración electrónica (sistemas troncais de administración electrónica). Incorporación de novos indicadores vinculados a: mapa de interoperabilidade, análise de tipoloxía de procedementos tramitados, e outros.</li> <li>→ Emisión trimestral do informe de Sistema de Indicadores de administración dixital.</li> <li>→ Aliñamento coa nova enquisa de administración electrónica promovida polo Comité Sectorial de Administración Electrónica.</li> <li>→ Publicación na intranet corporativa do cadro de indicadores de administración dixital.</li> <li>→ Deseño da publicación na internet do cadro de indicadores de administración dixital</li> <li>→ Incorporación de 10 novos tipos de indicadores: nivel de dixitalización de procedementos, tempos de tramitación nos sistemas troncais básicos, dixitalización de expedientes e movementos internos dixitais.</li> <li>→ Formalización do sistema de indicadores de administración dixital, e vinculación ás enquisas do IGE.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>1.7.2. Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de novos indicadores de análise incluídos no sistema de indicadores da administración dixital (publicados no informe trimestral)</li><li>Publicación en internet do sistema de indicadores de administración dixital</li></ul>	<b>10</b>  <b>Publicado</b>





**OBJETIVO 2.**  
**PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DA ADMINISTRACIÓN**



## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.1 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria

Este programa persegue o desenvolvemento pleno da relación tecnolóxica coa administración pública galega do sector de desenvolvemento das empresas, industrias, comercios galegos. Desde dúas perspectivas a simplificación da relación coa administración, impulsando a carpeta empresarial a aportación única de información o concepto de rexistro único empresarial. E tamén abordando ámbitos especializados.

Queda incluído neste programa o desenvolvemento de servizos ao consumidor.

#### Obxectivos

- Posta en marcha da tramitación dixital das reclamacións do consumidor
- Dixitalizar os procesos e procedementos vinculados á relación co consumidor
- Acadar un rexistro único empresarial e simplificación da relación co sector empresarial, comercial e industrial.
- Dixitalizar os procesos e procedementos vinculados ao eido especializado da mineiría
- Impulsar o uso dos medios dixitais no sector do comercio, empresa e industria.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.1.1 Posta en marcha da tramitación dixital das reclamacións do consumidor // 2.1.2. Dixitalizar os procesos e procedementos vinculados á relación co consumidor</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do eido de Consumo ou xestionados dende o Instituto Galego de Consumo e Competencia. En concreto, na actualidade inclúense neste eido: Portal do IGCC: consumo.xunta.gal; espazo de teleformación (integrado na plataforma corporativa de teleformación); mantemento do actual sistema de xestión.</p> <p>Dentro do proceso de tramitación dixital das reclamacións do consumidor poránse en marcha progresivamente o desenvolvemento de diversos procesos do eido do Instituto Galego de Consumo e Competencia.</p> <p>En 2019 integrouse no ámbito da prestación de servizo da Amtega o ámbito de</p>

competencia.

- Actividades 2020:**
- Evolución e incorporación de novas funcionalidades no sistema de xestión de proceso de mediación e arbitraje (sistema MARCO).
    - Integración coa sede electrónica da Xunta de Galicia (presentación electrónica) das adhesións a arbitraje.
    - Integración coa sede electrónica da Xunta de Galicia (presentación electrónica) da presentación de reclamacións.
  - Inicio da evolución progresiva do sistema MARCO para a incorporación das utilidades e funcións de xestión e do IGCC que permitan, de xeito progresivo, a eliminación de ferramentas ofimáticas internas de xestión así como a substitución progresiva do sistema actual.
    - Análise e desenvolvemento da área de inspección.
    - Análise e desenvolvemento das funcionalidades necesarias para a posta en marcha nas OMICs.
  - No ámbito do Comisión Galega da Competencia, ademais dos procesos de integración dos medios TIC en posto de traballo, prevése a:
    - Renovación por portal da Comisión Galega da Competencia.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 2.1.3. Acadar un rexistro único empresarial e simplificación da relación co sector empresarial, comercial e industrial.

**Descrición:** O sector empresarial, comercial e industrial mantén unha relación continua e estreita coa Administración xa sexa para o cumprimento das obrigacións propias da súa actividade ou para participar das actuacións promovidas pola Administración pública.

Na búsqueda da simplificación das interaccións entre a Administración e as empresas, e do aumento da calidade da información que a Administración precisa para a mellora das políticas públicas, considérase necesario o avance no rexistro empresarial único. Este rexistro permite simplificar os diferentes trámites que deben realizar as empresas cando han de inscribirse en distintos rexistros públicos, e achegar a información necesaria para dispoñer da “Carpeta da empresa” na sede electrónica da Xunta de Galicia, permitindo aos interesados acceder a trámites e información sobre a situación dos seus expedientes.

O Rexistro Único Empresarial determina un modelo de información que permite coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública, evitando a dispersión e redundancia de información e simplificando os procesos e trámites nas relacións do sector coa Xunta de Galicia.

Nos últimos anos púxose en marcha un Sistema de información para a xestión integral de rexistros que incorpora distintos rexistros asociados aos ámbitos de

competencia da Xunta de Galicia: Rexistro Industrial, Rexistro de industrias Forestais, Rexistro de industrias agrarias, Rexistro Galego de Comercio e Rexistro de artesanía.

O sistema actual debe continuar evolucionando para:

- a. incorporar a información de novos ámbitos de competencia e novos tipos de entidades
- b. permitir a tramitación de un maior número de procedementos
- c. desenvolver novas funcionalidades ligadas á mellorar a tramitación administrativa electrónica e as relacións electrónicas co sector

facilitar a obtención de información de utilidade para mellorar a execución das políticas públicas.

- Actividades 2020:**
- Incorporación de novos ámbitos de tramitación, como a Enerxía. En particular implantaranse os procedementos necesarios para a aplicación efectiva no ámbito autonómico da normativa de autoconsumo de enerxía eléctrica. (O Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, establece no seu capítulo VII o rexistro administrativo de autoconsumo de enerxía eléctrica previsto no artigo 9.4 da Lei 24/2013, de 26 de decembro.) Realizarase ademais a análise do rexistro de produtores e dos procedementos relacionados coa xestión de enerxía eólica.
  - Incorporación de utilidades específicas para a integración da información xeográfica na xestión de entidades: instalacións, establecementos, ...
  - Desenvolvemento de novas funcionalidades no Rexistro de actividades empresariais, industriais e comerciais da Xunta de Galicia: Cadro de mando de tramitación para o control da actividade e evolución das entidades rexistradas.
  - Participación e apoio nas labores de difusión e divulgación do sistema para os colectivos de empresas e profesionais aos que se dirixe e para os usuarios das unidades responsables da tramitación dos procedementos

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 2.1.4 Dixitalizar os procesos e procedementos vinculados ao eido especializado da mineiría

**Descrición:** A dixitalización da xestión administrativa no ámbito da minaría require dunha análise específica que achegue solucións axeitadas a este ámbito concreto e ao mesmo tempo integre os procedementos no marco das ferramentas de tramitación electrónica integral corporativas.

- Actividades 2020:**
- Integración na sede electrónica dos procedementos de comunicación do plan de labores, dos documentos de seguridade e saúde e as notificacións de accidentes de traballo para a súa tramitación electrónica.
  - Integración no rexistro único empresarial do Rexistro Mineiro de Galicia e do

Rexistro de Solicitudes de Dereitos Mineiros creados na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>2.1. Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Desenvolvemento do módulo relativo ao funcionamento das OMICs</li></ul>	<b>Finalizado</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Implantación de 2 procedementos relacionados co rexistro de autoconsumo de enerxía eléctrica</li></ul>	<b>Finalizado</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Análise para a integración da xestión electrónica dos carnets profesionais do ámbito da administración industrial.</li></ul>	<b>Finalizado</b>

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.2 Medidas para a xestión dixital do Emprego

Este programa persegue o aproveitamento das posibilidades das TIC para a mellora da xestión e a eficacia das políticas de emprego, a través da modernización dos sistemas de información relacionadas coa xestión do emprego, tanto da intermediación, como da orientación, da formación ou das políticas de emprego. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Desenvolver modelos de avaliación do emprego en Galicia e axuda á toma de decisións
- Evolucionar e establecer novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación
- Establecer novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da formación
- Evolucionar os sistemas de información de xestión da orientación laboral
- Evolucionar os sistemas de información de xestión da promoción do emprego e ás relacións laborais
- Incorporar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do ISSGA
- Modernizar a dotación das oficinas de emprego
- Modernizar a dotación dos centros formativos do ámbito do emprego

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.1. Desenvolver modelos de avaliación do emprego en Galicia e axuda á toma de decisións</b>
<b>Descrición:</b>	Ferramenta de axuda a obtención de información de xestión
<b>Actividades 2020:</b>	Desenvolvemento de novos cadros de mando
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais / Area de Modernización</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.2. Evolucionar e establecer novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación</b>
<b>Descrición:</b>	O sistema de intermediación laboral é a peza central na área das políticas de fomento do emprego e da contratación de Galicia, e na relación co Servicio Publico de Empleo Estatal (SEPE). O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación, así como a explotación e obtención dos datos mensuais sobre a evolución da contratación e do desemprego en Galicia son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Cumprimento de todos os acordos SISPE. Melloras do rendemento do sistema. Mellora da comunicación con cidadán.</li> <li>→ Evolución para adecuarse as novas políticas de emprego da Comunidade Autónoma.</li> <li>→ Evolución da parte pública da oficina virtual</li> <li>→ Posta en marcha da comunidade de empregadores (preoferta)</li> <li>→ Posta en marcha da comunidade de baixa</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.3 Establecer as novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da formación</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego, que inclúe a xestión das convocatorias, a xestión do alumnado, a xestión económica e a integración coa área de demandantes e o SEPE.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución das aplicacións de formación existentes (sifo3, cntxes, dcf, forman, respe, cobipe)</li> <li>→ Posta en marcha dun portal do alumnado de formación onde dispoña do seu CV formativo.</li> <li>→ Chegar ao entorno de produción do SISPE en DCF.</li> <li>→ Implantación de COBIPE no 100% das ensinanzas de formación para o</li> </ul>

emprego

- Posta en marcha dun módulo de xestión simplificada da formación parametrizable que permita a incorporación áxil de calquera nova liña de axuda á formación en SIFO3

**Area responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:** 2.2.4. Evolucionar os sistemas de información de xestión da orientación laboral

**Descrición:** O sistema de orientación laboral é peza clave na relación entre o orientador laboral e o demandante de emprego. O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.

**Actividades 2020:** → Evolución do sistema de información actual.

**Area responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:** 2.2.5. Evolucionar os sistemas de información de xestión da promoción do emprego e ás relacións laborais

**Descrición:** Desenvolvemento do sistema de información de xestión de esa área, que entre outros contempla o Rexistro Galego de Cooperativas, de Sociedades Laborais e de Centros Especiais de Emprego, apertura de centros de traballo, sistema axudas ao cooperativismo

**Actividades 2020:** → Mantemento das aplicacións actuais  
→ Poñer en uso a nova aplicación TRADES de traballadores transfronteirizos

**Area responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:** 2.2.6. Incorporar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do ISSGA

**Descrición:** Mantemento dos aplicativos do ISSGA desenvolvidos.  
Sistema de xestión de partes sen baixa



	Sistema de xestión de partes de enfermidades profesionais. Sistema de información de datos de investigación de accidentes.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Seguimento e mantemento do sistema na contorna de produción
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.7. Modernizar a dotación das oficinas de emprego</b>
<b>Descrición:</b>	Sistemas de espera e puntos de información
<b>Actividades 2020:</b>	→ Remate da instalación do sistema de Ferrol Esteiro en canto rematen as obras. → Arraque do sistema de cita previa e de cartelería dixital → Despregue do novo equipamento de puntos de información.
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais / Area de Modernización</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.8. Modernizar a dotación hardware de los servidores del CPDi</b>
<b>Descrición:</b>	Posta en marcha e migración de todos os servidores actuais no CPDi aos novos equipos adquiridos en virtude do acordo de colaboración.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Cambio de todos os entornos aos novos servidores hiperconverxentes adquiridos para emprego
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais / Area de Modernización</b>

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
2.2 Medidas para a xestión dixital do Emprego	• Porcentaxe de renovacións de demanda / solicitudes de cursos realizados de xeito telemático	25,00%
	• Número de sistemas en mantemento no ámbito	136
	• Posta en funcionamento do sistema de cita previa nos sistemas de espera	En uso
	• Migración dos servizos aos novos servidores de emprego	Migrados

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.3 Medidas para a xestión dixital da vivenda

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionadas coa xestión das políticas de vivenda de Galicia. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Desenvolver novas funcionalidades e adaptar os sistemas de información de xestión da vivenda
- Desenvolver novas solucións de análise e axuda á toma de decisións no eido da vivenda
- Desenvolver unha plataforma de xestión integral dos bens titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Favorecer a interoperabilidade cos sistemas de información doutros organismos.

#### Actividades:

Actividade:	2.3.1 Desenvolver novas funcionalidades e adaptar os sistemas de información de xestión da vivenda
<b>Descrición:</b>	Esta actividade ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para posibilitar a mellora na tramitación electrónica e transparencia dos procedementos administrativos do Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS.
<b>Actividades 2020:</b>	<i>Mantemento evolutivo das aplicacións, sobre todo das orientadas á cidadanía:</i> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade da Edificación de Galicia (RELAGA): incorporación de melloras funcionais.</li><li>→ Rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios (HERIAE e REGIAE): adaptación ao novo Decreto regulador, que está en elaboración e se prevé publicar ao longo do 2020.</li><li>→ Implantación do Rexistro de Promotores de Vivenda de Galicia (RPROVI), unha vez se publique a norma (Decreto) que lle dá soporte normativo.</li><li>→ Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia: implantación no 2020 do novo aplicativo que está en desenvolvemento como parte da nova plataforma integral de Vivenda e Solo.</li><li>→ Préstamos de rehabilitación (PREVI): adaptación á convocatoria 2020 e e</li></ul>

configuración e integración con entidades bancarias adicionais que se adhiren ao convenio. Integración con Xumco.

- Fondo de conservación con concellos (IGVSFC): adaptación á convocatoria 2020, incorporación de melloras funcionais e técnicas, e integración con Xumco Contabilizador.
- Xestión de vivendas do SAREB e entidades financeiras (XEVSEF): adaptación aos novos convenios con SAREB que están en elaboración.
- Xestión das axudas alugueiro e do bono alugueiro: adaptación á convocatoria 2020 e renovación tecnolóxica.
- Xestión das axudas de alugueiro do Plan Estatal de Vivenda: actualización normativa e incorporación dunha páxina pública en internet para os beneficiarios da axuda, con autenticación, para a consulta e impresión de recibos de alugamento.
- Fianzas (PROFIA): desenvolvemento e implantación de novas funcionalidades. Incorporación de funcionalidades de simulación de xuros. Continuar coa integración cos sistemas de administración electrónica como Portasinaturas. Análise e desenvolvemento dun sistema de cita previa para o servizo de fianzas.
- Censo de vivendas baleiras (CEVIB): adaptación á convocatoria 2020.
- E outras como: rehabilitación edificatoria, rehabilitación de antigas vivendas de mestres, infravivenda rural, áreas dos camiños de Santiago, nas que se incorporarán melloras funcionais e se adaptarán á convocatoria 2020.
- Nova aplicación web de tramitación xenérica para as distintas liñas de subvención do IGVS (IGXSTS): adaptación á convocatoria 2020, incorporación de melloras funcionais e técnicas, e incorporación de máis procedementos e liñas de axuda.
- Portal de premios de arquitectura: incorporación de facilidades e melloras para a maior automatización das sesións de valoración de candidaturas, e posibilitar o acceso aos contidos orixinais e xeración de dossier por parte dos xestores

Novos desenvolvementos:

- Censo de solo empresarial (IGVCSE): Aplicación para a xestión do censo de solo empresarial de Galicia, con módulo xeográfico e integración cos servizos de administración electrónica da Xunta de Galicia. O desenvolvemento está practicamente rematado e implantarase unha vez se publique o Decreto regulador, previsto para o 2020.
- Plataforma informática de rehabilitación (IGVPIR): Aplicación para a xestión das áreas de rehabilitación integradas e as áreas REXURBE, con módulo xeográfico e integración cos servizos de administración electrónica da Xunta de Galicia. Completarase o desenvolvemento e procederase á súa implantación.
- Núcleos rurais en estado de abandono (IGVNRA): Aplicación para o rexistro de núcleos rurais en estado de abandono por parte dos concellos. O desenvolvemento está practicamente rematado e procederase á súa implantación ao longo do 2020, tanto da parte interna como da parte pública na web.
- Censo de inmoables declarados en estado de abandono (IGVCIA): Aplicación para a xestión do censo de inmoables en estado de abandono en Áreas de rehabilitación e en Áreas Rexurbe. O desenvolvemento está practicamente rematado e procederase á súa implantación ao longo do 2020.

	→ Publicación do novo portal corporativo do IGVS (igvs.xunta.gal), con nova imaxe gráfica e renovación tecnolóxica
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.3.2 Desenvolver unha plataforma de xestión integral dos bens titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo</b>
<b>Descrición:</b>	Realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para mellorar a xestión do patrimonio do IGVS e dos dereitos o obrigas que derivan desta xestión.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Continuación co desenvolvemento e implantación da Plataforma Electrónica Integral de Vivenda e Solo (expte.: AMT-2019-0010). Trátase dun ambicioso proxecto a dous anos, que empezou xa no 2019, e que inclúe os módulos de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Xestión de solo empresarial</li> <li>→ Xestión de solo residencial</li> <li>→ Xestión da construción</li> <li>→ Xestión patrimonial</li> <li>→ Xestión de taxas e tributos da administración local</li> <li>→ Xestión do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia (RUD).</li> <li>→ E, a creación dun inventario centralizado e actualizado dos bens mobles e inmobles do IGVS.</li> </ul> <p>Para a anualidade 2020 están previstos os seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Rexistro único de demandantes: completar o desenvolvemento e implantar, tanto a parte interna como o portal público, substituíndo desta maneira os aplicativos actuais REDEVI e RUDEVI.</li> <li>→ Xestión de solo empresarial: análise, desenvolvemento e implantación das funcionalidades básicas.</li> <li>→ Xestión de construcións: completar o desenvolvemento e implantar, substituíndo ao actual aplicativo FACTUR.</li> <li>→ Xestión patrimonial: análise, desenvolvemento e implantación das funcionalidades básicas.</li> <li>→ Avanzar na análise e desenvolvemento do resto de módulos e ofrecer soporte e mantemento dos módulos que xa se van poñendo en produción.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.3.3 Favorecer a interoperabilidade cos sistemas de información doutros organismos</b>
<b>Descrición:</b>	Ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información cara a acadar a máxima eficacia nos procesos xerais da organización a través de integración entre destes cos servizos de interoperabilidade dispostos por outras administracións e empresas como: concellos, Ministerio de Fomento, AEAT, entidades bancarias colaboradoras, etc.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Desenvolvemento que permita a integración das diversas aplicación do IGVS que o precisen coa plataforma PasaXe!</li> <li>→ Desenvolvemento e evolución de integracións co CIXTEC <ul style="list-style-type: none"> <li>• XUMCO</li> </ul> </li> <li>→ Desenvolvemento e evolución da integración coa Axencia Tributaria <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de declaración inmediata do IVE – SII</li> </ul> </li> <li>→ Desenvolvemento da integración co Ministerio de Fomento <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de reporte de datos para a BDNS (Base de datos nacional de subvencións)</li> </ul> </li> <li>→ Desenvolvemento e evolución da integración cos sistemas de información dos concellos que o permitan: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Importación e exportación de recibos do IBI e taxas municipais</li> </ul> </li> <li>→ Evolución da integración coa SAREB <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión do parque de vivendas postas a disposición do IGVS pola SAREB e entidades financeiras a través de convenios de colaboración.</li> </ul> </li> <li>→ Desenvolvemento e evolución da integración con outras entidades privadas <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entidades bancarias. Mantemento e mellora de interfaces adaptadas ás necesidades do intercambio de información financeira derivada da xestión de subvencións e fianzas.</li> <li>• Xestores de seguros. Realizaranse interfaces adaptadas ás necesidades do intercambio de información económica debida á tramitación das pólizas de seguros das vivendas titularidade de IGVS.</li> </ul> </li> <li>→ Implantación no IGVS da aplicación AIRES, de rexistro electrónico da Xunta de Galicia, que aportará ao IGVS a interoperabilidade co Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR)</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
2.3 Medidas para a xestión dixital da vivenda	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento dunha aplicación para a xestión do censo de solo empresarial</li> </ul>	Desenvolto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento da Plataforma informática de Rehabilitación</li> </ul>	Desenvolto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento dunha aplicación para a xestión dos Núcleos rurais en estado de abandono</li> </ul>	Desenvolto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento do Censo de inmobles declarados en estado de abandono</li> </ul>	Desenvolto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de sistemas de información en mantemento</li> </ul>	53
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento da Plataforma electrónica integral de Vivenda e Solo</li> </ul>	En desenvolvemento
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de organismos cos que interoperan os sistemas de información do IGVS</li> </ul>	6

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.4 Medidas para a xestión dixital dos Servizos Sociais

A finalidade deste programa é a modernización da prestación de servizos sociais a través da transformación dos procesos e da carteira de servizos, facendo para elo uso das ferramentas TIC. Dito programa incide na mellora das ferramentas de traballo e dos sistemas de información que soportan tanto os procesos de xestión como os de toma de decisións, e no aumento do nivel de integración e compartición da información entre os distintos niveis unidades asistenciais e de xestión involucrados na prestación de servizos sociais.

#### Obxectivos

- Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade
- Desenvolver novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión
- Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores
- Evolucionar os sistemas de información de xestión do financiamento dos servizos sociais comunitarios

#### Actividades:

Actividade:	2.4.1. Mantemento e evolución de sistemas de información
<b>Descrición:</b>	antemento de sistemas de información empregados en unidades da SXT, destacando a aplicación que soporta as tramitacións asociadas ao Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais (RUEPSS) e as empregadas para a xestión e control de compras centralizadas (SUBCEN)
<b>Actividades 2020:</b>	<u>RUEPSS</u> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Completar integración con Sede Electrónica</li><li>→ Completar migración do xestor documental empregado pola Inspección de servizos sociais</li><li>→ Integracións con Portasinasaturas e Notifica</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>



<b>Actividade:</b>	<b>2.4.2. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento e evolución dos sistemas de información empregados nas áreas de dependencia e discapacidade, destacando o sistema de información que soporta a tramitación asociada ao procedemento de dependencia (SIGAD), e a aplicación de tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de discapacidade (CENDIS).
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas:</p> <p><u>SIGAD</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Desenvolvemento pendentes na módulo de xestión de nóminas de prestacións económicas e libranzas</li> <li>→ Desenvolvementos pendentes no módulo de xestión de nóminas de centros con prazas concertadas</li> <li>→ Extensión da implantación do módulo de conexión co sistema de rexistro de entrada (REXEL)</li> <li>→ Redeseño do sistema de compatibilidades que simplifique a xestión das opcións do PIA</li> <li>→ Adaptación dos criterios do PAR para contemplar a continuidade socio-educativa</li> <li>→ Ampliación da integración con Sede electrónica (actualización da Carpeta do cidadán)</li> <li>→ Integración con Notifica</li> <li>→ Integración con Nexea (externalización da impresión e envío de correo)</li> <li>→ Soporte ao plan especial de atención a través do bono de cuidados no fogar e do bono de atención residencial</li> <li>→ Implantación dunha nova aplicación de soporte á elaboración de rutas de valoración (RUTVAL)</li> <li>→ Adaptacións e soporte á implantación do acceso a IANUS</li> <li>→ Mantementos adaptativos necesarios para evitar obsolescencia tecnolóxica e riscos tecnolóxicos (migración de módulos PHP)</li> </ul> <p><u>Expediente Dixital Dependencia</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Seguimento e apoio na actividade de clasificación da captura distribuída</li> </ul> <p><u>CENDIS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Adaptacións requiridas para a tramitación dos informes de compatibilidades laborais</li> <li>→ Integración con Notifica</li> <li>→ Integración co rexistro electrónico de entrada (Rexel)</li> <li>→ Integración con HSUE (recepción do informe social ISU)</li> <li>→ Migración a codificación CIE-10</li> <li>→ Ampliación do autoservicio en Sede Electrónica de obtención do certificado de discapacidade (posibilidade de solicitude por representante)</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.3. Mantemento da plataforma tecnolóxica do servizo 065</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento da plataforma tecnolóxica do SGAMP (065)
<b>Actividades 2020:</b>	Continuarase coas liñas de servizo actuais, que inclúen o mantemento evolutivo, o soporte técnico e funcional a todos os axentes implicados na prestación do servizo (consellería, centro de control, empresas de transporte), con especial atención ao proceso de renovación dos contratos coas empresas transportistas operado en febreiro.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.4. Desenvolver novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento dos sistemas de información empregados nas áreas de prestacións e inclusión, destacando as aplicacións que soportan a tramitación e nómina dos procedementos de PNC e rendas mínimas (RISGA/AIS), e a aplicación que soporta a actividade dos equipos de inclusión da Estratexia galega de inclusión (PGIS).
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas, con especial atención ao soporte e evolución de RISGA:</p> <p><u>RISGA/AIS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Rexistro de persoas inhabilitadas para recibir axudas públicas</li> <li>→ Adaptacións da funcionalidade de traslado entre provincias</li> <li>→ Integración co Rexistro de entrada (REXEL)</li> <li>→ Integración con Notifica</li> <li>→ Integracións cos servizos de identidade e residencia de PASAXE</li> <li>→ Migración do ficheiro de envío de información RPSP a formatos Tarxeta social universal</li> </ul> <p><u>PNC</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Adaptación da aplicación ás novas instrucións de Seguridade social en materia de compensación de indebidos</li> <li>→ Integración con Sede electrónica</li> <li>→ Integración con Rexistro de entrada (REXEL)</li> <li>→ Integración con Notifica</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.5. Evolucionar os sistemas de información de xestión do financiamento dos servizos sociais comunitarios</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento do aplicación actual de tramitación do Plan Concertado
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Incorporación de mecanismo de carga autónoma por concellos de información de SAF Básica na fase de xustificación</li> <li>→ Melloras na xestión de direccións de correo do persoal de concellos</li> <li>→ Melloras na tramitación de expedientes (gardados intermedios; revisión e axuste dos procesos de compensacións)</li> <li>→ Revisión da estrutura de informes da aplicación</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.6. Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento dos sistemas de información empregados nas áreas de familia e menores, destacando as aplicacións que soportan as actuacións dos equipos de menores de protección e xustiza penal (MENOR), a xestión asistencial en centros de protección (XECEME), a xestión dos procesos de admisión e bono concilia da rede pública autonómica de escolas infantís (ESCINF), a xestión da Tarxeta Benvida, entre outras.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas:</p> <p><u>MENOR</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Ampliación do perfil de acceso de centros de reforma</li> <li>→ Integración con CENPOS no marco do desenvolvemento dun módulo específico para centros de protección menores</li> <li>→ Implementación de perfil específico para acceso dende Xustiza</li> <li>→ Melloras no expediente de protección e na xestión da ficha familia</li> </ul> <p><u>ESCINF</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte a formulario unificado para novo ingreso e renovación en escolas públicas</li> <li>→ Soporte a requisitos de confidencialidade de expedientes coa característica de violencia de xénero</li> <li>→ Incorporación da posibilidade de xestión de listados intermedios para centros</li> </ul>

- específicos
- Incorporación de asistente de creación e configuración de cursos
  - Ampliación da integración con PASAXE (consulta da situación de RISGA)
  - Melloras na integración con Sede electrónica (enlace dos trámites comúns coa xestión de expedientes)
  - Melloras na tramitación (reestruturación de funcionalidade de avisos, melloras na xestión de prioridades dentro dos grupos multinivel, entre outras).

#### TARXETA BENVIDA

- Soporte ao novo escenario no que a través de Tarxeta Benvida se absorbe a prestación de Fillo a cargo
- Análise de nova aplicación de tramitación que permita lanzamento de proxecto de substitución da actual solución sobre Access)

#### TÍTULOS DE FAMILIA NUMEROSA

- Análise de nova aplicación de tramitación que permita lanzamento de proxecto de substitución da actual TFN

#### LEXNET

- Posta en marcha dos buzóns do ámbito de PEF (Puntos de encontro familiar) (implica renovación de equipos informáticos)

#### WEB DO OBSERVATORIO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

- Construción e posta en marcha de web do observatorio (condicionado á implicación da Consellería)

#### PORTAL DE FAMILIAS GALEGAS

- Renovación do actual Portal de familias galegas (condicionado á implicación da Consellería)

**Área responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
2.4 Medidas para a xestión dixital dos Servizos Sociais	• Implantación da integración de SIGAD co Rexistro de Entrada	Implantado
	• Implantación da integración de CENDIS co Rexistro de Entrada	Implantado

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.5 Medidas para a xestión dixital da Educación

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionadas coa xestión académica e educativa dos centros educativos, o seu alumnado e profesorado. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión académica e dos centros e evolucionar a xestión da información nos centros.
- Desenvolver un novo S.I. para a xestión integrada da documentación de centros educativos
- Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do persoal educativo
- Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, ...
- Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario
- Dar soporte aos centros educativos no uso dos recursos tecnolóxicos
- Desenvolver solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito da educación

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.5.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión académica e dos centros e evolucionar a xestión da información nos centros.</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan apoio á xestión académica e á xestión propia dos centros educativos.
<b>Actividades 2020:</b>	As principais actuacións neste ámbito serán: <ul style="list-style-type: none"><li>→ Sistemas de Información de Xestión Académica das Ensinanzas (XADE)<ul style="list-style-type: none"><li>• Integración das ensinanzas artístico-superiores no sistema de xestión académico.</li><li>• Nova aplicación móbil para o persoal docente.</li><li>• Posta en marcha dun sistema de autoservizo para o cidadán de certificado de matrícula e outros certificados.</li><li>• Integración coa Sede electrónica a obtención de certificados de matrícula.</li></ul></li></ul>

- Optimización técnica de informes e procesos.
  - Melloras na escolarización combinada.
  - Integración co sistema DAFIS mediante servizos web
  - Integracións e melloras co servizo de formación profesional
- Transporte escolar
- Melloras no apartado de recollida de alumnado usuario de transporte escolar pertencente a un centro diferente do que está matriculado.
  - Integración de novas liñas de transporte integrado.
- Sistema de información de xestión do Almacén
- Servizos web para integración coa aplicación de inventario. Rexistro automático de equipamento enviado aos centros dende o almacén.
- Sistema de xestión do inventario (INVEDU)
- Servizos web para integración coa aplicación de almacén. Rexistro automático de equipamento enviado aos centros dende o almacén.
- Sistema de información de xestión do das unidades e postos de traballo dos centros (Uptcentros)
- Axustes nas regras de cálculo automatizado de unidades.
  - Comparativa con unidades en adale e persoal.
  - Adecuación aos distintos roles (Servizos centrais, Inspectores xefes, Inspectores)
  - Integración con centros educativos para a comunicación das accións rexistras no Rexistro de Centros Docentes non Universitarios.
- Sistema de información de xestión da dotación de equipamento e obras nos centros (Dotacioncentros)
- Petición de material dende centros. Completar funcionalidade implementando xestións que se fan dende que o centro realiza a petición.
  - Xestión de obras en centros.
  - Caracterización de artigos por parte de usuarios caracterizadores.
- Sistema de información de Inspección Educativa (XIE)
- Integración de actividades doutras aplicacións: completar a integración con todas as aplicacións nas que traballa a inspección.
  - Creación masiva de actividades dende Servizos Centrais para grupos de inspectores.
  - Xestión automática da creación do plan de inspección
- Sistema de información de protocolos de actuación en centros
- Novo sistema de información que permitirá apoiar o seguemento dos distintos

protocolos de actuación nos centros educativos. Permitirá o rexistro de datos e documentación asociados á activación dos protocolos.

- Sistema de información de xestión dos Títulos Educativos
  - Eliminación do papel nas xestións intermedias de tramitación de títulos non universitarios.
  - Melloras na xestión de usuarios.
  - Implementación de sistema de avisos dende centros a SSCC para evitar tramitacións erróneas.
  - Melloras na tramitación de SETs: creación de SETs en centros adscritos, engadir validacións en distintos puntos da tramitación.
  
- Homologación e validación de estudos estranxeiros (Hovaes)
  - Integración cos sistemas de administración electrónica como pagos de taxas do Cixtec, Portasinaturas, Arpad ou Notifica
  - Apertura do sistema Hovaes para cumplimentación de solicitudes de cara a cidadanía
  
- Sistema de información de xestión da recollida de datos estatísticos (DRD)
  - Adaptacións na recollida de datos aos formularios do MEC, reenxeñaría dos procesos de obtención de datos.
  
- Sistema de información de xestión das Programacións Escolares (ciclos):
  - Novo módulo de recursos do profesorado, complementario ao xa existente, con novos metadatos, que permita unha busca de recursos máis eficiente que a actual.
  
- Sistema de información de xestión das Programacións Escolares(primaria, ESO e bacharelato):
  - Deseño dos distintos informes que xerarán as programacións, sexa por departamento, curso ou materia.
  - Posta en marcha dunha opción de copia das programacións, de xeito que se poida copiar a do ano anterior.
  - Incorporación dunha opción de consulta para as familias.
  
- Sistema de información de xestión do Comedores Escolares
- Xestión curso 2020
- Escolas na nube:
  - Actualización tecnolóxica de Escolas na Nube, incluíndo melloras no entorno gráfico que permitan a súa correcta visualización en calquera dispositivo.
  
- Sistema de información de xestión da admisión a centros educativos (ADALE)
  - Melloras na xestión do proceso ordinario, integrando informes de análise do proceso para os distintos actores implicados, en función do seu rol.

- mellora do proceso de xestión na fase subsidiaria, con integración das Xefaturas Territoriais
  - Integración con Notific@ e Portasinaturas
- Sistema de información de xestión do rexistro de centros educativos (CENTROSEUCATIVOS)
- Cálculo de distancias e rutas a centros educativos
  - Ampliación da información amosada dos centros
  - Nova información do tipo de modalidade de asistencia no rexistro (presencial, semipresencial, a distancia,....)
  - Ampliación de criterios de busca na aplicación.
  - Nova pantalla de xeración de ficheiro de intercambio de información co Ministerio
  - Automatizar a integración co catálogo de centro
- Sistema de información de xestión das avaliacións individualizadas (Avalia)
- Xestión das probas de avaliación do sistema educativo 2020
  - Adaptación lectura óptica exames de premios con proba
- Sistema de información de xestión do fondos solidario de libros de texto (Fondolibros)
- traslado de solicitudes entre centros
  - soporte á renovación cuatrienal de libros
  - modificación da xestión de existencias de libros
  - AXUDASLIBROS: modificación dos peches/suspensións de librerías
- Sistema de información de xestión da admision a ciclos educativos (Ciclosadmision)
- acceso mediante Chave365/certificados dixitais
  - revisión de listados e publicacións por normativa de protección de datos
  - revisión das comunicacións automáticas por correo electrónico cós usuarios
- Sistema de información de xestión das probas de acceso a ciclos educativos (Ciclosprobas)**
- acceso mediante Chave365/certificados dixitais
  - revisión de listados e publicacións por normativa de protección de datos
- Sistema de xestión económica dos centros (Xecocentros)
- ampliación do número de xustificacións aceptado para cada centro
  - corrección de listados
- Sistema de xestión da enquisa de convivencia
- emisión de informes individuais de centro para a elaboración dos proxectos



## de Convivencia

- Formación profesional a distancia (Ededu)
  - Migración a nova versión de Moodle
- Sistema de axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras (Axudasle)
  - acceso de empresas á configuración de actividades
  - cambios menores en tratamento de discapacidades, autorización de datos para menores, permisos para operadores, etc.
  - melloras na funcionalidade da xestión de pagos
- Sistema de axudas para a realización de actividades de formación STEM (Axudasst)
  - cambios no tratamento de discapacidades, autorización de datos para menores, etc.
- Portal de Formación Profesional:
  - Mellora da interfaz gráfica permitindo visualizarse correctamente desde calquera dispositivo.
  - Incorporación do dobre idioma.
- Portal do Museo Pedagóxico de Galicia:
  - Mellora da interfaz gráfica permitindo visualizarse correctamente desde calquera dispositivo.
  - Incorporación do dobre idioma.
- Portal de Bibliotecas Escolares:
  - Mellora da interfaz gráfica permitindo visualizarse correctamente desde calquera dispositivo.
  - Incorporación do dobre idioma.

**Area  
responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

<b>Actividade:</b>	<b>2.5.2. Desenvolver un novo S.I. para a xestión integrada da documentación de centros educativos</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo é dotar dun novo sistema de información que permita consolidar nun único punto a información formal de xestión dun centro.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Neste ano iniciárase o desenvolvemento do novo S.I.
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.5.3. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do persoal educativo</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte á xestión de persoal propia da Consellería.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Sistema de información de xestión dos centros concertados e privados (Centrosprivados)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• xestión de solicitudes de concesión ou modificación de concertos.</li> <li>• migración de datos e da funcionalidade de xestión de unidades e horas concertadas dende centros educativos.</li> <li>• xestión das IT's de recaída.</li> <li>• melloras na usabilidade da aplicación. Permitir seleccionar varios cambios para incluír, mostrar columnas adicionais nos cambios para incluír mostrando información relevante sen necesidade de entrar no detalle, etc.</li> <li>• novo procedemento para descontar as excedencias voluntarias do cómputo para trienios.</li> <li>• nova xestión dos avisos a xubilados parciais de que están de baixa por IT máis de 15 días</li> </ul> <p>→ Sistema de información de xestión da formación do profesorado (Fprofe)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Remodelación do apartado de xestión das licenzas de formación para unificar o proceso e eliminar a parte da preinscrición</li> </ul> <p>→ Sistema de información de xestión do concurso de adxudicación de destinos provisionais (CADP)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración en Sede do procedemento de solicitude de comisión por razóns de saúde.</li> <li>• Integración do concurso de destinos definitivos de persoal docente de relixión</li> </ul>

- Sistema de información de xestión das Oposicións aos corpos docentes
  - Apoio ao procedemento de selección do concurso de catedráticos dos corpos de secundaria
  - Mellora do proceso de validación automática de solicitudes., gardando a trazabilidade no proceso de validación.
  - Adaptacións da documentación xerada á nova normativa sobre protección de datos.
- Sistema de información de xestión das Habilitacións para docencia en centros privados
  - Integración do procedemento de solicitude de habilitacións na Sede electrónica da Xunta de Galicia
- Sistema de información de xestión do datos pessoais do profesorado (Datos persoais)
  - Posta en funcionamento do novo tipo de instancia para a solicitude de recoñecemento de actividades como horas de formación.
  - Implementación do requirimento de documentación no proceso de recoñecemento de formación.
- Sistema de información de xestión de Persoal docente
  - Mellora na xestión de partes IT que achegan os interesados.
  - Xestión de itinerancias, centros adscritos e centros compartidos
- Sistema de información de xestión das substitucións de persoal docente (Substitutos)
- Sistema de información de xestión do concurso xeral de traslados (CXT)
  - Adaptación do proceso de xeración de solicitudes para a adxudicación ás normas de depuración.
  - Adaptacións da documentación xerada á nova normativa sobre protección de datos.

**Area responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.5.4. Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, ...

**Descrición:** Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte aos distintos procesos de xestión de convocatorias, plans, programas, etc. que son responsabilidade da Consellería.

**Actividades 2020:** As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes:

- Sistema de información de xestión das acreditacións de competencias profesionais (Acreditación)

- Axustes na avaliación: separar a propia avaliación da xestión administrativa. Engadir modelos para rexistrar detalle dos instrumentos de avaliación utilizados.
- Permitir a centros propoñer a oferta de prazas.
- Automatizar informe de asesor.
- Integración de enquisas a solicitantes sobre asesores, avaliadores ou o sobre o propio procedemento.
- Implementar o plan de formación.
- Integración con sede: tratamento diferenciado de documentos presentados en trámites comúns.

→ Sistema de información de xestión dos cursos de política lingüística (Xescur)

- Integración cos cursos online impartidos na plataforma Platega

→ Novo sistema de información de xestión dos Programas Educativos de Bibliotecas:

- Sistema de información que permita a definición de programas educativos de xeito modular e configurable, dando a posibilidade de xestionar os diferentes programas bibliotecas (PLAMBE, Clubes de lectura, Traballo por proxectos,...)

→ Piale

- Adapción á nova convocatoria.
- Integración completa coa Sede Electrónica.

**Area responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:** 2.5.5. Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario

**Descrición:** Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte á xestión dos procesos propios da S.X. de Universidades, incluída a xestión da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU)

**Actividades 2020:** As principais actuacións neste ámbito serán: Sistema de información de xestión do acceso ao Sistema Universitario de Galicia (NERTA):

- Xestión probas ABAU e acceso universidade ano 2020, adaptación cambios normativa
- Novo sistema de xestión das prioridades cota deportistas
- Novo sistema de xestión das confirmacións na lista de espera titulacións

**Area responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

<b>Actividade:</b>	<b>2.5.6. Dar soporte aos centros educativos no uso dos recursos tecnolóxicos</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte aos usuarios de sistemas de información e tecnoloxías da información e comunicación, tanto ante incidencias tecnolóxicas, como ante dúbidas funcionais cos sistemas de información e o seu uso.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte remoto a incidencias tecnolóxicas</li> <li>→ Soporte presencial a incidencias tecnolóxicas</li> <li>→ Soporte remoto a dúbidas ou cuestións funcionais nos S.I.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.5.7. Desenvolver solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito da educación</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte ás solucións de axuda á toma de decisións na Consellería.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Extender o uso da ferramenta a todas as unidades da Consellería.</li> <li>→ Incorporar a información de convivencia de xestión.</li> <li>→ Refactorización das ETL para coller os datos das fontes primarias (Xade e Persoal principalmente).</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

**Indicadores asociados:**

Actividade	Indicador	Valor 2020
	Nº de sistemas de información en mantemento	143
	Desenvolvemento dun sistema de información de protocolos de actuación en centros	En desenvolvemento
<b>2.5 Medidas para a xestión dixital da Educación</b>	Desenvolvemento dun S.I. para a xestión integrada da documentación de centros	En desenvolvemento
	Desenvolvemento dun S.I. de xestión dos Programas Educativos de Bibliotecas	En desenvolvemento
	N.º de incidencias anuais atendidas polos servizos de atención a usuarios	90.000

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.6 Medidas para a xestión dixital do transporte e do territorio

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información do ámbito do transporte e a mellora da calidade dos servizos, tanto na xestión e toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos cidadáns e as empresas do sector.

#### Obxectivos

- Implantar novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión do transporte metropolitano
- Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión das autorizacións e procedementos en materia de transporte
- Implantar sistemas de tramitación electrónica para os instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio.
- Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia

#### Actividades:

Actividade:	2.6.1 Implantar novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión do transporte metropolitano
<b>Descrición:</b>	Os sistemas de información do Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME e SITBUS), son as pezas centrais do funcionamento do transporte metropolitano de Galicia e da relación entre as empresas de transportes, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local, e a entidade bancaria colaboradora. Polo tanto, o seu funcionamento operativo é imprescindible tanto desde o punto de vista da operatividade do sistema de transporte como dende o punto de vista financeiro (colectas, pagos, compensacións, ...), así como a evolución para a adaptación de novas funcionalidades, novas zonas de transporte, novos concellos ou operadores.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ SITBUS<ul style="list-style-type: none"><li>• Desenvolvemento dos procesos de sincronización necesarios para a integración automática dos cambios da oferta aprobados nos expedientes de modificación da oferta tramitados en OTRANS.</li></ul></li><li>→ SITME<ul style="list-style-type: none"><li>• Cálculo de imputacións aos concellos que forman parte do Plan Metropolitano do ano 2019.</li><li>• Adaptacións dos procesos de liquidacións quincenais aos operadores derivados da posta en marcha dos novos contratos do Plan de</li></ul></li></ul>

	<p>Transporte.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento dos procesos de sincronización necesarios para a integración automática dos cambios da oferta aprobados nos expedientes de modificación da oferta tramitados en OTRANS.</li> <li>• Desenvolvemento dunha xestión multiempresa para os usuarios de tipo operador.</li> <li>• Elaboración dunha nova versión de mestres maquineros v6.</li> <li>• Monitorización do correcto funcionamento da plataforma (procesamento de colectas e informes quincenais/mensuais).</li> <li>• Explotación de datos e elaboración de informes á medida.</li> <li>• Adaptación e evolución cara a xestión da Área Única de Transporte de Galicia (xestión de tráfico, cálculo de bonificacións e imputacións de custe ás diferentes Administracións implicadas).</li> </ul> <p>→ TMGSOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións dos cálculos de bonificacións dos usuarios de Xente Nova derivados da extensión territorial da tarxeta fora das Áreas Metropolitanas de transporte.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.6.2. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión das autorizacións e procedementos en materia de transporte</b>
<b>Descrición:</b>	Evolucionar os sistemas de xestión das autorizacións e procedementos en materia de transporte.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Execución e posta en marcha do sistema de xestión e tramitación de expedientes de reclamación á Xunta Arbitral, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020. (expediente: AMT-2019-0002).</li> <li>→ Desenvolvemento e posta en marcha da plataforma de formación para a certificación de profesionais do transporte, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (Expte.: AMT-2019-0003).</li> <li>→ Adaptación da aplicación IGXSTS (tramitador sinxelo) para a tramitación das solicitudes dos procedementos: IF303A (Axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi eco) e IF318A (Axudas para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia).</li> <li>→ Adaptación da aplicación IGXSTS (tramitador sinxelo) para a tramitación dos procedementos derivados da entrada en vigor do Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.</li> <li>→ Mantemento e soporte do sistema de xestión de expedientes sancionadores</li> </ul>



en materia de transporte (IURISTRANS). Desenvolvemento, mediante servizos, da integración co sistema de notificacións electrónicas corporativo, notific@ e posta en marcha da tramitación da perda de honorabilidade da empresa transportista e/ou do seu xestor de transporte pola comisión de infraccións incluído no Real Decreto 70/2019.

**Área responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:**

**2.6.3. Implantar sistemas de tramitación electrónica para os instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio.**

**Descrición:**

A lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia inclúe na súa disposición adicional primeira o desenvolvemento dunha plataforma urbanística dixital de Galicia que facilite a participación nos procedementos de planificación urbanística e que terá como finalidade a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico.

**Actividades 2020:**

- Mantemento e soporte das aplicacións SXEU (sistema de xestión de expedientes urbanísticos) e REXPLA (Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia).
- Mantemento e soporte da aplicación SINDOC (sinatura de documentos urbanísticos).

**Área responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:**

**2.6.4. Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia**

**Descrición:**

A Axencia Galega de Infraestruturas dispón de varias aplicacións para a xestión das súas competencias. En xeral, os aplicativos están desenvolvidos en tecnoloxías obsoletas, dispoñen dunha debil integración con outros sistemas existentes e xestionan información illada do departamento ao que dan servizo. Faise por tanto necesario a execución dos proxectos recollidos no plan tecnolóxico de modernización dos sistemas de información no eido da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

**Actividades 2020:**

- Mantemento e soporte das aplicacións EXCON (xestión de expedientes de conservación de estradas) e XOPA (xestión de obras de paso).
- Desenvolvemento de novas funcionalidades na aplicación XESTA (sistema de xestión de actuacións e expedientes da AXI).
- Mantemento e soporte da aplicación SITEX para a xestión dos expedientes de expropiación en estradas titularidade da AXI. Implantación para todos os expedientes de expropiación que se liciten.
- Adaptación da aplicación IGXSTS para tramitación dos expedientes de autorización na zona de dominio público viario e/ou nas zonas de protección

das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto accesos (IF204A).

- Formalización do contrato e inicio do servizo de desenvolvemento, implantación e soporte da aplicación para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas (AMT-2019-0028).
- Formalización do contrato e inicio do servizo de desenvolvemento dun sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto do Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) (AMT-2019-0043).

**Área responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
	Nº de sistemas de información en mantemento	46
	Desenvolvemento dun sistema de xestión e tramitación de expedientes de reclamación á Xunta Arbitral	Desenvolto
2.6 Medidas para a xestión dixital do transporte e do territorio	Desenvolvemento da aplicación para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas	En desenvolvemento
	Desenvolvemento dun sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto do Xurado de Expropiación de Galicia	En desenvolvemento

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.7 Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionadas coa xestión dos residuos e dos solos contaminados, a coordinación e a avaliación ambiental, e a meteoroloxía. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos ofrecidos a cidadáns e empresas dos sectores, tanto na xestión, na toma de decisións, coma no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios.

#### Obxectivos

- Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión da información meteorolóxica
- Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinxéticos e piscícolas de Galicia
- Implementar novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia
- Automatizar e mellorar os procesos de análise de mostras do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión da información meteorolóxica</b>
<b>Descrición:</b>	Os sistemas de información de predición e difusión de información meteorolóxica e ambiental, son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
<b>Actividades 2020:</b>	Entre as principais actuacións a levar a cabo destacan as seguintes: Colaboración na xestión e seguimento de proxectos en materia de meteoroloxía e calidade do aire.  → Evolución da aplicación móbil de Meteogalicia. Entre as principais funcionalidades a desenvolver destacan: <ul style="list-style-type: none"><li>○ nova predición por horas</li><li>○ melloras no contraste de cores</li><li>○ redeseño da sección de calidade do aire</li><li>○ engadir cantidade de choiva ademais da probabilidade</li><li>○ redeseño da sección de avisos meteorolóxicos</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.2. Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Os sistemas de información para a xestión da conservación da biodiversidade e para xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia son elementos críticos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Entre as principais actuacións a levar a cabo destacan as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha da comunicación telemática das licenzas interautonómicas de caza e pesca ao Ministerio e a consulta do rexistro nacional de inhabilitados para os procesos de emisión e renovación de licenzas interautonómicas cando o Ministerio publique os servizos necesarios no contorno real.</li> <li>→ Migración do aplicativo para a xestión do exame do cazador á nova plataforma de licenzas de caza e pesca (LICAPE). Recuperación das solicitudes telemáticas presentadas por sede do procedemento: MT807A - Inscripción nas probas para obter a primeira licenza de caza.</li> <li>→ Mantemento evolutivo e soporte dos sistemas seguintes ás convocatorias 2020: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ xestión dos plans de ordenación cinexética (POC) e plans anuais de aproveitamento cinexético (PAAC). Procedementos MT720A e MT720B respectivamente.</li> <li>○ xestión do sorteo de permisos en coutos de pesca fluvial en Galicia (MT807E).</li> <li>○ xestión de autorizacións para a pesca de lamprea nas pesqueiras do río Ulla (MT823A) e río Tea (MT823B).</li> <li>○ xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos por o lobo (MT809B).</li> <li>○ xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas (MT809E).</li> </ul> </li> <li>→ Mantemento evolutivo e soporte do Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía (REGIAC).</li> <li>→ Migración das aplicacións de rexistro de avisos de ataques de lobo (RELOBO) e de ataques de xabarín (AXABA) a unha nova aplicación baseada no arquetipo corporativo.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.3. Implementar novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Os sistemas de información para a xestión, conservación, promoción e difusión de espazos naturais protexidos son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Entre as principais actuacións a levar a cabo, destacan as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha do sistema para a xestión integral de axudas tramitadas por a Dirección Xeral de Patrimonio Natural vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos concellos da Rede Natura 2000 e dos Parques Naturais de Galicia (AMT-2018-0031). Mantemento evolutivo e soporte das convocatorias 2020: Axudas a investimentos vinculados a obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Red Natura 2000 ( MT814A) e nos parques naturais de Galicia (MT819A).</li> <li>→ Desenvolvemento evolutivo no sistema de información para a emisión de autorizacións de acceso ao parque nacional das Illas Atlánticas. Entre as novas funcionalidades destacan: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ xestión do cupo de grupos nas catro illas: Cies, Ons, Sálvora e Cortegada.</li> <li>○ xestión do cupo dispoñible para os veciños de Ons.</li> </ul> </li> <li>→ Soporte e mantemento do sistema de control de acceso á praia das Catedrais.</li> <li>→ Publicación do sistema integrado da información sobre a localización e seguimento das especies de flora y fauna silvestres en Galicia.</li> <li>→ Mantemento e soporte do portal Galicia Natural e única.</li> <li>→ Desenvolvemento dunha APP para a consulta do catálogo galego de árbores senlleiras de Galicia.</li> <li>→ Soporte e mantemento do novo portal da reserva da biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.4. Automatizar e mellorar os procesos de análise de mostras do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	Toda a actividade do laboratorio de Medio Ambiente de Galicia: análises químicos e biolóxicos das redes de control da calidade das augas naturais, observación de compoñentes do aire e auga da choiva ou a inspección técnica para o seguimento das autorizacións ambientais integrada (AAI), require dun sistema de xestión avanzado que permita a integración con outros sistemas para

compartir información e a mellora de procesos.

**Actividades 2020:** → Mantemento e soporte da aplicación OraLIMS (xestión de laboratorios).

**Área responsable:** **Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
2.7 Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente	<ul style="list-style-type: none"><li>N.º de sistemas de información en mantemento</li></ul>	54
	<ul style="list-style-type: none"><li>Desenvolvemento dunha nova aplicación para o rexistro de avisos de ataques de lobo e xabarín</li></ul>	En desenvolvemento

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.8 Medidas para a xestión dixital do agro e da gandería

A finalidade deste programa é a modernización dos servizos e instrumentos que permitan ao sector gandeiro galego facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración como con terceiros, a través da información e servizos ofrecidos aos usuarios, e a xestión, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito agrario, gandeiro e da industria e calidade agroalimentaria
- Desenvolver novos servizos e canles de relación telemática co sector agroforestal a través de Oficina Agraria Virtual
- Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da concentración parcelaria, do banco de terras de Galicia e das axudas e servizos vencelladas ao desenvolvemento rural
- Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do organismo pagador FOGGA e de xestión da Política Agraria Común de Galicia
- Impulsar solucións de difusión, análise, axuda á toma de decisións e reporte a UE dos proxectos e indicadores do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia
- Impulsar o cumprimento das obrigas normativas en materia de seguridade da información relativas a tramitación de fondos europeos agrícolas

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.8.1. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito agrario, gandeiro e da industria e calidade agroalimentaria</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos sistemas de xestión e control do eido de produción agropecuaria, con particular fincapé do novo sistema integral para gandería, e outros novos sistemas para este ámbito
<b>Accións 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Continuará a implantación do sistema integral de xestión do ámbito de gandería (XESGAN) , que permitirá consolidar a migración desde os sistemas actuais (SIWGAN, SIXC) cara a un novo sistema integral renovado desde os puntos de vista tecnolóxico, funcional e de usabilidade.<ul style="list-style-type: none"><li>○ <b>XESGAN_SEGAL:</b> Xestión da seguridade Alimentaria.</li><li>○ <b>XESGAN_SIGAN:</b> Sistema Integrado Gandería.</li></ul></li></ul>

- **XESGAN\_REGAN:** Rexistro de explotacións Gandeiras de Galicia.
  - **XESGAN\_INGAN:** Xestión das indemnizacións, inspeccións e controis sanitarios.
- Trala posta produción de INGAN-Controis Sanitarios e INGAN-Cualificacións Sanitarias prevista para o primeiro trimestre de 2020, os esforzos neste novo período centraranse na aplicación MOGAN – xestión de movementos do gando – un dos eixos centrais do novo sistema XESGAN, actualmente en fase de desenvolvemento avanzado en particular no relacionado coas funcionalidades relacionadas da xestión de animais.

Durante este período, por tanto, os esforzos centraranse fundamentalmente en tres aspectos:

- Posta en Produción do módulo de INGAN- Controis Sanitarios (coa integración con MARIS e FICADI) e INGAN-Cualificacións Sanitarias
  - Análise, desenvolvemento e posta en marcha de MOGAN
  - Traballos de integración coa nova Oficina Virtual de Gandaría: MOGAN-OVGAN
- Polo que se refire aos elementos estruturais de apoio dos distintos sistemas de tramitación:

- **MRFACES:** Librería base para o desenvolvemento de aplicacións Web. Para 2020 planéanse desenvolver melloras técnicas e funcionais.
- **TRAXU:** Librería xenérica de tramitación de axudas. Durante 2020 prevense melloras na librería orientadas a dotar ás aplicacións finais dunha mellor integración cos sistemas corporativos: REXEL, Pasaxe, aplicación móbil para a realización de inspección de campo.

Todas as aplicacións que se apoian en TRAXU realizan o cálculo de axudas, co que se prevé optimizar a integración con SICOP para pasar a facer mediante servizos web que eviten a necesidade de transferir información utilizando ficheiros CSV que esixen un labor manual por parte dos xestores.

Outras funcionalidades que se prevén incorporar a TRAXU son tramitacións específicas de subfases dentro da tramitación global.

- **REPAXU:** Durante este ano porase en produción o sistema e desenvolverase a fase 2 do proxecto, cuxo obxectivo é proporcionar servizos web de consulta a outros sistemas e desenvolver os servizos web que permitirán a integración e publicación directa de sistemas de tramitación en contornas corporativas (como os desenvolvidos coa librería TRAXU). Mediante este mecanismo consolidaríase e actualizaría periodicamente a información dos seguintes sistemas: AXUFOR - Axudas Forestación, AXUINC - Axudas á Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, LEFRES - Axudas á distribución de Leite e Froita a Escolares, XEOLA - Axudas Maquinaria e Aconsellamento



No relativo á **aplicación de xestión dos laboratorios de sanidade animal de Galicia – LASAPAGA (MARIS)**, planifícase para 2020 a unificación de códigos de motivos de ensaio, enfermidades e resultados cos do Ministerio competente, o redeseño da integración con aplicacións de Gandaría (INGAN) e dos fluxos de estados de taxas, nova funcionalidade de avisos así como a xeración de follas de cálculo de gran volume.

O **sistema de Xestión das actuacións en campo das campañas de saneamento gandeiro (FICADI)**, desenvolverá no 2020 importantes evolucións en relación entre outros aspectos na adaptación ás AD SGs de Visóns e Aves, Informe de grado de cumprimento do Programa Sanitario de Porcino, Integración de actuacións con outras aplicacións de Gandaría, Xestión de actuacións para actualización de datos das subexplotacións, Clasificación sanitaria automática das explotacións do programa das AD SGs. Tamén é relevante a adaptación para o funcionamento co novo sistema de xestión de sanidade animal (INGAN); consolidándose como ferramenta de referencia global no apoio das actuacións de saneamento gandeiro dos distintos técnicos veterinarios e asociacións autorizadas.

O **Rexistro de Explotación Agrarias de Galicia (REAGA)** continuará consolidándose como o eixo de información en relación á información das explotacións agrarias, en potencial conexión coa nova Xestión de Explotacións Agrarias de Galicia (XEAGA).

No **Rexistro de Produtores e Operadores de Medios de Defensa Fitosanitarios** finalizarase o desenvolvemento da fase 2 para entrar en produción no primeiro semestre, realizando a integración con sede electrónica para a recepción das solicitudes e a integración con FOAGRO (formación agroforestal).

Respecto ao novo **sistema de xestión das axudas de Melloras Estruturais**, tras ter completada a análise inicial das liñas (captura, estudos, configuración de convocatorias e criterios de prioridade) e unha primeira construción básica, a previsión é rematar a análise e desenvolvemento completo para as 4 liñas.

A través do sistema de **Xestión Outras Liñas de Axuda Cofinanciadas (XEOLA)**, analízanse melloras para a liña de Aconsellamento e para a liña de Maquinaria.

**Novo sistema de xestión no eido de produción vexetal (PROVEX)**. Trátase dunha nova aplicación de xestión que recibiría os datos dos 5 procedementos que se capturan dende OVSAVE relacionados coa xestión dos rexistros de produción vexetal, PROSEMPPLAN e ROPCIV e dos procedementos asociados aos mesmos

Durante o ano 2020 está a realizarse por parte de Tragsatec unha capa vitícola totalmente actualizada e referenciada a SIXPAC a través de fotointerpretación e visitas a campo. Para realizar o **correcto mantemento desta nova capa vitícola**, realizaranse os seguintes traballos:

- Actualización do rexistro vitícola alfanumérico en base ás relacións obtidas nesa nova capa
- Creación dun Editor do Rexistro Vitícola: Ferramenta que permitirá aos xestores consultar a ficha vitícola alfanumérica e visualizar os rexistros gráficos asociados (parcelas vitícolas)
- A partir da consulta anterior poderase realizar unha actualización da capa gráfica en base á súa evolución segundo os distintos procedementos que se vaian tramitando (Arranques, Plantacións, Modificacións) de maneira que os cambios queden trazados segundo o expediente que os provoca. Igualmente poderase actualizar a parte alfanumérica das parcelas e haberá en todo caso unha sincronización alfanumérica-XIS

Respecto do **sistema de información para o rexistro de contabilidade vitivinícola para o cumprimento das obrigas de rexistro e declaración de diversas prácticas do sector** (CONVIT) durante 2020 abordarase a Xestión de parcelas de provedores e melloras nos modelos de contratos de compra/venda.

No relativo a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, cara ao 2020 está prevista o desenvolvemento dos seguintes proxectos:

- Publicación dun portal de promoción de EXPERIENCIAS DE CALIDADE.
- Sistema de xestión das submedidas do PDR relacionadas coa formación, a innovación e a transferencia tecnolóxica: xestión de axudas e explotación estatística da información.
- Sistema de xestión de prestación de servizos da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), que facilite a xestión dos procesos e labores de control e certificación da calidade diferenciada realizadas por este Departamento

**Area responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:** *2.8.2. Desenvolver novos servizos e canles de relación telemática co sector agroforestal a través da Oficina Agraria Virtual (OAV)*

**Descrición:** A Oficina Agraria Virtual é un frontal de relación telemática co sector agropecuario onde se poden desenvolver servizos e tramitación relacionados co eido de competencia da DXGAIA e do FOGGA Neste punto atópanse servizos orientados aos cidadáns tanto para consulta de datos de carácter persoal, como para a realización de servizos e trámites administrativos. administrativos (altas animais, duplicados crotais, guías, declaración de censo, autoguías,...)

**Accións 2020** → Durante 2020 o esforzo estará focalizado na implantación da nova plataforma OAV

- Principais módulos:

- Sanidade Vexetal - OVSAVE .
- Rexistro Vitícola. - OVREVI.
- Gandaría. - OVGAN

No primeiro semestre do 2020 entrará en produción a nova Oficina Virtual de Gandaría, núcleo da nova OAV, cunha versión adaptada para o acceso desde dispositivos móbiles (responsive).

**Area responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** *2.8.3. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da concentración parcelaria, do banco de terras de Galicia e das axudas e servizos vencelladas ao desenvolvemento rural*

**Descrición:** O desenvolvemento rural é un eixo vertebrador do territorio galego, polo que as políticas impulsoras do mesmo deberán apoiarse en instrumentos e sistemas de información que permitan unha eficiente xestión e mellora deste ámbito.

**Accións 2020**

- O sistema de Xestión do proceso de almacenamento e xestión da información das fases dos acordos de concentración parcelaria (INFCOP) conta con 48 zonas de concentración, ao que se se engadirán as novas zonas nas que se está traballando. En 2020 preténdese desenvolver unha versión que tralo correspondiente proceso de formación comence a utilizarse por parte dos técnicos dos Servizos Territoriais, así como ampliar o modelo para incluír novas fases da concentración parcelaria, como bases provisionais e definitivas.
- O sistema de soporte (SITEGAL) de xestión do Banco de Terras de Galicia: No 2020 traballarase na implantación no sistema de xestión de, entre outras, melloras relacionados con ferramentas de administración electrónica, procesamento por lotes, Incorporación dos cambios motivados pola nova lei do Banco de Terras, venda de parcelas, unha aplicación móbil para o traballo dos técnicos de campo e a análise de novos módulos en relación á Xestión do Banco de Explotacións Agrarias, as Aldeas modelo, a Xestión específica de proxectos de mobilidade de terras e ao Soporte para outros graos de intermediación no arrendamento de parcelas, podendo desenvolver funcionalidades para a publicación de parcelas rústicas que sen estar incorporadas ao Banco, están dispoñibles para ser arrendada; Intermediación para a localización de propietarios.
- Desenvolverase un novo sistema de información para a xestión das axudas baixo metodoloxía LEADER do PDR.

**Area responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** *2.8.4. Por en marcha novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do organismo pagador FOGGA e de xestión da Política Agraria Común de Galicia*

**Descrición:** Mellorar e implantar novos sistemas que permitan unha mellor e mais eficiente xestión das axudas xestionadas polo FOGGA ao abeiro da PAC

**Accións 2020:**

- Continuarase evolucionando a ferramenta integral de xestión contable de pagos para o FOGGA (SICOP)
- Respecto do sistema de xestión das axudas agroambientais (plurianuais) que xestiona as liñas do PDR de Agroambientais e clima (medida 10.1) e agricultura ecolóxica (medida 11). - AGACLI en 2020 planifícase o mantemento operativo e a priorización de diferentes evolutivos: especial relevancia ao cambio do contexto plurianual (2020-21): actualizacións tecnolóxicas das librería base, melloras en procesos masivos, modificación integración ficheiros galiña de Mos, asignación liña de axuda a unha nova parcela, opción de eliminar peticións de fondos, obter a data de pago de SICOP, Comprobacións previas ao pago e outros.
- No sistema de xestión de axudas de leite e froita escolar (LEFRES), os aspectos de evolucións estarán dirixidos a traballos de actualización tecnolóxica, certificación de correcto funcionamento en pagos, Informe de memoria de pago, xeración de informes para carga en Notifica e proceso para o cálculo automático dos importes aprobados en distribución
- O Soporte da plataforma e novas versións (SGAPAC) de xestión de axudas directas (Solicitud Única) da Política Agraria Común PAC seguirá sendo un labor prioritario. Desenvólvense os traballos previos ao arranque da nova campaña en febreiro de 2020, coa instalación das novas versións, carga de correspondente caché de SIXPAC e tarefas relacionadas. Tamén se continúa traballando para avanzar na integración das ferramentas corporativas, como é da integración de Chave 365 co portal (SGAGPI) que o sistema pon a disposición do cidadán para a consulta da súa solicitude.
- Nesta campaña é relevante a posta en uso das ferramentas e módulos (SGAMON) relacionados con monitorización (a desenvolver en Galicia no 2020 nas comarcas de A Estrada, Allariz e Maceda, co apoio das OACs para o asesoramento in situ aos agricultores incluídos neste piloto) e as aplicacións móbiles:
  - SGAFOT
  - SGAAPP
- Darase soporte na utilización de SGAPAC- CT (soporte controis terreo), nas extraccións de información, cargas e outros elementos de comunicación que teñen como destino alimentar desde sistema de información corporativos SGAPAC, así como o desenvolvemento de integracións SGAPAC coas ferramentas da plataforma de administración electrónica Notifica. Gal e Portasinaturas

**Area responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais, en colaboración co Departamento de Seguridade e Calidade*

**Actividade:** *2.8.5 Impulsar solucións de difusión, análise, axuda á toma de decisións e reporte a UE dos proxectos e indicadores do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia*

**Descrición:** Ademais dos sistemas de xestión que soportan as distintas medidas do PDR, referidos noutros obxectivos específicos, trátase neste caso de dar visibilidade ás actuacións do PDR, así como de facilitar o reporte de informes e indicadores á UE, e facilitar o seguimento e toma de decisións global do PDR

**Accións 2020:**

- O sistema INPDR permite a recollida e análise dos indicadores e datos económicos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020, facendo un seguimento dos indicadores aplicables a 64 submedidas. (accións e axudas de distintas medidas do PDR con 18 organismos da Xunta de Galicia implicados) e facilitando o seu reporte cara á Comisión Europea. En 2020 traballarase na automatización da carga dos datos aínda non integrados (INEGA, AGADER e IGAPE) así como o comezo do desenvolvemento de cubos temáticos especializados en áreas como superficies ou explotacións, na carga de indicadores de produtividade, e na finalización da análise e revisión dos informes financeiros.
- Respecto do portal que difunde as accións do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014\_2020 (PDR), accesible en <https://pdr-mediourural.xunta.gal/gl/>, séguese traballando para engadir novos contidos aos xa existentes (documentación, axudas, innovación, ...) e facilidades de apoio para o Comité de Seguimento do PDR, así como a incorporación dun sistema experto cara ao cidadán, ... Este portal senta tamén as bases cara ao apoio da difusión do novo PDR, no horizonte 2021-2027.

**Area responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** *2.8.6 Impulsar solucións de difusión, análise, axuda á toma de decisións e reporte a UE dos proxectos e indicadores do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia*

**Descrición:** Soporte en Seguridade e auditoría de seguridade da información e protección de datos no FOGGA. Apoio no cumprimento das obrigacións normativas do FOGGA e organismos delegados, en relación á xestión de fondos europeos agrícolas, en materia de seguridade de sistemas de información

**Accións 2020:**

- En relación aos traballos de seguimento de implantación da norma ISO 270002
- Análise de riscos: Revisión de controis (declaración de aplicabilidade), Verificación do cruzamento de controis ISO – medidas ENS, actualizar os servizos, Revisión de sistemas en vigor, Agrupación de servizos prestados por AMTEGA en servizos únicos externos (servizos transversais e infraestruturas),

- Xeración de novos valores e perfil de riscos e dun plan de tratamento de riscos
- Formación. Xeración de actividades formativas para a plataforma de formación en liña e determinación de calendario de formación
  - Corpo normativo: Revisión de políticas e procedementos e Estado de implantación
  - Estado de implantación: Revisión de auditorías e resolución de non conformidades; E Mellora na implantación de controis (evolución a nivel 4)
  - Continuidade de negocio: Revisión do plan de continuidade de negocio e probas do plan de continxencias e probas.
  - En relación aos traballos de seguimento de implantación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), actuarase en coordinación e baixo a dirección do Departamento de Seguridade e Calidade:
  - Consolidación dá análise de riscos (achegar activos de información do FOGGA e toda a información relevante necesaria).
  - Inclusión da dimensión de privacidade
  - Xeración da declaración de aplicabilidade
  - Determinar accións para avaliar a certificación (parcial ou total) do FOGGA

En relación aos traballos para a cumprimento e adaptación do novo Regulamento Europeo de Protección de Datos, e baixo o impulso do Departamento de Seguridade e Calidade, abordarase as accións que este determine priorizando a implantación para o FOGGA,

Apoio á implantación da ISO 27002 no FOGGA e nas entidades delegadas baixo a dependencia tecnolóxica de Amtega. Especial apoio ás Direccións Xerais da Consellería de Medio Rural que así se determine. Para estas farase unha análise completa de situación, determinándose os activos de estes organismos, xerando a análise de riscos e determinando a aplicabilidade e o corpo normativo de referencia.

- Análise de resultados das auditorías internas e externas: Execución do plan de acción de mellora derivado destes resultados e soporte e apoio no plan de auditorías de 2020: auditorías internas e auditorías externas do organismo de certificación

**Area responsable:** ***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais, en colaboración co Departamento de Seguridade e Calidade***

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
2.8 Medidas para a xestión dixital do agro e da gandería	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento dun novo Sistema Integral de Xestión de Gandería (XESGAN)</li> </ul>	Desenvoltos todos os módulos (MOGAN)
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento dunha Nova Oficina Agraria Virtual accesible en mobilidade (OVGALICIA)</li> </ul>	Desenvolta
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cobertura de FICADI do resto de ADSGs pendentes (visóns, aves)</li> </ul>	Desenvolto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento dun novo sistema integral de melloras estruturais</li> </ul>	En desenvolvemento
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lanzamento do sistema de xestión da contabilidade vitivinícola (CONVIT)</li> </ul>	Desenvolto
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sistema de xestión de produción vexetal</li> </ul>	En Análise
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apoio na monitorización das comarcas piloto</li> </ul>	Equipos e soporte

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.9 Medidas para a xestión dixital do ámbito forestal

A finalidade deste programa é a modernización dos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía tanto a xestión dos recursos forestais como dos medios de loita contra incendios, a través da información e servizos ofrecidos aos usuarios, e a xestión, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal
- Desenvolvemento e integración cos medios no terreo dos sistemas de información de xestión do ámbito de incendios
- Desenvolver novas funcionalidades avanzadas nos sistemas de información da rede de laboratorios de investigación e centros de experimentación dependentes do INGACAL
- Evolucionar as plataformas de formación e os sistemas de información de xestión da formación deste eido
- Modernizar a dotación dos centros formativos do ámbito agroforestal
- Dar soporte aos medios do ámbito de incendios no uso dos recursos tecnolóxicos

#### Actividades:

Actividade:	2.9.1. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal
<b>Descrición:</b>	Potenciar e desenvolver servizos e instrumentos que faciliten o desenvolvemento do sector forestal galego, facendo uso das tecnoloxías da información tanto na súa relación coa administración coma na xestión interna administrativa.
<b>Actuacións 2020:</b>	Entre as principais actuacións a desenvolver cabe destacar as seguintes: → CORTAS PRIVADAS (CORPRI, CORWEB)  <i>Adaptación ao novo decreto.</i> No primeiro trimestre do ano 2020 publicarase un novo decreto que regulará as cortas de madeira. Isto obriga á evolución das aplicacións CORPRI e CORWEB para que se poda soportar a tramitación 100% telemática.



Adicionalmente desenvolverase unha aplicación móbil que dará soporte aos “informes de campo”

Unha vez desenvolto o Rexistro de Montes Ordenados e o Inventario Forestal, cómpre a *integración desta aplicación na nova contorna RMO/IF* sen afectación e de xeito transparente para os usuarios.

Análise dunha solución tecnolóxica que permita a comunicación “máquina-máquina” M2M para a integración de das aplicacións de xestión de terceiros (axentes e empresas do sector) no proceso de solicitudes de cortas e declaracións responsables.

→ CORTAS PÚBLICAS (CORPU)

Posta en funcionamento do sistema. No primeiro trimestre de 2020 procederase á depuración e migración dos datos contidos no sistema *legacy* RIMAX para permitir a posta en funcionamento de CORPU.

Unha evolución posterior permitirá a xestión telemática (sobre electrónico) das poxas polos lotes de madeira mantendo as garantías necesarias a través de métodos criptográficos.

Unha vez desenvolto o Rexistro de Montes Ordenados e o Inventario Forestal, cómpre a *integración desta aplicación na nova contorna RMO/IF* sen afectación e de xeito transparente para os usuarios.

Integración con Notifica e Portasinaturas. Como consecuencia da acollida favorable da mellora de usabilidade e produtividade noutras aplicacións tramitadoras, detectouse a conveniencia de estender as integracións coas ferramentas transversais á xestión de cortas públicas

→ INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN (XORFOR)

En 2020 evolucionarase o Sistema de Presentación e Administración dos Plans de Ordenación e Xestión Forestal para os distintos instrumentos de ordenación (PO, DCX, DSX, AMS)

Unha vez desenvolto o Rexistro de Montes Ordenados e o Inventario Forestal, cómpre a *integración desta aplicación na nova contorna RMO/IF* sen afectación e de xeito transparente para os usuarios.

→ REXISTRO DE MONTES ORDENADOS / INVENTARIO FORESTAL (RMO/IF)

No 2020 abordaranse as integracións con sistemas orientados á difusión de información cara a o sector e a cidadanía, presentado información xeográfica e estatística a través do Instituto de Estudos do Territorio e o portal da Consellería de Medio Rural.

- CONSOLIDACIÓN DE INFORMACIÓN (MANMON, ARQUIVO)
- AUDITORÍAS FORESTAIS (ORFOR)
- XESTIÓN DOS REINVESTIMENTOS (REIMON)

Seguirá traballándose no desenvolvemento do módulo público para a tramitación e xestión para dos reinvestimentos dos ingresos obtidos nos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

Integración con Notifica e Portasinaturas. Como consecuencia da acollida favorable da mellora de usabilidade e produtividade noutras aplicacións tramitadoras, detectouse a conveniencia de estender as integracións coas ferramentas transversais á xestión de cortas públicas

- SANIDADE FORESTAL (SAVFOR)

No primeiro trimestre de 2020 arrancarse da súa utilización efectiva por parte dos técnicos que xestionan as pragas (xestión) e polos responsables funcionais (seguimento e visión analítica de alto nivel).

- XESTIÓN DE REXISTROS

Actualmente o “registro de pastoreo” está encadrado en XORFOR aínda que será o primeiro en incorporarse a esta ferramenta de xestión de rexistros.

Para o 2020 establécese coma obxectivo a análise e definición do modelo de datos para a futura ferramenta de xestión do conxunto destes rexistros.

- XESTIÓN DE AXUDAS (AXUFOR, AXUMON)

En 2020 desenvolverase e porase en uso un novo desenvolvemento dun sistema de xestión de axudas para a delimitación de montes veciñais en man común.

Unha vez en marcha o sistema de xestión de axudas forestais (AXUFOR) e a consolidación dentro deste de AXUMOV, no 2020 seguirase dando soporte na tramitación das diferentes liñas de axudas xa soportadas.

**Área responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** **2.9.2. Desenvolvemento e integración cos medios no terreo dos sistemas de información de xestión do ámbito de incendios**

**Descrición:** Desenvolvemento de servizos e sistemas que permitan facer uso eficiente das tecnoloxías da información e das comunicacións na loita contra os incendios forestais, tanto no soporte dos medios humanos e técnicos como na explotación da información de referencia.

**Actividades 2020:**

Entre as principais actuacións a desenvolver cómpre salientar – ademais do soporte e resolución de incidencias con especial atención ao período de campaña de incendios - a evolución na implantación do sistema de información XEINFO (**con núcleo Xeocode 2.0**) e das novas funcionalidades previstas.

- Realizaranse diversas melloras funcionais que axudarán na operativa de extinción de incendios
- **Porase en funcionamento efectivo o cliente en mobilidade do sistema (XeoCode\_Lite),**
- Na contorna actual é previsible que se incremente a **necesidade de integración con distintas fontes e sistemas**, que aporten datos relevantes de captura de información en tempo real sobre posicionamento dos lumes e medios de extinción, afectación dun espazo natural ou monte protexido, estado da xestión da biomasa, meteoroloxía, e outros servizos relacionados.
- Análise e no seu caso implantación dunha mellora que permitirá aos operadores centrarse na extinción dun só incendio e visualizar dunha forma global toda a información referente ao devandito incendio
- Está previsto implantar mecanismos de subscripción para compartir información xeográfica que un operador está
- Xeraranse novas capas de riscos de incendios e isócronas baseadas nas distancias dos recursos aos diferentes puntos
- Posta en produción da aplicación XLumes Codificador Lite,
- Mellora en cartografía e procesos XIS, novas capas xeográficas e mellora na xestión das mesmas
- **Migración da contorna tecnolóxica actual** (ao xestor de base de datos SQL Server 2016).
- Migración tecnolóxica á contorna .NET das aplicacións satélite de XEINFO (xestión de recursos relacionados coa extinción: quendas, puntos de auga, queimas, inventarios, infraestruturas, rexistro ...), actualización de arquitectura (framework .Net, DevExpress) e outras melloras tecnolóxicas
- Durante 2020 traballarase tamén na **integración de capacidades de simulación** de propagación de incendios en base a diferentes variables (combustible, condicións terreo e climáticas,...) **coa aplicación XeoCode Lite**, ademais de realizar diversas optimizacións na mesma.

En relación ao soporte no emprego de recursos tecnolóxicos:

- **Mobilidade en aplicacións de incendios mediante o uso de tabletas para traballo en campo**; en 2020 continuará a definición de usos para estes dispositivos, como exemplo os proxectos XeoCode\_Lite, AXUMOB ou XESBIO2, que se mencionan noutros apartados
- Atención de incidencias e ordes de traballo mediante un Centro de Atención a Usuario Específico (**CAU-Incendios**)
- Continuar co proceso de implantación das funcionalidades, sistemas e terminais da rede de emerxencia de Galicia no eido de incendios

Ademais, no eido da Dirección Xeral de Defensa do Monte, deben sinalarse como relevantes no apoio das súas competencias a construción en 2020 dos seguintes sistemas de apoio na xestión das súas competencias:

- En 2020 porase en marcha a aplicación en mobilidade de inspección do cumprimento dos requisitos destas axudas, coa posibilidade de conexión en modo conectado ou desconectado; respecto do sistema de xestión destas axudas (AXUINC) no 2020 evolucionarase para dar soporte entre outras cuestión a convocatorias plurianuais de axudas
- O deseño, construción e posta en funcionamento dun **novo sistema de xestión de biomasa nas faixas secundarias (XESBIO-2)**.
- Desenvolvemento e posta en marcha dunha **nova plataforma de apoio na xestión de convenios**.

**Área responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>2.9 Medidas para a xestión dixital do ámbito forestal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• % de solicitudes de cortas de madeira comunicadas de xeito telemático</li> </ul>	<b>75%</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de información de xestión de cortas públicas (CORPUB)</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión telemática (sobre electrónico) das poxas polos lotes de madeira mantendo as garantías necesarias a través de métodos criptográficos</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora da integración con SEDE da xestión das Adhesións ao Modelo Silvícola</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ferramenta de xestión global dos rexistros do ámbito forestal.</li> </ul>	<b>Analizado</b>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión de axudas para a delimitación de montes veciñais en man común</li> </ul>	<b>En desenvolvemento</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistemas de información en mantemento no eido desta Dirección Xeral (agrupado)</li> </ul>	<b>15</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• % de solicitudes de queimas de rastroxos agrícolas amoreados comunicados telematicamente</li> </ul>	<b>50%</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento dun sistema de xestión da biomasa en franxas secundarias (XESBIO-2)</li> </ul>	<b>En desenvolvemento</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento dunha aplicación de inspección de axudas en mobilidade (AXUMOB)</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento dun sistema de xestión de convenios de colaboración en materia de prevención e extinción de incendios (CONLU)</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cliente para dispositivos en mobilidade de Xeocode (Xeocode Lite)</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.10 Medidas para a xestión dixital da pesca

Este programa oríntase a modernizar os servizos que permitan ao sector do mar facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración, como con terceiros; mellorando os procedementos do sector a través do emprego das TIC, a información e servizos ofrecidos aos usuarios, e a xestión, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.

#### Obxectivos

- Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito pesquero ao redor do ecosistema da Plataforma Tecnolóxica da Pesca
- Implantar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de cursos no eido náutico-pesqueiro, tanto os sistemas de xestión coma as plataformas de teleformación
- Evolucionar os sistemas e ferramentas de promoción e difusión de información vecellada ao sector do mar a marcos e produtos de valor diferenciado
- Evolucionar os sistemas de xestión e difusión dos proxectos vencellados aos Grupos de Acción Local Pesqueiras
- Incrementar os servizos ofrecidos dende os terminais de autoservizo, e abrir ditos servizos a novos canles en mobilidade co sector.
- Modernizar a dotación dos centros formativos do ámbito pesqueiro

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.10.1. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito pesqueiro ao redor do ecosistema da Plataforma Tecnolóxica da Pesca</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento de novos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das tecnoloxías da información tanto na súa relación coa administración como con terceiros, mellorando a xestión e explotación da mesma
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Melloras e soporte da Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP). (pescadegalicia.gal). Mantemento evolutivo, novos contidos, soporte, explotación de información. Portal do sector: pescadegalicia.gal.</li><li>→ Análise e implantación de melloras no sistema de xestión de documentos telemáticos vinculadas aos novos requisitos expostos, tanto desde a lexislación en materia de trazabilidade dos produtos da pesca, como desde as demandas do propio sector.</li><li>→ Continuidade na xestión de envíos de información ao sistema de trazabilidade pesqueira TRAZAPES</li><li>→ Retomar os traballos no sistema de xestión de pesca fresca, co foco en garantir a calidade da información recollida.</li></ul>

- Mellora da explotación da información xestionada co obxectivo de obter un sistema de información que relacione as informacións existentes (alternancia de artes, notas de venda, documentos telemáticos, plans de explotación, etc.) en aras de ofrecer información aos usuarios administrativos e sectoriais (cada un no seu nivel de acceso): sistema de apoio á toma de decisións
- No sistema de autorizacións de primeira venda (AVEMAR), integrar a xestión da pesca fresca dentro do alcance da ferramenta.
- Implantación dun novo procedemento administrativo no marco da solución que dea soporte os procesos de autorización, renovación e baixa dos establecementos de primeira venda no marco do sector da pesca fresca
- Soporte e evolución técnica do sistema de información de soporte da marca de calidade PescadeRías e do portal de promoción asociado ([www.pescaderiasdeondenon.com](http://www.pescaderiasdeondenon.com)).
- Completar o novo sistema de apoio na xestión administrativa de organizacións de produtores no sector da pesca e da acuicultura (OPPs)
- Desenvolver un novo Sistema de xestión de eventos feirais,
- Deseño de solucións de mobilidade no eido da Plataforma Tecnolóxica de Pesca
- Soporte e mantemento das solucións actualmente en produción: aplicación de usuario administrativo e solución para usuario do tramo internacional do río Miño (TIRM)
- En relación ao Rexistro de Buques de Galicia - Sistema de tramitación que soporte os procedementos administrativos asociados á xestión do Rexistro de Buques de Galicia -: Completar a implantación do segundo procedemento ligado á xestión de buques: cambio de porto base (PE401G).
- Continuar traballando coas Xefaturas Territoriais da Consellería de Mar en aras de conseguir a revisión funcional do resto de procedementos administrativos a desenvolver no marco do proxecto.
- Sistema de xestión dos permisos de marisqueo a pé (PEMAPE)
- Sistema de xestión de plans de explotacións marisqueira e recursos específicos: O obxectivo principal para 2020 é a validación e posta en marcha da solución para a xestión do seguimento de actividade nos plans de explotación marisqueira e de recursos específicos
- Xestión de licenzas de pesca deportiva. A finais do 2019 lanzouse a licitación dun novo sistema que facilite a xestión, a concesión e/ou renovación dos diferentes tipos de licenza de pesca deportiva, rexistrando toda a información propia no sistema para a súa posterior consulta, modificación e/ou análise; sistema que se desenvolverá durante 2020-21
- Soporte de primeiro nivel e atención a usuarios do equipamento e software de lonxas e confrarías que fan uso da contorna tecnolóxica periférica da PTP (CAU\_Lonxas).
- Continuar desenvolvendo accións de formación e promoción a usuarios nos sistemas e servizos da Plataforma Tecnolóxica da Pesca
- Redeseño completo - en deseño e contidos - do portal da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/>) como canle de comunicación da actividade da mesma.

**Área  
responsable:**

***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

<b>Actividade:</b>	<b>2.10.2. Implantar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de cursos no eido náutico-pesqueiro, tanto os sistemas de xestión coma as plataformas de teleformación</b>
<b>Descrición:</b>	Impulso sobre a acción formativa no sector do mar como panca para mellorar os coñecementos neste sector
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Sistema de xestión da formación pesqueira e do mar (XESTEN), que da resposta integral á xestión dos procesos formativos que son competencia do Servizo de Ensinanzas e Titulacións Náutico-Pesqueira. Durante 2020 o foco dos traballos están planificados en dúas direccións:</li> <li>→ Integración coas ferramentas de administración electrónica para un maior número de procedementos administrativos</li> <li>→ Posta en marcha do módulo de formación online.</li> <li>→ Respecto do módulo de formación online, ofrécese aos usuarios da formación ferramentas para a autoxestión (Portal Público do Estudiante). Nese senso traballárase en melloras na liña de integrar a visión dos portais público e privado existentes na actualidade. Soporte no desenvolvemento de cursos de formación on line e na plataforma de contidos asociada (Moodle - <a href="https://teleformacion-mrem.xunta.es/moodle/">https://teleformacion-mrem.xunta.es/moodle/</a>)- Curso de marifeiro/pescador: Melloras dos contidos, desenvolvemento de novas convocatorias (actualmente abertas en tres escolas náutico-pesqueiras) e integración anteriormente mencionada con XESTEN</li> <li>→ Continuarase a mellora da dotación dos centros formativos, de acordo aos acordos que se acaden coa unidade responsable dos mesmos</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.10.3. Evolucionar os sistemas e ferramentas de promoción e difusión de información do sector do mar a marcos e produtos de valor diferenciado</b>
<b>Descrición:</b>	Impulsar as canles de difusión e promoción dos produtos de mar, en particular de marcas diferencias ou de calidade
<b>Actividades 2020</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Melloras técnicas e de contidos nos portais promocionais de produtos do mar, incluíndo versión móbil:</li> </ul> <p style="text-align: center;">W_SABOR: <a href="https://osabordaaventuraestanomar.xunta.gal/">https://osabordaaventuraestanomar.xunta.gal/</a>).</p> <p style="text-align: center;">W_PERI: <a href="https://deondesenon.xunta.gal/">https://deondesenon.xunta.gal/</a>.</p> <p style="text-align: center;">BOCATA: <a href="https://ponlleaspilasaoteubocata.xunta.gal/es">https://ponlleaspilasaoteubocata.xunta.gal/es</a>.</p>



COMMEX: <https://comisiondomexillon.xunta.gal/>.

Novo portal VAIDEPEIXE <https://vaidepeixe.xunta.gal/Nova>

- Aplicacións móbiles que se poden descargar nos mercados virtuais (Android, IOS) como Non piques – Non peques (especies, tallas e vedas), PEIXES (Guía de especies pesqueiras), PERIMO (PescadeRías móbil), entre outras
- Posta en marcha dun novo portal (e app móbil asociada) para a Rede de Observadores do Medio Mariño Galego que permita reportar os avistamentos de especies no medio mariño galego e actuar como elemento e canle de difusión desta iniciativa.
- No 2020 desenvolverase unha análise sobre o sistema de cartelería dixital existente en mercados e outros puntos definidos pola Consellería do Mar, co obxecto de definir a viabilidade do seu soporte e evolución

**Área responsable:**

***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

**Actividade:** **2.10.4. Evolucionar os sistemas de xestión e difusión dos proxectos impulsados polos Grupos de Acción Local Pesqueiras (GALP)**

**Descrición:** Facilitar e mellorar as ferramentas de xestión das estratexias dos GALP, tanto facilitando a difusión da súa actividade, como facilitando aos GALP e á Consellería do Mar a súa xestión

**Actividades 2020** → No 2020 están identificadas evolutivos e melloras como a optimización da xustificación de proxectos e a documentación das mesmas presentada por sede, suxeito a establecer canles de financiamento do proxecto

**Área responsable:**

***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

**Actividade:** **2.10.5. Incrementar os servizos ofrecidos dende os terminais de autoservizo, e abrir ditos servizos a novos canles en mobilidade co sector.**

**Descrición:** Potenciar a utilización dos puntos de autoxestión para servizos informáticos nas lonxas galegas (TICPESC) e canles alternativas

**Actividades 2020:**

- Extensión do uso dos TICPESC: Cómpre potenciar a utilización con accións de específicas (baseadas nos datos do Informe de usos TICPESC 2019) en particular no sector de acuicultura; e avaliar a potencial incorporación de novos documentos e servizos. No 2020 continuaranse desenvolvendo accións de promoción e difusión (descritas en 2.10.1)
- Subministro e Instalación de nove (9) novos TICPESC nos puntos identificados pola Consellería do Mar, en función da actividade e necesidades derivadas da análise da actividades nos portos pesqueiros
- Extensión do sistema de pesada integrado en TICPESC a 21 novos puntos identificados pola Consellería do Mar, en función da actividade e necesidades derivadas da análise da actividades nos portos pesqueiros
- Extensión ao eido de mobilidade (descrito en 2.10.1). Progresiva extensión para os distintos documentos e procedementos que permita facilitar unha canle alternativa aos TICPESC en mobilidade. Estas solucións de mobilidade no eido da Plataforma Tecnolóxica de Pesca teñen como obxectivo facilitar novas canles na trazabilidade dos produtos pesqueiros, en particular o acceso desde dispositivos móbiles.

**Área responsable:****Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais****Indicadores asociados:**

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>2.10 Medidas para a xestión dixital da pesca</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Portal Público para Usuarios do Sistema integral de xestión das ensinanzas náutico-pesqueira (XESTEN).</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de xestión para as organizacións de produtores (OPPs) – xestión plans de control</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de Xestión de Permisos de Marisqueo a Pé (PE 401B)</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novos procedementos relacionados co Rexistro de Buques de Galicia</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de xestión de eventos feirais</li> <li>•</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de xestión da acuicultura</li> <li>•</li> </ul>	<b>En desenvolvemento</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de xestión de licencias de pesca deportiva</li> <li>•</li> </ul>	<b>En desenvolvemento</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extensión de 9 novos TICPESC e 21 puntos de pesada conectados</li> </ul>	<b>Instalados</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo sistema de acceso en Mobilidade para expedición de documentos de trazabilidade</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo portal (e app móbil asociada) para a Rede de Observadores do Medio Mariño Galego</li> </ul>	<b>Desenvolto</b>

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.11 Medidas para a xestión dixital doutros ámbitos sectoriais

Este programa persegue o desenvolvemento e posta en marcha dos sistemas que permitan a xestión dixital dos procesos de coordinación interna da administración pública, e de funcionamento de diversos rexistros vinculados a consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, e a modernización dos sistemas de información vinculados a diversos ámbitos sectoriais da administración pública galega (deporte, igualdade, emigración, interior,...). Dita modernización permitirá acadar unha xestión dixital dos procesos de traballo deste eido, dispor de información de calidade para a toma de decisións de xestión que permitan unha mellor prestación dos servizos do seu ámbito competencial, e en definitiva a mellora da calidade dos servizos que prestan.

#### Obxectivos

- Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do ámbito administrativo ou de coordinación.
- Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do eido de Emigración
- Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do eido de Igualdade
- Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do eido de Deporte
- Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos vinculados as emerxencias e interior

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.11.1. Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do ámbito administrativo ou de coordinación.</b>
<b>Descrición:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito administrativo ou de coordinación. En concreto, na actualidade inclúense:</li><li>○ No eido da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Sistema de xestión de diversos rexistro administrativos: Rexistro de colexios profesionais, rexistro de fundacións, rexistro de asociacións.</li><li>▪ Sistema de rexistro de parellas de feito.</li><li>▪ Sistemas para a xestión interna da administración pública: Sistema de xestión de parque móbil, xestión de habilitacións, sistema de xestión de accesos as instalacións da administración pública.</li><li>▪ Sistemas vinculados as entidades locais: Canle Eido Local e sistema de xestión de habilitacións locais.</li><li>▪ Sistema de xestión integral da Asesoría Xurídica.</li><li>▪ Sistema de xestión de convenios.</li><li>▪ Sistema de xestión de relacións parlamentarias.</li></ul></li><li>○ Sistemas para a xestión do Tribunal de Recursos de Contratación.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Sistemas para a xestión do Consello Consultivo.</li> <li>○ Sistema de xestión de gabinetes, e sistema de Comisión e Consello.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución continuada e mantemento de todos os sistemas incluídos neste eido, abordando melloras tecnoloxías para evitar obsolescencia dos sistemas, así como evolución funcional dos sistemas mencionados en base a demandas das unidades de referencia.</p> <p>→ Ademáis, e especificamente, establécense os seguintes fitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sistemas de xestión de diversos rexistros administrativos. Finalización dos procesos iniciados en 2019 de adecuación a tramitación electrónica integral diversos rexistros administrativos, integrados tamén coas canles de reutilización da información administrativa. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rexistros de colexios profesionais.</li> <li>- Rexistro de fundacións.</li> <li>- Rexistro de asociacións.</li> </ul> </li> <li>▪ Sistema de xestión de convenios da administración pública galega. Finalización do procesos iniciado en 2019 de renovación adecuación a tramitación electrónica integral e criterios de transparencia.</li> <li>▪ Posta en marcha do portal InnovalUSLab coordinado pola Asesoría Xurídica Xeral.</li> <li>▪ Inicio do proceso de análise para a renovación do sistema de xestión de habilitacións locais.</li> <li>▪ Inicio do proceso de análise para a actualización tecnolóxica dos Sistemas de Xestión de gabinetes e Sistema de Comisión e Consello.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.11.2. Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do eido de Emigración</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito da Secretaría Xeral de Emigración. En concreto, na actualidade inclúense neste eido:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Portal de relación coas comunidades galegas no exterior: GaliciaAberta e canle EsGalicia.</li> <li>○ Sistema de xestión do rexistro de galeguidade.</li> <li>○ Sistema de tramitación de diversas axudas para estudantes da comunidade galega no exterior.</li> <li>○ Diversos procedementos de tramitación de axudas dirixidas á comunidade galega no exterior.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	→ Evolución continuada e mantemento de todos os sistemas incluídos neste eido, abordando melloras tecnoloxías para evitar obsolescencia dos sistemas, así como evolución funcional dos sistemas mencionados en base a demandas das unidades de referencia.

- Posta en marcha da canle RetornaDixital dentro do portal GaliciaAberta.
- Posta en marcha na sede electrónica do sistema de acreditación dixital para a galegos non residentes.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **2.11.3. Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do eido de Igualdade**

**Descrición:** Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito da Secretaría Xeral de Igualdade. En concreto, na actualidade inclúense neste eido:

- Sistema de xestión dos Centros de Información a Muller (CIM), e xestión dos centros de reinserción (CRI)
- Sistema de xestión de ordes de protección.

**Actividades 2020:** → Evolución continuada e mantemento de todos os sistemas incluídos neste eido, abordando melloras tecnoloxías para evitar obsolescencia dos sistemas, así como evolución funcional dos sistemas mencionados en base a demandas das unidades de referencia.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **2.11.4. Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos do eido de Deporte**

**Descrición:** Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito da Secretaría Xeral para o Deporte e Fundación Deporte Galego.

**Actividades 2020:** → Evolución continuada e mantemento de todos os sistemas incluídos neste eido, abordando melloras tecnoloxías para evitar obsolescencia dos sistemas, así como evolución funcional dos sistemas mencionados en base a demandas da secretaría xeral para o deporte ou da Fundación Deporte Galego.

→ Integración da plataforma de actividade física saudable coa plataforma de educación

- Finalización do proceso de renovación da plataforma que da cobertura a:
- Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos (censo de instalacións deportivas, banco de recursos xeorreferenciados,...)
  - Plataforma deporte escolar galego.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

<b>Actividade:</b>	<b>2.11.5. Acadar a dixitalización dos procesos e procedementos vinculados as emerxencias e interior</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas vinculados a dirección xeral de emerxencias e interior:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Sistema de xestión de XOGO</li> <li>○ Plans de autoprotección e rexistro de voluntarios.</li> <li>○ Sistemas de xestión da Academia Galega de Seguridade: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sistema de xestión da AGASP e portal web.</li> <li>▪ Plataforma de formación on-line</li> </ul> </li> <li>○ Rexistro de policía local (novo sistema)</li> <li>○ Rexistro de policía autonómica (novo sistema)</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución continuada e mantemento de todos os sistemas incluídos neste eido, abordando melloras tecnoloxías para evitar obsolescencia dos sistemas, así como evolución funcional dos sistemas mencionados en base a demandas da Dirección Xeral de Emerxencias.</p> <p>→ Ademáis, e especificamente, establécense os seguintes fitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sistema de rexistro de policía local. Posta en marcha da primeira versión do sistema iniciado en 2019.</li> <li>▪ Sistema de rexistro da policía autonómica. Posta en marcha da primeira versión do sistema iniciado en 2019.</li> <li>▪ Sistemas de autoprotección e rexistro de voluntarios. Continuación dos criterios de adecuación aos criterios tecnolóxicos corporativos.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>2.11. Medidas para a xestión dixital doutros ámbitos sectoriais</b>	• Número de sistemas nos que estará dispoñible a primeira versión do sistema renovado ou construído (*)	<b>6</b>
	• Implantación do novo sistema de xestión de convenios	<b>Implantado</b>

(\*) Inclúense neste indicador: sistema de rexistro de fundacións; rexistro de colexios profesionais; rexistro de asociacións; rexistro de policía local; plataforma de deporte. Todos eles iniciados en 2019.

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.12 Plan Trabe: Modernización tecnolóxica dos Servizos Sociais

O plan Trabe ten como obxectivos incrementar a cobertura e a calidade da atención, optimizando a eficacia das prestacións e a satisfacción do usuarios ao basear as decisións asistenciais na eficacia, e nas preferencias e características dos usuarios en lugar de na dispoñibilidade de recursos; favorecendo a continuidade dos usuarios no seu domicilio e en contornos próximos, procurando alternativas á atención residencial e hospitalaria. Ditos obxectivos asistenciais artéllanse a través do aproveitamento das posibilidades das TIC empregando a información completa para a planificación estratéxica do sistema e facilitar o desenvolvemento de políticas de prevención e de medición de resultados, a vez que se incrementan os controis sobre o financiamento e os custos dos servizos prestados ós usuarios, se reducen os prazos e custos de tramitación e se aumenta a produtividade administrativa.

#### Obxectivos

- Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns
- Desenvolver un sistema de información integral de xestión dos centros públicos do eido de política social
- Desenvolver modelos de fogar dixital social que favorezan a prestación de servizos socio-sanitarios aos cidadans por parte das administracións
- Modernizar a dotación tecnolóxica dos centros do eido de política social
- Impulsar solucións de análise e axuda á toma de decisións no eido de política social

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.1. Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns</b>
<b>Descrición:</b>	Construción da Historia Social Única Electrónica, seguindo a liña de actuación prevista no Plan Trabe.
<b>Actividades 2020:</b>	Continuación da terceira fase de execución do proxecto (proxecto FEDER con período de execución 3 anos, iniciado en 2019), centrada fundamentalmente na evolución do sistema e na ampliación do ámbito de usuarios con acceso. Entre os obxectivos globais plantexados están:



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ampliación e melloras no módulo de Informes Sociais: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Novos modelos de informes sociais: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ proxecto de integración socio-educativo de menores de idade</li> <li>▪ proxecto socio-educativo vinculado a AIS</li> <li>▪ informe de revisión da RISGA</li> <li>▪ informe socio-educativo (educación familiar)</li> <li>▪ Informes sociais de aplicación nos procedementos de incapacitación legal</li> <li>▪ modelo de notificación de maltrato infantil (RUMI)</li> </ul> </li> <li>○ Melloras na usabilidade do ISU (informe social unificado)</li> <li>○ Implementación de mecanismo de firma biométrica</li> </ul> </li> <li>• Ampliación do módulo de solicitudes integrado con Sede Electrónica (incorporación de solicitudes de dependencia, discapacidade, AIS e PNC)</li> <li>• Ampliación da funcionalidade e implantación da xestión do tramo de inserción: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ desenvolvemento da fase 2 de integración con Emprego</li> <li>○ desenvolvemento da integración co PGIS</li> <li>○ implantación na totalidade dos Equipos de inclusión</li> </ul> </li> <li>• Ampliacións no módulo de AT (xestión baseada en calendario de actuacións)</li> <li>• Implantación de módulo de SAF (inicio de pilotaxe)</li> <li>• Implementación de mecanismo de integración de información de concellos con sistema de información propio</li> <li>• Implantación do uso do frontal en traballo social de Sanidade (SERGAS)</li> <li>• Continuación do desenvolvemento da liña de actuación de HSUE en mobilidade: proxecto ASISTE (desenvolvemento de escenarios de pilotaxe a lanzamento da APP)</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.2. Desenvolver un sistema de información integral de xestión dos centros públicos do eido de política social</b>
<b>Descrición:</b>	Modernización dos sistemas de información de xestión e asistenciais nas Residencias e Centros de Benestar.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Continuación da terceira fase de execución do proxecto (proxecto FEDER con período de execución 3 anos, iniciado en 2019), centrada fundamentalmente na consolidación do emprego do sistema en residencias públicas de maiores e discapacidade dependentes da Consellería de Política Social, e na incorporación de novas tipoloxías de centros soportados (rede de centros de atención residencial e de día do <i>Consortio galego de servizos de igualdade e benestar</i>; rede de centros de protección de menores). Entre os obxectivos globais plantexados están:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• pilotaxe de escenarios de emprego de CENPOS en Mobilidade (registro de coidados)</li> <li>• extensión a todas as residencias dos módulos de xestión de comedor e almacén</li> <li>• integración co sistema de xestión de lavanderías</li> <li>• paso de escenario de pilotaxe a escenario implantación en centros Consorcio</li> <li>• desenvolvemento de adaptación específica de CENPOS para centros de</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>protección de menores – fase de pilotaxe</li> <li>pilotaxe de ferramentas de promoción da autonomía persoal</li> <li>reforzo formativo para centros socio-comunitarios (apagado de aplicación legacy)</li> </ul> <p>Seguirase a contemplar como un aspecto clave o acompañamento na implantación de ferramentas SERGAS, e a posible definición e implantación de escenarios de integración.</p> <p>Continuaranse coas actuacións de coordinación con informática de Función pública e impulso á implantación en residencias das actuais ferramentas corporativas en materia de xestión de persoal.</p> <p>Continuarase avanzando na implantación de cobertura wifi en residencias públicas de maiores e discapacitados, como actuación necesaria para o despregue de funcionalidade de CENPOS en mobilidade.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.3. Implantación de Kronos en Centros</b>
<b>Descrición:</b>	Implantación do sistema de fichaxe Kronos en Centros de Benestar.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Colaborarase na extensión de kronos en residencias de maiores e discapacitados, nas que a Consellería ten interese en avanzar na implantación do sistema de fichaxe corporativo. Establecerase un Acordo marco que permita simplificar a dotación de puntos de fichaxe para o despregue progresivo do sistema nas residencias.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.4. Impulsar solucións de análise e axuda á toma de decisións no eido de política social</b>
<b>Descrición:</b>	Incorporación aos sistemas corporativos dun sistema de información analítico que de satisfacción ás necesidades de análise, reporting e explotación de datos globais das principais áreas de xestión da Consellería
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Arrancarase a execución da segunda fase do proxecto de desenvolvemento do sistema de información analítico da área de política social, cuxa primeira versión se puxo en marcha en 2019.</p> <p>→ Entre os obxectivos desta fase de proxecto están a consolidación das áreas</p>

	analíticas e fontes de información tidas en conta polo momento, a incorporación ao sistema de novos ámbitos de xestión, (protección de menores, xustiza penal, escolas infantís, centros de política social, financiamento de servizos socio-comunitarios) e a incorporación de casos de uso de analítica predictiva.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.5. Modernizar a dotación tecnolóxica dos centros do eido de política social</b>
<b>Descrición:</b>	Mellora do soporte a usuario e no equipamento de posto de traballo da rede en Centros de Política Social
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Soporte e equipamento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• nicio da incorporación de centros benestar ás novas políticas corporativas relativas a impresión.</li> <li>• Continuarase coa centralización no CPDi dos servizos prestados polos actuais servidores locais en residencias (30)</li> </ul> <p>→ Rede/comunicacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Continuarase coa cobertura wifi en residencias de maiores e discapacitados, necesaria para o emprego de CENPOS en mobilidade.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.6. Implantación de IANUS en Residencias de Maiores e Discapacitados</b>
<b>Descrición:</b>	Implantación da ferramenta IANUS para os perfís médicos e de enfermería das Residencias de Maiores e de Discapacitados
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Continuarase coa extensión da implantación de IANUS en perfís médicos e de enfermería en residencias socio-sanitarias</p> <p>→ avanzar en implantación en residencias privadas, priorizando residencias con prazas concertadas</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.12.7. Desenvolver modelos de fogar dixital social que favorezan a prestación de servizos socio-sanitarios aos cidadáns por parte das administracións</b>
<b>Descrición:</b>	Procura de solucións e servizos dixitais no fogar relacionados coa extensión da Teleasistencia avanzada baixo o modelo de Fogar dixital socio-sanitario
<b>Actividades 2020:</b>	→ Pilotaxe e lanzamento da aplicación móbil ASISTE, dentro da liña de actuación de desenvolvemento da HSUE en mobilidade.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>2.12 Plan Trabe: Modernización tecnolóxica dos Servizos Sociais</b>	Unidades/organismos/entidades locais que empregan o sistema HSUE	<b>313</b>
	Acceso dos traballadores sociais do Sergas á HSUE	<b>Implantado</b>
	Desenvolvemento en HSUE: circuito electrónico completo en xestión de Tramo de inserción de RISGA	<b>Desenvolto</b>
	Desenvolvemento en HSUE: formulario do rexistro unificado de maltrato infantil (RUMI)	<b>Desenvolto</b>
	Número de centros que empregan o sistema de información CENPOS	<b>82</b>
	Desenvolvemento en CENPOS: pilotaxe de solucións en mobilidade	<b>En pilotaxe</b>

## **Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais**

### **2.13 Plan Senda2020. Xustiza Dixital**

Dentro do ámbito competencial da administración pública galega inclúese a dotación de medios tecnolóxicos a administración de Xustiza en Galicia. O desenvolvemento deste programa está orientado ao desenvolvemento da administración electrónica xudicial, o expediente xudicial electrónico e en xeral os medios que permitan un funcionamento eficiente da administración de Xustiza en Galicia e interoperabilidade adecuada coa administración de Xustiza no resto do estado, así como co resto de administracións coas que interactúa, e prestar servizos próximos aos profesionais, vítimas de delito e cidadanía en xeral.

#### **Obxectivos**

- Continuar coa implantación do expediente xudicial electrónico.
- Desenvolver servizos para a sede electrónica e portal de servizos a cidadanía
- Desenvolvemento do arquivo electrónico da administración de xustiza en Galicia. Xestión avanzada da documentación electrónica.
- Desenvolver os sistemas de información de apoio para a xestión da actividade da oficina xudicial, fiscal e forense.
- Desenvolver o sistema de información para as oficinas de asistencia ao cidadán e a vítima
- Evolucionar os sistemas para a xestión do persoal ao servizo da administración de xustiza en Galicia
- Dotar dos medios especializados para as salas de vistas sen papeis e outras instalacións especializadas.
- Instalación dos sistemas de información para a cidadanía en sede xudicial (cartelería dixital)
- Adaptar de xeito continuado o posto de traballo e medios de escaneado e impresión para un expediente xudicial electrónico.
- Elaborar o plan de seguridade da administración electrónica xudicial.
- Realizar actividades continuadas de apoio a implantación dos sistemas e medios TIC
- Atender as persoas usuarias dos sistemas e medios do ámbito da administración de Xustiza.
- Creación dos sistemas de análise avanzado da administración de xustiza en Galicia

## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.13.1 Continuar coa implantación do expediente xudicial electrónico.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Dentro das liñas de traballo orientadas a facer efectiva a “Lei 18/2011, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza” así como a “Lei 42/2015, de 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuciamiento Civil”, e en definitiva o funcionamento da xustiza en un contexto dixital, en anos anteriores avanzouse na dotación de sistemas e medios para conquistar este obxectivo. En 2019, traballárase en afianzar este modo de traballo.</p> <p>En 2019 avanzárase na implantación e evolución continuada dos sistemas de este eido. Nesta actividade centrámonos nos procesos en sede xudicial.</p> <p>E traballárase na mellora dos sistemas de acceso ao expediente xudicial electrónico.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Evolución continuada dos sistemas de acceso ao expediente xudicial electrónico.</li><li>→ Visor do expediente xudicial. Implantación da nova versión do expediente xudicial que recolle a optimización de perfís de acceso aos expedientes, en especial dende audiencias provinciais a TSXG; incorporación dos obxectos audiovisuais; optimización da xestión dos expedientes de gran volume de documentación; melloras na visualización dos obxectos multimedia.</li><li>→ Análise e planificación da extensión do sistema de textualización de vídeos.</li><li>→ No relativo aos procesos de implantación da sinatura electrónica:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Finalización da implantación da sinatura electrónica na tramitación procesal, extendendo o seu uso en novos órganos xudiciais, abordando a súa implantación en novas órdes xurisdicionais, ata acadar o 95% dos órganos xudiciais.</li><li>○ Finalización da implantación da sinatura electrónica na tramitación fiscal, abordando, dacordo coas fiscalías, os ámbitos pendentes de Santiago e Ferrol.</li></ul></li><li>→ Evolución continuada do sistema de grabación de vistas orais (eFidelius), para a mellora operativa, tecnolóxica, adecuación de criterios de seguridade e de adecuación a normativa de aplicación.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

**Actividade:** **2.13.2. Desenvolver servizos para a sede electrónica e portal de servizos a cidadanía. Relacións electrónicas coa cidadanía e profesionais.**

<b>Descrición:</b>	<p>Dentro das liñas de traballo orientadas a facer efectiva a “<i>Lei 18/2011, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza</i>”, inclúense o desenvolvemento de servizos aos cidadáns a través da sede electrónica da administración de xustiza en Galicia, e por extensión do portal de servizos a cidadanía e aos profesionais.</p> <p>A liña de traballo inclúe a relación de servizos coa cidadanía e por extensión cos profesionais que se relación cos órganos xudiciais, e polo tanto o impulso das canles de relación electrónica cos órganos xudiciais.</p> <p>En 2020 avanza na implantación e evolución continuada dos sistemas de este eido. Nesta actividade centrámonos nos procesos en sede xudicial.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Sede xudicial electrónica.</b> Integración de novos servizos e extensión dos existentes alomenos ao 30% dos órganos xudiciais: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Extensión ao 30% dos órganos xudiciais da descarga de vídeos das grabacións de vistas orais mediante localizador.</li> <li>○ Extensión á totalidade de partidos xudiciais da solicitude de demanda por xuízo verbal.</li> <li>○ Incorporación da presentación do escrito de contestación á demanda, e escritos de trámite.</li> </ul> </li> <li>→ Posta en marcha da <b>canle de soporte técnico especializado</b> (mediante formulario de contacto co servizo de atención as persoas usuarias) dos servizos dixitais en sede electrónica.</li> <li>→ <b>Servizo de cita previa</b> nas sedes xudiciais. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Análise de viabilidade da posta en marcha do servizo de cita previa nas sedes xudiciais.</li> <li>○ Posta en marcha do servizo de cita previa por internet nos rexistros civís das cidades.</li> </ul> </li> <li>→ <b>Comunicacións electrónicas cos profesionais e institucións:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Continúa a incorporación progresiva de entidades dos colectivos que se relacionan electrónicamente coas sedes xudiciais. Co sistema LEXNET avanza en colectivos como as forzas e corpos de seguridade, as institucións sanitarias públicas e privadas, ás institucións penitenciarias.</li> </ul> </li> <li>→ Implantación do cargador de expedientes para a integración de expedientes recibidos de outras administracións.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

**Actividade:** 2.13.3. Desenvolvemento do arquivo electrónico da administración de xustiza en Galicia. Xestión avanzada da documentación electrónica.

<b>Descrición:</b>	Inclúense nesta actividade a evolución do repositorio de documentación electrónica dispoñible no sistema de xestión do expediente xudicial electrónico (visor), cara un arquivo electrónico coa aplicación dos estándares documentais para a conformación final do arquivo electrónico xudicial.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Inicio da construción do arquivo electrónico da administración de xustiza en Galicia.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.13.4.a Desenvolver os sistemas de información de apoio para a xestión da actividade da oficina xudicial, fiscal e forense. – Órganos xudiciais e fiscais.</b>
<b>Descrición:</b>	A Administración de Xustiza en Galicia e usuaria de diversos sistemas promovidos polo Ministerio de Justicia e o Consejo General del Poder Judicial. Corresponde á comunidade autónoma actualizalos na infraestrutura da Administración de Xustiza en Galicia, prestar o servizo de administración e soporte, así como promover o uso dos mesmos. Inclúense neste ámbito os sistemas de xestión procesal (Minerva) ou fiscal (Fortuny). Así como complementar os sistemas que se desenvolven dende a propia comunidade autónoma.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Actualización e soporte continuado dos sistemas de xestión procesal desenvolvidos polo Ministerio de Justicia e Consejo General del Poder Judicial.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Sistema de Xestión Procesal Minerva.</li> <li>○ Sistema de Xestión da Fiscalía Fortuny</li> <li>○ Sistemas do SIRAJ e Punto Neutro Xudicial.</li> <li>○ Rexistro civil en liña.</li> <li>○ E outros desenvolvidos polo Ministerio de Justicia.</li> </ul> <p>→ Análise de impacto da instalación en Galicia da nova arquitectura de Minerva distribuída polo Ministerio de Justicia.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.13.4.b Desenvolver os sistemas de información de apoio para a xestión da actividade da oficina xudicial, fiscal e forense. – Instituto de Medicina Legal.</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito do Instituto de Medicina Legal.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución continuada do sistema de xestión do Instituto de Medicina Legal.</p> <p>→ Posta en marcha do sistema de transcripción automatizada.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>



<b>Actividade:</b>	<b>2.13.4.c Desenvolver os sistemas de información de apoio para a xestión da actividade da oficina xudicial, fiscal e forense. – Sistemas de apoio a xestión loxística e procesos operativos nos órganos xudiciais.</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito da xestión, entre outros: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema de xestión dos arquivos físicos e pezas de convicción.</li> <li>- Sistema de xestión de medios</li> <li>- Sistema de xestión do tribunal xurado.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada do sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción. Continuación coa implantación efectiva do sistema nos órganos xudiciais do sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción.</li> <li>→ Deseño do sistema de xestión e reserva de recursos en edificios xudiciais (reserva de salas, de aulas de informática, etc...)</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.13.5. Desenvolver o sistema de información para as oficinas de asistencia ao cidadán e a vítima</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas vinculados a atención da cidadanía e das vítimas, en concreto: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Sistema de asistencia xurídica gratuita.</li> <li>○ Sistema de atención a vítima e cidadanía.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada e mantemento do sistema de asistencia xurídica gratuita.</li> <li>→ Posta en marcha do análise detallado do sistema de atención a vítima e cidadanía.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.13.6. Evolucionar os sistemas para a xestión do persoal ao servizo da administración de xustiza en Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte de diversos sistemas do ámbito da xestión de recursos humanos na administración de xustiza en Galicia. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Sistema de xestión de recursos humanos.</li> <li>○ Portal do empregado pública da Xunta de Galicia.</li> <li>○ Acreditación dixital do empregado público.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada e mantemento dos sistemas incluídos neste eido.</li> <li>→ Inicio do plan de renovación do sistema de xestión e posta en marcha do</li> </ul>

expediente dixital do empregado público.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **2.13.7. Dotar dos medios especializados para as salas de vistas sen papeis e outras instalacións especializadas.**

**Descrición:** As vistas orais supoñen un acto especialmente salientable no eido da necesidade de medios tecnolóxicos. Son un elemento especialmente críticos dado que o seu adecuado funcionamento é imprescindible para o correcto funcionamento da administración de xustiza, e inflúe no exercicio dos dereitos dos cidadáns neste eido.

Inclúense neste apartado a dotación de medios de este ámbito tamén noutras tipoloxías de salas (salas de declaracións ou salas de atención a menores).

**Actividades 2020:**

- Deseño da infraestrutura de audiovisuais para a prestación do servizo de grabación de declaracións en xulgados de guardia.
- Elaboración e implantación dos protocolos para a celebración de vistas telemáticas, no marco do desenvolvemento do Real Decreto-ley 16/2020, de 28 de abril, de medidas procesais e organizativas para hacer fronte ao COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza.
- Posta en marcha dunha nova fase de dotación de medios audiovisuais no período 2020-2021, e en función de dispoñibilidades orzamentarias:
- Finalización do proceso de implantación de eFidelius coa instalación en todas as salas de vistas que aínda carecen de él (6 ao final do 2019).
- Extensión das salas de vistas dixitais.
- Integración de equipamento para a integración de videoconferencia software nas salas de vistas.
- Implantación de sistema de grabación de declaracións en xulgados de guardia.
- Atención aos procesos de posta en marcha de novas sedes xudiciais (Novo edificio xudicial de A Parda-Pontevedra, novo edificio xudicial de Tui, nova sede xudicial de Vigo). Ademáis do traslado do equipamento das ubicacións orixinais, a dispoñibilidade orzamentaria e tramitación administrativa condicionará a dotación de sistemas audiovisuales.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **2.13.9. Adaptar de xeito continuado o posto de traballo e medios de escaneado e impresión para un expediente xudicial electrónico.**

**Descrición:** Execución dos procesos administrativos, técnicos e loxísticos para a adecuación e renovación continuada dos medios TIC en posto de traballo, garantindo a funcionalidade dos mesmo e evitando as obsolescencias tecnolóxicas. Igualmente

se inclúe neste ámbito o acompañamento aos procesos de posta en marcha de novos servizos dixitais e que requiren de dotación ou adecuación de medios tecnolóxicos en posto de traballo.

- Actividades 2020:**
- Actualización da maqueta corporativa de posto de traballo:
    - Migración do paquete ofimático nos postos de traballo da administración de xustiza.
    - Finalización da migración W7 a W10.
  - Inicio do análise e estudo de viabilidade dun modelo de xestión de posto de traballo baseado en **solucións de virtualización**, en liña co establecido na actividade 6.5.1.
  - Dotación ou renovación de aproximadamente o 1,5% de parque de postos de traballo en diferentes ámbitos ou acompañando ao proceso de implantación de novos servizos dixitais.
  - Dotación de escáneres de posto para a mellora das funcións de dixitalización de documentación nas oficinas de rexistro.
  - Implantación masiva dos **medios técnicos e recomendacións para o desempeño da actividade en modalidade de teletraballo** (acceso remoto á rede corporativa (VPN), plataformas de videoconferencia,...).

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **2.13.10. Elaborar o plan de seguridade da administración electrónica xudicial.**

**Descrición:** Elaboración do Plan de Seguridade da Información (PDSI) no ámbito dos sistemas de administración de Xustiza en Galicia.

- Actividades 2020:**
- Elaboración do PDSI:
    - Definición do marco de control e avaliación.
    - Identificación do marco normativo.
    - Análise continuado de risco.
    - Elaboración do plan de proxectos derivados do PDSI.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **2.13.11. Realizar actividades continuadas de apoio a implantación dos sistemas e medios TIC.**

**Descrición:** Como complemento a posta en marcha dos sistemas de información, se realizan tarefas de acompañamento e formación en sedes xudiciais. Así como a participación e coordinación de grupos de traballo tanto a nivel da Comunidade autónoma como a nivel estatal.

- Actividades 2020:**
- Realización de actividades formativas e de difusión xestionadas directamente dende a Amtega vinculadas á implantación de novos sistemas de administración electrónica xudicial ou expediente xudicial electrónico. En particular de xeito especial abordaránse as actividades de acompañamento na

- Realización de diversos plans de capacitación ou diusión vinculados á posta en marcha do visor do expediente xudicial, o reforzo formativo sobre os medios en salas de vistas, formación para o persoal de nova incorporación.
- Renovación da intranet corporativa, simplificando e renovando contidos para adecuación as novas necesidades derivadas da implantación da administración electrónica.
- Posta en marcha da plataforma de teleformación para a administración de xustiza en Galicia, baseada na plataforma corporativa PLAFOR. <https://formacion-xustiza.xunta.gal/>. Esta plataforma se utilizará tamén nos procesos de implantación remota de sistemas de información.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **2.13.12. Atender as persoas usuarias dos sistemas e medios do ámbito da administración de xustiza.**

**Descrición:** Nun contexto de unha cada vez maior presenza das TIC no desempeño da actividade, resulta cada vez máis relevante a dotación dun servizo de Atención a Usuarios suficientemente dotado, que atenda ao uso dos sistemas e medios TIC nos diferentes ámbitos de desenvolvemento da actividade da administración de Xustiza en Galicia. O Centro de Servizos aos Usuarios realiza a prestación deste servizo, e avanza na mellora dos procesos de atención, pero debe ser complementado por servizos cada vez máis especializado en aspectos como o uso dos medios audiovisuais.

Debe indicarse que para o desenvolvemento desta actividade, aplicaránse os procedementos e ferramentas de uso corporativa neste eido.

- Actividades 2020:**
- Mellora continuada da prestación do servizo ao usuario a través do **CSU da Administración de Xustiza**, que atende as persoas usuarias que realizan a súa actividade ao servizo da administración de Xustiza en Galicia. Inclúese a atención aos sistemas propios, e aos postos a disposición por outras administracións ou organismos.
  - Coordinación operativa co Ministerio de Xustiza e outros organismos provedores de sistemas de información no eido da administración de xustiza.
  - Continuación do **servizo de soporte especializado en medios audiovisuais** nas salas de vistas e outras instalacións.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **2.13.13 Creación do sistema de análise avanzado da administración de xustiza en Galicia**

**Descrición:** O sistema de análise de actividade e recursos da administración de xustiza en Galicia, será un elemento fundamental para o seguimento da evolución do funcionamento dixital da administración, dos recursos dispoñibles e actividade desenvolvida. Poráse en marcha dentro da plataforma de sistemas de información

analítica corporativa, estruturado en diversas áreas analíticas.

**Actividades 2020:** → Mantemento e evolución da área analítica da asistencia xurídica gratuita.  
 → Incorporación de novos indicadores da área analítica de seguimento da implantación do expediente xudicial electrónico.  
 → Inicio da área analítica de xestión procesal.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Indicadores asociados:**

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>2.13. Plan Senda2020. Xustiza Dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de órganos con cita previa por internet.</li> </ul>	<b>2</b>
<b>2.13.1 Continuar coa implantación do expediente xudicial electrónico.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>% de órganos xudiciais coa sinatura dixital integrada no procedemento de tramitación</li> </ul>	<b>75%</b>
<b>2.13.2. Desenvolver servizos para a sede electrónica e portal de servizos a cidadanía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de novos servizos publicados na sede xudicial electrónica ou portal da administración de xustiza.</li> </ul>	<b>2</b>
<b>2.13.7. Dotar dos medios especializados para as salas de vistas sen papeis e outras instalacións especializadas.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de salas de vistas implantadas co modelo salas de vistas dixitais.</li> </ul>	<b>50</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>% de salas de vistas con medios integrados para a celebración de videoconferencias.</li> </ul>	<b>50%</b>
<b>2.13.9. Adaptar de xeito continuado o posto de traballo e medios de escaneado e impresión para un expediente xudicial electrónico.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>% anual de renovación de equipamento en posto de traballo.</li> </ul>	<b>1,5%</b>
<b>2.13.11. Realizar actividades continuadas de apoio a implantación dos sistemas e medios TIC.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de horas de capacitación dixital ou acompañamento nos procesos de implantación para o persoal ao servizo da administración de Xustiza en Galicia.</li> </ul>	<b>600 horas</b>
<b>2.13.12. Atender as persoas usuarias dos sistemas e medios do ámbito da administración de xustiza en Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número medio anual de de contactos atendidos polo CSU Xustiza.</li> </ul>	<b>60.000</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Porcentaxe de tickets resoltos en menos dunha hora.</li> </ul>	<b>50,00%</b>

**Nota 1:** Considerarase por extensión tanto órganos xudiciais, como oficinas fiscais, como subdireccións territoriais do Imelga, por ser todos eles ámbitos de implantación da sinatura electrónica nos seus procedementos. Considerase como valor de referencia 284 un idades.

**Nota 2:** Considerase un parque de equipos de traballo de referencia de 3.970 equipos.

**Nota 3:** *Considéranse contactos todas aquelas comunicacións recibidas ou de atención proactiva no CSU, a través das distintas canles activas (teléfono, correo electrónico, formularios de autoservizo, entradas dende o 012, e aquelas outras que se poidan activar*



**OBJETIVO 3.**  
**FOMENTAR A CAPACITACIÓN DIXITAL**



## Obxectivo 3: Fomentar a capacitación dixital

### 3.1 Programa Abalar: Estratexia galega de educación dixital

O obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa, como motor dese proceso de modernización, cambio e mellora. Este programa posibilitará a modernización do sistema educativo, a mellora nas capacidades TIC entre profesores e alumnos e a mellora da calidade no ensino, o cal redundará na redución do fracaso escolar; a través de catro eixes de actuación: dotación de equipamento, infraestruturas e conectividade nos centros educativos; posta a disposición de contidos educativos dixitais curriculares e complementarios; capacitación e formación de profesorado, alumnado e familias; e integración e participación na educación dos distintos axentes da comunidade educativa a través de novos canles, plataformas e ferramentas.

#### Obxectivos

- Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo – EDIXGAL
- Modernizar a dotación dos centros educativos
- Mellorar a conexión a Rede Corporativa dos centros educativos
- Mellorar a atención aos actores da comunidade educativa
- Dotar de ferramentas e canles de colaboración entre os axentes da comunidade educativa

#### Actividades:

Actividade:	3.1.1. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo - EDIXGAL
<b>Descrición:</b>	<p>A transformación educativa que se está a producir nos sistemas educativos estatais e europeos, e polo tanto no galego, tanto desde unha perspectiva curricular como metodolóxica leva implícito facilitar contornas virtuais de aprendizaxe e contidos dixitais adecuados. As medidas técnicas orientadas a reforzar a funcionalidade e capacidade dos sistemas vencellados ao proxecto E-Dixgal teñen coma obxectivo prioritario garantir unha contorna de aprendizaxe fiable e adaptada ás necesidades da comunidade educativa.</p> <p>Outro aspecto crítico do proxecto E-Dixgal é a calidade dos contidos dixitais accesibles dende a plataforma. Neste apartado recollense as principais medidas previstas na ampliación da oferta de contidos e na mellora da facilidade de uso dos actuais, ademais da estratexia de apoio e fomento da participación do profesorado na elaboración de contidos de calidade.</p>



<b>Actividades 2020:</b>	<p>As principais actuacións neste ámbito son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Melloras no entorno virtual de aprendizaxe, e nos procesos de creación de cursos e precarga de contidos. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Evolución do Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) a unha nova versión baseada en Moodle 3.5.7.</li> <li>• Nova versión do Cliente Offline</li> <li>• Automatización e optimización da carga de contidos.</li> <li>• Incorporación dun buscador integrado con visualización de contidos.</li> <li>• Melloras na infraestrutura de soporte do EVA</li> </ul> </li> <li>→ Incorporación de novos contidos educativos. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración dos novos contidos dos provedores.</li> <li>• Desenvolvemento de novos contidos a través da factoría de contidos educativos dixitais</li> <li>• Promoción do emprego da Ferramenta de Autor do EVA.</li> <li>• Publicación de novos contidos innovadores a través da iniciativa DIXIT</li> </ul> </li> <li>→ Evolución do servizo de soporte Premium <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de pildoras multimedia de apoio a usuarios</li> <li>• Mellora nas canles de soporte</li> <li>• Iniciativas de dinamización e seguemento do proxecto</li> </ul> </li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade: 3.1.2. Modernizar a dotación dos centros educativos</b>	
<b>Descrición:</b>	Dentro das accións do primeiro eixo do proxecto Abalar (infraestruturas e equipamento nos centros), atópase a relativa á dotación aos centros educativos de Galicia, do equipamento necesario para o correcto desenvolvemento do proxecto.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Dotar aos centros participantes no proxecto Abalar – Educación Dixital de terminais para o alumnado de centros sostidos con fondos públicos e profesorado de centros públicos participante no proxecto.</li> <li>→ Dotar de postos de sobremesa para as aulas específicas de formación profesional.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b> 3.1.3. Mellorar a conexión a Rede Corporativa dos centros educativos	
<b>Descrición:</b>	Os proxectos dixitais en centros educativos requiren que as infraestruturas de telecomunicacións estean dimensionadas adecuadamente, permitindo a interconexión dos distintos sistemas, e garantindo un acceso a Internet de calidade.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Mellora da conexión a Internet a través da Rede Corporativa da Xunta de Galicia, dotando aos centros educativos de conexións con velocidades superiores a 100 Mbps, en particular, mellorando ata ditas velocidades a conexión a RCXG de todos os centros públicos que imparte educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b> 3.1.4. Mellorar a atención aos actores da comunidade educativa	
<b>Descrición:</b>	A atención áxil e fiable das consultas, peticións e incidencias da comunidade educativa garante a fluidez na execución dos procesos apoiados polos sistemas de información do ámbito educativo, xeran confianza nas persoas usuarias; e permiten o uso autónomo e fiable dos sistemas de información e dos procesos aos que apoian.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Melloras nas canles de atención do servizo de soporte Premium a usuarios da educación dixital ... → Melloras nas canles de atención aos centros educativos a través da Unidade de Atención a Centros (UAC)
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b> 3.1.5. Dotar de ferramentas e canles de colaboración entre os axentes da comunidade educativa	
<b>Descrición:</b>	A evolución das TIC permite aproveitar canles innovadoras de comunicación que permiten unha maior axilidade na coordinación e comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Evolución dos servizos proporcionados ás familias co desenvolvemento de novas funcionalidades na aplicación móbil abalarMobil e na aplicación web de Abalar, así como a promoción das mesmas. → Nova app para o profesorado, con integración con Abalar e Xade.
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>3.1 Programa Abalar: Estratexia galega de educación dixital</b>	• N.º de alumnos en educación dixital	32.000
	• Velocidade media da conexión á rede corporativa dos centros educativos (Mbps)	316 Mbps

### Obxectivo 3: Fomentar a capacitación dixital

#### 3.2 Programa de bibliotecas en rede

As bibliotecas son escenarios importantes no desenvolvemento dunha sociedade xa que poñen a dispor da comunidade os medios culturais, en especial para aqueles colectivos con máis dificultade de acceso a eles.

A finalidade última e a dotación as bibliotecas de Galicia (as pertencentes a rede de bibliotecas de Galicia, as bibliotecas especializadas da Xunta ou de outras institucións, e as bibliotecas de centros escolares), dos instrumentos necesarios para a xestión da biblioteca e a prestación de servizos aos seus usuarios, tanto no relativo a fondo en soporte físico como o fondo en formato dixital. Isto inclúe sistema de xestión bibliotecaria, plataformas de xestión de préstamos tanto en soporte en papel como en soporte dixital; a presenza en internet da rede e especificamente das bibliotecas nodais; a dotación de equipamento e medios nas bibliotecas, e diversos sistemas complementarios ao redor do eido do libro.

A dotación de sistemas e tecnolóxicas para o funcionamento coordinado e dixital das bibliotecas permitirán compartir os recursos xestionados por elas e achegalos a un abano máis amplo da sociedade, e facilitar o capacitación dixital da mesma. Así mesmo o desenvolvemento tecnolóxico permitirá dispor de información analítica do uso, impacto e calidade dos servizos prestados nas redes de bibliotecas municipais e escolares.

#### Obxectivos

- Implantación dos sistemas que dan soporte e avanza na dixitalización da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- Implantación dos sistemas que dan soporte e avanza na dixitalización da rede de bibliotecas escolares.
- Dotar dos medios tecnolóxicos adecuados ás bibliotecas
- Desenvolvemento de sistemas para avanzar na dixitalización de procesos complementarios ao redor do ámbito do libro.
- Desenvolvemento dos sistemas para a xestión estatística do eido do libro e das bibliotecas.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.2.1. Implantar o catálogo colectivo da RBG</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sistema de xestión bibliotecaria da RBG está baseado na plataforma KOHA-ILS, sistema integral de xestión bibliotecaria de código de fontes abertas, que foi adaptado pola en anos precedentes para o seu funcionamento na modalidade de bibliotecas en rede e configuración do catálogo colectivo único.</p> <p>A posta en marcha deste catálogo colectivo único implica a integración no mesmo das bibliotecas e axencias de lectura municipais, integrantes da rede e usuarias</p>

previamente do sistema de xestión bibliotecaria Meiga.

- Actividades 2020:** → No relativo a extensión do uso do sistema nas bibliotecas e axencia de lectura municipais, continuarase coa integración das que están aínda utilizando o sistema de xestión bibliotecaria Meiga. A estimación para o 2020 é a seguinte:
- Integración de 45 novas bibliotecas, con proceso de migración de contidos.
  - Planificación dunha nova fase para abordar en 2020-2021 ata rematar o proceso de integración no catálogo colectivo común todas as bibliotecas municipais que aínda están en Koha.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 3.2.1.b Implantar o catálogo colectivo da RBG – Evolución do sistema

**Descrición:** O sistema de xestión bibliotecaria da RBG está baseado na plataforma KOHA-ILS, sistema integral de xestión bibliotecaria de código de fontes abertas, que foi adaptado pola en anos precedentes para o seu funcionamento na modalidade de bibliotecas en rede e configuración do catálogo colectivo único. Este sistema complementase:

- Co sistema de préstamo de libro dixital (GaliciaLe).
- co desenvolvemento da presenza en internet tanto da rede de bibliotecas e de forma específica as bibliotecas nodais.

Nesta actividade inclúense as actuacións relativas a evolución necesarias das plataformas que configuran a plataforma, coa finalidade de acadar un sistema integral de xestión e difusión do recursos en soporte físico e dixital.

Igualmente a plataforma KOHA **utilizarase para á atención a bibliotecas especializadas** para que, sin formar parte da rede e coas condicións de atención que se poidan facilitar, dispoñan dun sistema de xestión bibliotecaria actualizado.

- Actividades 2020:** → Evolución continuada e mantemento dos sistemas vinculados á rede de bibliotecas de Galicia centrados en:
- Sistema integral de xestión bibliotecaria KOHA.
  - Rede de portais das bibliotecas nodais e da propia rede de bibliotecas.
  - Sistema GaliciaLE de préstamo de recursos electrónicos (libros dixitais e fondos audiovisuais).
- Deseño da nova fase de evolución dos sistemas orientada a **integración dos ámbitos de soporte físico e soporte dixital** permitindo o establecemento dunha canle única de acceso e préstamo dos fondos.
- No relativo a **utilización do sistema por parte de bibliotecas especializadas**, abordarase:
- Configuración da arquitectura tecnolóxica deseñada en 2019 para dar soporte a este tipo de bibliotecas cunha instancia do sistema KOHA, para

a prestación do servizo de sistema de xestión bibliotecaria neste tipo de bibliotecas.

- Definición do protocolo de integración de bibliotecas neste modelo, e integración das primeiras.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **3.2.2 Modernizar o sistema de xestión de bibliotecas escolares**

**Descrición:** A rede de bibliotecas escolares dispón dun sistema de xestión bibliotecario baseado no sistema Meiga, compre abordar a súa renovación tecnolóxica e valorar novas posibilidades de xestión en rede e integración de libro dixital. En 2019 abordouse o proceso de implantación do sistema KOHA en 10 bibliotecas escolares que serviron para validar que a solución elixida é adecuada para o funcionamento das mesmas.

Durante 2018 abordouse o análise de detalle do sistema KOHA para a súa posible implantación nas bibliotecas escolares

- Actividades 2020:**
- Posta en marcha do proceso de extensión masiva da implantación de KOHA na rede de bibliotecas escolares.
  - Extensión do sistema de préstamo de libro dixital.
  - Determinación das necesidades de evolución e adecuación da plataforma para a integración no funcionamento adecuado dos centros escolares.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **3.2.3. Dotar dos medios tecnolóxicos adecuados ás bibliotecas**

**Descrición:** O sistema de xestión bibliotecaria debe ir complementada coa dotación de medios tecnolóxicos adecuados para a xestión dos fondos en biblioteca, e a accesibilidade dos cidadáns aos medios TIC.

- Actividades 2020:**
- Adxudicación, instalación e posta en marcha de novo equipamento para os sistemas de xestión de préstamo mediante RFID nas bibliotecas:
    - Biblioteca pública de Santiago "Ánxel Casal"
    - Biblioteca Pública de A Coruña "Miguel González Garcés"
    - Biblioteca Pública de Lugo
    - Biblioteca Pública de Pontevedra "Antonio Odriozola"
    - Biblioteca Pública de Vigo "Juan Compañel"
  - No proceso de renovación dos medios postos á disposición da cidadanía prevese a mobilización de 34 equipos de sobremesa novos para uso público na Biblioteca Pública de Santiago "Ánxel Casal". (*recollido no programa 6.5*)
  - Análise da renovación do sistema de control de accesos Radius utilizado nos

postos de uso por parte do cidadán.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **3.2.4. Desenvolver e implementar novas funcionalidades nos sistemas vinculados ao ámbito das bibliotecas.**

**Descrición:** Vinculados ao eido das bibliotecas e xestión bibliotecaría tanto na Xunta de Galicia como de centros coordinados. Inclúense neste ámbito:

- **O catálogo de publicacións institucionais da Xunta de Galicia.** Nesta plataforma, <https://libraria.xunta.gal>, a Administración autonómica concentra todo o seu fondo editorial para poñelo á disposición do conxunto da cidadanía e das librarías. Dá cumprimento á *Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia*, que no art.11.4 di que “a Xunta de Galicia creará unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno”.
- **O sistema de adquisición de novidades editoriais galegas** por parte dos concellos con bibliotecas públicas municipais.
- **Ler Conta Moito.** Xestiona o programa Ler Conta Moito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o que se otorga unha axuda porcentual para a realización de actividades culturais na Rede de Bibliotecas de Galicia e nos concellos, financiado tanto pola Consellería como por cada Concello.
- **Sistema de enquisa da rede de bibliotecas.** Formulario de recollida de datos de todas as bibliotecas de que compoñen a rede de bibliotecas de Galicia, e das Unidades Administrativas, estruturado en diferentes seccións.
- **Rexistro do directorio oficial da rede de Bibliotecas de Galicia,** mantemento actualizado dos datos de todos os rexistros de cada biblioteca.
- **O sistema de xestión de axudas** para bolseiros de biblioteconomía.
- **Depósito Legal.** Sistema para a xestión do depósito legal en soporte físico.

- Actividades 2020:**
- Evolución e mantemento continuado dos sistemas recollidos neste apartado e mencionados na descrición da actividade.
  - Adaptación do sistema de xestión de axudas para bolseiros de biblioteconomía para a convocatoria 2020.
  - Desenvolvemento e posta en marcha da renovación do sistema de xestión de depósito legal, que inclúe:
    - A xestión das solicitudes de asignación de Número de Depósito Legal, tanto recibidas presencialmente como a través da Sede Electrónica.
    - Xestión da constitución do depósito legal en soporte tanxible.
    - Xestión das solicitudes de prórroga do prazo de constitución, tanto presenciais como a través de Sede Electrónica.
    - Xestión das solicitudes de anulación do NDL, tanto presenciais como a través de Sede Electrónica.
    - Xestión da base de datos de publicacións periódicas.

Xestión dos envíos aos centros de conservación e recepción dos exemplares nos mesmos.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>3.2.1. Implantar o catálogo colectivo da RBG</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de bibliotecas integradas no catálogo colectivo único.</li></ul>	<b>250</b>
<b>3.2.1. Implantar o catálogo colectivo da RBG</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Configuración</li></ul>	<b>Finalizado</b>
<b>3.2.2 Modernizar o sistema de xestión de bibliotecas escolares</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Número mínimo de bibliotecas escolares integradas no sistema KOHA.</li></ul>	<b>30</b>
<b>3.2.3. Dotar dos medios tecnolóxicos adecuados ás bibliotecas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Instalación do equipamento de RFID nas bibliotecas identificadas na actividade 3.2.3</li></ul>	<b>Instalado</b>
<b>3.2.4. Desenvolver e implementar novas funcionalidades nos sistemas vinculados ao ámbito das bibliotecas.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Novo sistema para a xestión do depósito legal.</li></ul>	<b>Dispoñible</b>



### Obxectivo 3: Fomentar a capacitación dixital

#### 3.3. Plan de inclusión dixital

No ámbito da cidadanía dixital, co fin de continuar avanzando na inclusión dixital da cidadanía e, con especial atención nos colectivos en risco de exclusión dixital, durante o ano 2020 traballarase en aliñamento cos compromisos establecidos no Plan de Inclusión Dixital 2020 e na Axenda Dixital de **avanzar “da alfabetización á autonomía dixital”**.

Estableceranse así as bases para que calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, poida avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC, o que permitirá a redución da fenda dixital e a integración e aproveitamento da sociedade dixital dun xeito máis autónomo.

Grazas á colaboración da Rede CeMIT e dos aliados dixitais, sumaranse esforzos conxuntamente para agregar capacidades e recursos no desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 co fin de alcanzar unha sociedade plenamente dixital en 2020 e conseguir os obxectivos de:

- *Promover a autonomía persoal e o envellecemento activo, así como a xeración de confianza e seguridade dixital.*
- *Mellorar a empregabilidade e a calidade de vida e benestar da cidadanía.*
- *Resolver desafíos sociais de forma colaborativa.*

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.1 Sensibilización sobre o uso das TIC á cidadanía con menos coñecementos</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolveranse actividades para a promoción das novas tecnoloxías na vida cotiá das persoas, dotando de coñecementos básicos que lles permitan aprender e abordar con confianza e normalidade a súa iniciación no uso das TIC.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Sensibilización e alfabetización no uso das TIC por parte das persoas en risco de exclusión dixital, en colaboración dos Aliados Dixitais, especialmente atendendo as persoas maiores para favorecer un envellecemento activo.</li><li>→ Organización de sesións de capacitación no uso de novos dispositivos, que permitan trasladar os beneficios que estes ofrecen por medio de demostracións prácticas.</li><li>→ Desenvolvemento de actividades de fomento da cultura de seguridade na Rede, sensibilizando sobre a importancia dunha experiencia segura e fiable no uso das TIC, tomando conciencia dos riscos que as TIC e Internet poden presentar, especialmente entre os colectivos máis vulnerables como son as persoas maiores, as familias e os menores de idade.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.2 Programa para a Capacitación Dixital</b>
<b>Descrición:</b>	Aumentar o nivel de coñecementos da cidadanía que xa tivo contacto coas TIC, permitiéndolle acceder a novos usos das novas tecnoloxías, impulsando a realización de actividades formativas avanzadas e promovendo a formación a distancia a través das videoconferencias.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Impulso de actividades formativas no uso de servizos dixitais en colaboración cos aliados dixitais.</li> <li>→ Organización de iniciativas formativas no eido da robótica e programación para rapazas e rapaces.</li> <li>→ Fomento do uso común de material formativo entre as aulas a través da wiki interna da Rede CeMIT, contando coa colaboración dos responsables das aulas e dos aliados dixitais.</li> <li>→ Xestión da iniciativa Compartic, para a compartición de formación avanzada entre as aulas da Rede CeMIT por medio dos sistemas de videoconferencia, permitindo unha maior ampliación formativa en capacitación dixital nas aulas participantes, un maior dinamismo e rendibilización dos esforzos.</li> <li>→ Difusión e retransmisión de actividades formativas con aliados dixitais a través do sistema de videoconferencia das aulas da Rede CeMIT.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.3 Certificación de Competencias Dixitais</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Aumentar o nivel de coñecementos nas TIC da cidadanía, facilitando o seu acceso á obtención da certificación de competencias dixitais e achegar recursos baseados en Software Libre (GNU/Linux e LibreOffice) para a obtención da Certificación facéndoos así alcanzable a toda a cidadanía.</p> <p>Continuar coa realización de análises de viabilidade da implementación de novas acreditacións en competencias dixitais segundo as necesidades da cidadanía.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Organización de accións formativas para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática na rede de aulas CeMIT.</li> <li>→ Titorización a través do Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA) na realización do cursos de teleformación do CODIX.</li> <li>→ Publicación de 4 convocatorias para a certificación de Competencias Dixitais en Ofimática para os cidadáns que opten pola formación (presencial, teleformación e autoformación), ás que igualmente terán acceso as persoas con discapacidade.</li> <li>→ Execución das probas presenciais e expedición das certificacións para todas aquelas persoas que superen as probas.</li> <li>→ Continuidade da análise de viabilidade para a implementación de novas acreditacións en competencias dixitais, tales como as derivadas do marco europeo DIGCOMP para a cidadanía.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

**Actividade: 3.3.4 Conectividade para a realización de exames universitarios**

**Descrición:** Posta a disposición da Rede CeMIT ás tres universidades galegas coa finalidade de facilitar a realización dos exames correspondentes ao curso universitario baixo o marco de colaboración entre a Amtega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Os estudantes universitarios galegos poderán facer uso do servizo de conectividade das aulas CeMIT para realizar os seus exames universitarios trala medida tomada polas universidades de rematar o curso 2019/2020 de forma non presencial, tanto para o período de docencia como para o de avaliación coa finalidade de evitar a propagación do virus SARS-CoV-2 e da enfermidade COVID-19.

Deste xeito, garantírase que o alumnado das universidades galegas conta cos medios necesarios para realizar a avaliación das súas materias na modalidade non presencial coa comodidade de dispor dunha aula CeMIT a menos de 30 minutos do seu fogar.

**Actividades 2020:**

- Xestión e apoio durante todo o proceso de definición e posta en marcha da iniciativa.
- Elaboración do protocolo para a realización de exames universitarios na Rede CeMIT, tanto desde o punto de vista do universitario/a, como do axente TIC.
- Apoio e asesoramento a todos os axentes implicados na iniciativa (universitarios, universidades, axentes TIC, concellos, Fegamp, etc).
- Seguimento e computo das actividades enmarcadas nesta iniciativa no proceso de avaliación para os efectos do mantemento ou, de ser o caso, obtención da condición de “aulas de referencia”.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade: 3.3.5 Modelo de relación cos Axentes do ecosistema dixital**

**Descrición:** Potenciación do modelo de relación flexible e en rede, sustentado en “Alianzas Dixitais” entre os axentes (Xunta de Galicia, Entidades Locais e FEGAMP, Universidades, Colexios Profesionais, entidades do terceiro sector e sector empresarial) e nos principios de cooperación e coordinación, co fin de xerar sinerxías e un efecto multiplicador que permita acadar unha maior chegada ao territorio e, en definitiva, á cidadanía.

**Actividades 2020:**

- Xestión, captación e dinamización das diferentes alianzas dixitais que colaborarán na execución das actividades de inclusión dixital e na conmemoración de días relevantes no ámbito das TIC.
- Identificación de temáticas de interese por parte da cidadanía e apoio na organización e execución das iniciativas cos aliados dixitais ao longo de toda a xeografía galega.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

Actividade:	3.3.6 Dinamización do Voluntariado Dixital
<b>Descrición:</b>	<p>Desenvolveranse actuacións para a dinamización e o fomento do voluntariado dixital, co obxectivo de aliñar a oferta e demanda de voluntarios dixitais, os cales colaboran de forma altruísta co seu tempo e coñecementos no ámbito TIC, nas Entidades de Acción Voluntaria adheridas ao Programa de Voluntariado Dixital (VoDIX).</p> <p>Para iso realizarase unha análise territorial para detectar as posibilidades de realizar actuacións concretas (apoios dixitais) a través do voluntariado e prestarase apoio na planificación das mesmas. E farase foco de maneira especial nas zonas xeográficas con necesidades detectadas no eido da inclusión dixital e que non dispoñen de aula CeMIT e naquelas nas que o nivel de uso da aula CeMIT é baixo, coa finalidade de incidir naqueles colectivos con maior risco de exclusión dixital.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Realización de actividades de formación para capacitar ao voluntariado dixital.</li> <li>→ Impulso e apoio na execución dos apoios dixitais (presenciais e virtuais) demandados polas entidades colaboradoras para a atención dos distintos colectivos (persoas maiores, persoas con discapacidade, etc.).</li> <li>→ Seguimento das actividades das persoas voluntarias e xestión dos diplomas de experiencia voluntaria.</li> <li>→ Difusión do programa de voluntariado dixital e os mecanismos de recoñecemento para as persoas voluntarias.</li> <li>→ Fomento e impulso da colaboración de entidades e organismos para a posta en marcha de iniciativas de voluntariado, mediante a presentación e execución de programas de actuacións concretos.</li> <li>→ Dar visibilidade á celebración do día internacional do voluntariado</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

Actividade:	3.3.7 Web do Plan de Inclusión Dixital e outras ferramentas de soporte
<b>Descrición:</b>	<p>Enriquecemento do espazo web do Plan de Inclusión Dixital como instrumento integrador de todos os servizos, proxectos, iniciativas e actividades desenvolvidas pola Xunta de Galicia no ámbito da Inclusión Dixital.</p> <p>En paralelo, continuarase realizando melloras nas ferramentas de soporte (EMA, plataforma de teleformación e XEA, plataforma para a xestión integral das aulas CeMIT, así como as Webs de CeMIT e Voluntariado Dixital) e alimentando con novos contidos a wiki co obxectivo de facilitar a achega da información sobre as distintas actividades desenvolvidas no marco do Plan de Inclusión Dixital aos usuarios e usuarias.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>As actuacións a realizar sobre a web do Plan de Inclusión Dixital serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Actualizar os contidos e servizos destacados sobre a inclusión dixital en Galicia e os de maior utilidade para a cidadanía e os axentes implicados.</li> <li>→ Dispor dun punto de encontro e contacto entre todos os aliados dixitais.</li> </ul> <p>No que respecta ás ferramentas de soporte, as accións a realizar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Realizar actualizacións das ferramentas e webs.</li> </ul>

- Mellorar a explotación de información e a xestión de usuarios.
- Actualización dos contidos da Wiki.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **3.3.8 Guías e recomendacións sobre o uso das TIC e a Rede CeMIT de forma segura durante o confinamento**

**Descrición:** Posta a disposición da cidadanía unha serie de publicacións, post e guías con recomendacións sobre ferramentas, solucións e consellos para un uso seguro da Rede especialmente durante o período de confinamento coma consecuencia da enfermidade COVID-19.

Con estas publicacións abordaranse temas de interese para toda a cidadanía e como a tecnoloxía pode ser de gran utilidade e mellorar a calidade de vida durante o estado de emerxencia sanitaria.

**Actividades 2020:**

- Elaboración de guías e post con recomendacións para a cidadanía abordando temas coma o uso responsable e seguro da tecnoloxía no fogar, o teletraballo, e ensinando outros aspectos máis cotiás como manterse activ@ física e mentalmente grazas á tecnoloxía, aproveitar o tempo na casa por parte dos maiores ou entreteres na casa con nen@s e coas TIC.
- Creación dun vídeo participativo e divulgativo para por en valor as vantaxes de vivir conectados e como a tecnoloxía axuda durante o confinamento como consecuencia da COVID-19.
- Compartición cos axentes TIC e publicación na web CeMIT das recomendacións orientativas cara a reapertura das aulas CeMIT de xeito presencial tras o seu peche coma consecuencia do estado de emerxencia sanitaria.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
3.3.1, 3.3.2, e 3.3.4 Faite Dixit@	• Número de horas de formación	35.000
	• Número de usuarios da rede CeMIT	96.000
	• Número de cursos de formación	2.500
3.3.3 Certificación de Competencias Dixitais	• Nº de certificacións convocadas en competencias dixitais	1.100
3.3.5 Modelo de relación cos Axentes do ecosistema dixital	• Número de aliados dixitais	875
3.3.5 e 3.3.6	• Número de actividades postas en marcha con aliados dixitais	25

## Obxectivo 3: Fomentar a capacitación dixital

### 3.4. Plan de promoción do talento dixital

DigiTalent, o Plan de promoción do talento dixital de Galicia 2020, é un plan integral que combina distintas medidas para todo o ciclo vital da cidadanía: a infancia, con medidas para impulsar as vocacións STEM; a xuventude, con actuacións para facilitar a adaptación aos novos perfís dixitais; e a madurez, facilitando a perfís directivos formación, sensibilización e iniciativas para impulsar o emprendemento e a xeración de ideas innovadoras.

Formulado como unha iniciativa aberta con achegas da propia Administración autonómica e dos axentes do ecosistema dixital, entre os que están as empresas que en 2013 se adheriron ao Pacto Dixital da Xunta para impulsar o crecemento tecnolóxico da Comunidade, o Plan contempla así un catálogo de actuacións que dan resposta ás necesidades específicas de cada perfil:

- *Vocacións científico-tecnolóxicas*: espertar, motivar e potenciar as vocacións STEM desde idades temperás.
- *Novos perfís dixitais*: revertir o gap de competencias dixitais para cubrir os postos vacantes e/ou adaptar a man de obra actual aos novos requirimentos da dixitalización.
- *E-Líders para a transformación dixital*: promover as capacidades de e-liderado que permitan ás persoas identificar, crear e explotar oportunidades derivadas da innovación dixital maximizando o valor das súas organizacións en todas as súas fases.

Deste modo, o plan asume a misión de reducir a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital e promover que a cidadanía conte coas capacidades necesarias para desenvolverse plenamente no ámbito dixital tanto na súa vida persoal como profesional.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.1 Desenvolvemento de actuacións para o fomento das TICs na xuventude e na súa contorna familiar</b>
<b>Descrición:</b>	Programa de actividades e talleres on line para a resolución de desafíos temáticos co obxectivo de involucrar aos máis novos na investigación, a tecnoloxía e a ciencia, poñendo en práctica a súa creatividade, capacidade de resolución de problemas e outras competencias persoais nunha contorna colaborativa. Desenvolveranse encontros con profesionais TIC e actividades para conectar as distintas xeracións coa tecnoloxía.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Deseño e planificación do catálogo de actividades e temáticas a desenvolver nas xornadas.</li><li>→ Organización e desenvolvemento do calendario de actividades e posta en marcha dos mecanismos de difusión que permitan maximizar o nivel de participación nas mesmas..</li></ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.2 Programa Girl STEM: derrubando estereotipos</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Programa para motivar as vocacións tecnolóxicas entre o alumnado feminino creando referentes, visibilizando roles e empoderandoas para que aposten por carreiras STEM.</p> <p>A través dunha rede de profesionais de recoñecido prestixio, o obxectivo é dar maior visibilidade entre as nenas aos roles das mulleres no sector TIC e reducir a fenda existente entre homes e mulleres nos estudos STEM. Os vídeos das referentes estarán dispoñibles online e achegarán a súa experiencia aos máis novos contribuíndo a derrubar estereotipos e deixando patente a importancia do talento feminino no sector tecnolóxico.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Desenvolvemento dun programa de referentes con mulleres profesionais de recoñecido prestixio para motivar as vocacións tecnolóxicas entre o alumnado feminino</li> <li>→ Difusión a través de redes sociais e centros educativos.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.3 Progama Tecnólogo por un día</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Actividade orientada a nenos e nenas entre 12 a 17 anos para que experimenten en primeira persoa como é un día de traballo no marco das profesións dixitais e o tipo de competencias que require, participando con profesionais voluntarios de empresas tecnolóxicas nas distintas actividades que teñan na axenda, co fin de proxectar unha mellor visión das profesións científico-tecnolóxicas.</p> <p>Durante o 2020 ofreceranse novas prazas da man de grandes organizacións galegas que se adhiran ao programa para colaborar no seu desenvolvemento.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Deseño das novas edicións e xestión dos contidos/materiais no espazo web necesarios para o seu desenvolvemento.</li> <li>→ Lanzamento da convocatoria para a colaboración das empresas TIC e selección de participantes e asignación das prazas dispoñibles en función dos intereses manifestados por parte do alumnado.</li> <li>→ Desenvolvemento da xornada na que os participantes compartirán axenda cos profesionais (asistir a reunións con distintos departamentos, visitas a socios/clientes tecnolóxicos, comida de traballo, etc. ).</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.4 Desenvolvemento das Bolsas DigiTalent</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Programa de bolsas para a realización de prácticas formativas en empresas do sector tecnolóxico orientado a estudantes universitarios para promover a súa adaptación aos novos perfís dixitais e facilitar a súa incorporación ao sector.</p> <p>O obxectivo perseguido con esta iniciativa é ter acceso a unha canteira de talento que contribúa a cubrir vacantes de postos caracterizados pola confluencia das TIC co resto de ámbitos do coñecemento e facilitar a hibridación entre o sectores TIC e non TIC.</p> <p>No 2020, os bolseiros DigiTalent recibirán formación teórico-práctica por un período de tres meses en empresas do sector tecnolóxico que estean a desenvolver proxectos relacionados con tendencias tecnolóxicas emerxentes tales como BigData, tecnoloxías móbiles, deseño de servizos e aplicacións Cloud, ciberseguridade, IoT, blockchain, realidade aumentada, intelixencia artificial, economía colaborativa ou wearables.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Selección das entidades colaboradoras no programa tendo en conta os requisitos de participación e criterios de valoración establecidos.</li> <li>→ Lanzamento da convocatoria dirixida a estudantes e avaliación das candidaturas segundo os requisitos de acceso para participar no programa</li> <li>→ Selección dos candidatos e asignación ás empresas co obxecto da realización das practicas formativas.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.5 Desenvolvemento do Campamento Digitalia</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Nova edición do campamento tecnolóxico orientado a estimular o talento precoz no ámbito TIC e fomentar o atractivo vocacional das profesións científico-tecnolóxicas entre a poboación máis nova.</p> <p>O obxectivo é achegar actividades centradas no fomento das vocacións tecnolóxicas entre os máis novos a través do desenvolvemento de talleres que lles permitan achegarse ás tecnoloxías dunha forma práctica e lúdica.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Definición e deseño dos contidos e catálogo de actividades que comprenderán os campamentos (role playing, dinámicas de grupo, talleres prácticos, discusións guiadas, etc.)</li> <li>→ Concreción dos criterios de selección de participantes que terán acceso ao programa.</li> <li>→ Posta en marcha e desenvolvemento do programa como parte da campaña de campamentos de verán 2020.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>



**Actividade:** 3.4.6. Charlas DigiTalent

**Descrición:** Lanzamento dunha oferta agregada para a impartición de charlas on line ou presenciais en centros educativos co obxectivo de mellorar a visión e percepción que o alumnado ten do mundo TIC.

A través da colaboración de grandes empresas do sector, achegárase aos centros educativos a experiencia e proxectos dos profesionais que as conforman, baixo temáticas como ciberseguridade, robótica, conectividade do futuro, ciencia de datos ou intelixencia artificial, entre outras.

**Actividades 2020:**

- Deseño e planificación da oferta de charlas e as temáticas a tratar durante as xornadas.
- Selección dos centros educativos e asignación das prazas dispoñibles en función dos intereses manifestados polos centros.
- Desenvolvemento das charlas a través das cales o alumnado terá a oportunidade de coñecer proxectos reais da man de profesionais de empresas do sector tecnolóxico.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 3.4.7. Programa DigiCraft no teu cole

**Descrición:** Programa de formación e reforzo das habilidades dixitais baseado na metodoloxía DigiCraft, unha metodoloxía de aprendizaxe específica baseada no xogo e a experimentación para axudar aos nenos e nenas a adaptarse á sociedade dixital en rápida evolución e para mostrarlles as posibilidades que o mundo dixital ofrece.

O obxectivo é potenciar o desenvolvemento da competencia dixital a través de: formación para os educadores/profesores para que poidan impartir o programa nas aulas, acceso aos materiais descargables para o desenvolvemento das actividades recollidas no programa (plataforma Web DigiCraft), dotación de material para cada centro e soporte dispoñible para calquera incidencia relacionada coa plataforma web ou a posta en marcha das actividades.

**Actividades 2020:**

- Lanzamento da convocatoria para a adhesión dos centros educativos interesados ao programa
- Publicación da listaxe definitiva de centros adheridos ao programa que accederán aos materiais, formación e soporte relativo ao programa.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 3.4.8. Canle Retorna Dixital

**Descrición:** Espazo dentro do portal Retorna da Xunta de Galicia, que busca captar talento entre os galegos do exterior para o sector tecnolóxico e, deste modo, facilitar o encontro entre perfís dixitais interesados en voltar á Galicia e empresas TIC.

Esta canle permitirá que as empresas adheridas publiquen as súas ofertas de

emprego tecnolóxico, ás que calquera galego ou galega do exterior poderán remitir a súa solicitude. Ademais das empresas adheridas, que asumen o compromiso de publicar as súas ofertas laborais, o portal disporá dun directorio de empresas tecnolóxicas que os profesionais interesados en retornar a Galicia poderán consultar e contactar directamente.

- Actividades 2020:**
- Activación da canle Retorna Dixital
  - Xestión das ofertas das empresas adheridas e coordinación entre o sector dixital e os interesados en retornar a Galicia
  - Lanzamento do directorio de empresas tecnolóxicas para a consulta dos profesionais interesados en voltar.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **3.4.9 Reforzo da oferta formativa para potenciar as capacidades dixitais de estudantes, titulados e profesionais**

**Descrición:** Impartición de formación e acompañamento para a adquisición dos coñecementos e habilidades vinculadas á competencia dixital que permitan a todos os profesionais potenciar e perfeccionar as súas competencias TIC en liña coas novas tendencias tecnolóxicas.

- Actividades 2020:**
- Impartición de formación avanzada para favorecer a capacitación básica dixital e o acceso á certificación da competencia dixital (CODIX) como vía para aumentar a empregabilidade e favorecer a inserción laboral das persoas
  - Desenvolvemento do Programa “AceleraTech”, a través dun itinerario formativo destinado a pemes, micropemes e autónomos para que lideren a súa transformación dixital.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **3.4.10 Impulso das capacidades para a xeración e desenvolvemento de ideas innovadoras**

**Descrición:** Fomento dun ecosistema para o impulso á creación e consolidación de ideas de negocio a través de instrumentos e programas de aceleración das iniciativas, co obxectivo de promover e apoiar ao emprendemento tecnolóxico.

- Actividades 2020:**
- Impulso de programas de apoio ao emprendemento TIC vinculado a eidos como a transformación industrial de Galicia (Galicia Open Future: Retos Industria 4.0) e apoio ao desenvolvemento do Big Data e Business Intelligence en Galicia (Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio - CEIN)

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade: 3.4.11 Fomento das vocacións dixitais**

**Descrición:** Deseño e desenvolvemento de actividades de sesións informativas e de sensibilización que proxecten unha imaxe atractiva das carreiras profesionais vinculadas aos contidos dixitais.

Con estas actuacións contribuírase á xeración de novo talento en torno ao sector de contidos dixitais, incidindo na dispoñibilidade de profesionais coas capacidades necesarias para asumir os retos derivados da creación de produtos e contidos dixitais.

**Actividades 2020:**

- Desenvolvemento de actividades divulgativas sobre tecnoloxías disruptivas orientadas aos máis novos buscando captar o seu interese para que se orienten profesionalmente cara ao eido dos contidos dixitais.
- Deseño e impulso de actuacións que contribúan á visibilización da actividade do sector dos contidos dixitais, para dar a coñecer o seu traballo ao conxunto da sociedade e a súa contribución á creación de emprego cualificado na nosa comunidade.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Indicadores asociados:**

Actividade	Indicador	Valor 2020
Plan de promoción de talento dixital	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nº de iniciativas postas en marcha</li></ul>	3

### Obxectivo 3: Fomentar a capacitación dixital

## 3.5 Programa para promover as competencias dixitais do empregado público

O desenvolvemento e consolidación da administración electrónica e en xeral do funcionamento dixital da administración pública galega, debe ir acompañada dun proceso de capacitación dixital dos empregados públicos, que deben estar preparados para a utilización e aproveitamento dos medios tic; pero sobre todo deben entender as posibilidades e impacto que poden ter para avanzar na definición de novos de prestación de servizos públicos no contexto dixital. Este desenvolvemento de competencias dixitais suporá tamén un impulso tamén da capacitación dixital na sociedade galega, por canto poderá ser aproveitada na vida cotiá do persoal empregado público.

### Obxectivos

- Elaboración e execución do plan de capacitación dixital en servizos de administración electrónica para os empregados públicos
- Configurar o espazo de formación continua e colaboración no eido de administración electrónica
- Deseño do Marco Galego de Competencias Dixitais aliñado co Marco Europeo de Competencias Dixitais para os Cidadáns (DigComp).

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.5.1 Elaboración e execución do plan de capacitación dixital en servizos de administración electrónica para os empregados públicos</b>
<b>Descrición:</b>	Execución e seguimento dos plans de formación no ámbito TIC, tanto nunha perspectiva xeral cara aos diferentes colectivos da administración autonómica de Galicia, coma de xeito específico ao propio persoal informático da administración. Concrétanse en:  a) Convenio de colaboración coa EGAP para o impulso da formación en materia de administración electrónica e seguridade. Desenvolvemento de accións formativas no ámbito da administración electrónica, necesarias tanto para asegurar unha implantación efectiva da administración electrónica en todos os ámbitos da administración, como para dar cumprimento ás diferentes esixencias legais de información e formación aos empregados públicos das súas responsabilidades nos distintos ámbitos dos sistemas de información. Dada a importancia estratéxica destas accións, promoverase a formalización dun convenio de colaboración específico para este ámbito que asegure o seu

financiamento e a súa execución.

b) Colaboración coa EGAP no desenvolvemento dos seguintes programas formativos:

- Accións formativas orientadas á posterior obtención do Certificado en Competencias Dixitais CODIX, na liña do establecido no Plan Formativo Ofimático de Galicia.
- Programación de formación tecnolóxica de especialización nas diferentes áreas das tecnoloxías da información e as comunicacións, dirixida aos profesionais TIC da Administración Autonómica.

c) **Actuacións formativas e de difusión de curta duración** vinculadas á implantación de novos sistemas, funcionalidades ou procesos no ámbito da administración electrónica. Demostrada a axilidade e eficacia destas accións de formación curtas no contexto da implantación de proxectos, propónse estender este tipo de iniciativas no contexto da implantación de proxectos coma por exemplo o de sistema de notificación electrónica (notifica.gal); sistema único de rexistro (Rexel), implantación da dixitalización, SIR e Chave365 en oficinas de rexistro, ou en forma de talleres de divulgación da nova sede electrónica da Xunta de Galicia.

**Actividades 2020:** → **De xeito coordinado coa EGAP, no marco do convenio asinado para a convocatoria e o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e protección de datos.** Se inclúen actividades formativas que acadan unhas 1.000 horas de formación no eido de administración electrónica e unhas 500 no eido de seguridade:

- “Tramitación Electrónica Integral na Xunta de Galicia no contexto da lei 39/2015”, do que se prevé celebrar ata 16 edicións no ano 2020 e chegar a uns 800 empregados públicos, sobre os sistemas corporativos habilitantes da administración electrónica.
- “Procesos de dixitalización en oficinas de rexistro da Xunta de Galicia” do que se prevé celebrar ata 6 edicións no ano 2020, dirixido ao persoal empregado das oficinas de rexistro, e centrándose nos conceptos de documento e expediente electrónico, nos procesos de dixitalización, e en ferramentas concretas tales coma SIR ou AIRES.
- “Sistemas para a contratación electrónica”, para acompañamento á plena implantación dos sistemas de licitación electrónica da Xunta de Galicia e a formación sobre o resto de sistemas que conforman o Nodo de contratación pública de Galicia.
- “Introdución ao expediente xudicial electrónico” do que se prevé celebrar 2 edicións no ano 2020, centrándose neste caso no expediente xudicial electrónico e nas ferramentas que a administración de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia dispón xa neste ámbito.
- Tamén no contexto da colaboración coa EGAP, e aliñado co Plan de Seguridade da Xunta de Galicia, establécese coma obxectivo cubrir 700 horas de formación en materia de seguridade da información e da protección de datos persoais.
- Prevense celebrar tamén outras accións formativas complementarias curtas que acompañen a implantación de sistemas de tramitación electrónica concretos: sistema de notificación electrónica notifica.gal,

sistema único de rexistro Rexel, e outros proxectos en materia de administración electrónica e de protección de datos. Neste eido establécese coma obxectivo acumular un mínimo de 360 horas de formación.

- De xeito coordinado coa EGAP e no ámbito de **competencias en materia de ofimática** orientadas á posterior obtención do Certificado en Competencias Dixitais CODIX: prevese a celebración dun mínimo de 1.560 horas de formación, mantendo a progresiva orientación desta formación cara a ferramentas baseadas en software libre. Neste contexto abordarase a revisión integral dos 4 cursos CODIX relativos ao produto LibreOffice (Writer, Calc, Impress e Base) para actualizar os contidos á última versión estable desta suite ofimática.
- Realización de diversas actividades de formación para o persoal técnico do eido das tecnoloxías da información.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **3.5.2 Configurar o espazo de formación continua e colaboración no eido de administración electrónica**

**Descrición:** Acompañando ás accións de formación de apoio á posta en marcha e utilización continuada dos servizos e sistemas da administración electrónica, promoverase a inclusión de novos contidos na intranet corporativa como canle de difusión cara o persoal empregado público, así como espazos de colaboración e compartición de información e contidos, incluíndo a creación de espazos de teleformación ou outros tipos de canles.

**Actividades 2020:**

- Continuación coa difusión a través da intranet corporativa de materias e contidos para a difusión e correcto uso dos sistemas de información e boas prácticas no uso dos medios TIC.
- Mantemento continuado dos contidos das canles temáticas: “Administración electrónica”, “Contratación pública electrónica” e “Oficinas de atención á cidadanía e rexistro” postas en marcha en anos anteriores.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **3.5.3. Deseño do novo certificado de competencias dixitais.**

**Descrición:** Aprobada o 26 de xullo de 2019 a Lei de administración dixital de Galicia, lei que propón un novo escenario adaptado ao Marco europeo de competencias dixitais (DigCom), e desenvolto no ano 2019 os traballos de análise necesarios para adaptar este marco de competencias á realidade de Galicia elaborando unha primeira versión do documento de bases de definición e desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais, durante o ano 2020 abordarase o desenvolvemento normativo necesario para regular a nova certificación galega de competencias dixitais e concretar todos os aspectos operativos relativos á súa

xestión.

Todas estas actividades faranse de xeito coordinado coas entidades competentes en materia de función pública e en materia de formación aos empregados públicos.

- Actividades 2020:**
- Redacción do decreto que regula o novo certificado galego de competencias dixitais.
  - Elaboración do plan de posta en marcha no eido da cidadanía e dos empregados públicos.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>3.5.1 Elaboración e execución do plan de capacitación dixital en servizos de administración electrónica para os empregados públicos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Número de horas de formación xestionadas</li></ul>	<b>3.600 horas</b>
<b>3.5.3. Deseño do novo certificado de competencias dixitais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Decreto do marco galego de competencias dixitais</li></ul>	<b>Texto dispoñible</b>



**OBJETIVO 4.**  
**PROMOVER A ECONOMÍA DIXITAL**





## **Obxectivo 4: Promover a economía dixital**

### **4.1. Impulso á empresa dixital**

A Axenda Dixital de Galicia 2020 establece entre os seus obxectivos, promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade, así como impulsar a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.

Nese sentido, no ano 2020 está previsto o lanzamento do Centro GaiásTech, un espazo innovador, vangardista, aberto e dinámico que vén tomar o relevo do Centro Demostrador para dar reposta aos desafíos actuais e futuros da sociedade.

O obxectivo fundamental do centro é potenciar o impulso da transformación dixital de Galicia identificando tendencias e ideas innovadoras, facilitando o fluxo de información e a conexión e constitución dunha rede de grupos de actuación para promover a xeración, desenvolvemento e adopción de solucións tecnolóxicas capaces de dar resposta aos novos desafíos empresariais e sociais.

Para acadar este obxectivo o Centro GaiásTech apoiarase no sector TIC galego, poñendo en valor os seus produtos, servizos e capacidades e sensibilizando sobre a necesidade de abordar procesos de dixitalización nas empresas galegas. Así, o Centro GaiásTech porá a disposición das empresas TIC os medios precisos para achegar a súa oferta de produtos e servizos tecnolóxicos a potenciais demandantes.

Ademais, o Centro GaiásTech ofrecerá un conxunto coherente e coordinado de servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e start-ups, a ser máis competitivos pola vía de:

- Actuar como porta de entrada a últimos coñecementos, experiencias e ferramentas e infraestruturas tecnolóxicas especializadas.
- Animar as discusións entre axentes e promover as condicións necesarias para habilitar proxectos tractores.
- Identificar proactivamente alianzas e redes de valor con escala global.
- Reunir e difundir información, reportar resultados e facilitar a compartición de boas prácticas.
- Prestar servizos de soporte personalizados en función das necesidades das empresas (sensibilización, capacitación, aceleración, etc.).
- Servir de escaparate do mapa de capacidades dixitais en Galicia e promover o aliñamento entre a oferta do sector TIC e a demanda do resto de sectores.
- Vixiar e avaliar as necesidades de habilidades actuais e futuras dos usuarios para adecuar a súa oferta de servizos.

## Obxectivos:

Entre os **obxectivos** que perseguirá o GaiásTech atópanse os seguintes:

- **Consolidar e potenciar o ecosistema dixital** galego, sobre todo naquelas disciplinas nas que existe unha clara especialización.
- **Constituírse nun catalizador de alianzas** no sector que permita a creación de solucións que acheguen valor e cuxo mercado e orientación sexa global.
- Traballar co campo do emprendemento para ofrecerlles **tecnoloxías disruptivas** e orientalas cara a estas, e proporcionarlles solucións orientadas ao mercado.

## Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>4.1.1 Programa “AceleraTech”</b>
<b>Descrición:</b>	Programa executivo dirixido a formar a autónomos e directivos de pemes e micropemes galegas co obxectivo fundamental de que adquiran os coñecementos e habilidades precisas nas novas tendencias tecnolóxicas para impulsar procesos de transformación dixital na súa organización.
<b>Actividades 2020:</b>	“ <b>AceleraTech</b> ” comprende o desenvolvemento de sesións orientadas a distintas temáticas e tendencias tecnolóxicas: <ul style="list-style-type: none"><li>→ Estratexia Dixital</li><li>→ Reconversión de líderes, novas habilidades, creatividade e innovación</li><li>→ Talento dixital</li><li>→ Big data</li><li>→ Ciberseguridade</li><li>→ Intelixencia artificial</li></ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.1.2 Programa de visibilidade do sector TIC, especialmente no tocante as tecnoloxías disruptivas</b>
<b>Descrición:</b>	Potenciación do uso das instalacións do Gaiás Tech por empresas do sector TIC; en concreto: <ul style="list-style-type: none"><li>• Dinamización de actuacións de primeira difusión de produtos e proxectos, en particular aqueles baseados en tecnoloxías disruptivas.</li><li>• Apoio á celebración de sesións demostradoras e coordinación coas empresas TIC galegas solicitantes deste servizo.</li><li>• Apoio in-situ para a axeitada coordinación e celebración das actividades nas instalacións do Centro GaiásTech.</li></ul>
<b>Actividades 2020:</b>	As actividades realizadas no marco deste programa basearanse, principalmente, nos seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"><li>→ Posta en valor do servizo “<b>escaparate de casos de éxito</b>” entre as empresas tecnolóxicas e os visitantes do GaiásTech; a través do que o GaiásTech pon os medios precisos para a presentación ou demostración de</li></ul>

solucións TIC ante potenciais usuarios (difusión da sesión, maquetación, notas de prensa, xestión das inscricións, etc.).

- Continuará coa realización dos #DemosXweb, sesións demostrativas curtas exclusivamente por streaming que tratarán sobre unha ferramenta, aplicación ou tema concreto.
- Desenvolvemento de accións de formación orientadas á mellora competitiva dos profesionais do sector TIC nas últimas tendencias do mercado; facendo especial fincapé nas tecnoloxías disruptivas.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 4.1.3 Mapa de capacidades dixitais de Galicia

**Descrición:** O GaiásTech traballará no ano 2020 na definición e deseño, en colaboración coa Amtega, do novo Mapa de Capacidades Dixitais de Galicia.

Este mapa terá un dobre obxectivo: por unha parte, servir como ferramenta para identificar a distribución das distintas capacidades dixitais ao longo da xeografía galega e, por outra, servir de directorio que facilite aos demandantes de capacidades identificar un ou varios colaboradores tecnolóxicos cos que levar a cabo os seus proxectos.

**Actividades 2020:** As actividades realizadas no marco deste programa basearanse, principalmente, nos seguintes aspectos:

- Definición e deseño no Mapa de capacidades dixitais de Galicia.
- Accións de fomento de rexistro de entidades no Mapa.
- Deseño e posta en marcha de accións de dinamización do Mapa de Capacidades Dixitais de Galicia.
- Elaboración de informes e infografías para a explotación dos datos do Mapa

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 4.1.4 GaiásTech virtual de solucións libres

**Descrición:** Impulso ao fomento de solucións empresariais libres (na nube) a través do servizo GaiásTech Virtual.

Poranse a disposición das empresas galegas unha serie de solucións empresariais libres para que poidan probalas en liña, coñecer o seu funcionamento e contrastar a utilidade das mesmas para o seu negocio. Este servizo permite ás empresas despreocuparse de labores de instalación, configuración ou mantemento de ditas aplicacións, para centrarse na avaliación e idoneidade da aplicación ao seu negocio.

**Actividades 2020:** Ao catálogo de aplicacións xa postas en marcha, o GaiásTech virtual incorporará unha nova solución libre. A publicación da aplicación irá acompañada dun paquete de medidas orientadas a facilitar o uso da mesma por parte das empresas:

- Talleres prácticos orientados a explotar as funcionalidades da aplicación de utilidade para a empresa.

- Videotutoriais accesibles a través da Web do GaiásTech que permitan ter unha guía rápida e visual de uso da aplicación.
- Casos de éxito de implantación das aplicacións.
- Catálogo de Provedores TIC galegos que fornezan o servizo de referencia.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 4.1.5 Programa de colaboración con outros axentes e entidades

**Descrición:** O programa comprende a realización de accións, empregando un modelo de relación colaborativo e aberto, co obxectivo de articular e xestionar actividades en alianza con diversos organismos representativos no sector TIC na nosa comunidade.

- Actividades 2020:**
- Organizar e dinamizar xornadas de cocreación co obxectivo de emprender novos proxectos baseados en tecnoloxías disruptivas.
  - Identificar proactivamente alianzas e redes de valor con escala global.
  - Actuar como porta de entrada a últimos coñecementos, experiencias e ferramentas e infraestruturas tecnolóxicas especializadas.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 4.1.6 Programa de coordinación dos Nodos de especialización

**Descrición:** O programa comprende a realización de accións encamiñadas a deseñar un plan de acción anual específico para a coordinación da Rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia, considerando nodos articulados en torno ás tecnoloxías e empregando un modelo de relación colaborativo e aberto a compartir, a aprender e a crear solucións innovadoras e capacidades en asociación.

- Actividades 2020:**
- Fomentar o debate entre os axentes da Rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia (universidades, sector TIC, industria...) e promover as condicións necesarias para o desenvolvemento de proxectos tractores baseados en tecnoloxías disruptivas.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 4.1.7 Programa #MesD

**Descrición:** O programa consiste en desenvolver, en distintas épocas do ano, unha serie de sesións formativas, agrupadas temporalmente ao longo dun mesmo mes, dedicadas a afondar nunha temática concreta. Nese mes concentraranse distintas sesións formativas presenciais de corta duración, co obxectivo de ofrecer aos profesionais un itinerario definido sobre conceptos ou ferramentas TIC relacionadas coa temática específica dese mes.

- Actividades 2020:**
- Realización de 3 eventos #MesD a desenvolver con periodicidade cuatrimestral. Cada #MesD versará sobre unha temática concreta de

actualidade (tecnoloxías disruptivas, marketing redes sociais, ferramentas audiovisuais,...)

- Cada #MesD estará composto de 3 ou 4 seminarios de formación onde se afondará sobre distintos aspectos relativos ao tema escollido impartidos por profesionais expertos.
- Campaña de difusión, empregando os diversos canles do Centro Demostrador (web, mailing, boletín) así como as canles das redes sociais da Amtega onde se porán en valor as diversas accións do presente programa.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

#### **Actividade:** 4.1.8 Xornadas sobre tecnoloxías disruptivas

**Descrición:** O Centro GaiásTech erixirase como centro demostrador avanzado de tecnoloxías disruptivas; é dicir, o centro encargárase de deseñar e manter un “escaparate de casos de éxito” en Galicia no relativo a tecnoloxías disruptivas como tarxeta de presentación do sector TIC galego. Desta maneira deseñaranse unha serie de xornadas que contarán coa participación de relatores de recoñecido prestixio no ámbito das tecnoloxías disruptivas.

Estas xornadas poderán ter o formato de eventos con casos de éxito ou de relatorios de expertos

**Actividades 2020:** As actividades relacionadas co desenvolvemento destas xornadas son as seguintes:

- Contacto con actores relevantes no ámbito das tecnoloxías disruptivas tanto dentro como fóra da nosa comunidade
- Organización de xornadas nas que participen relatores de prestixio na materia e convide aos asistentes a reflexión sobre as posibilidades e vantaxes desta nova tecnoloxía.
- Colaboración coas empresas do sector TIC e outros axentes (clúster, empresas, administracións públicas con competencias) para obter unha visión do estado das tecnoloxías disruptivas na nosa comunidade.
- Accións de difusión, empregando os diversos canles do Centro (web, mailing, boletín) así como as canles das redes sociais da Amtega.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

#### **Actividade:** 4.1.9 Posts e manuais sobre ferramentas de teletraballo

**Descrición:** A crise da COVID - 19 sitúanos ante novos escenarios. Derivado da situación de confinamento por mor da declaración do estado de alarma, a sociedade galega, de forma maioritaria, debe permanecer nos seus fogares.

Como consecuencia, boa parte das empresas galegas están recorrendo ao teletraballo de forma xeneralizada.

Por este motivo, o CDTIC adapta a súa programación de actuacións coa finalidade

de dar a coñecer ferramentas para que tanto empresas como autónomos poidan seguir coa súa actividade, na medida do posible.

- Actividades 2020:**
- Elaboración, maquetación e difusión das seguintes guías de teletraballo para empresas e difusión de recomendacións de ciberseguridade para PEMES e autónomos que fagan uso do teletraballo
  - Elaboración, maquetación e difusión de distintos artigo sobre ferramentas de teletraballo.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>Impulso á empresa dixital</b>	Nº de actuacións realizadas para a transformación dixital das pemes (acumulado)	734
	Valoración media dos usuarios das actuacións realizadas no CDTIC (sobre 5 puntos)	4
	Nº de actuacións de difusión de mapatic.gal (Acumulado)	14
	Nº de novas aplicacións dispoñibles no CDTIC Virtual (Acumulado)	11

## Obxectivo 4: Promover a economía dixital

### 4.2 Smart Turismo

Este plan, en coordinación coa Axencia Turismo de Galicia, ten como finalidade o desenvolvemento de medios, procesos e sistemas tecnolóxicos que apoiem ao desenvolvemento do sector turístico galego, en aspecto como a promoción de Galicia como destino, a posta a disposición da información de recursos turísticos para o visitante, ou o establecementos de canles de difusión da experiencia. Inclúe a dixitalización integral da relación do sector do turismo coa administración pública galega; a compartición de recursos de difusión de Galicia; a promoción da participación directa do sector no desenvolvemento dos seus contidos; a creación de nova imaxe da rede de oficinas de turismo ou impulso do uso da tecnoloxía no camiño de Santiago.

#### Obxectivos

- Sistema de xestión dos recursos turísticos. Identificación e xestión dos recursos turísticos dispoñibles. Integración coa xeorreferenciación e áreas de influencia.
- Dixitalización da actividade administrativa no eido de turismo: Tramitación electrónica integral dos procedementos administrativos do eido de turismo (RITGA); Xestión dixital integral dos procesos de inspección de recursos turísticos.
- Desenvolvemento do modelo de interoperabilidade de recursos turísticos (intra administración autónomica e interoperabilidade con outras administracións)
- Evolución e incorporación de novos servizos dos portais e sistemas en mobilidade de turismo para o sector e para o turismo.
- Deseño e posta en marcha dos medios e sistemas a Rede de Oficinas de Turismo.
- Deseño e posta en marcha dos medios na rede de albergues do Camiño de Santiago.
- Desenvolver o sistema de enquisas e de información avanzado do turismo de Galicia e aplicación de novas técnicas de análise de información.
- Integración dos recursos no contexto de OpenData para a xeración de servizos por parte de terceiros.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.1. Dixitalización integral dos procedementos do eido de turismo (RITGA)</b>
<b>Descrición:</b>	Sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos recursos turísticos de Galicia. O desenvolvemento permitiu avanzar no espazo orientado aos profesionais do eido do turismo, turespazo, como extranet para profesionais.
<b>Actividades 2020:</b>	→ <b>Evolución continuada</b> e mantemento dos sistemas que configuran o sistema de información de recursos e información turística de Galicia (RITGA), así como

todos aqueles componentes necesarios para o seu funcionamento en sí mesmo ou integrados con outros sistemas. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, calidade de información recollida, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas, a continuación indícanse algunhas das previsións máis salientables:

- En canto aos **procedementos administrativos** vinculados aos rexistros turísticos: Continuación co proceso de integración cos sistemas transversais de administración electrónica, en concreto integración co arquivo electrónico administrativo.
- Inclúese neste ámbito a evolución continuada do sistema Xestela de xestión da Axencia Turismo de Galicia.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **4.2.2 Dotar aos servizos de inspección de recursos turísticos dos medios de xestión dixital integral e en mobilidade**

**Descrición:** O Sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos recursos turísticos de Galicia, inclúe o desenvolvemento dos procesos e servizos para o apoio ao desenvolvemento aos procedementos de inspección. Esta actividade require a xestión en mobilidade das actividades de inspección.

**Actividades 2020:** → **Evolución continuada** e mantemento dos sistemas que configuran o sistema de información inspección turística de Galicia (SIXITU), así como todos aqueles componentes necesarios para o seu funcionamento en sí mesmo ou integrados con outros sistemas. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, calidade de información recollida, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **4.2.4. Evolucionar os portais e servizos en mobilidade de turismo para o sector e para o turismo (turismo,...)**

**Descrición:** No eido de turismo é especialmente salientable garantir unha presenza actualizada na internet ou nos dispositivos de mobilidade dos visitantes ou potenciais visitantes:

- Evolución dos principais portais do eido de turismo: turismo.gal e os espazos dependentes.
- Configuración da colección de servizos en mobilidade para a difusión de recursos turísticos.



<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Evolución continuada</b> e mantemento dos portais de referencia de turismo: turismo.gal así como os seus espazo dependentes. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos de posicionamento na internet, cumprimento de normativa de accesibilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas, a continuación indícanse algunhas das previsións máis salientables:</li> <li>→ Execución do proxecto de posta en marcha da <b>colección de aplicacións móbiles</b> para a difusión de recursos turísticos, que implica: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Renovación tecnolóxica das existentes (sendegal, realidade aumentada, ...).</li> <li>○ Deseño dunha estrutura e Imaxe que permita a identificación da pertenza a colección.</li> <li>○ Desenvolvemento dunha nova app especializada en temática de recursos.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.5. Incorporar novos servizos e recursos na plataforma SmartCamiño.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Aliñado coas estratexias SmartDestination de destinos intelixentes se promove o proxecto Smart Camiño que inclúe un conxunto de actuacións para o uso da tecnoloxía ao longo dos trazados do Camiño de Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dotación de conexión a Xunta de Galicia e espazos wifi na rede de albergues públicos do Camiño de Santiago en Galicia.</li> <li>- Evolución continuada da canle caminodesantiago.gal, e sistemas vinculados.</li> </ul> <p>Desenvolvemento de aplicacións de acompañamento no camiño para o peregrino.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Evolución continuada</b> e mantemento dos sistemas vinculados ao camino de Santiago: portal caminodesantiago.gal e app de servizos ao peregrino. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos de posicionamento na internet, cumprimento de normativa de accesibilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas, a continuación indícanse algunhas das previsións máis salientables:</li> <li>→ Publicación espazo na internet de difusión do Xacobeo2021.</li> <li>→ Colaboración con Google Arts &amp; Culture para a creación dunha canle específica de difusión do Camiño de Santiago</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.6. Deseño e posta en marcha dos medios e sistemas a Rede de Oficinas de Turismo.</b>
<b>Descrición:</b>	Deseño e posta en marcha do sistema de información e medios TIC para as oficinas de turismo integradas nunha rede de oficinas de turismo, perseguindo o acceso a información de interese, traballo en rede, en medios tic para a atención

ao turista que se achega á oficina.

- Actividades 2020:**
- Finalización do proceso iniciado en 2018, de posta en marcha do sistema de contaxe de persoas en diversas oficinas de turismo dependentes da Xunta de Galicia.
  - Adxudicación e execución do proxecto de dotación de cartelería multimedia nas oficinas de turismo de Santiago (Mazarelos, Carretas e Aeroporto), Vigo e A Coruña.
  - Posta en marcha da construción do espazo colaborativo para a rede de oficinas de turismo.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **4.2.8. Desenvolver o sistema de enquisas e de información avanzado do turismo de Galicia e aplicación de novas técnicas de análise de información.**

**Descrición:** Sistema de información turístico de Galicia. Mantemento e actualización continuada das enquisas de actividade turística, establecidas pola AGE, polo IGE e a propia Axencia de Turismo.

- Actividades 2020:**
- A partir do análise de requisitos dun sistema de información avanzado (orientado cara BigData), aboradarase en 2019 a licitación da posta en marcha do dataLake para o desenvolvemento do sistema de análise avanzado de información de turismo de Galicia.
  - En 2019 aprobouse o proxecto EDIT (para o desenvolvemento de iniciativas de turismo intelixente) no marco programa de cooperación transfronteiriza POCTEP (2ªconvocatoria), para o período 2019-2021. Este proxecto permite avanzar en dúas liñas en 2020:
    - Deseño do proxecto de construción do sistema de análise avanzado de turismo (orientación BigData).
    - Deseño de iniciativas de sensorización de destinos turísticos.
    - E reforzo das iniciativas de oficinas de turismo intelixente

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **4.2.9. Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG)**

**Descrición:** O Centro Superior de Hostelería de Galicia, vinculado a Axencia Turismo de Galicia, dispón de diversas ferramentas tecnolóxicas para o acompañamento á súa actividade docente. Nesta actividade inclúese o mantemento, e evolución continuada destes sistemas.

- Actividades 2020:**
- Renovación do espazo na internet da escola de hostelería, que quedará integrado no espazo turismo.gal, pero mantemendo unha presenza propia.
  - Mantemento continuado da plataforma de formación on-line (baseada en tecnoloxía Moodle) do CSHG.

- Inicio do desenvolvemento do sistema de xestión da escola.
- Renovación do equipamento de postos básicos da aula de idiomas.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **4.2.10. Plan de reactivación do turismo**

**Descrición:** A Consellería de Cultura e Turismo impulsa o “**Plan de Reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19**”. Neste apartado recóllense diversas iniciativas que se están a desenvolver no ámbito do sector turístico.

- Actividades 2020:**
- Desenvolvemento dos procesos para a posta en marcha do **programa BonoSolidario** para a reactivación do sector turístico en Galicia, e establecemento dunha axuda económica para o persoal empregado público implicado na atención ás vítimas da pandemia COVID-19. Incluindo o desenvolvemento dos tres eixos de actuación:
    - Procedemento para a adhesión de entidades turísticas colaboradoras.
    - Procedemento para a adhesión dos potenciais beneficiarios do programa.
    - Procedemento de comunicación coa entidade financeira de xestión das tarxetas monedero utilizadas na axuda económica.
  - Posta en marcha dunha plataforma (baseada na plataforma corporativa PLAFOR, e vinculado ao CSHG) para a **coordinación e xestión dos plans e programas de formación e mellora das competencias profesionais no sector turístico en Galicia**. A plataforma contempla os procesos de:
    - Inscripción/matriculación
    - Creación de cursos temáticos (albergues, hoteles, ...)
    - Probas de avaliación
    - Certificación.
  - Creación do espazo “Galicia, destino seguro”, no portal de turismo: <https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro>
  - a formación continua no sector turístico en Galicia
  - Inicio do desenvolvemento do sistema de xestión da escola.
  - Renovación do equipamento de postos básicos da aula de idiomas.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
4.2.- Smart Turismo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Oficinas de turismo: Número de oficinas nos que se ten instalado o novo sistema de cartelería dixital.</li></ul>	4
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Espazo Xacobeo2021</li></ul>	Publicado
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Espazo CSHG</li></ul>	Publicado
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Deseño de arquitectura e funcional do sistema de analítica avanza</li></ul>	Finalizado

## Obxectivo 4: Promover a economía dixital

### 4.3 Memoria dixital de Galicia: Medidas para a promoción dixital da cultura e patrimonio.

A protección, preservación e difusión do patrimonio cultural, é unha das responsabilidades da administración.

O programa ten como finalidade afondar nas ferramentas tecnolóxicas que den soporte ás necesidades para unha correcta descrición, conservación e preservación dixital (no seu caso), catalogación, normalización, estandarización e difusión dos elementos que compoñen o patrimonio cultural de Galicia, ou de interés para Galicia.

Este programa estende as súas actuacións a utilización das TIC na dinamización da actividade cultural e promoción da lingua galega.

Inclúese tamén a dotación de medios TIC nos museos, os arquivos e os centros responsables da xestión do patrimonio e difusión da cultura. Que se constitúen en centros abertos á cultura, e dos que a sociedade ten que ser beneficiaria.

#### Obxectivos

- Desenvolver ferramentas para a promoción da lingua galega.
- Difundir o patrimonio dixitalizado a través de Galiciana.
- Modernizar os sistemas de xestión de fondos para os arquivos e museos.
- Desenvolver un modelo un sistema de información para a xestión do patrimonio
- Modernizar os sistemas de xestión de nomes do territorio
- Dotar as entidades que custodian do patrimonio cultural de medios TIC.
- Desenvolvemento de servizos en mobilidade para a difusión do patrimonio.
- Impulsar a Axenda Cultural de Galicia.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.1. Desenvolver ferramentas para a promoción da lingua.</b>
<b>Descrición:</b>	En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, abordase o desenvolvemento de ferramentas e servizos como recursos para o uso axeitado da e difusión da lingua galega: Sistemas normalizados de tradución automatizada, corrección, dicionarios en liña,...de uso extensivo e homoxéneo nas intranet e portais, segundo o ámbito de aplicación. Canles, portais e sistemas para a difusión lingüística e de repositorios orientados a normalización do uso, difusión e promoción da lingua galega.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Evolución continuada e mantemento do sistema de tradución GAIO, nos tres ámbitos dispoñibles: Versión para a administración pública, para a cidadanía e app para dispositivos móbiles.

- Evolución continuada e mantemento do repositorio xurídico galego [lex.gal](http://lex.gal), segundo o establecido no convenio de colaboración para continuar cos traballos do *portal xurídico galego e da base de datos de lexislación galega consolidada*.
- Evolución e adecuación continuada dos instrumentos de presenza en internet para a difusión da lingua galega:
  - Evolución do portal Lingua Galega [www.lingual.gal](http://www.lingual.gal)
  - Plataforma de teleformación para a realización dos cursos CELGA on-line.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

**Actividade:** **4.3.2 Difundir o patrimonio dixitalizado a través de Galiciana.**

**Descrición:** Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia configúrase como un sistema de recolección, difusión e preservación de patrimonio dixitalizado de Galicia, baseado nun modelo OAI-PMH e esquemas de metadatos.

Está na actualidade composto dos seguintes sistemas: sistema de xestión da Biblioteca Dixital de Galicia, sistema para a xestión do Arquivo Dixital de Galicia, sistema de recolección e difusión (hub de recolección), sistema de presentación do patrimonio dixital. E está sendo recolectado polas redes Hispana e Europea.

A xestión de Galiciana supón, ademais, a colaboración coa D.X. de Políticas Culturais na definición nos elementos de goberno de Galiciana (plans de dixitalización, perfís para a dixitalización e definición dos plans de preservación) e administración dos procesos de inxesta de obxectos dixitais nos repositorios e de recolección de outras institucións.

- Actividades 2020:**
- Evolución continuada dos sistemas que compoñen Galicia-Patrimonio Dixital de Galicia:
    - Biblioteca Dixital de Galicia.
    - Arquivo Dixital de Galicia.
    - Recolección e difusión.
    - Sistema de preservación.
  - Administración dos procesos de recolección e inxesta de obxectos dixitais tanto nos repositorios de xestión como no sistema de preservación.
  - No ámbito da participación na definición do goberno de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia: Definición e posta en marcha do plan de preservación para o eido de fondo bibliotecario. Definición do plan de preservación para fondo audiovisual.
  - Deseño de novos modelos de difusión do patrimonio: Elaboración da identificación da estrutura e consolidación nun grafo de coñecemento e estratexia de publicación e interrogación da plataforma dixital de “Galiciana”, a partir do análise inicial realizado en 2019.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.2.b Difundir o patrimonio dixitalizado a través de Galiciana – Incorporación de obxectos dixitais a Galiciana.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Recóllense nesta actividade os procesos para o incremento dos obxectos dixitais recollidos nos repositorios que conforman os fondos de GALICIANA en dúas liñas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os procesos realizados de dixitalización de fondo custodiado pola Xunta de Galicia.</li> <li>- As convocatorias de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural galego e a súa preservación e difusión no recolector de Galiciana-Patrimonio Dixital, orientada a dixitalización de fondos custodiados por institucións alleas a Xunta de Galicia.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Convocatoria 2018-2019 (código de procedementos PR606A). Finalización do proceso de revisión da xustificación administrativa e de obxectos dixitais resultantes dos proxectos subvencionados. Incorporación a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia dos obxectos dixitalizados.</p> <p>→ Convocatoria 2020-2021 (código de procedemento PR606A). Publicación da convocatoria e resolución de concesión da mesma.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.3.a- Modernizar os sistemas de xestión de fondos para os arquivos e museos, e as súas canles de difusión. – Rede de arquivos.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Os arquivos e museos requiren de sistemas de xestión dos seus fondos e da súa actividade. Así como de canles de difusión para ó achegamento á cidadanía dos seus fondos e da súa actividade. No eido de arquivos, considérase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema de xestión de arquivos ARQA: orientada a xestión dos arquivos físicos dependentes da Xunta de Galicia e a xestión de arquivos municipais.</li> <li>- A xestión dos procesos vinculados a comisión de avaliación de documental de Galicia.</li> <li>- Presenza en internet da rede de arquivos de Galicia. .</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Continuación coa evolución e incorporación de novas funcionalidades no sistema de xestión arquivística ARQA.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Consolidación da integración co Inventario de Información Administrativa para a xestión da definición de series documentais.</li> <li>○ Posta en marcha das funcionalidades para a xestión dos procesos da comisión de avaliación documental.</li> <li>○ Desenvolvemento do directorio de arquivos.</li> </ul> <p>→ Implantación do sistema ARQA en entidades locais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Proceso de integración no sistema de novas entidades locais (substituíndo ao actual sistema Xaral).</li> </ul>

- Sinatura do convenio con Xunta de Galicia-Fegamp para o impulso deste proceso.
- Publicación do novo espazo en internet da rede de arquivos de Galicia (<http://arquivosdegalicia.xunta.gal>), cuxo desenvolvemento se iniciou en 2019.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **4.3.3.b- Modernizar os sistemas de xestión de fondos para os arquivos e museos, e as súas canles de difusión. – Rede de museos.**

**Descrición:** Os arquivos e museos requiren de sistemas de xestión dos seus fondos e da súa actividade. Así como de canles de difusión para ó achegamento á cidadanía dos seus fondos e da súa actividade. No eido de museos considérase o mantemento do sistema de xestión de fondos de museos DOMUS.

Adicionalmente, en 2019 púxose en marcha o proxecto de ordeación e renovación da presenza en internet da rede de museos de Galicia, incluíndo o deseño dunha imaxe de referencia das webs da rede de museos dependentes da Xunta de Galicia.

Estos portais fan especial fincapé na difusión das coleccións e actividades desas institucións. A publicación das coleccións farase dende o repositorio DOMUS, o que permitirá tamén avanzar no uso sistemático e homoxeneo do sistema, mellorando a información colectiva das coleccións de museos dependentes da Xunta de Galicia.

- Actividades 2020:**
- Mantemento do sistema DOMUS e xestión dos procesos periódicos de integración con CERES.
  - En 2020 abordarase a publicación dos portais renovados no ámbito do proxecto mencionado na descrición desta actividade de ordeación da presenza en internet da rede de museos dependentes da Xunta de Galicia. Así se prevé a publicación de:
    - Renovación do portais de museos (museos.xunta.gal)
    - Publicación do novo portal do Museo de Belas Artes.
    - Publicación do portal do Museo do Viño
    - Publicación do portal do Museo das Peregrinacións.
    - Publicación do portal do CGAC.
  - Posta en marcha do sistema de visitas guiadas no Museo das Peregrinacións. Esta iniciativa realizarase a modo de pilotaxe para a extensión deste tipo de servizos aos restantes museos dependentes da Xunta de Galicia.
  - Publicación do novo portal da Fundación Camilo José Cela.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*



<b>Actividade:</b>	<b>4.3.4. Desenvolver un modelo un sistema de información para a xestión do patrimonio</b>
<b>Descrición:</b>	<p>No marco orzamentario do proxecto GEOARPAD correspondente á I Convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza POCTEP, abórdase a posta en marcha dun sistema de xestión do patrimonio contemplando a dimensión alfanumérica e xeográfica da identificación e localización dos bens patrimoniais, e incorporando a xestión dos instrumentos identificados na lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia referidos aos BICs, o inventario e o censo de bens patrimoniais. Igualmente inclúe os procesos administrativos vinculados a xestión deste patrimonio, e o seguimento das actuacións que se fan sobre él.</p> <p>A execución deste proxecto supón:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A definición dun modelo conceptual de identificación do patrimonio, xa rematado.</li> <li>- O deseño e desenvolvemento do sistema de información para a xestión do conxunto de procesos descritos. Iniciado en 2019.</li> <li>- A migración da información recollida no vixente sistema COPRA.</li> </ul>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ En 2020 continuará o proceso de construción do sistema e a súa posta en marcha progresiva. O sistema integra:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Identificación da ficha dun ben aliñado cos termos da lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, integrando tanto a información alfanumérica, como multimedia ou xeoespacial.</li> <li>○ Xestión dos expedientes de actuación vinculados a cada ben: xenéricas, intervencións, autorizacións arqueolóxicas, ..</li> <li>○ Tramitación dos procedementos administrativos vinculados a xestión dos bens patrimoniais.</li> <li>○ A migración do contido do sistema COPRA cara o novo sistema.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.5. Modernizar o sistema de xestión de nomes do territorio</b>
<b>Descrición:</b>	<p>No marco orzamentario do proxecto GEOARPAD correspondente á I Convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza POCTEP, abórdase a posta en marcha dun proxecto de impulso da xestión dos nomes do territorio (toponimia e microtoponimia) como parte do patrimonio inmaterial galego, tendo en consideración tamén a súa importancia como instrumento para a xestión do territorio. E incluíndo a dimensión de participación cidadá como impulsor dos procesos de recolleita de microtoponimia.</p> <p>O sistema está composto de diversos elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema de recolleita participativa de microtoponimia: GaliciaNomeada.</li> <li>- Portal de difusión do proxecto de toponimia: <a href="http://toponimia.xunta.gal">http://toponimia.xunta.gal</a></li> <li>- Sistema de xestión dos procesos de revisión do nomenclator dende a Real Academia Galega.</li> </ul> <p>Tanto o sistema de recolleita participativa como o portal de difusión puxéronse en marcha en 2019, estando xa dispoñible previamente o sistema de revisión do</p>

	<p>nomenclator por parte da Real Academia Galega.</p> <p>Aspecto importante é tamén o aliñamento cos repositorios de toponimia xestionados dende o Instituto de Estudos Xeográficos.</p> <p>Unha vez postos en marcha os principais instrumentos previstos, abóndase a evolución continuada dos elementos que participan neste proxecto.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada e mantemento dos elementos que componen este sistema en especial nos aspectos relativos a participación cidadá.: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Sistema de recolleita participativa.GaliciaNomeada.</li> <li>○ Porta de toponimia.</li> <li>○ Sistema de xestión de nomenclátor.</li> </ul> </li> <li>→ Continuación cos procesos tecnolóxicos de aliñamento do repositorio do sistema de información xeográfica.</li> <li>→ Adecuación dos sistemas para a publicación do novo nomenclátor, incluíndo a revisión visual do espazo da web institucional da Xunta de Galicia.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.6. Dotar as entidades que custodian do patrimonio cultural de medios TIC.</b>
<b>Descrición:</b>	Dotación de medios TIC (equipos e servizos) para os arquivos e museos.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución dos medios dos museos dependentes da Xunta de Galicia: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Dotación de infraestrutura Wifi nos museos dependentes da Xunta de Galicia, así como en diversos arquivos dependentes da Xunta.</li> <li>○ Posta en marcha dun sistema de xestión de visitas guiadas no museo das Peregrinacións de Santiago.</li> </ul> </li> <li>→ En ámbolos dous casos (arquivos e museos), actualización continuada dos medios en posto de traballo.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.8. Impulsar a difusión da actividade cultural e a Axenda Cultural de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A difusión do patrimonio dixital debe complementarse coa integración das TIC na difusión da actividade cultural. A axenda cultural recolle os eventos promovidos polas diferentes institucións ou departamentos da Xunta de Galicia. Así como de outras administracións que se adhíren a este servizo.</p> <p>Tecnolóxicamente a axenda cultural de Galicia inclúe o portal de publicación (integrado en <a href="http://www.cultura.gal">www.cultura.gal</a>), a app de mobilidade e os servizos de integración de outros sistemas coa axenda cultural.</p>

**Actividades 2020:**

- Evolución continuada dos elementos que compoñen a Axenda Cultural de Galicia. Entre outras a xestión de eventos cancelados ou reprogramados.
- Adaptación da axenda para a incorporación da publicación en inglés das fichas de eventos culturais.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>4.5.- Memoria dixital de Galicia: Medidas para a promoción dixital da cultura e patrimonio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• II convocatoria de axudas para a dixitalización de fondo patrimonial.</li> </ul>	<b>Publicada a resolución de concesión</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de arquivos integrados no sistema de descrições arquivísticas ARQA</li> </ul>	<b>10</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de novos portais (ou renovados ) publicados neste ámbito.</li> </ul>	<b>5</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño do modelo xeorreferenciado de xestión do territorio</li> </ul>	<b>Implantado</b>

## Obxectivo 4: Promover a economía dixital

### 4.4 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente

Este plan ten como obxectivo, aproveitando as capacidades das TIC (integración de información, monitorización de parámetros chave, análise de información), o deseño dun modelo sustentable de aproveitamento dos recursos naturais e ambientais de Galicia (espazos naturais, fauna e flora, xestión dos residuos, climatoloxía, ...)

#### Obxectivos

- Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica
- Modernizar tecnolóxicamente os espazos imán do Plan de promoción e posta en valor do patrimonio natural de Galicia.
- Impulsar solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito medioambiental

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.4.1 Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica</b>
<b>Descrición:</b>	<p>No ano 2015 púxose en marcha a plataforma galega de información ambiental, GaIA, co obxectivo de integrar toda a información medioambiental, de facilitar e simplificar a comunicación coas empresas e de mellorar o coñecemento que ten a Administración sobre as mesmas.</p> <p>GaIA ten que consolidarse como o portal de información ambiental de Galicia e ser o único punto de acceso para que as empresas podan cumprir cos seus compromisos medioambientais e cos procedementos telemáticos que lles esixe a normativa vixente.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Posta en marcha dos módulos:</li><li>→ Rexistro da Autorización Ambiental Integrada (AAI).</li><li>→ Módulo de inspeccións para a realización e xestión das inspeccións ambientais.</li><li>→ O módulo eRegade que incorpora o novo rexistro para o Catálogo de Actividades Potencialmente Contaminantes para Atmosfera (CAPCA).</li><li>→ Soporte e mantemento dos módulos xa implantados na plataforma GaIA.</li><li>→ Licitación e adxudicación dun novo contrato para a prestación do servizo de</li></ul>

	<p>desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento da plataforma galega de información ambiental, GaIA.</p> <p>→ Licitación e adxudicación dun novo contrato para a prestación do servizo de implantación e posta en funcionamento dos proxectos tecnolóxicos no eido da xestión medioambiental.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.4.2 Modernizar tecnolóxicamente os espazos imán do Plan de promoción e posta en valor do patrimonio natural de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Galicia conta con seis xoias emblema, como son: o Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Baixa Limia Serra do Xurés, O Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, Monte Aloia, e as Fragas do Eume; aos que hai que sumar o Parque Nacional Illas Atlánticas, que se configura como un auténtico paraíso insular de Galicia.</p> <p>O Plan de promoción e posta en valor do patrimonio natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación del Territorio pretende acercar estes espazos naturais á cidadanía. A tecnoloxía e os servizos dixitais simplificarán e facilitarán aos visitantes o acceso a información, axudando á posta en valor dos recursos naturais de Galicia e facilitará á Administración unha visión global sobre a realidade de ditos espazos, a súa explotación, control e conservación.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:</p> <p>→ Soporte e mantemento dos sistemas de cartelaria dixital instalados nos seis parques naturais, no Parque Nacional das Illas Atlánticas e nas catro aulas da natureza.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Numero de procesos de negocio xestionados telemáticamente a través da plataforma Gaia</li></ul>	12
4.4 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente	<ul style="list-style-type: none"><li>• Servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento da plataforma galega de información ambiental, GaIA</li></ul>	En desenvolvemento

## Obxectivo 4: Promover a economía dixital

### 4.5 Plan tecnolóxico para o transporte público

Este plan ten como obxectivo, aproveitando as capacidades das TIC (integración de información, monitorización de parámetros chave, análise de información), o deseño dun modelo de transporte sustentable, a través da eficiencia operativa na prestación dos servizos, a mellora na xestión, planificación e toma de decisións da administración; e a mellora da relación e información aos cidadáns.

#### Obxectivos

- Impulsar a modernización tecnolóxica do sector do transporte a través do desenvolvemento de sistemas integrais de información e, de novas formas de xestión do transporte para empresas, cidadáns e administracións públicas
- Favorecer a implantación de novos sistemas de pagamento no transporte público de Galicia.
- Impulsar solucións de planificación, análise e axuda a toma de decisións no ámbito de transporte

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.5.1. Impulsar a modernización tecnolóxica do sector do transporte a través do desenvolvemento de sistemas integrais de información e, de novas formas de xestión do transporte para empresas, cidadáns e administracións públicas</b>
<b>Descrición:</b>	<p>No mes de febreiro de 2018, publicouse o plan e-Mobility que impulsará a dixitalización do sistema público de transporte.</p> <p>Entre as principais liñas de actuación, destaca a implantación dun sistema de xestión de transporte baixo demanda que ten como obxectivos: unha maior cobertura territorial do sistema de transporte e responder aos desprazamentos constantes e recorrentes en espazos cada vez máis poboados e conxestionados, contribuíndo á construción dun sistema de transporte público universal, alternativo ao vehículo particular, respectuoso co medio, e que contribúa á mellora da calidade de vida das persoas.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Posta en marcha, soporte e mantemento do sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.</li><li>→ Implantación dunha ferramenta (SINDOC) para a xeración e envío dos documentos contables dos pagos mensuais aos adxudicatarios dos novos contratos de transporte público ao sistema contable XUMCO.</li><li>→ Licitación e adxudicación dun novo contrato de desenvolvemento do sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual (fase 2).</li></ul>

- Mantemento evolutivo do portal de transporte público de Galicia (<https://www.bus.gal>) que permite a consulta dos servizos de transporte público por estrada, a reserva dos servizos baixo demanda e a comunicación das reservas realizadas aos contratistas.
- SAE de mobilidade de Galicia. Entre as principais actuacións destacan:
  - Mantemento e operación do sistema.
  - Carga dos novos contratos do Plan de Transporte Público.
  - Homologación dos SAE's locais dos operadores adxudicatarios dun novo contrato do Plan de Transporte Público.
  - Licitación, adxudicación e inicio do servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte, operación e mantemento do sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL)

**Área responsable:**

**Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

<b>Actividade:</b>	<b>4.5.2. Favorecer a implantación de novos sistemas de pagamento no transporte público de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O plan de transporte metropolitano de Galicia supuxo a introdución da tarxeta TMG (tarxeta metropolitana de Galicia) como medio de pago.</p> <p>Co avance da tecnoloxía nos últimos anos, xorden novas oportunidades para facilitar o pago dos servizos de transporte público por os usuarios. Con esta finalidade, asinouse no ano 2018 un convenio de colaboración entra a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Amtega e Abanca para o desenvolvemento do proxecto de modernización tecnolóxica dos medios de pago nos sistemas de transporte de Galicia.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Pilotaxe na ATM de Coruña dunha solución unha solución de pago por móbil. Para isto, desenvolveuse un novo módulo na aplicación de transporte público que permite rexistrar unha tarxeta TMG ou Xente Nova virtual coa que poder pagar os billetes a través do móbil, recargar a tarxeta virtual, consultar os últimos movementos ou cobrar as bonificacións emitidas por as Administracións Públicas.</li> <li>→ Extensión da solución de pago con móbil aos novos operadores adxudicatarios de contratos do Plan de Transporte, e publicación do servizo para os cidadáns.</li> <li>→ Adaptación dos procesos de bonificación aos usuarios da tarxeta Xente Nova para a súa extensión ata os 21 anos de idade.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>



<b>Actividade:</b>	<b>4.5.3. Impulsar solucións de planificación, análise e axuda a toma de decisións no ámbito de transporte</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Deseño e desenvolvemento dun sistema analítico para explotar o volume de datos dispoñible e convertelos en información relevante, sobre todo para os xestores, pero tamén para o sector e os propios viaxeiros.</p> <p>Definición de indicadores e cadros de mando adaptados os distintos perfís e as súas necesidades, que aportarían unha visión estratéxica e/ou operativa do transporte en Galicia que facilite a toma de decisións.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Mantemento e carga de datos dos sistemas transaccionais no sistema de información analítico BI_TRANS. Esta solución integra datos dos sistemas: SITME (Sistema de información de Transporte Metropolitano), TARSOC (TMG Sociais) e IURISTRANS (Sistema de sancións en materia de transporte). Definíronse indicadores para os seguintes eixes: demanda de transporte, oferta de transporte, información económica-financeira, calidade do servizo de transporte público, control de expedientes ou análise de infraccións de transporte.</p> <p>→ Posta en marcha, soporte e mantemento do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma de Galicia.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
4.5 Plan tecnolóxico para o transporte público	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de usuarios que fan uso dos sistemas de transporte intelixente (tarxeta metropolitana de Galicia e tarxetas integradas)</li> </ul>	240.000
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte, operación e mantemento do sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL)</li> </ul>	En desenvolvemento
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma de Galicia</li> </ul>	Desenvolto

## Obxectivo 4: Promover a economía dixital

### 4.6 Programa Primare: a transformación dixital dos sectores primarios

Este programa aglutina a estratexia galega de promoción do desenvolvemento do medio rural a través do uso das TIC como vehículo para o desenvolvemento dunha actividade agraria e pesqueira sostible, mellorando a seguridade e a calidade alimentaria e aumentando a competitividade do sector primario co fin de mellorar as condicións de vida do medio rural. Polo tanto, o obxectivo é o desenvolvemento do sector primario galego (agrogandeiro, forestal e pesqueiro) a través de iniciativas relevantes de impacto no sector e na economía galega.

#### Obxectivos

- Transformar as inspeccións asociadas á PAC a través da aplicación innovadora da tecnoloxía
- Aplicar solucións tecnolóxicas innovadoras para a vixianza e xestión dos incendios.
- Modernizar tecnolóxicamente as lonxas e confrarías a través de solucións de xestión e comercialización

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.6.1. Transformar as inspeccións asociadas á PAC a través da aplicación innovadora das tecnoloxías</b>
<b>Descrición:</b>	Impulso de aplicacións piloto e desenvolvemento de proxectos de innovación no sector agropecuario galego, con particular fincapé nos relacionados coa agricultura de precisión e na toma de datos que permita unha maior eficiencia na explotación agropecuaria.
<b>Accións 2020:</b>	<p>Dentro do proxecto PRIMARE_Inspección Intelixentes Avanzadas, <b>os tres subproxectos actualmente en execución para a consecución son:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Sistema de xestión xeoreferenciada para o control da actividade agraria de Galicia (XESTIÓN E CAPTURA)</li><li>• Plataforma de procesado de información das parcelas agrarias galegas (PROCESADO)</li><li>• Control automatizado e intelixente da actividade agraria asociada ás axudas da PAC (SISTEMA EXPERTO)</li></ul> <p>A validación do proxecto, desenvolvida en decembro de 2019, senta as bases para a utilización dos seus resultados nunha extensión do proxecto (PRIMARE 2020) , que actualmente se dirixe cara a tres eido de alto nivel en proceso de avaliación xunto coas unidades da Consellería de Medio Rural con competencias neses eidos</p>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

**Actividade:** 4.6.2. Aplicación dos resultados do proxecto PRIMARE\_IIA - INNOVACIÓN NO SECTOR AGRARIO GALEGO (PRIMARE 2020)

**Descrición:** XESTIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA (XEAGA)

A xénese deste proxecto xorde cun dobre obxectivo:

- Explotación dos resultados obtidos de PRIMARE\_IIA
- Facilitar a xestión global – alfanumérica e gráfica – da información relativa ás explotacións agrarias de Galicia, tanto por parte dos xestores como de cara aos propietarios a actualización e xestión da información das mesmas

**Accións 2020:**

O **Observatorio de Parcelas (OPA)**, relacionado con Rexistro de Explotacións Agrarias (REAGA) permitirá realizar consultas (alfanuméricas e espaciais) a nivel global ou particular (de información agrupada ou individual de produtor) e explotar a información rexistrada en XEAGA, podendo presentar diferentes capas personalizables:

A **Xestión de Explotacións Agrarias (XEAGA)** é unha Ferramenta dirixida ao agricultor/gandeiro para a xestión gráfica da súa explotación/parcela agrícola que permitiría:

- Xeorreferenciación de elementos da explotación: instalacións, maquinaria, establecementos gandeiros...
- Rexistro de actuacións:
  - Sobre parcelas: tratamentos (fitosanitarios, herbicidas, fertilizantes,...) e outro tipo de actuacións sobre o terreo (podas, rego, plantación, colleita...).
  - Sobre animais: vacinación, tratamentos, partos, mortes...
- Aplicación en calquera sistema baseado en parcelas agrarias:

Declaracións de produción vexetal

Declaracións de produción vitícola

Rexistro Vitícola

Xestión ambiental da explotación: aplicación e control de lodos, esterco, nitratos...

Debería integrarse cos sistemas de xestión: SIXC – SIXPAC – SGA, coa Oficina Agraria Virtual, así como facilitar interfaces (API/S) para permitir integrar ou facilitar información desde outros sistemas. Por exemplo, desde a perspectiva de potenciar a figura de Agricultor activo, poderíase dispoñer dunha APP móbil que permite enviar información ao sistema sobre a xestión da súa aplicación (rexistrar actuacións, enviar evidencias para xustificar discrepancias,...).

Tamén cómpre salientar a conveniencia de dispor de interfaces e conexión cos seguintes sistemas:

- NIVA: New IACS Vision in Action.
- SIEX: Sistema de Información de Explotacións.

En resumo, OPA e XEAGA facilitarían bases para potenciar a figura de Agricultor Activo cara a Agricultura 4.0, desenvolvendo xestión alfanumérica e gráfica para manexar varias capas XIS diferentes. Un primeiro resultado de aplicación sería o apoio no xestión do viñedo de Galicia, antes referida.

**Area responsable:** **Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais**

**Actividade:** **4.6.3. Aplicar solucións tecnolóxicas innovadoras para a vixilancia e xestión dos incendios.**

**Descrición:** Dentro do Programa Primare de transformación dixital dos sectores primarios, este obxectivo específico procura solucións tecnolóxicas innovadoras que faciliten a vixilancia e xestión dos incendios forestais

**Actividades 2020:**

- Nos anos 2018 e 2019 púxose en marcha a Rede de Vixilancia do Espazos Forestais de Galicia, coordinada polo operador público RETEGAL. O sistema permite o apoio no labor de detección, prevención e seguimento de incendios forestais, sendo xa operativa unha primeira fase do sistema, que permite monitorizar aproximadamente o 54% do territorio, incluíndo terreos das 73 parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) definidas así no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA).
- O sistema xa está en funcionamento con 88 cámaras móbiles autoxestionadas, aproveitando a infraestrutura de 44 centros de RETEGAL, o software de monitorización e xestión e a integración da información cos sistemas de xestión de incendios (Xeocode 2.0) aos que da soporte a área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais da AMTEGA; xunto coa completa operativa de todos os elementos necesarios para o funcionamento da rede.
- No 2019 avalíouse a extensión da cobertura e instalación de novas cámaras da Rede, así como a continuación dos labores de integración das imaxes – a través de Milestone – co aplicación Xeocode 2.0.
- Froito desa análise, e con data 7 de agosto de 2019, asinouse a primeira Addenda ao “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA O DESPREGUE DA REDE DE VIXILANCIA DOS ESPAZOS FORESTAIS DE GALICIA,

COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020” PARA A MELLORA DA REDE DE VIDEOVIXILANCIA FORESTAL DOS ESPAZOS FORESTAIS DE GALICIA, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020, cun alcance que comprende os seguintes traballos a executar en 2020:

- **A ampliación da Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia** (coa súa operación funcional e/ou técnica e xestión), así como a prestación dos correspondentes servizos de aloxamento e de conectividade prestados por RETEGAL en 15 centros de telecomunicacións de titularidade pública e xestionados pola devandita mercantil, segundo as súas necesidades e definicións, que estenderán a cobertura visual da rede ata un total de 1,8 millóns de hectáreas, o que se corresponde co 60 % do territorio de Galicia
  - **A instalación de novos radioenlaces para dotar de conectividade a centros que non dispoñen dela**
  - A realización dun **plan piloto de sensorización utilizando dispositivos IOT** (Internet of Things) , en polo menos, tres centros de telecomunicación, que permita a detección, análise e envío de parámetros atmosféricos que poidan ter afección no desenvolvemento dos incendios forestais, como humidade, pluviometría, temperatura, dirección e forza do vento, entre outros, que permitan dispoñer de datos por áreas xeográficas reducidas e que contribúan a mellorar na eventual predición, e coordinación da extinción dos incendios forestais
  - A realización por parte de AMTEGA e RETEGAL, no ámbito da I+D+i, un **piloto de tecnoloxías de tratamento de imaxes baseadas en Intelixencia Artificial e Redes Neuronais** (ou aprendizaxe máquina profundo – Deep Learning) que amosaron a súa eficacia na identificación e clasificación de obxectos
  - Unha vez que se dispoña de abundantes e fiables Datasets, utilización doutras técnicas de Big Data para unha análise dos mesmos que permitan obter o maior valor dos datos, de forma que poida ser de axuda para as posibles decisións e para os diferentes procesos
- En liña coa acción anterior, vaise continuar co pilotado de sistemas e tecnoloxías que podan aportar melloras na vixilancia e/ou seguimento dos incendios forestais; con especial énfase na participación en diferentes proxectos de investigación e innovación nos que a Xunta de Galicia xa está a tomar parte

**Área responsable:** *RETEGAL, en colaboración coa Área de Infraestruturas e coa Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 4.6.4. Modernizar tecnoloxicamente as lonxas e confrarías a través de solucións de xestión e comercialización

**Descrición:** Modernización tecnolóxica das lonxas (proxecto LONXAS GALEGAS 4.0)

- Actividades 2020:**
- O proxecto de modernización de lonxas nace para mellorar os sistemas de comercialización e xestión de peixes e mariscos nas lonxas galegas e renovar tanto o equipamento como o software existente actualmente neste tipo de entidades. Eixos do proxecto:
  - Modernización da infraestrutura tecnolóxica das lonxas, tanto a nivel de infraestrutura local como de equipamento micro informático para o funcionamento dos novos sistemas
  - Desenvolvemento dunha solución de comercialización que permita a partires da información obtida na identificación, clasificación e pesada das capturas descargadas na lonxa a súa poxa nas distintas modalidades e a emisión dos documentos relacionados coa comercialización dos produtos
  - Desenvolvemento dunha solución de xestión que permita a xestión da actividade propia específica da lonxa/confraría (prestación de servizos, contabilidade, cobros e pagos, xestión social,...)
  - O alcance deste proxecto está circunscrito actualmente a 35 lonxas e confrarías ata 2021, das que 14 delas tiñan o sistema en funcionamento a remate de 2019. As liñas de traballo mais importantes previstas en 2020 para continuar avanzando na implantación efectiva do proxecto son as seguintes:
  - Integración do sistema de xestión e comercialización. As novas solucións garanten a trazabilidade integral da información durante o fluxo da mesma, desde a entrada na lonxa
  - Establecemento dos acordos con novas entidades participantes detallando obrigas e beneficios da participación no proxecto; así como posteriormente os acordos de cesión do equipamento
  - Implantación nas lonxas e confrarías, mediante o acompañamento in situ na posta en marcha e utilización das novas solucións. O labor de implantación comprende os seguintes fitos principais: instalación de equipamento da solución de comercialización e revisión do equipamento actual en conexión coas novas solucións; consultaría previa, parametrización das solucións adaptada a cada punto, formación, acompañamento nas probas, validación da solución personalizada, posta en produción
  - Avanzar na implantación dun modelo de soporte e atención das novas solucións a través dun punto único de atención a usuarios e os pertinentes mecanismos e procedementos de escalado
  - Consolidar as melloras das liñas de comunicacións nas lonxas e confrarías que se integran no proxecto, mediante a implantación e integración na Rede Corporativa de Comunicacións Xunta de Galicia
  - Mellora do equipamento tecnolóxico TIC (informática e comunicacións) nos centros participantes na iniciativa, como complemento da implantación inicial da solución

- Mantemento evolutivo das solucións. Durante 2020 arráncase un proxecto específico que permitirá incorporar melloras nas solucións actuais, adaptándoas a procedementos e formas de xestión particulares e implantando novas funcionalidades demandadas durante o proceso de implantación
- Seguimento proactivo e monitorización da infraestrutura que dá soporte ao proxecto no Centro de Datos Integral da Xunta de Galicia en aras de minimizar o número de incidentes no mesmo
- Outro aspecto a considerar a medio prazo é a toma de decisión pola Consellería do Mar sobre a extensión do proxecto ao resto de lonxas e confrarías, en función das diferentes tipoloxías de implantación posibles (poxa, venda directa, só xestión social,...).

**Área responsable:** *RETEGAL, en colaboración coa Área de Infraestruturas e coa Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>4.6 Programa Primare: a transformación dixital dos sectores primarios</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extensión do proxecto de tecnoloxía innovadora para as inspeccións intelixentes asociadas aos controis da PAC (PRIMARE_IIA)</li> </ul>	<b>En análise</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación da extensión da rede de vixilancia forestal</li> </ul>	<b>Operativa</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto de modernización das lonxas. Número de lonxas coa solución implantada (PRIMARE_LONXAS)</li> </ul>	<b>25</b>



**OBJETIVO 5.**  
**APOIAR O CRECIMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL**





## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.1. Axenda Dixital de Galicia: A estratexia dixital de Galicia

No marco deste obxectivo traballárase para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas e programas desenvolto no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020, a estratexia tecnolóxica global da Xunta de Galicia.

Ademais, desenvolveranse unha labor de vixilancia continua que contribúa á identificación e aproveitamento de posibles sinerxías das devanditas iniciativas coas directrices establecidas polas estratexias existentes a nivel nacional e europeo, ou actuacións que delas se deriven, así como calquera outra estratexia sectorial de carácter autonómico que incida sobre o desenvolvemento dixital de Galicia.

Por outro lado, desenvolveranse as actividades que permitan continuar co proceso de elaboración da Estratexia Dixital de Galicia 2030 co fin de configurar a Galicia 5.0, de cara ao seu lanzamento como folia de ruta para afrontar os retos da futura dixitalización na vindeira década.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.1.1. Vixilancia continua das actuacións e medidas relativas ao impulso da sociedade dixital</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Análise e estudo sistemático da información referente á contorna da Axenda Dixital de Galicia 2020 para detectar cambios e novidades relevantes, identificar oportunidades de mellora e ideas innovadoras.</p> <p>Con esta actividade contribuirase á xeración de coñecemento e a canalizalo de forma que apoie os procesos de toma de decisións para potenciar os resultados derivados da ADG2020 e reforzar os recursos dispoñibles para o seu desenvolvemento.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ <b>Análise do contexto da sociedade da información</b>, no que respecta a outros plans estratéxicos autonómicos, nacionais, europeos ou internacionais, así como o desenvolvemento daquelas iniciativas de interese.</li><li>→ Posta en marcha dos mecanismos que permitan a identificación e aproveitamento de posibles sinerxías e contribúan ao proceso de <b>mellora continua das actuacións recollidas na ADG2020</b>.</li></ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.1.2. Seguimento e avaliación das iniciativas recollidas na Axenda Dixital de Galicia 2020</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte ao seguimento do desenvolvemento, posta en marcha e execución das actuacións derivadas da ADG2020 coa finalidade de identificar e analizar os resultados e impacto acadados coas mesmas, contribuíndo, a valorar o cumprimento dos obxectivos propostos e, de ser necesario, ao establecemento de medidas correctoras para mellorar a eficacia das iniciativas.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Apoio na avaliación e seguimento das actuacións en materia da sociedade da información.</li> <li>→ Seguimento da evolución dos proxectos derivados da ADG2020 e análise do avances e impacto acadado a través do seu desenvolvemento.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.1.3. Coordinación das actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia 2020</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo desta actuación é conseguir a óptima coordinación das actuacións desenvoltas no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020 de forma que se potencien as capacidades e os recursos dispoñibles.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha de mecanismos para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas e programas desenvoltos no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.1.4. Desenvolvemento do proceso de elaboración da Estratexia Dixital de Galicia 2030</b>
<b>Descrición:</b>	Continuidade ao proceso elaboración da futura Estratexia Dixital de Galicia que permita trazar o rumbo para conformar a sociedade galega do futuro, capaz de dar resposta a problemas sen precedentes, onde todo está conectado e as tecnoloxías se fusionan; aproveitando os significativos avances dixitais experimentados en Galicia nos últimos anos e a posición que a transformación dixital terá no novo marco de financiamento europeo 2021 - 2027.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Desenvolvemento das actividades que permitan abordar a elaboración da estratexia dixital única para Galicia, da que sexan partícipes as administracións, as empresas, e a cidadanía, co desexo de construír un novo modelo de sociedade que integre o mundo físico co dixital para contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible na Comunidade.</li> <li>→ Publicación da Estratexia Dixital de Galicia 2030 co fin de configurar a Galicia</li> </ul>

5.0, aproveitando as tecnoloxías dixitais para contribuír ao desenvolvemento sostible da Comunidade tanto a nivel económico, como social e medioambiental.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.2. Programa TransformaTIC

Co fin de axuntar esforzos entre os medios públicos e as necesidades que presenta o sector TIC, o Programa TransformaTIC asume a estratexia da Administración de Galicia para contribuír ao crecemento e desenvolvemento do sector da economía do coñecemento e impulsar a súa transformación, a súa competitividade e que actúe como elemento tractor para apoiar a outros sectores estratéxicos de Galicia.

#### Obxectivos:

- Consolidación dun sector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado reforzando o seu posicionamento dentro e fóra da Comunidade.
- Impulsar a innovación e potenciar o emprendemento TIC e as capacidades tecnolóxicas como elemento clave para a competitividade.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.2.1 Programa ReAcciona TIC para o desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e adopción de solucións de dixitalización</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Desenvolvemento do Programa ReaccionaTIC para o desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e adopción de solucións de dixitalización ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspecto operativo, estratéxico ou de incorporación de tecnoloxía.</p> <p>En concreto a través das distintas convocatorias do programa, e no marco dos servizos vinculados á dixitalización, as pemes poderán acceder a servizos relacionados coas novas tendencias dixitais como as solucións baseadas nos contidos dixitais, a ciberseguridade ou as solucións en mobilidade.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Posta en marcha dunha carteira de servizos para a dixitalización empresarial a través de axentes colaboradores:<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa</li><li>▪ Servizos de definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme</li><li>▪ Servizos de apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade</li><li>▪ Servizos de apoio na adopción de solucións innovadoras con base nos contidos dixitais</li><li>▪ Servizos de deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme</li></ul></li></ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.2.2 Impulso ao programa <i>Galicia Open Future: retos Industria 4.0</i></b>
<b>Descrición:</b>	<p>Programa de apoio ao desenvolvemento de iniciativas emprendedoras no eido da transformación industrial de Galicia - industria 4.0 baixo un modelo de innovación aberta impulsado por Telefónica en colaboración coa Xunta de Galicia, que procura dirixir o talento emprendedor cara a resolución de problemas concretos da industria galega.</p> <p>O obxectivo é encontrar solucións innovadoras de transformación dixital e industrial que axuden a resolver os retos tecnolóxicos reais de empresas tractoras da rexión.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Selección da proposta gañadora e finalistas correspondentes ao sexto reto tecnolóxico lanzado en 2019 no marco do programa.</li> <li>→ Desenvolvemento dos pilotos das solucións propostas gañadoras coas empresas tractoras lanzadoras dos tres últimos retos e do programa personalizado de aceleración dentro do ecosistema Open Future de Telefónica con sesións de mentoring e coaching especializado. O mellor proxecto do programa de aceleración recibirá unha axuda de 10.000 euros</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b><i>Área de Sociedade Dixital</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.2.4 Continuidade das actuacións no marco do Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio (CEIN)</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Apoio ao desenvolvemento do Big Data e Business Intelligence en Galicia coa continuidade das liñas de traballo no marco do Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio (CEIN) da empresa DXC Technology, unha iniciativa derivada do Pacto Dixital e que potencia a competitividade do Sector TIC.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Celebración da IV edición do Hackaton Big Data &amp; Analytics, un encontro tecnolóxico no que analistas, investigadores, universitarios, emprendedores e persoas con inquietudes no ámbito da Intelixencia Artificial, Big Data e Analytics competirán co fin de elaborar unha solución tecnolóxica que dea resposta a un desafío exposto inicialmente para a creación de ferramentas de apoio e toma de decisións con información meteorolóxica e o medio mariño proporcionada por Intecmar e MeteoGalicia.</li> <li>→ Continuidade do programa "Observatorio Tecnolóxico DXC" que ofrece asesoramento especializado a través dunha rede de titores a graduados universitarios e alumnos de master para o desenvolvemento do seu proxecto de fin de grao.</li> <li>→ Programa de Bolsas para facer prácticas na sede desta empresa na Cidade da Cultura, coa obtención de certificacións oficiais.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b><i>Área de Sociedade Dixital</i></b>

**Actividade: 5.2.4 Configuración e acondicionamento do Centro GaiásTech**

**Descrición:** Centro de demostración e experimentación en tecnoloxías disruptivas, que ofrecerá ao ecosistema dixital galego unha ampla carteira de servizos para facilitar o seu posicionamento nas tendencias tecnolóxicas da vindeira década.

Trátase dun espazo colaborativo para impulsar a incorporación e o aseguramento da transferencia permanente dos avances dixitais ás actividades e sectores produtivos.

**Actividades 2020:**

- Deseño da infraestrutura tecnolóxica de cada un dos recintos do espazo GaiásTech, incluíndo unha contorna inmersiva; instalación e posta en funcionamento.
- Definición do marco estratéxico do Centro GaiásTech.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Indicadores asociados:**

Actividade	Indicador	Valor 2020
5.2.1 Programa ReAcciona TIC para o impulso da empresa dixital e da Industria 4.0	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nº de empresas que reciben axudas (acumulado)</li></ul>	208

## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.3. Programa ViraxeTIC

O programa ViraxeTIC, para a modernización e innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais de Galicia, defínese co fin de apoiar á aceleración do desenvolvemento e competitividade deste sector como baluarte do crecemento económico e social vinculado á economía dixital.

Máis concretamente, este programa persegue un cambio de rumbo cara á potenciación do sector de contidos dixitais pola vía de maximizar o aproveitamento de solucións tecnolóxicas no ámbito dos contidos dixitais nos sectores tradicionais e estratéxicos de Galicia.

#### Obxectivos:

- **Mellora das capacidades e formación dos profesionais do sector.** Preparación e consolidación do capital humano requirido para que o sector conte cos recursos necesarios para posicionarse a nivel competitivo no panorama global.
- **Impulso da modernización e innovación tecnolóxica a través de proxectos de vangarda con base nos contidos dixitais.** Desenvolvemento de medidas e instrumentos que fomenten a innovación e desenvolvemento tecnolóxico nas empresas do sector, incluíndo o posible rol da administración como cliente de lanzamento ou referencia.
- **Fortalecemento e dinamización do traballo en rede.** Fomento e activación de colaboracións e contactos entre os distintos axentes do ecosistema da innovación tecnolóxica en torno ao sector de contidos dixitais que propicie a combinación de capacidades, posicionando ás empresas do sector de cara á abordar novos produtos, novos modelos de negocio ou novos mercados.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.3.1 Fomento das vocacións dixitais</b>
<b>Descrición:</b>	Definición e posta en marcha dun conglomerado de <b>actividades orientadas</b> a contribuir <b>á atracción de novo talento cara ao sector de contidos dixitais</b> .
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Actividades divulgativas sobre tecnoloxías disruptivas orientadas aos máis novos buscando captar o seu interese para que se orienten profesionalmente cara ao eido dos contidos dixitais.</li><li>→ Deseño e impulso de actuacións que contribúan á visibilización da actividade do sector dos contidos dixitais, para dar a coñecer o seu traballo ao conxunto da sociedade e a súa contribución á creación de emprego cualificado na nosa comunidade.</li></ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

**Actividade:** 5.3.2 Deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma de experiencias tecnolóxicas interactivas no ámbito formativo para nenas e nenos entre 6 e 16 anos.

**Descrición:** Profundarase no fomento da innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais a través da adquisición por parte da Administración pública, mediante o mecanismo de Compra pública de innovación, dunha plataforma de experiencias tecnolóxicas interactivas no ámbito formativo para nenas e nenos entre 6 e 16 anos.

Entre os obxectivos que se perseguen, cómpre salientar o desenvolvemento de **novos modelos narrativos baseados nas novas tendencias tecnolóxicas** (realidade aumentada, realidade virtual, visualización 3D, etc.) que permitan acadar un maior nivel de interactividade cos usuarios.

Con esta actuación conseguírase estender a contorna formativa global aos diferentes contextos do crecemento intelectual, abranguendo tanto a formación regrada coma o ámbito familiar.

**Actividades 2020:**

- Posta en marcha do proxecto de d
- deseño e desenvolvemento dunha plataforma que permita a posta a disposición e produción de contidos audiovisuais formativos que contribúa a enriquecer a experiencia dos seus consumidores e permitan a adopción de enfoques pedagóxicos mellorados.
- Aplicación dos mecanismos que aseguren a personalización e adaptación ao comportamento dos mozos e mozas para poder satisfacer as necesidades formativas en calquera lugar e en calquera momento.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 5.3.3 Techmonitor

**Descrición:** Iniciativa de análise e vixilancia das tendencias tecnolóxicas emerxentes ao que as empresas do sector poidan trasladar consultas sobre a execución de proxectos que supoñan para elas un reto tecnolóxico, así como coñecer novas tendencias disruptivas.

**Actividades 2020:**

- Articulación e posta en marcha de mecanismos de vixilancia tecnolóxica para a detección e selección de tecnoloxía punteiras relevantes no eido dos contidos dixitais e posterior divulgación dos resultados.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 5.3.4 Posicionamento de Galicia a nivel global: DICO Summit 2020

**Descrición:** No marco do Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset, no eixo prioritario de actuación E3, relativo á colaboración e competitividade dixital, entre as actuacións que se recollen cómpre salientar o posicionamento de Galicia a nivel global.



Poranse en marcha actuacións en colaboración coas propias empresas para fomentar a internacionalización do sector.

Neste sentido, realizárase una nova edición do Evento DICO Summit. Este foro, que reúne a profesionais e representantes de empresas de referencia a nivel internacional, ten como obxectivo abordar as últimas novidades sobre os contidos dixitais e a súa repercusión en novos modelos de negocio, así como contribuír ao posicionamento de Galicia como punto de referencia do sector.

**Actividades 2020:**

→ Colaboración con Igape, Agadic, Clúster TIC e Clúster Audiovisual para o desenvolvemento de actividades no marco do Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset:

Celebración de espazos abertos para a colaboración, o intercambio de coñecemento e o networking entre axentes do sector dos contidos dixitais e do resto de sectores produtivos, concentrando ideas, tendencias, casos de éxito, empresas e produtos e servizos innovadores na economía dixital.

Entre as actividades a desenvolver, destacará a organización de 'DICO Summit 2020', un evento temático de posicionamento rexional de encontro entre os axentes do ecosistema da innovación tecnolóxica en torno ao sector de contidos dixitais, que permitirá promover e reforzar alianzas entre os axentes locais e expertos de recoñecido prestixio no sector a nivel internacional.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>5.3.2 Deseño, desenvolvemento e implementación dunha plataforma de experiencias tecnolóxicas interactivas no ámbito formativo para nenas e nenos entre 6 e 16 anos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Nº de proxectos innovadores postos en marcha (acumulado)</li></ul>	1

## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.4 Medidas para o impulso da reutilización da información do sector público

A información xerada polo sector público constitúe unha fonte de creación de servizos dixitais por parte do sector tecnolóxico, por parte do sector de xeración de contidos dixitais e do sector infomediario. En amplos sectores (como o patrimonio, o turismo, a información xeográfica, os rexistros públicos, a información vinculada á transparencia,...) ten un claro impacto e beneficio en diversos sectores, ademáis do cumprimento do marco normativo e de transparencia no funcionamento da administración.

#### Obxectivos

- Ampliar o catálogo de conxuntos de datos abertos (open data).
- Impulsar a utilización dos conxuntos de datos abertos.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.4.1. Ampliar o catálogo de conxuntos de datos abertos (open data).</b>
<b>Descrición:</b>	No contexto da “Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno”, desenvolvemento de actuacións para o fomento da transparencia e participación cidadá nas actuacións de goberno. Promoción da reutilización de información do sector público e OpenData.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Evolución do catálogo de conxuntos de datos reutilizables e incorporación de novos conxuntos de datos abertos.</li><li>→ Evolución dos contidos reutilizables vinculados ao eido de transparencia.</li><li>→ Continuación cos procesos de federación co repositorio estatal de datos abertos.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Modernización das Administracións Públicas</b>

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>5.4.- Medidas para o impulso da reutilización da información do sector público</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Número de novos conxuntos de datos aportados</li></ul>	<b>10</b>

## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.5 Plan de impulso ao software libre e aos estándares abertos

Os eixos principais de actuación do fomento do software libre continuarán a ser o fomento e difusión das solucións TIC baseadas en software libre dirixidas ao sector empresarial, á cidadanía e á propia administración pública.

Un ano máis a Amtega plasmará esta aposta no **Plan de Acción de Software Libre 2020** que manterá como un dos seus principais obxectivos investir no fomento do software libre como recurso para mellorar a eficacia acadada na administración nos últimos anos.

No eido da **reutilización de software libre** na administración pública, as principais liñas de actuación serán a aposta pola reutilización de software para o desenvolvemento de novos servizos, a difusión entre os responsables TIC de casos de éxito doutras administracións públicas, a difusión dos casos de éxito propios fóra da nosa comunidade a través do Catálogo do CTT e de Joinup, o portal europeo da reutilización. Ademais manterase o compromiso de publicación e liberación de dúas novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

Finalmente continuarase potenciando as **actividades formativas e divulgativas** para difusión e impulso da oferta das solucións TIC con licenza libre para as empresas e o achegamento do software libre ao conxunto da sociedade, todo isto mantendo a colaboración cos axentes do ecosistema do Software Libre galegos que tan bos resultados está dando.

O obxectivo último de todas estas actuacións é promover a adopción de Software Libre nos tres ámbitos de actuación definidos, a Administración pública, PeMEs e cidadanía.

#### Obxectivos

- Continuar coa mellora da administración impulsando a implantación de solucións de Software Libre de calidade.
- Incrementar a reutilización de Software no ámbito da administración pública e facilitar a reutilización como Software Libre de desenvolvementos realizados pola Xunta de Galicia por parte doutras administracións.
- Impulsar a implantación na Xunta de Galicia do uso de estándares abertos.
- Reforzar o coñecemento das vantaxes competitivas do Software Libre entre os responsables TIC da Xunta de Galicia, as empresas e en xeral da cidadanía.

#### Actividades:

**Actividade:** 5.5.1 Elaboración e seguimento do Plan de Acción de Software Libre 2020 e elaboración do Balance do Plan de Acción de Software Libre 2019

**Descrición:** O plan recollerá os compromisos, obxectivos e actividades concretas que se impulsarán dende a administración autonómica en colaboración cos axentes galegos do Software Libre para o **fomento do uso de Software Libre en Galicia nos tres ámbitos principais de actuación: cidadanía, empresas e a propia administración pública.**

A Amtega, a través da Oficina de Software Libre, realizará un seguimento continuo das actuacións, a fin de verificar o progreso dos diversos proxectos e actividades a prol do Software Libre, así como para facilitar que se desenvolvan de xeito coordinado e eficiente, maximizando tanto o impacto como o retorno dos mesmos.

- Actividades 2020:**
- Elaboración e seguimento do Plan de Acción de Software Libre 2020.
  - Elaboración do balance das actuacións desenvolvidas e os logros acadados no 2020.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.5.2 Sensibilización e asesoramento sobre o uso e reutilización de software libre**

**Descrición:** A Amtega fomentará a **reutilización de software libre de calidade no ámbito da mellora da administración pública** así como a implantación e o uso de estándares abertos en cumprimento da normativa en materia de reutilización e uso de estándares abertos segundo o Esquema Nacional de Interoperabilidade.

- Actividades 2020:**
- Servizo de asesoramento sobre software libre e estándares abertos.
  - Elaboración do boletín mensual de reutilización de software libre nas administracións públicas.
  - Colaboración co departamento de e-administración para o seguimento do correcto funcionamento da e-administración en entornos que utilicen software libre.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.5.3 Fomento da publicación de Software Libre pola administración pública**

**Descrición:** Promover a reutilización das aplicacións desenvolvidas con fondos públicos por parte da cidadanía, doutras administracións públicas ou de empresas, seguindo así as recomendacións recollidas no Esquema Nacional de Interoperabilidade nesta materia. Ademais da liberación de **solucións software desenvolvidas por parte da Xunta de Galicia**, realizarase a **difusión a nivel estatal e europeo** destas solucións desenvolvidas en Galicia. Co obxectivo de maximizar a difusión, manterase a federación cos repositorios do Catálogo do Centro de Transferencia Tecnolóxica (CTT) ou do Portal JoinUp da Comisión Europea. *Axentes colaboradores: Responsables de proxectos TIC da Xunta de Galicia.*

- Actividades 2020:**
- Publicación con licenza libre de dous novos proxectos desenvolvidos pola Xunta de Galicia
  - Mantemento e actualización do software do repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia coñecido como forxa de mancomún.
  - Apoio e formación aos responsables TIC na aplicación do Procedemento de Liberación.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.5.4 Mantemento e actualización do Repositorio Documental de Software Libre**

**Descrición:** O obxectivo desta actuación é **incrementar o uso e visibilidade dos materiais dispoñibles no Repositorio Documental de Software Libre**. Para iso a Oficina de Software Libre da Amtega realizará o mantemento e reorganización

da documentación dispoñible no mesmo, así como accións de difusión, a fin de facilitar o seu descubrimento polo público, e polo tanto a súa reutilización.

- Actividades 2020:**
- Renovar o Repositorio Documental de Software Libre para facilitar a consulta e utilización do material dispoñible, así como potenciar as accións de difusión do mesmo.
  - Publicar no Repositorio Documental de Software Libre todo o material divulgativo e formativo elaborados no resto de actividades de formación e apoio.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

#### **Actividade:** 5.5.5 Formación en Software Libre para o empregado público

**Descrición:** A formación e capacitación dos empregados públicos en materia de software e cultura libres é crucial para o éxito do fomento do uso e implantación de software libre na administración pública.

A Amtega, a través da Oficina de Software Libre, ofrecerá a súa colaboración aos departamentos responsables da formación dos empregados públicos propoñendo a organización de xornadas divulgativas sobre liberación e reutilización tanto de software como de contidos.

*Axentes colaboradores: EGAP, e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

- Actividades 2020:**
- Promover a **organización de xornadas formativas e divulgativas sobre liberación e reutilización de software e de contidos.**

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

#### **Actividade:** 5.5.6 Formación e difusión do Software Libre para as PeMÉS

**Descrición:** O sector empresarial é un dos eixos principais da estratexia da Amtega para o fomento do software libre. As actuacións dirixidas a este ámbito veñen centralizándose en torno ao Centro Demostrador Tic de Galicia, contando tamén coa colaboración da rede CeMIT e o apoio dos diferentes axentes do Software Libre de Galicia.

Continuando coa estratexia de anos anteriores que, segundo se reflicte nos estudos de uso de software libre realizados polo OSIMGA, está a dar bos resultados, **unha parte importante das actividades formativas do CDTIC realizaranse sobre Software e Hardware Libre.**

- Actividades 2020:**
- Incorporación dun novo aplicativo ao actual CDTIC Virtual.
  - Elaboración do boletín de software libre empresarial, con novas con casos de éxito destacados de ferramentas de Software Libre que resulten de interese para as PEMES galegas.
  - Publicación de novos artigos de difusión tecnolóxica, centrándose en dar a coñecer casos de éxito, novidades do sector, boas prácticas no uso de solucións libres, comparativas entre solucións alternativas, ...
  - Servizo de apoio e consulta sobre software libre ás empresas galegas.
  - Apoio ao desenvolvemento de accións de fomento do software libre no Centro Demostrador TIC, enfocadas principalmente ao ámbito da formación para

empresas, demostración de solucións e asesoramento a empresas en ferramentas de Software Libre.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.5.7 Formación e difusión do Software Libre para a cidadanía**

**Descrición:** A Amtega mantén **colaboración con diversos axentes do ecosistema galego do software libre**, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre, o CIXUG das Universidades Galegas, e os Colexios Profesionais, **para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos da cidadanía**. Estas actividades serven de complemento á oferta formativa en alfabetización dixital e sobre tecnoloxías libres impartida na Rede CeMIT.

**Actividades 2020:**

- Convocar o premio ao mellor traballo universitario fin de grado con software libre en colaboración co CIXUG.
- Difusión da información de actualidade do Software Libre en Galicia a través do portal mancomun.gal.
- O CIXUG desenvolverá accións formativas e de difusión no ámbito universitario.
- As Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre organizarán xornadas, obradoiros ou hacklabs divulgativos sobre Software Libre, formatos abertos, sistemas de información xeográfica libre, hardware libre ou software científico.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.5.8 Reforzo da difusión de Software Libre para Empresas e Cidadanía mediante medios audiovisuais**

**Descrición:** Co fin de reforzar e mellorar a difusión a través de máis e novos medios de difusión, orientados tanto ás empresas como a cidadanía, propónse a realización dunha serie de **actividades que potencien a elaboración de material audiovisual**, que complemente a outras liñas de actuación, como a difusión a través do CDTIC e CDTIC Virtual e á difusión de novas e artigos escritos a través do portal Mancomún.

**Actividades 2020:**

- Complementar as entrevistas de casos de éxito publicadas no portal Mancomún con versións de audio e vídeo.
- Elaborar videotitorias de uso básico de algunha das aplicacións publicadas no CDTI Virtual
- Elaborar pímulas informativas sobre solucións de software libre

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
Impulso ao Software Libre	<ul style="list-style-type: none"><li>Nº proxectos de SWL na forxa (acumulado)</li></ul>	18
	<ul style="list-style-type: none"><li>Nº de solucións libres difundidas a través do portal mancomún (acumulado)</li></ul>	84

## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.6. Plan de Banda Larga: a vertebración dixital do territorio

O Plan de Banda Larga de Galicia 2020 sustenta a súa estratexia na implantación dunha combinación de medidas de diferentes ámbitos e con obxectivos identificados: innovación, eficiencia e intelixencia:

→ **INNOVACIÓN.** Promover o acceso á banda larga de alta velocidade para todos.

Impulsaranse accións orientadas a promover a extensión, modernización e innovación das redes de telecomunicación da Comunidade: incentivando o despregamento de redes de 100Mbps e 30Mbps nas zonas sen cobertura nin previsión para os próximos anos e executando medidas que faciliten a universalización da banda larga de 30Mbps especialmente nas zonas máis illadas

→ **EFICIENCIA.** Garantir un entorno favorable para a extensión eficiente de redes

Articularanse medidas facilitadoras e de coordinación de axentes que contribúan a mitigar as barreiras económicas, temporais e burocráticas que inciden no desenvolvemento dos servizos de banda larga: promovendo a utilización máis intensiva das infraestruturas físicas existentes, reforzando a colaboración nos planeamentos e obras civís, racionalizando os trámites administrativos e fomentando a instalación de infraestruturas adaptadas á alta velocidade dentro dos edificios.

→ **INTELIXENCIA.** Favorecer a integración intelixente da sociedade na economía dixital.

En aliñamento coa estratexia de inclusión dixital desenvolveranse accións para contribuír á alfabetización dixital e tamén para evolucionar no nivel de madurez dixital que teñen a día de hoxe a cidadanía e empresas da Comunidade. E á súa vez, continuarase co impulso de políticas que contribúan á difusión e desenvolvemento continuo dunha oferta de servizos e solucións dixitais atractiva para os usuarios e o sector empresarial.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.1 Axudas para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida de cando menos 100Mbps en entidades singulares de poboación</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento das medidas de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida para o cumprimento dos obxectivos establecidos polo PDBL2020 no referente a núcleos de poboación.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ <b>Continuarase coa iniciativa de despregamento de redes de cando menos 100Mbps</b> en entidades singulares de poboación, de menos de 300 habitantes e que carecen de servizo, que comezou no ano 2018 e rematará no 2021.</p> <p>→ En 2020 achegarase o acceso a redes ultrarrápidas a <b>82 entidades de</b></p>



**poboación.** Grazas a esta actuación, facilitarase o acceso a redes de cando menos 100 Mbps a través de fibra óptica a un total de **614 entidades de poboación (74.400 habitantes) de 181 concellos** das catro provincias galegas no ano 2021.

- Continuarase tamén coa xestión e seguimento da posta en marcha de medidas de comunicación, difusión e comercialización definidas no Plan de difusión desta actuación.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.2 Actuacións para fomentar a mellora da cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo**

**Descrición:** Posta en marcha de accións que contribúan a incentivar novos despregamentos de redes de tecnoloxía móbil co obxecto de solventar as carencias de cobertura existentes nas zonas máis rurais, illadas e/ou con complexidade orográfica.

**Actividades 2020:**

- **Realización de medidas in situ** para a verificación e comprobación da calidade das redes de tecnoloxía radio nas zonas con deficiencias trasladadas polos concellos con interese en adherirse á nova actuación de mellora de cobertura móbil.
- **Elaboración dun informe final de resultados en base ás medidas realizadas** para o establecemento dos núcleos obxectivo da actuación de mellora de cobertura móbil
- **Verificación in situ da adecuación e viabilidade das parcelas** trasladadas polos concellos para a ubicación da infraestrutura de telefonía móbil que permita mellorar a cobertura nas zonas identificadas.
- **Elaboración do informe final de parcelas validadas** para o establecemento de ubicacións postas a disposición polos concellos para a execución de nova infraestrutura de telefonía móbil.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.3 Seguimento continuo do inventario e cobertura de banda larga ultrarrápida das áreas empresarias de Galicia**

**Descrición:** Accións continuas de seguimento e control do inventario e do estado da cobertura das áreas empresariais en funcionamento de Galicia, incluíndo o seguimento concreto da explotación das redes ultrarrápidas dos polígonos do PDBL2020.

**Actividades 2020:**

- Unha vez finalizado o despregamento de redes ultrarrápidas de 350Mbps nos 81 polígonos e parques empresarias do PDBL2020, **iniciase a fase de explotación da rede que se prolongará ata o ano 2028 por parte do operador R Cable.** Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, que conterà reunións semestrais co operador.
- **Coordinación e colaboración cos organismos públicos autonómicos competentes** para a compartición de información do inventario de polígonos

industriais en funcionamento e a situación dos servizos de banda larga nestas áreas.

- **Comunicación cos operadores de telecomunicación para o traslado de información** sobre as previsións de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida en áreas industriais de Galicia.
- **Seguimento do impacto en polígonos** e parques empresariais das actuacións de despregamento de redes ultrarrápidas no territorio galego enmarcadas no **Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA - NGA)** do Ministerio de Economía e Empresa.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.4 Medidas de coordinación coa Administración Xeral do Estado para a optimización de recursos destinados á banda larga ultrarrápida**

**Descrición:** Accións continuas de seguimento e colaboración coa Secretaría de Estado competente no ámbito das telecomunicacións co obxecto de aunar esforzos e optimizar os fondos públicos destinados á consecución dos obxectivos establecidos pola Comisión Europea no eido da cobertura de redes de banda larga ultrarrápida

**Actividades 2020:**

- **Comprobación de información e colaboración coa Secretaría de Estado competente en telecomunicacións no proceso de actualización e identificación das zonas brancas** de redes de nova xeración publicadas pola Secretaría de Estado, co obxecto de establecer un listado de zonas de aplicación nas convocatorias de axuda para os despregamentos de redes de banda larga ultrarrápida.
- **Seguimento continuo do alcance autonómico das actuacións estatais** enmarcadas no Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración e, no eido das telecomunicacións en xeral.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.5 Proposta de accións normativas para simplificar e favorecer a chegada das redes de banda larga ultrarrápida a todo o territorio galego**

**Descrición:** Actuacións vinculadas á medida 1 do Plan Galicia 5G e orientadas a aumentar a eficiencia no despregamento de redes de telecomunicacións como factor fundamental para abordar os retos establecidos no eido da cobertura de redes ultrarrápidas e das necesidades previstas pola novas redes 5G.

**Actividades 2020:**

- **Posta en marcha de medidas para a extensión das redes de telecomunicacións no casco histórico de Santiago** de Compostela
- **Adaptación da Guía de boas prácticas** ás infraestruturas de tecnoloxía radio para completar os requirimentos a cumprir en cascos históricos que permitan fomentar a extensión das distintas tecnoloxías de redes de comunicacións electrónicas
- **Continuarase a traballar na elaboración dun modelo de ordenanza de**

**telecomunicacións** co obxecto de homoxeneizar e simplificar os trámites de concesión de licenzas para facilitar o despregamento das redes de telecomunicacións.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.6 Actuacións para o fomento da innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido da tecnoloxía 5G en Galicia**

**Descrición:** Accións derivadas do convenio firmado entre a Amtega, o operador público Retegal, a Universidade de Vigo e os operadores Telefónica, Orange e Vodafone, e enmarcadas nas medidas 2 e 3 do Plan Galicia 5G, cos obxectivos de potenciar o ecosistema 5G galego e favorecer o despregamento destas redes en Galicia, situando á Comunidade coma rexión de referencia no desenvolvemento desta tecnoloxía.

**Actividades 2020:**

- **No ano 2020 continuarase a traballar no eido do Nodo de Cooperación 5G**, que se constitúe como punto de encontro entre desenvolvedores e demandantes de solucións desta tecnoloxía para actuar como concentrador dos retos derivados das demandas do mercado e as capacidades das empresas do ecosistema 5G. Continuarase coa **formación de grupos de traballo e foros abertos** orientados á colaboración entre diferentes axentes do ecosistema, de xeito que, poidan avanzar na concreción dos horizontes de aplicación práctica das 5G.
- **Continuarase coas tarefas precisas para o desenvolvemento das primeiras probas de concepto con tecnoloxía 5G** que se rematarán no 2020. Son un total de 17 casos de uso desta nova tecnoloxía que se levarán a cabo polos operadores Telefónica, Orange e Vodafone no marco do convenio firmado coa Amtega e Retegal

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.7 Plan de formación especializada 5G**

**Descrición:** Accións derivadas do convenio firmado entre a Amtega, o operador público Retegal, a Universidade de Vigo e os operadores Telefónica, Orange e Vodafone, e enmarcadas na medida 4 do Plan Galicia 5G, que permitan que o ecosistema 5G de Galicia dispoña de capital humano coas capacidades axeitadas.

**Actividades 2020:**

- **Finalización do primeiro Curso de Especialista Universitario en 5G de Galicia**, orientado a ofrecer diferentes perfís profesionais do sector tecnolóxico. Trátase dunha capacitación especializada e adaptada ás necesidades derivadas da futura extensión da tecnoloxía 5G.
- **Posta en marcha da segunda edición** do Curso de Especialista Universitario en 5G de Galicia

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.8 Apoio nas actuacións de comunicación e difusión do Plan de Banda Larga 2020</b>
<b>Descrición:</b>	Medidas de comunicación e difusión do propio Plan de Banda Larga 2020 e dos seus avances e resultados globais empregando como canal principal a web da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Mantemento da <b>sección sobre o Plan de Banda Larga 2020 da web Amtega</b>, actualizando o contido e creando novas seccións que fagan referencias ás novas iniciativas lanzadas no ámbito do Plan.</li> <li>→ Apoio nas <b>accións de comunicación e difusión</b> da Amtega sobre as distintas actuacións postas en marcha do PDBL2020 a través da elaboración de contidos e extracción de datos de avance.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.9 Colaboración e seguimento de iniciativas con resultados no eido da cobertura de redes de banda larga de outros organismos públicos</b>
<b>Descrición:</b>	Actuacións de coordinación con outros organismos para a colaboración no traslado de información de banda larga, seguimento das medidas postas en marcha e asesoramento e apoio na definición de novas accións con resultados no eido da cobertura de redes de telecomunicacións.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Colaboración con Instrumentos de Xestión de outros organismos públicos para o <b>traslado de datos actualizados referentes aos resultados obtidos do Plan de Banda Larga 2020</b>.</li> <li>→ <b>Seguimento e apoio de iniciativas de outros organismos</b> que inclúan medidas no eido da extensión de redes de banda larga.</li> </ul>
<b>Area responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.10 Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo e técnico das telecomunicacións para Entidades Locais</b>
<b>Descrición:</b>	Creación dun equipo de traballo específico, integrado por enxeñeiros de telecomunicación, co obxectivo de ofrecer <b>soporte centralizado e permanente ás Entidades Locais</b> para resolver dúbidas sobre a normativa e cuestións técnicas de implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan ás actividades das Administracións Locais.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Resolución de dúbidas relacionadas coa aplicación da normativa e das solucións técnicas para o despregamento de redes de comunicación electrónicas.</li> <li>→ Comunicación das novas modificacións normativas. Elaboración e difusión de</li> </ul>

documentación de apoio para o desenvolvemento da actividade das Administracións Locais no tocante á tramitación de licenzas e comunicacións previas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.6.11 Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións**

**Descrición:** A oficina de banda larga constitúese como o principal **punto de referencia para dar resposta ás necesidades particulares sobre banda larga dos axentes implicados e dos cidadáns** e ademais, centraliza e canaliza toda a información referente á banda larga permitindo dispor dunha visión global e apoia á AMTEGA na definición e posta en marcha das actuacións do PDBL2020 e no seguimento da explotación das redes do anterior Plan.

**Actividades 2020:**

- Seguimento e control da explotación das redes de banda larga despregadas no Plan de Banda Larga 2010 – 2015
- Apoio e soporte ao desenvolvemento das actuacións da Amtega en materia de telecomunicacións e máis concretamente, á definición e posta en marcha das iniciativas derivadas do Plan de Banda Larga
- Resposta ás consultas recibidas dos axentes interesados nas actuacións desenvolvidas no marco do Plan. En concreto, prestarase asistencia informativa en temas relacionados coa cobertura, prazos, solucións técnicas despregadas, etc.
- Soporte técnico e asesoramento en temas relacionados co despregamento de redes de telecomunicacións a Entidades Locais, cidadáns e calquera outro axente interesado.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>5.6.1 Axudas para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida de cando menos 100Mbps en entidades singulares de poboación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de entidades singulares de poboación con cobertura de redes ultrarrápida</li> </ul>	<b>82</b>
<b>5.6.2 Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° de núcleos medidos</li> </ul>	<b>400</b>
<b>5.6.10 Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo das telecomunicacións para Entidades Locais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consultas das entidades locais atendidas</li> </ul>	<b>20</b>

---

**5.6.11 Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións**

- Consultas das entidades locais atendidas

**40**

## Obxectivo 5: Apoiar o crecemento do ecosistema dixital

### 5.7. Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia

A finalidade deste organismo é analizar, comparar, seguir e divulgar os datos relacionados coa sociedade da información en Galicia e coa modernización concernente ás administracións públicas.

#### Obxectivos

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten á extensión da sociedade da información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de sociedade da información e modernización da Administración

#### Actividades:

Actividade:	5.7.1. Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia
Descrición:	O obxectivo dos traballos neste eido oriéntanse a recompilar, seguir e valorar as fontes de información públicas e privadas dispoñible sobre a <b>situación da Sociedade da Información en Galicia, así como en España y en la UE, para realizar análises comparados</b>
Actividades 2020:	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan determinar as pancas para a dinamización da Sociedade da Información.</li><li>→ Elaboración de proxectos e estudos de carácter temático que permitan abordar areas específicos de interese.</li><li>→ Celebración do Pleno do Observatorio, no que se avalía anualmente a súa xestión e resultados.</li><li>→ Presentación da Memoria Anual do 2018, coas actuacións desenvolvidas polo Observatorio e o estado de execución de todas as observacións e actividades planificadas.</li></ul>

- Presentación do Plan de traballo anual para 2019, que define a senda das actuacións a desenvolver polo Observatorio para a avaliación do estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.
- Propostas de modificación das operacións estatísticas no eido da administración electrónica para a súa actualización ás novidades legais e tecnolóxicas existentes.

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.7.2. Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da Sociedade da Información**

**Descrición:** O Plan Galego de Estatística 2017-2021 desenvólvese a través da aprobación dos plans estatísticos anuais, con indicación das distintas operacións e actividades, coa identificación dos organismos responsables da súa execución. **A Amtega ven de realizar as tarefas da súa responsabilidade anual a través do Observatorio.**

- Actividades 2020:**
- Operación estatística do sistema de indicadores da sociedade da información
  - Operación estatística das empresas TIC de Galicia
  - Operación estatística sobre a administración electrónica na Xunta de Galicia
  - Operación estatística da administración electrónica nos concellos galegos
  - Actividade estatística do Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia
  - Actividade estatística sobre a sociedade da información no medio rural

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **5.7.3. Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia**

**Descrición:** O obxectivo dos traballos neste eido é o de ofrecer á sociedade, principalmente a través de distintas canles electrónicas, o conxunto dos traballos acometidos desde o Observatorio

- Actividades 2020:**
- Publicación electrónica dos informes realizados ao abeiro do Plan Galego de Estatística, e difusión aos medios das novidades e tendencias detectadas.
  - Publicación periódica de información relevante a subscriptores do observatorio.
  - Consolidación do novo portal do Observatorio [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal)

**Area responsable:** *Área de Sociedade Dixital*



## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización (OSIMGA)</b>	• Número de informes anuais ao abeiro do Plan Galego de Estatística	15
	• N° de indicadores monitorizados	790
	• N° de visitas á web do OSIMGA	7.600
	• N° de subscritores en liña	3.130



**OBXECTIVO 6.**  
**GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS**  
**SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS**



## **Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais**

### **6.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas**

O CPDi está a ser o centro de proceso de datos onde se consolidan todos os sistemas de información da Xunta de Galicia, polo que é fundamental **reforzar a súa capacidade** co fin de garantir os servizos críticos que se prestan, garantindo a súa capacidade en termos de potencia, crecemento horizontal e vertical, alta dispoñibilidade e replicación.

Este conxunto de medidas abrangue a consolidación e centralización de infraestruturas así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custes de mantemento e alcanzar economías de escala.

Un dos principais obxectivos será a plena integración da infraestrutura centralizada nos paradigmas corporativos co obxectivo de mellorar de forma clara a dispoñibilidade e seguridade dos servizos TIC da Xunta de Galicia. Durante o ano 2020 farase especial fincapé na centralización dos xulgados pendentes de mellora de liña e nas oficinas de emprego.

Do mesmo xeito, levaranse a cabo melloras na plataforma de **monitorización** co fin de proporcionar indicadores da dispoñibilidade e fiabilidade do servizo. Farase tamén énfase nas melloras na **automatización de tarefas**, proceso que introduce numerosas vantaxes, como o despregamento rápido de plataformas e servizos, a reutilización, a independencia de provedor ou a estandarización a todos os niveis dos sistemas e procedementos de operación.

No ano 2020 está prevista a licitación de **servidores hiperconverxentes** que aloxarán sistemas de distintas áreas de negocio da Xunta de Galicia, ampliando as prestacións, dispoñibilidade e illamento da infraestrutura, e a licitación dunha nova **plataforma de almacenamento Scale-Out** para servidores de ficheiros corporativos e a plataforma de Arquivo Patrimonial da Xunta de Galicia.

Tamén cómpre destacar o desenvolvemento do **Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2020-2023** que define unha estratexia a longo prazo para garantir a continuidade dos servizos asumindo os novos retos que serán demandados pola sociedade (servizos funcionando os 365 días do ano as 24 horas do día, melloras na axilidade na provisión de servizos, alta dispoñibilidade dos servizos, incremento da confianza dixital grazas ao cumprimento da nova lexislación en materia de protección de datos, maior esixencia no rendemento dos servizos, etc.).

## Obxectivos

- Diseñar un proxecto de mellora da capacidade e seguridade do CPD de Respaldo.
- Consolidar unha plataforma de backup corporativa.
- Diseñar unha estratexia de automatización / Cloud Privada.
- Definir Acordo de Niveis de Servizo no ámbito de Sistemas.
- Centralizar CPDs no CPDi.
- Manter e dar soporte dos servizos, equipamento e monitorización de Infraestrutura de Sistemas.
- Elaborar un Plan de sistemas no ámbito de Infraestruturas.
- Mellorar o rendemento e capacidade no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDi).

## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.1. Diseñar un proxecto de Mellora da capacidade e seguridade do CPD de Respaldo</b>
<b>Descrición:</b>	Análise de necesidades para un novo CPD de Respaldo con capacidade para atender as necesidades de dispoñibilidade dos sistemas de información da Xunta de Galicia.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Durante o ano 2020 continuarase con reunións de traballo para a análise de necesidades para un novo CPD de Respaldo.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.2. Consolidar unha plataforma de backup corporativa</b>
<b>Descrición:</b>	Durante o ano 2018 realizouse o despregue da nova plataforma de backup corporativa coa finalidade de dar resposta á realización das copias de seguridade aos diferentes proxectos das consellerías. Nos anos 2020 e 2021 está planificado rematar co traballo de migración de todos os sistemas de backup antigos á nova plataforma, unha vez que xa quedou garantido durante os procesos levados a cabo en 2019 que a total diversidade dos sistemas existentes na Amtega son trasladables ao novo sistema implantado.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Migración dos sistemas de backup anteriores á nova plataforma.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

Actividade:	6.1.3. Diseñar unha estratexia de automatización / Cloud Privada
<b>Descrición:</b>	<p>As ferramentas de automatización consolidan o coñecemento, a mecánica de instalación e a operación das infraestruturas mediante unha tecnoloxía que se conforma transversalmente como eixo central das operacións de sistemas. Isto supón numerosas vantaxes, entre as que poden destacarse o despregamento rápido de plataformas e servizos, a reutilización, a independencia do provedor ou a estandarización a todos os niveis dos sistemas e procedementos de operación. Así mesmo, este tipo de sistemas permiten a orquestración das diferentes plataformas implicadas na prestación dos servizos finais, conformándose con iso un ecosistema tecnolóxico de alta cohesión e baixo axuste que ao cabo conduce a unha maior estabilidade e previsibilidade.</p> <p>A implantación da plataforma de Cloud Privada permitirá un importante aforro de custes derivado da consolidación de operacións, así como a posibilidade de proporcionar servizos a outras entidades públicas.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Continuidade co sistema de automatización Ansible.</p> <p>Durante o ano 2020 a implantación deste sistema focalizarase na creación de diferentes roles que permitan o provisionamento automatizado de distintas contornas e configuracións nos diferentes sistemas empregados na Amtega.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

Actividade:	6.1.4. Definir Acordo de Niveis de Servizo no ámbito de Sistemas
<b>Descrición:</b>	<p>O modelo de Acordo de Nivel de Servizo (Service Level Agreement, SLA) consiste nun contrato no que se estipulan os niveis dun servizo en función dunha serie de parámetros obxectivos, establecidos de mutuo acordo entre ambas partes. Debe contemplar o nivel operativo de funcionamento, penalizacións, etc. Na implantación dun SLA deben definirse inicialmente uns obxectivos para o servizo, identificar expectativas, realizar unha planificación temporal e optimizar os procesos para poder garantir o cumprimento do SLA.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Iniciación da análise dos niveis de servizo correspondentes ao Departamento de Sistemas.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

Actividade:	6.1.5. Centralizar CPDs no CPDi
<b>Descrición:</b>	<p>Traslado e consolidación no CPDi dos CPDs pertencentes a centros dependentes da Xunta de Galicia.</p>
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Continuación da migración á infraestrutura centralizada da Amtega dos sistemas que dan servizo á aplicación de tramitación dos procedementos xudiciais (MINERVA) das 5 sedes xudiciais pendentes completando así as 48 CPDs do ámbito de Xustiza. A centralización de tres destas sedes virá condicionada pola posibilidade de dispoñer dunha liña de datos adecuada para</p>

	<p>abordar a migración con garantías.</p> <p>→ Migración do equipamento en Arquivos e Museos disgregados xeograficamente.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.6. Manter e dar soporte dos servizos, equipamento e monitorización de Infraestrutura de Sistemas</b>
<b>Descrición:</b>	Actividades de administración, operación e mantemento da infraestrutura tecnolóxica que dá servizo ás aplicacións desenvolvidas pola Amtega.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuará prestándose o servizo de administración de sistemas, renovándose no ano 2020 un dos contratos actuais.</li> <li>→ Ampliación do alcance da plataforma de monitorización.</li> <li>→ Ampliación das caixas de correo da plataforma corporativa e migración á nova versión, eliminando así o arquivados dos correos antigos. Inicio do proceso de actualización da plataforma de correo corporativo de Educación.</li> <li>→ Reestruturación e mellora da plataforma de servidores frontais web (proxys) para maximizar os niveis de illamento entre aplicacións.</li> <li>→ Continuación coa migración dos servizos virtualizados á nova plataforma Vmware.</li> <li>→ Nova licitación de acordo marco de servidores hiperconverxentes, que serán instalados nos CPDs corporativos, e estarán destinados a albergar e executar sistemas de distintas áreas de negocio, coa finalidade de aumentar as prestacións, dispoñibilidade e illamento da infraestrutura, para actividades de monitorización das redes de comunicación e para outros usos e servizos complementarios de xestión e infraestrutura por parte de Sistemas.</li> <li>→ Actualización da plataforma Alfresco á versión actual para garantir a sustentabilidade da mesma con atención ao soporte e servizo. Implantación do novo motor de indexación SOLR.</li> <li>→ Implantación dunha granxa de servidores da plataforma SharePoint 2016.</li> <li>→ Migración de sistemas de ficheiros antigos ou legacy ás plataformas corporativas con maiores garantías de dispoñibilidade, rendemento e seguridade.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.7. Elaborar un Plan de sistemas no ámbito de Infraestruturas</b>
<b>Descrición:</b>	A elaboración dun Plan de Continuidade de Servizos de Infraestrutura da Administración Dixital (2020-2023) permitirá definir unha estratexia a longo prazo co obxectivo de garantir a continuidade dos servizos, asumindo novos retos coma o funcionamento dos servizos 365 días do ano as 24 horas do día, melloras na axilidade na provisión de servizos, alta dispoñibilidade dos servizos, incremento da confianza dixital, maior esixencia no rendemento dos servizos, etc.

<b>Actividades 2020:</b>	→ Elaboración do Plan de Continuidade de Servizos de Infraestrutura da Administración Dixital
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.8. Mellorar o rendemento e capacidade no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDi)</b>
<b>Descrición:</b>	Debido ao constante incremento no proceso e na ocupación de datos dos sistemas de almacenamento corporativos é necesario aumentar a capacidade dos mesmos en termos de potencia, dispoñibilidade e crecemento horizontal e vertical.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Reorganización da plataforma de virtualización para garantir plena capacidade das contornar de produción no CPDi.</li> <li>→ Licitación de plataforma de almacenamento Scale-Out para servidores de ficheiros corporativos e para o Arquivo Patrimonial da Xunta de Galicia.</li> <li>→ Ampliación do CPD integral da Xunta de Galicia, duplicando o espazo dispoñible na sala de servidores.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</i></b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>6.1.1. Diseñar un proxecto de Mellora da capacidade e seguridade do CPD de Respaldo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño do proxecto de Mellora da capacidade e seguridade do CPD de Respaldo rematado</li> </ul>	<b>NON</b>
<b>6.1.2. Consolidar unha plataforma de backup corporativa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidade de almacenamento en disco da plataforma de backup corporativa</li> </ul>	<b>4.200TB</b>
<b>6.1.3. Diseñar unha estratexia de automatización / Cloud Privada</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estratexia de automatización / Cloud Privada definida</li> </ul>	<b>NON</b>
<b>6.1.4. Definir Acordo de Niveis de Servizo no ámbito de Sistemas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Acordo de Niveis de Servizo no ámbito de Sistemas definido</li> </ul>	<b>NON</b>
<b>6.1.5. Centralizar CPDs no CPDi</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de CPDs Centralizados</li> </ul>	<b>45</b>
<b>6.1.7. Elaborar un Plan de sistemas no ámbito de Infraestruturas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración do Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital</li> </ul>	<b>SI</b>
<b>6.1.8. Mellorar o rendemento e capacidade no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDi)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidade de memoria</li> </ul>	<b>122TB</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Capacidade de almacenamento xestionado</li> </ul>	<b>5.000TB</b>



## Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

### 6.2 Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas

As infraestruturas de telecomunicacións son imprescindibles para o funcionamento dos sistemas de administración electrónica e os servizos públicos dixitais, polo que cómpre facer un mantemento preventivo e correctivo que permita garantir a calidade e dispoñibilidade dos servizos que prove a Xunta de Galicia.

Levaranse a cabo diversas actuacións para renovar o equipamento da saída á Internet corporativa, a instalación de liñas de respaldo de mais de 10M nos principais centros da rede corporativa, ou a mellora na dispoñibilidade e seguridade da rede.

Tamén se traballará na consolidación e fomento do uso da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL) entre os colectivos que participan na atención de emerxencias, facilitando e simplificando a coordinación entre todos eles.

#### Obxectivos

- Renovar o equipamento da saída a Internet Corporativa, adquirindo novos cortalumes e xestores de ancho de banda, que permitirán duplicar a capacidade de xestión de tráfico corporativo e dotarán á Rede de funcionalidades mais avanzadas
- Mellorar os servizos de rede ofrecidos aos usuarios.
- Incrementar o número de usuarios da solución de comunicacións unificadas.
- Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións.
- Incrementar o número de usuarios / entidades adheridas á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL).

#### Actividades:

Actividade:	6.2.2. Mellorar os servizos de rede ofrecidos aos usuarios
Descrición:	Mellorar os servizos de rede ofrecidos aos usuarios
Actividades 2020:	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Execución de contratos derivados do acordo marco para o subministro sucesivo de cableados estruturados para a rede corporativa da Xunta de Galicia.</li><li>→ Continuarase coa configuración e personalización da ferramenta de monitorización da rede de datos.</li><li>→ Executarase a ampliación da plataforma de xestión de direccionamento IP da Rede Corporativa da Xunta de Galicia.</li><li>→ Continuarase mellorando as conexións principais e de respaldo dos principais edificios conectados á Rede Corporativa da Xunta de Galicia.</li><li>→ Licitaranse varios contratos para a renovación de equipamento de comunicacións crítico da Rede Corporativa (cortalumes, xestores de ancho de banda, balanceadores e plataforma de acceso remoto).</li><li>→ Licitarse o novo contrato de rede corporativa de datos, telefonía fixa e telefonía</li></ul>

	móbil.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.3. Implantar unha solución de comunicacións unificadas</b>
<b>Descrición:</b>	Implantar unha solución de comunicacións unificadas. Trala implantación da ferramenta, finalizada en 2018, seguirá crescendo o número de usuarios.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Incrementarase o número de usuarios da solución de comunicacións unificadas.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.4. Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións</b>
<b>Descrición:</b>	Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuarase coa prestación do servizo de administración da rede corporativa, soporte aos usuarios e supervisión dos niveis de servizo.</li> <li>→ Continuarase coa prestación do servizo de soporte e mantemento do equipamento de telecomunicacións, integrado no contrato do servizo de rede corporativa.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.5. Incrementar o número de usuarios / entidades adheridas á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL)</b>
<b>Descrición:</b>	Incrementar o número de usuarios / entidades adheridas á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL)
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuarase coa adhesión de entidades locais e autonómicas adheridas á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL).</li> <li>→ Incrementarase lixeiramente o número de usuarios das entidades adheridas.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>6.2.1. Aumentar a velocidade de conexión dos centros conectados á RCXG</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Velocidade media de acceso na rede corporativa</li></ul>	<b>228 Mbps</b>
<b>6.2.2. Mellorar os servizos de rede ofrecidos aos usuarios.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de centros da Rede Corporativa que contan con unha conexión de respaldo de mais de 10Mbps</li></ul>	<b>1.250 (total)</b>
<b>6.2.3. Implantar unha solución de comunicacións unificadas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de usuarios coa nova solución de comunicacións unificada</li></ul>	<b>750 (total)</b>
<b>6.2.4. Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de equipos de telecomunicacións xestionados</li></ul>	<b>26.200 (total)</b>
<b>6.2.5. Incrementar o número de usuarios / entidades adheridas á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de usuarios da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia</li></ul>	<b>5.570 (total)</b>

## **Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais**

### **6.3 Plan Director de Seguridade TIC**

O Plan Director de Seguridade TIC foi aprobado en xuño de 2015 polo Consello da Xunta de Galicia e cubre o período 2015-2020. No ano 2018 dito Plan foi modificado para ampliar o seu alcance e duración, estendéndose ata o ano 2021, e incorporando novos proxectos necesarios para o cumprimento do novo regulamento europeo de protección de datos e do Esquema Nacional de Seguridade. O Plan recibiu o visto bo da Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico en decembro de 2018, sendo aprobado por parte do Consello da Xunta de Galicia en abril de 2019.

As tecnoloxías de información e das comunicacións convertéronse nos últimos anos nun instrumento fundamental para a Administración Pública no seu trato coa cidadanía. Fronte aos soportes tradicionais, a información dixital está suxeita a unha serie de riscos propios dos que a Administración debe protexerse adecuadamente. Os roubos, modificacións ou perdas de información poden afectar a millóns de datos; a suplantación de identidade pode dar acceso a información confidencial; os servizos deben estar dispoñibles en todo momento, todos os días do ano. A relación de confianza que a cidadanía deposita na Administración non debe romper por un problema de seguridade.

O **Plan Director de Seguridade 2015-2021** contempla as actuacións en materia de seguridade TIC que a Xunta de Galicia acometerá para asegurar que se mantén o grao de protección adecuado para a información xestionada pola Administración Xeral e do Sector Público de Galicia. No alcance deste plan están incluídos os sistemas de información xestionados pola Amtega.

Todas as accións a desenvolver en 2020 estarán aliñadas co Plan Director de Seguridade 2015-2021 e co contrato de xestión da Amtega 2018-2021. Entre estas accións compre destacar as implantacións dunha solución de **cifrado e anonimización en bases de datos**, o proxecto de implantación dunha solución de **protección fronte a malware avanzado** en posto cliente e o proxecto de implantación dunha solución para a xestión e execución de probas de seguridade en aplicacións web para a Xunta de Galicia.

#### **Obxectivos**

- Impulsar a formación e concienciación en seguridade
- Manter actualizadas as políticas, normas e procedementos no ámbito da seguridade da información
- Impulsar a mellora continua do cumprimento da lexislación vixente e da normativa interna no ámbito da seguridade da información.
- Definir e implantar un cadro de mando de seguridade
- Elaborar un plan de recuperación ante desastres
- Xestionar a seguridade dos sistemas e da información

## Actividades:

Actividade:	6.3.1. Impulsar a formación e concienciación en seguridade
Descrición:	Promoción de actividades de concienciación e formación en materia de seguridade de sistemas de información.
Actividades 2020:	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Colaboración coa Escola Galega de Administración Pública para a preparación e execución dos cursos de seguridade da información, de introdución á protección de datos persoais, de implantación no RXPDP na Xunta de Galicia, e de Esquema Nacional de Seguridade para responsables de información e de servizos, e coordinadores de seguridade da información.</li><li>→ Colaboración con colexios profesionais.</li><li>→ Formación en protección de datos persoais, especialmente para os Delegados de Protección de Datos.</li><li>→ Formación técnica en seguridade para os equipos de traballo que desenvolven software para a Amtega.</li><li>→ Continuación coa campaña de concienciación por correo electrónico e na intranet da Xunta de Galicia nos ámbitos de ciberseguridade e protección de datos persoais.</li><li>→ Realización de seminarios divulgativos sobre seguridade da información e protección de datos persoais.</li></ul>
Área responsable:	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

Actividade:	6.3.2. Manter actualizadas as políticas, normas e procedementos no ámbito da seguridade da información
Descrición:	Elaboración de políticas, normas, procedementos e guías de seguridade: mantemento dos documentos xa existentes e creación de novos.
Actividades 2020:	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Actualización de diferentes normas e procedementos de seguridade, tanto do ámbito de ciberseguridade como do ámbito de protección de datos persoais.</li></ul>
Área responsable:	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

Actividade:	6.3.3. Impulsar a mellora continua do cumprimento da lexislación vixente e da normativa interna no ámbito da seguridade da información
Descrición:	Levaranse a cabo as accións necesarias para asegurar o cumprimento normativo (normativa de protección de datos persoais, Esquema Nacional de Seguridade, serie de normas ISO 27000, ISO9001).
Actividades 2020:	<p>Protección de datos persoais</p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Evolución do rol de Delegado de Protección de Datos nas consellerías e na Amtega.</li><li>→ Execución do plan de adecuación ao novo regulamento de protección de datos e nova LOPDGDD.</li><li>→ Atención a consultas en materia de protección de datos persoais.</li></ul>

	<p>→ Avaliación do impacto na protección de datos persoais das iniciativas relacionadas coa crise sanitaria orixinada pola COVID19</p> <p>Esquema Nacional de Seguridade</p> <p>→ Execución do plan de adecuación ao ENS, segundo o plan establecido para o período 2020-2021.</p> <p>→ Mantemento das valoracións de activos das consellerías e organismos, tratando de aliñar as valoracións e análise de riscos do ENS co requirido polo RXPDP.</p> <p>→ Execución dunha auditoría de certificación de cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, por parte de entidade acreditada, cun alcance reducido.</p> <p>ISO 27000</p> <p>→ Aliñamento coas normas da serie ISO 27000, en particular no ámbito do FOGGA e da área de Sociedade Dixital da Amtega (no relativo a xestión de fondos FEADER).</p> <p>→ Colaboración co FOGGA nas auditorías a realizar en 2020.</p> <p>ISO 9001</p> <p>→ Colaboración dos grupos de seguridade coa Oficina de Calidade para incorporar procesos de seguridade no sistema de xestión da calidade.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.4. Definir e implantar un cadro de mando de seguridade</b>
<b>Descrición:</b>	Implantación dun cadro de mando de seguridade.
<b>Actividades 2020:</b>	<p>→ Evolución do cadro de mando de seguridade da información.</p> <p>→ Entrega mensual de indicadores.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.5. Elaborar un plan de recuperación ante desastres</b>
<b>Descrición:</b>	Colaboración entre os equipos de seguridade e o departamento de Sistemas na elaboración dun plan de continuidade e recuperación de desastres, incluíndo a nova plataforma de copias de seguridade.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Colaboración co departamento de Sistemas na execución do proxecto de plan de continuidade e recuperación de desastres.
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</i></b>

Actividade:	6.3.6. Xestionar a seguridade dos sistemas e da información
<b>Descrición:</b>	No ámbito da Seguridade realízanse tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas da información da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección e reacción ante incidentes de seguridade.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Implantación dunha nova unha plataforma de protección fronte a malware avanzado en posto cliente.</li> <li>→ Licitación dunha solución para a xestión e execución de probas de seguridade en aplicacións web para a Xunta de Galicia</li> <li>→ Monitorización e atención de eventos de seguridade en 24x7 por parte do SOC externo.</li> <li>→ Revisión da información de ciberintelixencia recibida tomando as accións oportunas en cada caso.</li> <li>→ Atención dos incidentes de seguridade producidos na organización e xestión da resposta aos mesmos. Revisión e actualización do procedemento de xestión de incidentes.</li> <li>→ Notificación de incidentes ao CNN utilizando a plataforma LUCIA.</li> <li>→ Actividades relacionadas co proceso de xestión de vulnerabilidades da infraestrutura e das aplicacións, en coordinación cos departamentos da Amtega afectados en cada caso.</li> <li>→ Realización de probas de intrusión e auditorías técnicas sobre a infraestrutura e as aplicacións. Análise de vulnerabilidades de aplicacións web previas a súa publicación en produción. Auditoría de permisos de usuarios no Directorio Activo.</li> <li>→ Xestión do proceso de solicitudes a Camerfirma e da PKI interna.</li> <li>→ Realización e mantemento das análises de riscos necesarias, en particular aquelas requiridas pola normativa de protección de datos e Esquema Nacional de Seguridade.</li> <li>→ Avaliación da posible utilización de plataformas/ferramentas do CCN.</li> <li>→ Implantación de medidas de seguridade ENS e protección de datos persoais.</li> <li>→ Participación activa no ciclo de vida dos proxectos de desenvolvemento e adquisición de software. Concreción das medidas necesarias nas aplicacións para o cumprimento do ENS.</li> <li>→ Colaboración co Departamento de Sistemas para a mellora da seguridade nos servidores.</li> <li>→ Colaboración coa revisión do modelo de estrutura unificada de redes. Revisión de guías de securización de elementos de rede do CCN e da ferramenta ROCIO para análise das configuracións do equipamento de rede.</li> <li>→ Revisións das configuracións do posto cliente no relativo á seguridade e propostas de mellora nese ámbito</li> <li>→ Revisión das medidas de seguridade física e propostas de mellora nese ámbito. Xestión do servizo de seguridade física do CPDi.</li> <li>→ Administración, soporte e evolución de sistemas e plataformas corporativas de seguridade (SIEM, AntiDDoS, WAF, IPS, antivirus, etc.).</li> <li>→ Participación no foro CSIRT.es. Tratarase de avanzar na posibilidade de obter a categoría de “acreditado” en TF-CSIRT.</li> <li>→ Continuarase traballando na formalización dos procesos que xestiona o CSIRT.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

## Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
6.3.1.. Impulsar a formación e concienciación en seguridade	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de actividades de formación/concienciación realizadas</li></ul>	30 adicionais
6.3.2. Manter actualizadas as políticas, normas e procedementos no ámbito da seguridade da información	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de políticas, normas e procedementos actualizados ou creados</li></ul>	6 adicionais
6.3.3. Impulsar a mellora continua do cumprimento da lexislación vixente e da normativa interna no ámbito da seguridade	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de auditorías de seguridade realizadas</li></ul>	650 adicionais
6.3.4. Definir e implantar un cadro de mando de seguridade	<ul style="list-style-type: none"><li>Cadro de mando de seguridade implantado</li></ul>	Evolución do cadro de mando
6.3.5. Elaborar un plan de recuperación ante desastres	<ul style="list-style-type: none"><li>Primeira fase do Plan de recuperación ante desastres realizado</li></ul>	Colaboración con Sistemas
6.3.6. Xestionar a seguridade dos sistemas e da información	<ul style="list-style-type: none"><li>Solución de protección contra o malware avanzado instalada</li></ul>	Implantación da plataforma de protección avanzada en posto cliente
6.3.6. Xestionar a seguridade dos sistemas e da información	<ul style="list-style-type: none"><li>Formalización da constitución do centro de operacións de seguridade (CSIRT/CERT) da Xunta de Galicia</li></ul>	SI



## Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

### 6.4 Medidas de Calidade e Arquitecturas Tecnolóxicas

A Amtega xestiona unha gran cantidade de aplicacións informáticas (máis de 1.400). Para poder xestionar eficaz e eficientemente tal cantidade de sistemas de información, é necesario definir procedementos e estándares internos da organización para tratar de homoxeneizar o máximo posible a xestión técnica da infraestrutura TIC, procurando unha axeitada coordinación dos equipos de traballo.

É necesario polo tanto implantar sistemas de xestión da calidade, na medida do posible en liña cos estándares internacionais da serie de normas ISO 9001.

Así mesmo, é necesario desenvolver os estándares e procedementos máis técnicos mediante a liña de traballo de Arquitecturas Tecnolóxicas.

Deberase velar tamén polo cumprimento de todos estes procedementos e estándares técnicos.

#### Obxectivos

- Elaborar un plan de adopción de DevOps e Agile na organización.
- Velar pola utilización e evolución da plataforma de integración continua.
- Elaborar e manter actualizados os procedementos e estándares corporativos.
- Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.4.1. Elaborar un plan de adopción de DevOps e Agile na organización</b>
<b>Descrición:</b>	Desde o grupo de Arquitecturas Tecnolóxicas coordinarase e darase soporte á implantación de Axilismo na Amtega.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Soporte a proxectos con metodoloxías DevOps/Agile en Amtega.</li><li>→ Fomentarase o uso do escenario AGILE nos proxectos con autonomía de despregue en preproducción para os equipos de proxecto.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.4.2. Velar pola utilización e evolución da plataforma de integración continua</b>
<b>Descrición:</b>	Continuar fomentando o uso da plataforma de integración continua para os proxectos de desenvolvemento da Amtega e xestionar a evolución da mesma.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Dinamización e divulgación da plataforma de integración continua. Soporte á mesma.</li><li>→ Migración de proxectos á nova plataforma de Jenkins2.</li><li>→ Fomento da autonomía dos equipos de desenvolvemento na contorna de preproducción.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Fomento da automatización dos scripts de base de datos en contornas de desenvolvemento e preproducción.</li> <li>→ Adaptación dos proxectos á nova política corporativa de calidade do software.</li> <li>→ Inclusión dos grupos de acceso na plataforma Sonar corporativa.</li> <li>→ Implantación de Nexus 3.</li> <li>→ Automatización da alta de proxecto con Ansible</li> <li>→ Automatización dos despregues en Tomcat a través de Ansible.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.4.3. Elaborar e manter actualizados os procedementos e estándares corporativos</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento de novos procedementos e estándares técnicos corporativos e mantemento dos existentes. Coordinación do ciclo de vida de publicación de procedementos e estándares.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Implantación do procedemento único de desenvolvemento e adquisición en todos os novos proxectos iniciados en 2020.</li> <li>→ Implantación da tramitación do procedemento de publicación (escenarios ordinarios e excepcionais) ca ferramenta OTRs. Uso por parte de toda a Amtega.</li> <li>→ Publicación do documento de procedemento de publicación cunha guía de uso do OTRs.</li> <li>→ Actualización do estándar de desenvolvemento JEE.</li> <li>→ Actualización do estándar de xestión da entrega.</li> <li>→ Avaliación da necesidade de actualización do resto de estándares técnicos existentes</li> <li>→ Elaboración de novos estándares técnicos necesarios no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións.</li> <li>→ Dinamización do Comité de Arquitectura de Aplicacións.</li> <li>→ Implantación dun modelo de xestión de software base corporativo.</li> <li>→ Dinamización e revisión dos arquetipos, plugins, APIs, etc., corporativos.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.4.4. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos</b>
<b>Descrición:</b>	Revisión continua das arquitecturas tecnolóxicas dos sistemas da Amtega.
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte aos diferentes equipos de sistemas para a implantación de plataformas e definición das arquitecturas físicas, migracións das mesmas xunto coa actualización das aplicacións, garantir a estabilidade das contornas JEE, PHP, NET e integración continua, incorporar ferramentas de automatización no eido do desenvolvemento e administración, etc.</li> <li>→ Revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega, especialmente da arquitectura técnica.</li> <li>→ Impulso ao modelo de xestión de débeda técnica.</li> <li>→ Soporte e axuda aos equipos de sistemas á migración das plataformas actuais.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte e axuda aos equipos de sistemas para definir as novas arquitecturas das novas plataformas.</li> <li>→ Medición de indicadores dos procedementos de desenvolvemento e do procedemento de publicación.</li> <li>→ Soporte aos equipos de proxecto nas ferramentas corporativas da Amtega.</li> <li>→ Actividades de formación e divulgación de estándares, arquitecturas, etc.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Telecomunicacións</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>6.4.1. Elaborar un plan de adopción de DevOps y Agile na organización</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plan de adopción de Agile rematado</li> </ul>	<b>SI</b>
<b>6.4.2. Velar pola utilización e evolución da plataforma de integración continua</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Porcentaxe de novos proxectos na plataforma de integración continua corporativa</li> </ul>	<b>80%</b>
<b>6.4.3. Elaborar e manter actualizados os procedementos e estándares corporativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de procedementos, estándares, normativas actualizados ou creados no ámbito de Calidade e Arquitecturas Tecnolóxicas</li> </ul>	<b>15</b>
<b>6.4.4. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de fases de revisión realizadas no ámbito de Arquitecturas Tecnolóxicas</li> </ul>	<b>1.100</b>

## Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

### 6.5 Medidas para a xestión sostible de medios e servizos dixitais no posto de traballo

O funcionamento da administración pública esixe da dispoñibilidade dos medios dixitais que requiren as empregadas e empregados públicos para o desempeño da súa actividade, tanto de uso individual como de xeito colectivo.

Este programa ten como finalidade a definición e provisión dos medios requiridos por cada perfil de profesional e tipoloxía de actividade. Nesta definición deberán acadarse as configuracións que permitan: o acceso aos recursos necesarios con independencia da ubicación física, o acceso ao teletraballo, o fomento do traballo en colaboración e a axilidade nas comunicacións entre os empregados públicos, garantindo en todo caso a seguridade no acceso aos medios e uso dos mesmos, e a adecuación do posto continua no tempo e que se axuste ás necesidades da prestación dos servizos dixitais.

E todos estes obxectivos deben acadarse empregando procesos, ferramentas e procedementos que permitan xestionar todos os recursos do posto de traballo dunha forma eficiente e sostible, e garantindo a súa dispoñibilidade e seguridade, xa que a non dispoñibilidade dos medios en posto de traballo sería un importante obstáculo para o funcionamento da administración dixital.

#### Obxectivos

- Elaboración continuada de medidas para a xestión sostible de medios e servizos dixitais no posto de traballo.
- Manter actualizadas as políticas, normas e procedemento no ámbito de seguridade específica en posto de traballo.
- Manter actualizados os catálogos de maquetas corporativas, catálogo de software en posto de traballo e tipoloxías de xestión de postos
- Dotar e adecuar de xeito continuado os medios dixitais en posto de traballo e para o funcionamento da administración dixital.
- Por en marcha unha xestión sostible dos medios de impresión
- Dotación de servizos en mobilidade, de colaboración e de nube pública para os empregados públicos

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.1. Elaboración do plan de xestión sostible de medios e servizos dixitais no posto de traballo.</b>
<b>Descrición:</b>	A natureza e evolución continua das tecnoloxías da información fai que sexa necesaria unha revisión continua dos criterios de definición, dotación e xestión dun concepto tan amplo coma o do posto de traballo dixital, e que engloba tantas tecnoloxías diferentes. Esta revisión supón esforzo de análise e mellora continua, tanto na exploración de novas tecnoloxías a implantar, coma da dotación continuada do equipamento, ou da implantación de novos procedementos e

ferramentas que aumenten a eficacia da administración e xestión dos postos de traballo.

Polo tanto é necesario dispor dun plan de xestión sostible de medios e servizos dixitais no posto de traballo, entendido como a definición continuada de medidas, que permita afondar en iniciativas en marcha, manter aquelas outras que xa implantadas se sigan demostrando útiles, e iniciar a exploración de novos proxectos e iniciativas. Estas medidas deben incluír aspectos como a dispoñibilidade dos medios, a seguridade, a sostibilidade económica ou impacto medio ambiental,

- Actividades 2020:**
- En canto as accións que deben conformar o plan de xestión sostible de medios e servizos dixitais no posto de traballo, se considerará:
    - Definición dos criterios técnicos e económicos de sostibilidade e actualización continuada dos medios dixitais
    - Definición de solucións e accións de mellora continua en cada unha das tipoloxías de posto de traballo en base á aparición de novos escenarios en necesidades no funcionamento dunha administración dixital.
  - Proposta de **novo enfoque corporativo de provisión e xestión do posto de traballo baseada en solucións de virtualización de posto**, completando unha definición de nova solución corporativa que complemente as actuais, cun dobre obxectivo xeral:
    - unha xestión centralizada do posto máis sinxela e eficiente
    - unha solución de posto de traballo máis versátil tendo en conta novos escenarios de mobilidade e de teletraballo masivo

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **6.5.2. Manter actualizadas as políticas, normas e procedemento no ámbito de seguridade específica en posto de traballo.**

**Descrición:** Continuar na liña de homoxeneización da xestión e da dotación dos postos de traballo dixitais, co obxectivo de xeneralizar a súa xestión unificada, sostible e adecuada ao desempeño da actividade.

- Actividades 2020:**
- Homoxeneización do software instalado, incrementando o número de políticas corporativas de software de Altiris e de WSUS aplicadas a todo o parque, políticas que permiten estender os criterios de configuración e as versións do sistema operativo e software base, definidas para equipos novos a través das maquetas corporativas, á totalidade dos postos xa instalados.
  - Estender a aplicación de políticas corporativas, normas e procedementos aos postos dos seguintes ámbitos:
    - aulas de informática nos centros de formación dependentes de diversos ámbitos da administración pública (excluídos centros educativos) nas que aínda non se teña aplicado o novo modelo de xestión corporativa definido no ano 2019.
    - ordenadores portátiles usados polo persoal da Xunta de Galicia que

desenvolve as súas funcións en contextos de mobilidade e non estean aínda configurados segundo o modelo de xestión corporativo.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **6.5.3 Manter actualizados os catálogos de maquetas corporativas, catálogo de software en posto de traballo e tipoloxías de xestión de postos**

**Descrición:** Esta actividade permitirá manter a liña de homoxeneización e aseguramento da calidade na dotación dos postos de traballo dixitais, tanto hardware coma software, permitindo que as persoas usuarias dispoñan en todo momento de un posto de traballo plenamente funcional, e que ademais poidan coñecer e solicitar dun xeito rápido calquera novo servizo TIC do posto de traballo de entre os que están á súa disposición; e permitindo tamén que a Amtega identifique proactivamente potenciais necesidades de renovación tecnolóxica do parque de postos dixitais adiantándose así ás peticións das persoas usuarias.

**Actividades 2020:**

- Mantemento do inventario único de posto de traballo e medios no posto de traballo, completando a información cargada na nova CMDB corporativa co total de postos de traballo activos, definindo mecanismos que automaticen a localización de equipos activos non inventariados.
- Homoxeneización e mellora na calidade de información dos usuarios e de postos incluídos no Directorio Activo.
- Revisión semestral das maquetas corporativas de posto de traballo e mantemento do catálogo de software de posto de traballo:
  - Renovación do licenciamiento de antivirus e sistema de monitorización.
  - Licitación dos contratos corporativos de mantemento e dotación de licenzas de diferentes produtos do catálogo de software corporativo (ferramentas CAD, e outros,...)
  - Continuación coa normalización do paquete ofimático corporativo.
  - Finalización do plan de migración de postos en Windows 7 a Windows 10.
- Progresiva implantación de sistemas para a compartición de documentación coa extensión da estrutura de carpetas compartidas.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **6.5.4. Dotar e adecuar de xeito continuado os medios dixitais en posto de traballo e para o funcionamento da administración dixital.**

**Descrición:** Execución dos procesos administrativos, técnicos e loxísticos para a adecuación e renovación continuada dos medios TIC en posto de traballo, garantindo a funcionalidade dos mesmo e evitando as obsolescencias tecnolóxicas. Igualmente se inclúe neste ámbito o acompañamento aos procesos de posta en marcha de

novos servizos dixitais e que requiren de dotación ou adecuación de medios tecnolóxicos en posto de traballo.

Indícanse a continuación as actuacións básicas previstas, sempre condicionadas pola dispoñibilidade orzamentaria.

- Actividades 2020:**
- Durante o 2020 non se prevé plan de renovación/dotación de posto de traballo, senón que se centrará a actividade na renovación ordinarias derivada de avarías sen reparación posible, obsolescencia tecnolóxica que impida o desenvolvemento normal do traballo, ou dotación por identificación de novas necesidades puntuais. Estas actuacións estimase suporán unha mobilización de equipos por un número aproximado do 1,5% do parque xestionado.
  - En canto á dotación de medios en posto de traballo vinculado a posta en marcha de servizos dixitais, destacan os seguintes:
    - No proxecto de implantación dos procesos de dixitalización nas oficinas de rexistro: se estima a dotación de 200 equipos de dixitalización.
    - No proceso de renovación dos medios postos á disposición da cidadanía prevese a mobilización de 34 equipos de sobremesa novos para uso público na Biblioteca Pública de Santiago "Ánxel Casal".
    - Renovación dos equipos portátiles empregados polo colectivo de inspectores de educación da Xunta de Galicia.
    - Dotación de equipamento de fichaxe para o inicio do plan de extensión de fichaxe nas residencias da rede de centros de benestar.
  - No marco da aplicación das medidas de protección da saúde do persoal empregado público, vinculado á crise sanitaria pola expansión do COVID-19, resulta necesaria a adaptación de diversos elementos do posto de traballo:
    - **dotación de cámaras web e micrófonos a un número aproximado duns 900 postos fixos** para permitir que poidan realizar reunións virtuais, debido a necesidades de potenciar a celebración de videoconferencias ou reunións en salas virtuais, fronte as reunións presenciais.
    - adquisición e/ou distribución de equipos móbiles (portátiles) para ubicacións críticas na xestión da crise (residencias e outros), así como para reforzo de medios de teletraballo, nos ámbitos identificados por cada Consellería.
  - Xestión do almacén corporativo de equipamento TIC e dos procesos de reutilización de medios e de xestión dos procesos de retirada conforme a normativa en materia medioambiental.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 6.5.5. Por en marcha unha xestión sostible dos medios de impresión

**Descrición:** Definido o modelo corporativo para xestión sostible dos medios de dixitalización e impresión, e dispoñéndose xa dun acordo marco adxudicado neste eido, continuarase a implantación progresiva deste modelo de xestión xa iniciada nos anos 2017 e 2018, co obxecto de acadar: una importante redución no total do parque de máquinas de dixitalización e impresión xestionadas, apostando polo un uso compartido de máquinas departamentais e de grupo de traballo fronte a solucións de posto de traballo individual; unha homoxeneización do parque de equipamento xestionado, asegurando a posibilidade de xestionar remotamente todas elas; e unha facturación centralizada baixo a fórmula de pagamento por uso e emisión de facturas únicas por centro de gasto.

**Actividades 2020:**

- Adxudicación dun novo acordo marco de dotación de medios de impresión.
- Análise e cuantificación de necesidades de medios nas seguintes zonas non integradas no modelo corporativo de impresión:
  - Última fase do complexo administrativo de San Caetano e edificio administrativo en Salgueiriños.
  - Delegación provincial de A Coruña – Ferrol.
  - Delegación provincial de Pontevedra.
  - Delegación provincial de Lugo.
  - Rede de centros de Benestar, incluíndo Centros de Atención a Persoas con Discapacidade, Centros de Menores, Centros Sociocomunitarios, Centros de Xuventude, Escolas Infantís e Residencias de Maiores.
- Suxeito a dispoñibilidade orzamentaria, execución da renovación de medios nas áreas anteriormente analizadas.
- Seguimento da execución do modelo de impresión implantado, para analizar a efectividade das medidas adoptadas tanto no que respecta á mellora dos servizos coma a redución dos custes derivados e simplificación da xestión, así como a estratexia próxima tendo en conta que en 2020 comenza o vencemento dos primeiros contratos de impresión segundo este modelo.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 6.5.6 Dotación de servizos en mobilidade, de colaboración e de nube pública para os empregados públicos - Impulso das ferramentas para o teletraballo e comunicación a través de internet.

**Descrición:** Atendendo ao enfoque que a este respecto se dea no novo plan de xestión sostible do posto de traballo, abordaranse experiencias piloto en novas formas de colaboración corporativas que enriquezan as capacidades dispoñibles nese sentido no posto de traballo dixital corporativo.

As circunstancias excepcionais que se viven en 2020 pola crise sanitaria da expansión do COVID-19 está a supoñer a necesidade de por en marcha de xeito excepcional, pero con previsión de continuidade, tanto medidas como ferramentas que facilitan a desempeño da actividade do persoal empregado público na



modalidade de teletraballo.

Os sistemas de colaboración en rede, de teletraballo e de videoconferencia persoal cobran especial importancia, polo que se impulsa a implantación masiva de sistema que dean resposta a estas necesidades dentro de escenarios de traballo seguros para todo o persoal empregado público.

Igualmente esta situación supón o impulso de medios para a relación coa cidadanía, outros colectivos, ou outras administracións a través de comunicacións en internet.

Nesta liña de actividade se recolle accións de carácter transversal que se abordan nesta materia, sen perxuízo de outras específicas que se identifican noutros apartados deste plan de acción. Igualmente quedan recollidos en outros apartados dotación de medios necesarios para acompañar este plan.

Debe resaltarse o carácter masivo desta liña de actuación, que implica á totalidade dos departamentos da administración pública.

**Actividades 2020:**

- Identificación e definición dos procedementos de provisión, uso e reforzo das canles de soporte ás ferramentas dispoñibles para a prestación do desempeño na modalidade de teletraballo.
- Creación e configuración masiva de usuarios nas ferramentas dispoñibles para o teletraballo (Acceso remoto a rede corporativa da xunta de Galicia (VPN), plataformas de videoconferencia,...),
- Implantación masiva **de plataformas de videoconferencia ou salas virtuais**:
  - Implantación de plataformas para a celebración de **videoconferencias ou reunións virtuais**, tanto de xeito interno na Xunta de Galicia, como nas relacións institucionais da Xunta ou con outros colectivos. Neste sentido destaca a posta en marcha de 2 plataformas, unha orientada a reunións de carácter institucional e outra para ámbitos operativos.
  - Implantación da plataforma para a **difusión masiva de eventos en modalidade webinar**: Definición do protocolo de actuación, formación a xestores de eventos, e acompañamento na celebración dos mesmos.
  - **Deseño e posta en marcha do escenario final das plataformas de videoconferencia, difusión de eventos en remoto ou teleformación**, en base a experiencia da implantación de urxencia das plataformas mencionadas nos puntos anteriores así como as demandas reais do seu uso, e potenciando plataformas baseadas en software libre.
- **No eido da contratación pública e sistema de licitación electrónica (SILEX)**, a implantación da celebración das **mesas de contratación de xeito telemático**. Inclúese a definición e publicación do protocolo de uso da plataforma de reunión de salas virtuais, así como a organización da celebración da mesa (convocatorias, xestión da asistencia, asignación de salas virtuais, ...).
- Creación dos espazos de difusión tanto en internet como en intranet dos medios dispoñibles e recomendacións para o teletraballo:
  - <https://www.xunta.gal/teletraballo>

o <https://intranet.xunta.gal/teletraballo>

- Publicación da canle de autoservizo AXUDOT en Internet (<https://axudot.xunta.gal>) , para o acceso por parte do persoal empregado público á comunicación co centro de atención, sen necesidade de estar conectados á rede corporativa.
- Posta en marcha dunha canle específica de **soporte ao uso das plataformas de videoconferencia ou salas virtuais** como apoio á extensión xeralizada do uso deste tipo de sistemas de colaboración en toda a organización.

**Área responsable:** **Área de Modernización das Administracións Públicas**

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>Xestión unificada do posto de traballo</b> (non se inclúen nestas cifras nin administración de xustiza, nin centros educativos)	Número de equipos de posto de traballo xestionados segundo criterios corporativos	<b>15.000</b>
	Número de equipos de impresión xestionados segundo criterios corporativos	<b>1.500</b>
	% de equipos de posto de traballo renovados.	<b>1,5%</b>
	Protocolo de celebración de mesas de contratación telemáticas.	<b>Publicado</b>
	Usuarios dos sistemas de videoconferencia persoal	<b>700</b>

**Nota 1:** Número de equipos de posto de traballo (PCs sobremesa, equipos de mobilidade) xestionados segundo criterios corporativos. Non están considerados os ámbitos de administración de xustiza nin centros educativos.

**Nota 2:** Número de equipos de impresión xestionados segundo criterios corporativos considera o número total de equipos xestionados baixo o modelo establecido no acordo marco de impresión. Non están considerados os ámbitos de administración de xustiza e centros educativos.

## Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

### 6.6 Medidas para garantir a atención as persoas usuarias

Este programa ten por obxecto atender as necesidades de atención as persoas usuarias dos sistemas e medios tecnolóxicos nunha organización que funciona nun contexto dixital:

- Establecer os servizos de atención e acompañamento as persoas usuarias no uso dos sistemas e medios tecnolóxicos, mediante canles ordenados de comunicación entre as persoas usuarias e os servizos encargados do correcto funcionamento dos sistemas e medios para identificar as incidencias que se poidan producir, aclarar dúbidas ou identificar novas necesidades.
- Acompañar aos procesos de implantación de servizos dixitais, garantindo o uso e aproveitamento adecuado dos medios no posto de traballo, os sistemas de información e a información por él xerada.
- Realizar as accións preventivas que permitan minimizar posibles incidencias que poidan afectar ao funcionamento ordinario dos sistemas, e polo tanto afectar ao desempeño da actividade da administración pública ou o funcionamento dos servizos dixitais cara o cidadán.

#### Obxectivos

- Garantir a atención as persoas usuarias dos sistemas e medios xestionados.
- Por en marcha canles de atención e información as persoas usuarias dos sistemas de información, adicionais as canles telefónicas ou habituais para facilitar o contacto cos servizos de atención.
- Promover as modalidades de autoservizo reducindo así os tempos de atención ou de resolución das incidencias ou peticións.
- Dotar dos sistemas de información para a prestación do servizo de atención, tanto para a xestión dos medios tic, como para o seguimento da actividade de atención.
- Definir e implantar o cadro de mando de recursos TIC e atención as persoas usuarias

#### Actividades:

**Actividade:** 6.6.1.a Garantir a atención as persoas usuarias dos sistemas e medios xestionados. – Centro de atención as persoas usuarias.

**Descrición:** Nun contexto no que a administración pública galega xestiona os seus proceso nun contexto dixital, resulta imprescindible dispoñer de servizos de atención as persoas usuarias suficientemente dotados, e que atenda aos diferentes sectores en ámbitos de actuación da Amtega. O **Centro de Atención ás Persoas Usuarias (CAU) da Xunta de Galicia** está composto fundamentalmente por dous ámbitos de actuación:

- **CAU Central** responsable da atención aos ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais.
- **CAU Periférico** que da actualmente cobertura a ámbitos especializados de prestación de servizos dixitais dependentes da administración pública galega (rede de centros de benestar, arquivos, bibliotecas nodais, municipais e escolares, museos, atención as entidades locais, centros de información á

muller,...). E incorpora tamén a atención ás persoas usuarias (cidadanía) dos servizos dixitais de administración electrónica,

O funcionamento do CAU basease na aplicación dun modelo de mellora continua, co obxecto de garantir unha atención de calidade ás persoas usuarias dos sistemas e medios xestionados. E de adecuación continuada a atención dos novos servizos dixitais, sistemas e medios que se poidan poñer en marcha.

- Actividades 2020:**
- Incorporación na actividade dos CAUs (tanto central como periférico) o soporte aos novos proxectos ou servizos dixitais para os que se aborde a súa implantación dende a Amtega, ao longo de 2020. Para cada un destes novos proxectos ou servizos dixitais formalizaranse: os casos de soporte de 1º nivel que poderá ofrecer directamente o CAU; os criterios de escalado a aplicar para trasladar as peticións aos distintos grupos de soporte implicados; os procesos de formación interna necesarios para asegurar o coñecemento de todos os axentes no soporte aos novos sistemas.
  - Mellora continuada da prestación do servizo ao usuario a través do **CAU Central** da Xunta de Galicia, que atende aos ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais, destacando unha iniciativa de analítica do rendemento dos equipos corporativos en posto de traballo corporativos, e a sistematización de protocolos e mobilización de medios técnicos e humanos para identificación temperá de posibles problemas en sistemas transversais de uso masivo por parte das persoas usuarias.
  - Mellora continuada da prestación do servizo ao usuario a través do **CAU Periférico** que atende a centros dependentes da Xunta de Galicia e á cidadanía na atención aos servizos de administración electrónica tanto da Xunta de Galicia como dos procedementos publicados na Sede Electrónica da Administración de Xustiza en Galicia, ou a evolución do asistente en liña para soporte á cidadanía no uso de servizos de administración electrónica.
  - Implantación de sistemas corporativos, como é o caso do portasinaturas, nos centros de educación, implican a posta en marcha dos procedementos de soporte e atención. Porase en marcha o protocolo para a prestación do servizo de soporte de segundo nivel aos centros educativos, cuxo primeiro nivel de atención directa establececese a través da UAC de Educación.
  - Posta en marcha dun novo espazo para xestión do coñecemento común dos distintos axentes de soporte, tanto os servizos de CAU coma os propios grupos de soporte in situ, cunha estrutura de **wiki corporativa de soporte**, que permita consolidar o coñecemento da organización, facilitando o acceso compartido ás distintas fontes de coñecemento e a súa mellora continua.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 6.6.1.b Garantir a atención as persoas usuarias dos sistemas e medios xestionados. – Servizos de soporte in-situ nas dependencias nas que se prestan servizos públicos

**Descrición:** Partindo do modelo de atención da Amtega baseado nun primeiro punto de acceso ao servizo único, o Centro de Atención ás Persoas Usuarias, consolidar os servizos de segundo nivel de atención, aos que o CAU deriva aquelas peticións e

incidencias que non poden resolver incluíndo servizos de asistencia in situ.

Nesa liña consolidaranse os servizos de apoio presencial ás persoas usuarias dos sistemas e tecnoloxías da información da Xunta de Galicia, especialmente no ámbito dos centros periféricos xestionados pola Amtega, de maneira que se lles axude a resolver, se é preciso in situ, todas aquelas posibles incidencias ou peticións que xurdan no seu posto de traballo dixital e que non poidan solucionarse en primeiro nivel, sendo necesario facer unha intervención en remoto ou presencial.

- Actividades 2020:** → Mellora na prestación de servizos de asistencia técnica especializada ao posto de traballo dixital, tanto presencial coma remota, consolidando o modelo corporativo de **soporte in-situ** no posto de traballo mais alá dos ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais, na totalidade de centros específicos de prestación de servizos dixitais da Xunta de Galicia. Atendendo aos distintos ámbitos identificados, consideraranse os seguintes servizos de atención:
- Servizos PERIFÉRICO NORTE e PERIFÉRICO SUR: asegurando un servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, nas provincias de A Coruña e de Lugo (Norte), e de Ourense e Pontevedra (Sur) excluindo os centros de ámbitos especializados cubertos especificamente por outros servizos.
  - Servizos SANTIAGO COMARCA: un servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, na contorna xeográfica de Santiago de Compostela, incluíndo o seu ámbito urbano e a súa área de influencia.
  - Servizo de soporte á Rede de Centros de Benestar, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros incluídos na rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de benestar da Xunta de Galicia.
  - Servizo de soporte á Rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros que conforman a rede de bibliotecas públicas de Galicia, a rede de arquivos e a rede de museos dependentes da Xunta de Galicia.
  - Servizo específico de soporte á Rede CEMIT, asegurando o mantemento dos equipos de posto de traballo e sistemas audiovisuais e multimedia das aulas da Rede CeMIT.
- En cada un destes ámbitos, impulsaranse accións de mellora continua, entre as que cabe destacar:
- Execución do plan de xestión preventiva do equipamento definido en 2019, de xeito que en 2020 se sistematice a planificación bimestral de visitas preventivas aos centros en cada ámbito, de forma que se apliquen medidas para previr os problemas e reducir así o número de incidencias.
  - Actualización sistemática do inventario de equipamento de forma que, entre outras cuestións, facilite a planificación das necesidades futuras de renovación atendendo a criterios de antigüidade e requirimentos funcionais.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 6.6.2 Promover a atención aos usuarios en modalidade de autoservizo

**Descrición:** En 2019 púxose en marcha a **canle AXUDOT** (<https://axudote.xunta.local>), canle na intranet no que as persoas usuarias da Xunta de Galicia poden comunicar e facer seguimento das incidencias e peticións cara o CAU, sen necesidade de contactar telefónicamente. Esta modalidade permite reducir os tempos de atención, e reducir os tempos de atención telefónica. Igualmente permite unha mellor organización do persoal de atención do CAU incrementando o tempo de atención á resolución da incidencia ou petición.

A canle AXUDOT irá incrementando progresivamente as súas posibilidades mediante:

- A ampliación dos servizos ofrecidos a través do portal coa incorporación de novos formularios intelixentes
- A incorporación de mecanismos de automatización que permitan a autoprovisión de determinadas solicitudes de forma que, en casos en que non se requira aprobación e tecnicamente poida automatizarse, se permita que a persoa usuaria reciba instantaneamente o servizo solicitado a través de AXUDOT sen necesidade de agardar por ningunha outra intervención manual.
- A ampliación do seu ámbito de actuación.

Esta evolución irá acompañada de accións de difusión e impulso do uso do sistema para incrementar a porcentaxe de contactos que se realizan por esta canle fronte á canle telefónica.

- Actividades 2020:**
- No relativo a automatización dos procesos, abordarase a incorporación dun mínimo de tres procesos automatizados que permitan avanzar a escenarios de autoprovisión.
  - Definición dos formularios intelixentes que se precisen para dar resposta aos novos servizos que se identifiquen.
  - Impulso do uso do sistema para acadar que un mínimo do 20% das incidencias ou peticións se reciban mediante esta canle.
  - Implantación da canle AXUDOT na Administración de Xustiza en Galicia.
  - Publicación da canle AXUDOT en Internet, co obxecto de que os empregados públicos poidan tramitar solicitudes de atención sen necesidade de estar conectados á rede corporativa

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** 6.6.3. Por en marcha novas canles de atención e información as persoas usuarias dos sistemas de información.

**Descrición:** Actividades orientadas ao deseño e posta en marcha de novas vías de acceso, novas modalidades de prestación do servizo de atención orientadas a incrementar a resposta rápida en primeiro nivel de atención, a simplificación da comunicación

entre as persoas usuarias e os CAUs, a redución dos tempos de atención, a personalización do servizo, en todos os ámbitos atendidos. A consolidación das propostas será tamén extendida a outros grupos de atención especializada.

- Actividades 2020:**
- Deseño dunha iniciativa piloto de atención mediante asistente conversacional (chatbot) para a prestación de soporte a dúbidas e incidencias no proceso de identificación por parte da cidadanía no acceso á Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
  - Deseño dunha iniciativa piloto de prestación de servizo de atención proactiva para a atención dun servizo dixital da sede electrónica da Administración de Xustiza en Galicia, orientado a identificar proactivamente incidencias mediante a detección de procesos non rematados por parte das persoas usuarias.
  - Impulso das medidas para o teletraballo.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **6.6.4. Dotar dos sistemas de información necesarios para a xestión dos medios, a implantación e formación.**

**Descrición:** O incremento da actividade de soporte na Amtega e a configuración de novos equipos de soporte nos diferentes niveis, esixe a renovación do sistema de xestión de tickets (incidencias, peticións, ...) previndo a mellora das canles de relación co cidadán, a mellora da obtención de indicadores e en definitiva un mellor seguimento da prestación do servizo TIC, baseado nas boas prácticas establecidas por metodoloxías tipo ITIL.

- Actividade 2020:**
- Análise da estratexia de evolución para os próximos anos das ferramentas ITSM e CMDB da organización tendo en conta o estado dos escenarios tecnolóxicos neste eido e a evolución das necesidades da organización.
  - Deseño de requisitos do portal avanzado para o persoal de atención do CAU incrementando as posibilidades de monitorización a resolución de incidencias no primeiro nivel de atención.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

**Actividade:** **6.6.5. Definir e implantar do sistema de análise de recursos TIC e atención as persoas usuarias**

**Descrición:** Elemento fundamental da prestación do servizo de atención as persoas usuarias é garantir tempos de atención adecuados. Poráse en marcha dentro da plataforma de sistemas de información analítica corporativa, unha sistema de análise cos indicadores de seguimento do bo funcionamento do servizo, da calidade percibida polos usuarios, e dos recursos tic en posto de traballo.

**Actividades 2020:** → Consolidación dos indicadores da área analítica de atención as persoas usuarias, automatizando o seguimento dos acordos de nivel de servizo e da calidade dos procesos de atención, tempos de resposta, niveis de escalado,...

→ Publicación de indicadores mensuais da actividade de soporte no apartado correspondente da Intranet corporativa da Xunta de Galicia.

**Área responsable:** *Área de Modernización das Administracións Públicas*

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
<b>6.6.1 Garantir a atención as persoas usuarias dos sistemas e medios xestionados.</b>	• Número medio anual de contactos atendidos polos CAUs (Central e Periférico)	<b>160.000</b>
	• % de tickets resoltos en menos de 1 hora	<b>50%</b>
	• % de tickets resoltos en menos de 24 horas	<b>65%</b>
<b>6.6.2 Promover a atención aos usuarios en modalidade de autoservizo</b>	• Procesos automatizados en AXUDOT para autoprovisión	<b>3</b>
<b>6.6.3. Por en marcha novas canles de atención e información as persoas usuarias dos sistemas de información</b>	• Piloto de asistente conversacional	<b>Análise completado</b>
<b>6.6.5. Definir e implantar do sistema de análise de recursos TIC e atención as persoas usuarias</b>	• Indicadores de actividade de soporte na Intranet	<b>Publicado</b>

**Nota 1:** *Considéranse contactos todas aquelas comunicacións recibidas ou de atención proactiva no CAU Central ou CAU Periférico, a través das distintas canles activas (teléfono, correo electrónico, formularios de autoservizo, entradas dende o 012, e aquelas outras que se poidan activar)*





**OBJETIVO 7.**  
**MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE EFICIENCIA**



# Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

## 7.2 Medidas de mellora na eficiencia da contratación

O seu obxectivo é continuar co proceso de optimización da contratación en materia TIC mediante a adopción de medidas que permitan incrementar a axilidade e redución de prazos de tramitación, así como o incremento das economías de escala obtidas, de acordo cos principios de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos

### Obxectivos

- Medidas de optimización do uso dos fondos europeos xestionados pola AMTEGA
- Consolidación plan contratación centralizada

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.2.1 Consolidación plan contratación centralizada</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo desta actuación é consolidar o plan de contratación centralizada dos distintos servizos TIC competencia da Amtega
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Adopción de medidas e procedementos tendentes a optimizar os procedementos de contratación da Amtega ao abeiro do novo marco normativo</li><li>→ Implantación da licitación electrónica</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Xerencia</b>

### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
Plan contratación centralizada	<ul style="list-style-type: none"><li>Incremento do volume de subministros adxudicados con base a fórmulas puramente matemáticas</li></ul>	34 %
	<ul style="list-style-type: none"><li>% Redución de prazos de adxudicación en procedementos abertos</li></ul>	30 %

## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.3 Medidas de mellora na xestión do persoal

A finalidade deste obxectivo é dar resposta ás novas necesidades en materia de persoal derivadas dos compromisos asumidos pola axencia no presente contrato de xestión, de conformidade cos criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional.

#### Obxectivos

- Adecuar a estrutura orgánica
- Consolidar a integración de persoal e recursos TIC
- Aprobar medidas de incentivación en materia de rrhh

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.3.1 Consolidar a integración de persoal e recursos TIC</b>
<b>Descrición:</b>	Esta actuación persegue a integración dos recursos e persoal TIC pendente de integración na Amtega .
<b>Actividades 2020:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Integración efectiva dos servizos, recursos e persoal TIC da seguinte entidade:<ul style="list-style-type: none"><li>- Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)</li></ul></li><li>→ Modificación Estatutos Amtega</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Xerencia</b>

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
Integración TIC	• Modificación Estatutos Amtega	Aprobación
	• Modificación RPT Amtega	Aprobación

## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.4. Boas prácticas para a prevención do fraude

A súa finalidade é o establecemento dun prantexamento proactivo, estruturado e específico en atención ás competencias propias desta axencia pública autonómica para xestionar o risco de fraude.

Para acadar o dito obxectivo resulta fundamental a implantación de controis eficaces “ex ante” e “ex post” que axuden a reducir o risco de fraude, así como a implementación de medidas correctoras adecuadas para os casos de detección de posibles casos de fraude.

#### Obxectivos

- Aprobar un manual de boas prácticas para a prevención do fraude

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.4.1 Aprobar un manual de boas prácticas para a prevención do fraude</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo é a elaboración dun manual interno de boas prácticas que axude a reducir o risco de fraude, así como o establecemento de medidas correctoras ante casos de detección de posibles supostos de fraude.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Aprobación do manual da Amtega de boas prácticas para a prevención do fraude.
<b>Área responsable:</b>	<b>Xerencia</b>

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
Manual de boas prácticas para a prevención do fraude	<ul style="list-style-type: none"><li>Aprobación</li></ul>	Sí

## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.5. Medidas de colaboración e coordinación institucional

A administración dixital ten un dos seus alicerces na cooperación entre administracións públicas. Esta cooperación desenvólvese en diversos ámbitos:

- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Reutilización de sistemas de información ou medios TIC
- Prestación conxunta de servizos dixitais á cidadanía.

Este programa ten como finalidade xestionar o catálogo de servizos dixitais postos a disposición de outras administracións, así como promover iniciativas no eido da cooperación.

#### Obxectivos

→ Fomento de iniciativas de colaboración interadministrativa en materia TIC

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.5.1 Fomento de iniciativas de colaboración interadministrativa en materia TIC</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo é a promoción de iniciativas no eido da cooperación interadministracións coa finalidade de optimizar a xestión dos recursos públicos en materia tecnolóxica.
<b>Actividades 2020:</b>	→ Formalización de instrumentos de colaboración con outras administracións en materia TIC
<b>Área responsable:</b>	<b>Xerencia</b>

#### Indicadores asociados:

Actividade	Indicador	Valor 2020
Fomento colaboración interadministrativa	<ul style="list-style-type: none"><li>• N° de convenios subscritos con outras administracións</li></ul>	4



## 4. ESCENARIO ECONÓMICO - FINANCEIRO




## 4. Marco económico-financieiro

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sustentabilidade dos servizos públicos a través dun importante esforzo de contención do gasto, priorizando a eliminación do gasto improdutivo e a racionalización do sector público autonómico, así como a consecución de economías de escala en gastos de funcionamento. No presente exercicio, os recursos orzamentarios da Amtega irán destinados á consecución dos obxectivos previstos no contrato plurianual de xestión, sen esquecer o compromiso adquirido nos distintos acordos de traspaso coas consellerías de manter un prestación dos servizos análogo ao existente en cada unha delas, en atención á dispoñibilidade dos recursos persoais, materiais e económicos traspasados.

Así, o orzamento 2020 da Amtega ten como obxectivo a consecución dos obxectivos previstos neste plan de acción, nun marco de optimización do gasto tecnolóxico a través da consolidación da súa xestión centralizada, dirixido a garantir a continuidade na prestación de servizos tecnolóxicos a todo o sector público autonómico, Administración de Xustiza e entidades locais de Galicia, obxectivos acordes coa aposta do goberno galego por unha política económica dirixida á eficiencia do gasto, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a recuperación da actividade económica.

- **Fontes de financiamento:**

Para a execución das actuacións recollidas no presente plan, a estimación do crédito vixente co que contará a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é de **104.063.113,85 €** (excluídos o capítulo I e o capítulo IX), no que se inclúe o financiamento adicional esperado por importe de **5.924.850,71 €**, procedente dos acordos de sustentabilidade mencionados, así como de distintos acordos e convenios de colaboración e proxectos europeos concedidos.



**Comparativa estimación crédito vixente 2020 por modalidade de fondos (cap. II-VII)**